

PROGRAMA DE GOVERNO DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

ELECCIÓN AUTONÓMICAS DE 1997

I. POLÍTICA ECONÓMICA

1. INTRODUCCIÓN. CRITÉRIOS BÁSICOS DE POLÍTICA ECONÓMICA

1. Facer unha análise veraz e séria da realidade económica galega, das causas xeratrices do seu comportamento actual e mais das liñas definidoras das súas tendencias evolutivas.
2. Deseñar un modelo alternativo ao das últimas décadas, auto-centrado, indispensable para quebrar e mudar a dinámica perniciosa padecida até agora pola economía galega.
3. Explicar o modelo de acumulación para suscitar e orientar un proceso de crecemento cuantitativo e desenvolvemento cualitativo auto-centrados da economía galega.
4. Enunciar, a partir da análise da división internacional do traballo na que se acha inserida actualmente a economía galega, a proposta de especializacións produtivas para o inmediato e a medio prazo, tanto cara o mercado interno como ao internacional.
5. Prestar singular atención aos complexos industriais ou intersectoriais endóxenos, que seguen a constituir as pezas claves da actual estrutura produtiva (pesca - construción naval - conservas de peixe, e derivacións - frío, precociñados, etc - , ou a agro-industria -láctea e cárnica-).
6. Operar correctamente no mercado de capitais, na urdime dos intermediarios financeiros e, conseguintemente, na xeración de aforro interno e a captación de recursos financeiros externos.
7. Deseñar o modelo e a política de sector público, tanto na actuación económico-orzamentaria da Administración Pública autonómica como na presenza selectiva en forma de empresa pública ou mixta no aparello produtivo, sen perxuízo do respecto á vixencia da economía de mercado e libre empresa.
8. Deseñar unha política enerxética que permita á economía galega utilizar en beneficio propio e interese de toda a cidadanía os excedentes e vantaxes comparativas existentes.
9. Facer un balanço dos recursos reais e potenciais que acobilla a base física da economía galega, de xeito singular os recursos mineiros, estudando as mellores opcións para a súa utilización na obtención de financiamento externo e a optimización do seu aproveitamento interno.
 1. Establecer o criterio de que o proceso de crecemento non se operará a costa da contracción ou descenso dos niveis de salários en termos reais dos traballadores asalariados, nen dos ingresos derivados de actividades produtivas directas dos traballadores autónomos.
 2. Deseñar unha política laboral e de emprego que conduza á progresiva reabsorción do paro e á paulatina recuperación da forza de traballo emigrado.

3. Conseguir as necesarias transferencias de tecnoloxia e crear tecnoloxias alternativas e acaídas aos potenciais latentes ou existentes nas estruturas sociais e culturais do País.
4. Seguir modelos de localización descentralizada, orientados a poder ser en función da ubicación dos factores e recursos mais que do mercado, e compensatorios de desequilibrios espaciais ou territoriais internos da economía galega na súa perspectiva dinámica.
5. Utilizar os resortes constitucionais que permitan dar cumprimento á coordinación efectiva coa planificación da actividade económica xeral polo poder central do Estado (ver especialmente o punto 2 do artigo 131 da Constitución).

2. O SISTEMA INSTITUCIONAL E FINANCEIRO

2.1 AS INSTITUCIÓNS FINANCEIRAS E DE DESENVOLVIMENTO ECONÓMICO

A planificación económica e a política de desenvolvemento dos sectores produtivos precisará dunha redistribución das responsabilidades e competencias das distintas Consellarias económicas, así como da reestruturación das institucións autonómicas financeiras e de promoción económica.

A reestruturación ten distintas motivacións:

1. A caréncia actual dunha competencia práctica definida pola Administración Autonómica na planificación xeral da economía galega.
2. A actual reprodución na Administración Autonómica da distribución competencial tradicional na Administración do Estado, que por pura inercia histórica disgrega as competencias de política macroeconómica de desenvolvemento en distintos Departamentos, dificultando unha aplicación racional dos recursos nun deseño integrado e congruente das funcións das distintas Consellarias.
3. A creación do IGAPE dentro da estrutura da Consellaria de Economía e Facenda, que non resolveu este problema político, causando unha grave descoordinación entre as Consellarias afectadas e desorientando a política de desenvolvemento económico.
4. A necesidade de fortalecer os instrumentos institucionais e os orzamentos destinados á promoción dos sectores produtivos, fronte ás caréncias evidenciadas na historia da autonomía.

5. A conveniencia de fortalecer a autoridade do poder político económico -hoxe disperso e sen personalidade- perante o mundo empresarial, e as organizacións sociais.
6. O comezo dunha nova etapa na estrutura dos ingresos da Comunidade Autónoma, con unha maior aínda que limitada autonomía financeira, e con incertidumes referentes á débeda pública, aos fondos estruturais, etc.

2.2 MEDIDAS DE GOVERNO

Reestruturarán-se as competencias e funcións das actuais institucións financeiras e de desenvolvemento e promoción económica, creando-se o Instituto de Crédito Galego/Banca Pública Galega, así como unha Bolsa de Valores Galega.

O ICG/BPG administrará a actividade financeira da Comunidade Autónoma. O IGAPE asumirá as funcións de promoción global das actividades produtivas e empresariais. SODIGA o desenvolvemento industrial mediante a participación directa no capital social das empresas. A INESGA (a expensas da creación do ICG/BPG) corresponderá-lle a promoción das actividades empresariais mediante préstamos e outros instrumentos financeiros, unindo mediante Convénio os medios da Comunidade Autónoma, participando o ICG/BPG, e os das entidades financeiras establecidas en Galiza.

1. Creación do **Instituto de Crédito Galego/Banca Pública Galega**

O ING/BPG administrará a actividade financeira e a Tesourería da Comunidade Autónoma, as relacións co sistema financeiro, asumindo as funcións estatutárias e as transferencias de competencias sobre o ordenamento de crédito e banca (Proposición de Lei do BNG de 22/2/1991).

O ICG/BPG estará adscrito á Consellería de Facenda.

2. Elaboración dunha nova **Lei Reguladora de Caixas de Aforro**.

Unha das dificultades importantes para a consolidación e a expansión do sector industrial galego deriva da deficiente estrutura financeira das empresas e dun modelo bancario que dificulta a existencia de canles adecuados para a financiación externa das empresas.

O BNG elaborará unha nova **Lei Reguladora das Caixas de Aforro**, competencia exclusiva da CCAA, para modificar en particular os órganos das mesmas e a orientación da súa política crediticia con vistas a un fortalecemento dos lazos coas empresas: compromiso de canalizar os depósitos cara créditos concedidos en Galiza; reorientación da política de crédito, centrada case exclusivamente no crédito hipotecario, para dar maior importancia ao crédito a empresas industriais; estudar a posibilidade de favorecer a participación directa no capital de empresas industriais, sexa por parte das Caixas directamente ou a través de Sociedades de Capital Risco (ou capital desenvolvemento) ou Sociedades de Leasing. Este último tipo de actuación podería exercerse tanto a través dun aumento significativo da participación das Caixas en SODIGA ou mediante a creación de Sociedades de Capital Risco por parte das Caixas (individual ou cooperativamente).

3. Creación dunha **Bolsa de Valores Galega** co obxectivo canalizar o aforro dos particulares cara investimentos industriais (maiormente galegos), diversificando as fontes de financiación externa das nosas empresas (hoxe tan só 5 ou 6 empresas galegas están en condicións de cotizar en Bolsas como a de Madrid). Esta idea longamente reclamada polos empresarios mais dinámicos debería poñer-se en marcha de inmediato.

4. Reestruturación do **IGAPE**

O IGAPE asumiría as responsabilidades de promoción global das actividades económicas, potenciando o marco de desenvolvemento das actividades empresariais. Dependerían directamente do IGAPE as sociedades públicas especializadas nas distintas funcións propias do Instituto. O IGAPE estaría adscrito á Consellería de Economía e Desenvolvemento Industrial.

Serán funcións do IGAPE:

- A promoción territorial
- A xestión dos parques industriais
- Apoio á xestión empresarial: Reorientación; cooperación interempresarial..
- A promoción tecnolóxica: innovación e infraestruras tecnolóxicas
- A promoción internacional xenérica

- A creación de infraestruturas de cooperación empresarial

5. Reestruturación de **SODIGA**

SODIGA asumirá a función da promoción empresarial, mediante a incorporación ao capital social das empresas. No caso das empresas privadas, a participación de SODIGA é transitória.

Serán funcións de SODIGA:

- A participación no capital social
- A concesión de préstamos participativos
- A concesión de préstamos ás empresas participadas
- A elaboración de estudos de viabilidade de proxectos industriais
- O apoio, mediante eses instrumentos á política de reestruración e reindustrialización
- O apoio ao investimento internacional -especialmente en Portugal- mediante os anteriores instrumentos de promoción

A potenciación financeira de SODIGA baseará-se non só na aportación de fondos públicos galegos senon na captación de capital dos socios privados e de Programas Europeos (Fondos Estruturais e Programas Industriais) así como do BEI (Banco Europeo de Investimentos). SODIGA estaría adscrita á Consellaría de Economía e Desenvolvemento Industrial, dependendo directamente deste Departamento.

6. Reestruturación de **INESGA**

Tendo o cambio das circunstancias financeiras en relación cos tipos de xuro, e o carácter de INESGA como unha entidade puramente instrumental, sen capacidade financeira, que toma decisións non vinculantes sobre un Fondo de Desenvolvemento derivado dun Convénio entre distintas entidades financeiras e o Goberno galego, é preciso considerar a reestruturación desta sociedade. Diversificarán-se os instrumentos de actuación financeira destinados a través de INESGA aos proxectos produtivos de grande relevancia relativa. O ICG/BPG participará directamente no Fondo de Desenvolvemento.

2.3 MEDIDAS LEXISLATIVAS

Para instrumentar estes aspectos do Programa Económico de Goberno, será preciso tomar diversas iniciativas legislativas. Entre elas as:

- De modificación da estrutura orgánica da Xunta de Galiza
- De creación por Lei do Instituto de Crédito Galego/Banca Pública Galega
- De modificación da Lei Reguladora das Caixas de Aforros
- De modificación por Lei das funcións do IGAPE
- De aprobación do Plano de Desenvolvemento Económico de Galiza

2.4 TRANSFERÊNCIAS DE COMPETÊNCIAS

Analizará-se a reclamación de transferencias de competencias, especialmente para conseguir as referentes ao ordenamento do crédito, banca e seguros; á plena competencia en industria e agricultura, á pesca en augas galegas; á presenza ante a UE; aos impostos especiais e outras figuras tributarias; aos incentivos territoriais.

2.5 RECLAMACIÓN DE ACCIÓNS ESTATAIS OU DA UNIÓN EUROPEA

Entre outras cuestións é preciso considerar aquí:

- A administración por parte de Galiza da práctica totalidade dos Fondos Estruturais que lle corresponden, na súa maior parte distribuídos hoxe arbitrariamente por parte do Goberno Central.
- A administración por parte de Galiza dos fondos que lle deben corresponder no Fondo de Coesión.
- Aplicación en Galiza de fondos de competencia estatal.

3. O FINANCIAMENTO AUTÓNOMICO E A ADMINISTRACIÓN ORZAMENTAL

O BNG considera que a cuestión do financiamento autonómico é merecedora, pola súa relevancia no desenvolvemento económico de Galiza, dunha análise séria e pormenorizada, que non se limite á simple comparación do saldo financeiro a curto prazo, senon que

investigue a solución máis intelixente que nos permita a consecución da máxima autonomía financeira a medio prazo, no marco da evolución política dun Estado plurinacional.

Trata-se de contextualizar a cuestión do financiamento dentro da orientación do marco político do Estado, establecer elementos claves do deseño do modelo de facenda a medio prazo e estudar a adecuación ao marco vixente no momento actual.

3.1 A CUESTIÓN DO FINANCIAMENTO DENTRO DA ORIENTACIÓN DO MARCO POLÍTICO DO ESTADO

A definición do modelo de financiamento máis acado para Galiza non pode esquecer a orientación do marco político do Estado. De cara ao futuro, hai que estudar que modelo de facenda pública sería o máis congruente coa reestruturación do modelo de Estado nun Estado federal ou confederal; estudar si a segregación de impostos sería a única fórmula congruente con este modelo. No proceso evolutivo de financiamento de Galiza como Comunidade Autónoma, cómpre procurar ir a modelos que non marquen unha dirección diverxente do punto de destino. Ao noso parecer o modelo de cupo non é diverxente, pero afondar no sistema actual pode se-lo.

3.2 ELEMENTOS CLAVES DO DESEÑO DO MODELO DE FACENDA A MEIO PRAZO

A autonomía fiscal e financeira contemplada na perspectiva de obtención de soberanía fiscal e financeira é un tema cualitativamente distinto da problemática da redistribución de fondos públicos no aparello dun Estado plurinacional entre os entes nacionais membros. Como consecuencia desto:

A hipotética insuficiencia ou non suficiencia inicial ou transitória dun modelo de facenda autonómica galega que cualitativamente resulte máis idóneo no tocante á autonomía e ulterior soberanía fiscal e financeira non deberá ser fundamento para renunciar ese modelo nin

ten porque excluir o acceso a mecanismos de redistribución de fondos públicos compensatórios que garantan a suficiencia durante o período transitório necesario.

O actual sistema de **corresponsabilidade fiscal limitada** resulta problemático para Galiza:

1. Por non permitir o logro da autonomia financeira plena ao basearse nunha parcial cesión-delegación de capacidade normativa referida aos impostos cedidos de escaso potencial recaudatorio. Polo tanto, reclamar unha maior extensión das facultades normativas e ampliar o abano dos tributos cedidos á totalidade dos impostos especiais ofrécese como unha primeira opción táctica, se finalmente nos temos que mover no escenario da corresponsabilidade.
2. Por facer recaer exclusivamente sobre o imposto sobre a renda das persoas físicas o maior peso da financiación autonómica. Tal decisión amósase particularmente perxudicial para a nosa comunidade xa que na medida en que tal mecanismo permite a algunhas comunidades cubrir a maior parte da financiación incondicionada, o efecto negativo xerado polo comportamento da PIE e do IRPF é máis elevado nas que non o cubren. Produciríase, polo tanto, un desequilibrio financeiro temporal absolutamente inaceptábel. Como se sinalaba anteriormente, de manteros a pesar de todo no sistema de corresponsabilidade, terá que ser compensado o anterior efecto; ben aplicando o cesto sobre o que se basea a mesma ou ben extendendo a financiación que recae no IRPF até unha porcentaxe próxima ao 80 % do total, sentado que esta segunda opción será sempre un mal menor.
3. Porque o sistema de corresponsabilidade ignora as rendas xeradas en Galiza que son percibidas por cidadáns ou suxeitos tributarios residentes noutras comunidades autónomas. Con efecto, cando menos e ao igual que acontece con relación aos cidadáns estranxeiros que obteñen rendas en España, deberían tributar por obriga real na Galiza. Tal mecanismo obviamente deberá ser extendido ao Imposto sobre o Patrimonio. O sistema de corresponsabilidade limitada non facilita a territorialización dos impostos e impide o coñecemento aos efectos do saldo fiscal co resto do Estado das rendas e beneficios obtidos polos non residentes no territorio galego, convertíndose así nun factor de confusión inaceptábel.
4. Porque obriga á aceptación dunha institución financeira inaceptábel para a nosa opción política. Referímo-nos á Axencia Tributaria Estatal como órgano de xestión e inspección fiscal. Tales competencias, entendemos deben recaer estrictamente no ámbito directo da Administración Pública e non ser obxecto, como acontece actualmente, dunha especie de

delegación que por veces encubre algún xeito de privatización. No entretanto, hai que reivindicar a representación paritária nas comisións que emanen daquel órgano e que exerzan competencias referentes á Comunidade Galega.

No contexto político actual, das tres nacións sin Estado ou comunidades históricas, unha, Euskadi (Navarra incluída), xa ten o sistema de cupo, outra, Cataluña, terá que plantexarse o acceso a este sistema a medio prazo e, Galiza non debe quedar á parte. Neste contexto concreto cómpre estudar e decidir si o sistema de cupo é a fórmula preferíbel a medio prazo para Galiza.

Un sistema de financiamento que permita asumir todas as competencias normativas referidas a unha pluralidade de tributos como acontece xa en Euskadi, pero con unha clara ventaxa no caso galego ao ser asumidas as competencias por unha soa institución: a Xunta de Galiza, por non haber aquí Diputacións Forais con potestades no plano facendístico. Por suposto que habería que deseñar un mecanismo de natureza progresiva para concretar a teórica aportación ou no seu caso a compensación que permita recoller a situación de atraso económico do noso país con relación ao resto do Estado.

Estariamos diante dun sistema que suporía, agora si, un claro reforzo da autonomía financeira, que posibilitaría un maior grao de suficiencia derivado tamén da utilización de criterios ventaxosos na valoración do coste das competencias traspasadas e que a través da utilización de criterios progresivos no deseño de aportación-compensación recollería mecanismos de solidariedade interterritorial, imprescindíbeis para as áreas económicas atrasadas, e que se podería converter nun elemento diferenciador das nacionalidades históricas fronte ao resto das autonomías, si chegado o momento Euskadi, Cataluña e Galiza compartiran o sistema de cupo.

3.2.1 Criterios básicos do financiamento autonómico a medio prazo

O modelo de financiamento ao que Galiza deberá tender a medio prazo, axustará-se aos seguintes criterios:

3.2.1.1 Autonomía financeira

Galiza debe contar cun modelo de financiamento propio susceptíbel de recoller todas as súas características culturais, económicas e sociais que sin apriorismos limitadores, serva para acadar a máxima soberanía política e saída da reiterada situación de atraso económico nun prazo razoábel de tempo.

Terá que ser, polo tanto, un sistema de responsabilidade fiscal con atribución plena e plural de fontes fiscais que posibilite o máximo de autonomía tributaria, sen perxuízo dos necesarios mecanismos de armonización que eviten os solapamentos e no seu caso as distorsións que se produzan co cadro fiscal doutras comunidades e máis particularmente co sistema fiscal estatal.

3.2.1.2 Suficiencia fiscal

Un sistema que garanta o logro da suficiencia financeira (obxectivo non resolto ao terse inspiradas as anteriores solucións na igualación da renda “per cápita”) referida cando menos á consecución dun nivel medio de provisión de servizos a escala estatal. Isto é, garantía de financiamento baseado no concepto de coste unitario da prestación de servizos que permita considerar, rasgos singulares ou diferenciais de Galiza, entre outros, o grao de dispersión da poboación no territorio, o envellecemento da mesma, etc..., como factores diferenciadores que denben terse en conta.

3.2.1.3 Solidariedade interterritorial

A obtención dunha suficiencia fiscal que acade a autonomía tributaria plena e que garanta a dobre cobertura dos gastos de funcionamento e dos de investimento, non debe supor esquecer que, por mor da inserción da economía galega en áreas económicas e políticas máis amplas -Unión Europea e Estado español-, sexan estas quen a través dos adecuados mecanismos financeiros proporcionen os fondos necesarios para rachar coa inercia do atraso económico, posibiliten a superación das desigualdades territoriais e favorezan o desenvolvemento económico sostíbel do noso país.

Entrementres, a adecuación necesaria ao modelo vixente a curto prazo, deberá inspirarse na obtención das condicións máis favorábeis para Galiza, sen por eso desviar a atención do obxectivo prioritario en materia de financiamento: **acadar a plena soberanía fiscal e financeira no medio prazo.**

3.3 ADECUACIÓN AO MARCO PRESENTE. O FINANCIAMENTO AUTONÓMICO A CURTO PRAZO

Para o inmediato, no período que segue ás vindeiras eleccións, cómpre empezar a funcionar dentro do modelo existente, actuando para modificalo o mais favorábelmente posíbel.

3.3.1 Critérios básicos

Como xa se dixo, o BNG aspira á obtención para Galiza, como nación, da máxima autonomía financeira posíbel en cada momento, en función das realidades económicas e políticas e de aspiración ao pleno autogoverno nacional. Ese horizonte inclúe a disposición dun sistema fiscal mesmo, con figuras tributarias plurais que graven o conxunto de feitos impoñíbeis básicos na fiscalidade actual (renda, patrimonio, consumo). A articulación fiscal cos restantes territorios do actual Estado español fará-se sempre sobre os principios de colaboración e solidariedade, tendo en conta que os instrumentos específicos son por definición mudábeis, aínda que deben ser compatíbeis coa tendencia á consecución da máxima autonomía financeira.

En tal sentido, os criterios xerais sobre o financiamento autonómico a curto prazo son:

1. Reforzamento da autonomía financeira, base da autonomía política e de responsabilidade propia do autogoverno.
2. A consecución dun financiamento que permita a converxencia na oferta de servizos públicos cos territorios estatais hoxe mellor dotados. A suficiencia para desenvolver os contidos competenciais da autonomía política e ofrecer niveis dignos de benestar para os seus cidadáns.

3. A elevación do nivel de captación de recursos para o desenvolvemento económico e social, como un obxectivo maior do programa e como condición para unha posición externa equilibrada de Galiza.

3.3.2 Medidas de goberno

3.3.2.1 Reforzamento da autonomía financeira

1. Promover a cesión do IVA (en fase minorista), para o que se deberá instar no Consello de Política Fiscal e Financeira a realización do correspondente dictame técnico que permita a súa instrumentación ao remate do actual quinquenio (1996-2001).
2. Reclamar a cesión dos actuais impostos especiais (alcohol, tabaco, hidrocarburos e matriculacións) que non presentan dificultades técnicas, ao longo da actual lexislatura das Cortes do Estado.
3. Aumentar a porcentaxe de participación dos ingresos autonómicos en ingresos territoriais do IRPF, que eleve o nivel de recursos correntes fora PIE, até un mínimo do 80% do total, obtendo así unha maior autonomía na xestión da tesourería.
4. Conseguir a paridade no órgano de dirección para Galiza da Axencia Tributaria. Asunción por parte da CCAA das facultades resolutorias en vía administrativa.
5. Delimitar adecuadamente o punto de conexión do IRPF, para, unha vez coñecidas as súas implicacións recadatorias, promover a reforma da LOFCA que permita que as obrigas fiscais correspondan coa localización da actividade suxeita a tributación.
6. Promover no Parlamento Español a reforma da LOFCA para acadar a cesión real das figuras impositivas e non só a recadación e algunhas competencias específicas.

3.3.2.2 Consecución de recursos para dar os servizos públicos necesarios e exercitar as competencias autonómicas

1. Instrumentación, para o Orzamento Xeral do Estado de 1999 e seguintes, do artigo 15 da LOFCA referente ao nivel de prestación de servizos fundamentais.
2. Consideración dos usuarios equivalentes e dos factores que, como a dispersión poboacional, afectan ao coste medio dos servizos na determinación dos recursos que ten que xestionar a nosa CCAA.

3. Consideración específica dos gastos asociados á condición nacional galega (promoción da normalización lingüística e da cultura galega, etc.). Criación dun fondo específico que achegue recursos ás CCAA beneficiárias (en contía non inferior ao 0,5% do seu PIB).
4. Revisión do financiamento específico da sanidade, integrándoo no réxime común e aplicando recursos específicos á redución dos déficit existentes na actualidade (recursos sanitarios de todo tipo). Reclamación da débeda histórica. Consideración dos factores de costes diferenciais, avellentamento, dispersión. Reequilibrio territorial dos centros de referencia.
5. En relación co Fondo de Garantía propón-se a súa reforma cuantitativa e cualitativa para adecualo ao punto 1.

3.3.2.3 Captación de recursos para o desenvolvemento

1. A elevación progresiva da contía do FCI até un 0,4 % do PIB estatal en 1996, e evolución posterior en función do PIB nominal.
2. Elevar a porcentaxe de participación nos fondos europeos de carácter estrutural até cando menos o 12% do total estatal, para o que se instrumentarán as medidas de organización administrativa, adecuación normativa e control de execución pertinentes.
3. Participación na xestión ascendente dos programas europeos; as propostas españolas deberán ser aprobadas pola Comisión de CCAA do Senado.
4. Redución da discrecionalidade no uso por parte da Administración central dos Convénios de Investimento, que rompen os equilibrios establecidos nas transferencias regladas. Para ésto, reclamará-se o informe semestral ao CPPF e á citada Comisión do Senado.

3.3.3 A utilización da capacidade normativa e das competencias de xestión existentes

3.3.3.1 Criterios básicos

1. A concentración na loita contra o fraude fiscal existente -impostos cedidos-, como via preferente para aumentar o nivel de recursos dispoñíbeis e obter unha millor distribución social da carga fiscal efectiva.

2. A estabilización da presión fiscal no nivel existente, de xeito que os retoques normativos nalgúns impostos deben ser compensados por movementos de signo inverso e similar efecto recadatório noutros instrumentos. Mantemento do criterio de progresividade.
3. A utilización da capacidade normativa ao servizo da mobilización de recursos e da economía produtiva, adaptando o sistema impositivo ás necesidades e especificidades de Galiza.
4. O reforzamento das figuras impositivas que penalizan o destrago do patrimonio ambiental, para conseguir un medio mais limpo e sostíbel.

3.3.3.2 Medidas específicas

1. Reorganización da xestión tributaria autonómica, reforzando a cualificación e os medios da mesma. A través da presenza reforzada da CA na Axencia Tributaria, obtención de maior información e optimización da cooperación na detección do fraude fiscal. Campañas específicas de promoción do cumprimento das obrigas tributarias, que poñan o acento na súa repercusión para Galiza.
2. Uso da presenza nos órganos da administración tributaria central para reforzar os labores de inspección que permitan aflorar rendas non declaradas.
3. Elevación dos tipos marxinais elevados do Imposto sobre o Patrimonio.
4. Exención do ITP do cambio de titularidade de terras de uso agrario con destino a explotacións vivas.
5. Actuación no IRPF (tramo autonómico) nos seguintes aspectos: elevación lixeira do mínimo exento, o que aumenta a súa progresividade e beneficia sobre todo aos contribuintes de rendas baixas; redución da dedución por gastos médicos a só aqueles non cubertos pola SS (ou efectuados por suxeitos que non disfrutaban da súa cobertura nen MUFACE e similares); reforzamento da dedución por contratación laboral estábel, para favorecer a creación de emprego.
6. Reforzamento da imposición sobre o xogo (taxa e imposto).
7. Ampliación dos supostos contaminantes gravados pola Ecotaxa.

3.3.4 A xestión orzamental

3.3.4.1 Criterios básicos

1. Reforzamento dos procedimentos de control do gasto público, facendo fincapé especialmente na avaliación a posteriori do cumprimento das normas e da eficacia dos

servizos; aumento da transparencia, facilitando ao órgano de control político -o Parlamento de Galiza- a información en tempo e forma que lle permita cumprir o seu labor; fomento da economía na xestión dos fondos públicos, con especial atención nos gastos correntes.

2. Reforzamento da creación de capital social básico, para o que resulta indispensable a xeración dunha superior porcentaxe de aforro público.
3. Coordinación de políticas públicas, aínda respetando a autonomía das distintas administracións, para o que se promoverá o traspaso de competencias (en materia de xestión do Fondo de Cooperación Local) e se instrumentará unha política incentivadora da colaboración en aras dos obxectivos especificados polo Parlamento autonómico.

3.3.4.2 Medidas específicas

1. Centralización de concursos públicos de subministros, para obter precios menores e aumentar a capacidade de negociación da Xunta de Galiza.
2. Control centralizado dos gastos en investimentos imateriais, que deberán ser aprobados polo Consello da Xunta de Galiza.
3. Avaliación escrupulosa dos recursos transferidos ao dominio privado (fundacións, colexios privados, etc.) para determinar a súa necesidade e o seu uso.
4. Contención na dimensión da administración, utilizando os recursos humanos e materiais hoxe existentes.
5. Reforzamento dos controis sobre a adxudicación de obras públicas, para evitar a corrupción e os sobrepregios. Realización de controis a posteriori que analizen o conxunto das relacións coas empresas contratistas durante a realización das obras.
6. Utilización do cofinanciamento, fundamentalmente con outras administracións para anticipar programas de investimento e orientar a acción das administracións periféricas ou o aforro privado (Caixas de aforro, Concellos e Deputacións).
7. Renegociación da débeda, aproveitando a tendencia á baixa dos tipos de interés, pero utilizando de xeito prudente a capacidade de endébedamento.
8. Potenciación da inspección de servizos, con contidos tamén de avaliación de decisións públicas.
9. Redución de modificacións de crédito que desvirtúan o orzamento e o seu control parlamentario. Modificación da lei de REFXG en tal sentido.

4. POLÍTICAS TRANSVERSAIS

4.1 POLÍTICA DE APOIO E PROMOCIÓN DOS SECTORES ESTRATÉXICOS

Tomando en consideración a nosa experiencia acumulada e as tendencias observadas na economía mundial cara o predomínio dos sectores e actividades intensivas en coñecemento, como consecuencia da aplicación das novas tecnoloxias e da orientación do consumo cara produtos intensivos nas mesmas, parece necesario adoptar unha estratexia activa que, co realismo pertinente, nos permita non quedar fora do mapa industrial do Século XXI. A evolución das actividades e do emprego nos países mais desenvolvidos móstranos que certas actividades de servizos están converténdose en eixos esenciais do crecemento económico e da creación de empregos, polo tanto a nosa estratexia de política económica contempla tamén esas actividades como obxecto de atención preferente.

Serán considerados estratéxicos aqueles sectores ou pónlas da actividade económica que respondan aos seguintes criterios:

1. Potencial de forza de traballo. Sectores que dispoñan dun potencial de forza de traballo de reserva na estrutura da poboación activa, estea ou non ocupada, contemplada en función do espectro laboral-profesional, das formas e de graus de cualificación ou da súa inserción sectorial actual.
2. Dotación de recursos. Sectores para os que exista dotación de recursos naturais, recursos enerxéticos ou produtos primarios dispoñíbeis na base económica galega.
3. Complementariedade. Sectores que presenten unha densidade de interrelacións sectoriais, reais ou potenciais, que lles permita actuar como elementos estruturadores e dinamizadores de partes importantes do noso tecido produtivo.
4. Competitividade. Sectores que presenten potencialidades importantes para penetrar mercados exteriores, incrementando as exportacións e tendo un efecto neto favorable sobre a balanza comercial.
5. Carácter substitutivo das importacións. Sectores cuxos produtos tipo presenten un carácter substitutivo das importacións para a economía galega, sempre que sexa abondo relevante o seu valor estratéxico para o desenvolvemento autocentrado da economía galega.
6. Alto valor acrescentado. Sectores que sexan intensivos en coñecemento e, polo tanto, intensivos na creación de empregos de futuro; que permitan valorizar as cualificacións existentes entre o persoal saído dos nosos centros de educación, que hoxe se ve obrigado a

buscar emprego fora de Galiza. A prioridade non pode centrar-se nas actividades de baixos salários, nas que a nosa competitividade só pode ser escasa e efímera, senon nas actividades capaces de crear empregos cualificados, capaces de crear competitividade en base á calidade, diversificación, especialización, etc.

7. **Inovación:** Sectores dinámicos con capacidade para incorporar innovacións ao sistema produtivo e para difundilas, non pensando tan só nos sectores intensivos en tecnoloxía ligados ás “altas tecnoloxías”, senon nos sectores que son esenciais para a innovación nos sectores con unha presenza notábel no noso tecido produtivo. A estratexia debe consistir en ir incorporando aos sectores hoxe existentes aquelas actividades que lle permiten a súa transformación continua, dominando as fases de I+D, concepción, etc. que permiten facer evolucionar os produtos para entrar nos mercados máis remuneradores e dinámicos.

Para a identificación dos sectores estratéxicos e a selección de medidas específicas que han de permitir o seu apoio, combinará-se a información procedente da prospectiva das tendencias da economía a nivel mundial xunto coa avaliación da experiencia e *know-how* acumulado na nosa estrutura produtiva. Nese sentido debe realizarse un esforzo por non quedar reducidos mimeticamente ao repertorio de sectores estratéxicos ou priorizados a nivel Europeo ou Español, tratando de encontrar as nosas potencialidades específicas, sendo conscientes que é xustamente a diversidade a que pode abrir ocos no mercado mundial. O aproveitamento das posibilidades desa diversidade debe asentarse non só nos nosos recursos naturais senon en todas aquelas cousas que sabemos facer.

4.2 POLÍTICA DE APOIO ÁS EMPRESAS

Ademais das medidas de orientación estratéxica resulta necesario adoptar medidas de apoio directo ás empresas para fortalecer a súa capacidade competitiva, a curto e a longo prazo. Diferenciaremos dous grupos de empresas que deben contar con medidas específicas para cada un deles: As pequenas empresas e as grandes empresas.

4.2.1 Política de apoio ás PEMES

Dado que o tecido industrial de Galiza está constituído por empresas de tamaño excesivamente reducido para as condicións da competencia actual nos mercados globalizados resulta necesaria unha estratexia que apoie a rápida expansión daquelas empresas con máis

futuro e, ao mesmo tempo, favorecer a cooperación das PEMES no campo tecnolóxico e comercial para poder vencer algúns dos atrancos aos que se confrontan.

Con esa filosofía propóñen-se unha serie de medidas que orientarán a nosa acción en apoio ás PEMES:

1. Unha política fiscal e crediticia que permita unha acelerada redución dos niveis de endebedamento das empresas para que podan empezar a plantexarse unha estratexia de expansión. Ese tipo de medidas deberán requirir a existencia dun plano estratéxico da empresa na que se comprometa a aproveitar eses beneficios para aumentar o investimento.
2. A implementación da política fiscal indicada requirirá a transferencia de competencias nesta materia nalgúns casos, noutros podería facerse no marco da política fiscal estatal.
3. No que se refire á política crediticia para facer fronte á envergadura do problema sería necesario proceder á creación dun Instituto de Crédito Galego e unha nova regulación das Caixas de Aforro para garantir un maior compromiso das mesmas coas empresas produtivas.
4. No mesmo sentido, poñerá-se en marcha un plano de apoio á modernización tecnolóxica e de mellora da calidade cunha dotación que permita realmente incentivar aceleradamente ás empresas nesa dirección. Nese sentido partimos da constatación da radical insuficiencia das medidas desenvolvidas polo Goberno do PP nos últimos anos, cuxas axudas se veñen repartindo, ademais, con criterios clientelares e sen obxectivos industriais definidos.
5. Dadas as dificultades ou imposibilidade de moitas pequenas empresas para dotarse dun departamento propio de I+D, creará-se unha rede de centros tecnolóxicos sectoriais coa dimensión e medios adecuados para responder ás necesidades da innovación, de homologación e de control de calidade deste tipo de empresas, tanto nas ramas máis tecnolóxicas como na ramas máis maduras. Nese sentido retomarán-se e poñerán-se en funcionamento con obxectivos claros algúns centros xa existentes (Pizarra, Granito, CIS) que languidecen por falta de estratexia, despois de absorber investimentos millonarios. Estes Centros funcionarán en estreita conexión e coordinación coas empresas asociadas para que respondan ás súas necesidades reais e concretas, pero impoñendo-se á falta de visión estratéxica que predomina nos sectores máis atrasados do noso empresariado.

Ainda que en Galiza predominan as pequenas empresas, e mesmo as microempresas, existe un certo número de grandes empresas que teñen unha grande importancia estratéxica

porque garanten a conquista de novos mercados, crean un importante volume de emprego directamente e poden servir de arrastre para unha constelación de pequenas empresas coas que manteñen unha relación produtiva ou comercial.

4.2.2 Política da apoio ás grandes empresas

As grandes empresas teñen unha problemática específica que require a adopción dunha serie de medidas de apoio que en moitos casos deben ser deseñadas a traveso dunha colaboración directa coas mesmas pero que en liñas xerais consistirían en:

1. Apoio á política de apertura de novos mercados, que en moitos casos, nos de maior envergadura, pode require un certo apoio institucional e diplomático, aspecto este que debe ser coidadosamente pero sistematicamente desenvolvido.
2. Apoio financeiro para proxectos de ampliación da capacidade comercializadora. De acordo co ICEX e as Institucións financeiras públicas e privadas poñerán-se a disposición das empresas de capital maioritariamente galego recursos financeiros en boas condicións para acometer plans de internacionalización comercial.
3. Fomento das alianzas estratéxicas entre empresas galegas para abordar mercados exteriores, configurar canles de distribución compartíbeis, etc. Aínda que a responsabilidade desta estratexia corresponde ás empresas, o Goberno galego adoptará todas as medidas necesarias para impulsalas.
4. Apoio para a consolidación da capacidade tecnolóxica e para o fortalecemento dos centros propios de I+D e deseño desas empresas como vía para favorecer a súa flexibilidade, a diversificación e a mellora permanente da calidade.
5. Para ese obxectivo promoverá-se a participación das empresas galegas como líderes en proxectos de I+D comunitarios, en colaboración con equipos universitarios galegos cando sexa posíbel, para rentabilizar as oportunidades deste tipo de proxectos. Asimesmo, defenderá-se unha progresiva territorialización das medidas do CDTI e do Ministerio de Industria co obxecto de reducir a excesiva concentración das súas axudas na CCAA madrileña e incrementar a participación das nosas empresas.
6. Fomento e promoción das relacións interindustriais e de subcontratión co tecido de PEMES do contorno co obxecto de aproveitar ao máximo as economías de proximidade, crear economías externas e contribuir ao fortalecemento do tecido industrial local. Para iso

deseñarán-se plans de actuación estratéxicos tendentes a fortalecer os “clusters” de empresas.

4.2.3 Política para as empresas públicas estatais

1. Defensa do sector público empresarial, mantendo a presenza maioritaria no accionariado das empresas que o constitúen. A enaxenación da propiedade do Estado polo Goberno central e a apropiación do seu valor, cando aqueles investimentos están materializados nun territorio concreto que goza de autonomía, vulnera os principios de descentralización e pode contribuir a agravar os desequilibrios territoriais. Por iso consideramos que o Goberno Central non pode vender as empresas públicas radicadas en Galiza senon que o que debe contar co consentimento do Goberno galego e, no caso de éste ter interese no seu mantimento como empresa pública, o que deberá facer é segregar a propiedade das plantas aquí instaladas e transferir a súa propiedade ao Goberno galego. Considera-se que o capital financeiro que está disposto para entrar na adquisición desas empresas públicas debe centrar a súa estratexia na creación ou participación das empresas privadas existentes para potenciar a súa expansión, abrindo novos mercados.
2. Galiza debe defender a posta en marcha dun plano progresivo de transferencia das empresas públicas ás Comunidades Autónomas históricas, empezando pola descentralización dos departamentos estratéxicos das mesmas hoxe ubicados en Madrid (I+D, Compras, Marketing, Dirección financeira, etc). De xeito inmediato establecerá-se un Programa coordinado coa SEPI (Sociedade Estatal de Participacións Industriais) e a AIE (Axencia Industrial do Estado) co fin de realizar os investimentos necesarios, a transferencia de persoal, etc. para a posta en marcha deses departamentos nas sedes galegas desas empresas. Especial atención deberá prestarse aos departamentos de I+D e de enxeñería.
3. O sector público empresarial ten un interese intrínseco polas actividades que desenvolve e os empregos que xenera, pero debe acometerse un plano de integración destas empresas no tecido industrial galego, aumentando as interrelacións coas empresas do sector, aumentando os niveis de aprovisionamento en Galiza, de forma que podamos converter ao sector público empresarial nun elemento dinamizador e de arrastre do resto da nosa industria. Para iso poderemos ampararnos no Artigo 90 e 92.3 do Tratado da Unión Europea.
4. Como garantía de cobertura universal dos servizos públicos (Telefonía, enerxía, correos, etc) deféndese o seu carácter público, a fin de evitar que certos usuarios ou certas zonas do

noso país podan quedar eventualmente desatendidas neses servizos por non resultar rendíbeis para a empresa privada.

4.2.4 Política de criación de empresas con participación pública

Para o cumprimento dos obxectivos de desenvolvemento industrial, fortalecemento dos sectores estratéxicos, impulso a unha nova actividade, criación de emprego en áreas en declive poderá procederse á criación de empresas públicas ou mixtas (en colaboración con empresas privadas ou entidades financeiras).

1. O Goberno galego participará na posta en marcha de empresas industriais ou de servizos de carácter mixto que cubren demandas recurrentes e previsíbeis de bens e servizos realizadas pola propia Administración Autonómica e que poden tamén abrir mercados fora (empresas de Software e Sistemas, consultoría tecnolóxica, comunicacións, etc). De tal forma que os contratos millonarios que regularmente deben realizarse sirvan para crear indústrias e empregos neses campos de futuro.
2. Promoverán-se e no seu caso crearán-se empresas nas actividades verdes, que constituen un campo de negocio en forte expansión e que, ademais, responden a criterios ecolóxicos e sociais que consideramos deben impulsarse. Un exemplo dese campo sería a criación dunha Empresa de Valorización da Biomasa.
3. A valorización estratéxica de certos recursos mariños hoxe inexplorados sería encomendada a unha Empresa Nacional de Acuicultura.

4.2.5 Política tecnolóxica

1. Galiza debe realizar un grande esforzo no cambio tecnolóxico que debe plasmarse nun PLANO TECNOLÓXICO cuatrienal que incremente aceleradamente os recursos dedicados a I+D e dote de coherencia e coordinación a todas as actuacións neste campo. O longo tempo hibernado Plano Galego de I+D, durante as dúas últimas lexislaturas, é unha necesidade perentoria que ao non terse materializado constitúe un dos elementos máis negativos no panorama tecnolóxico nos últimos anos e introduce un novo e grave factor de retraso neste terreo fronte á maioría das CCAA españolas e do resto das rexións europeas. Por suposto, debe asumirse que unha política tecnolóxica necesita tempo para rendir frutos,

- por iso debe plantexarse con criterios estratéxicos e a longo prazo, tratando de anticipar os cenários de futuro para o desempeño da actividade industrial.
2. Nese sentido e habida conta do baixísimo nivel de partida, un obxectivo a catro anos vista debería ser conseguir multiplicar por catro ou por cinco os recursos actuais totais dedicados a I+D (actualmente representan o 0,5% do PIB). Paralelamente debería conseguirse unha distribución dese gasto onde a industria pasase a representar cando menos o 50-60% do gasto total; isto requiriría multiplicar cando menos por dez o gasto en I+D empresarial (incluíndo empresas e centros sectoriais). Ese nivel pode considerarse o limiar a partir do que o Sistema de Inovación pode empezar a rendir resultados de certa envergadura, creando sinérxias e economías de escala e economías externas importantes. Dado o punto de partida parece razoábel pensar que unha grande parte dese esforzo debe ser protagonizado pola Administración e os centros tecnolóxicos dela dependentes. De todas formas debería ir acompañado dun esforzo de mobilización dos recursos privados (empresas industriais sobre todo pero podería pensarse nun plano especial pilotado polas Caixas de Aforro); non debe olvidarse, asimesmo, que un dos obxectivos dese PLANO non sería só aportar recursos financeiros senon remover a “cultura” e comportamento empresarial, promovendo unha cultura estratéxica ao nivel da dirección das empresas.
 3. O aumento da dimensión meia dos centros de investigación e tecnolóxicos é, en xeral, un obxectivo moi importante habida conta da reducida dimensión predominante nos centros existentes. Ese aumento de escala é imprescindible para que alcancen o nivel ou masa crítica necesaria para poder abordar proxectos de certa envergadura e complexidade; para poder facer non só investigación básica senon tamén aplicada e mais aínda para abordar proxectos que implican desenvolvementos tecnolóxicos ou prestación de servizos.
 4. De cara aos obxectivos anteriores pode resultar un meio importante conseguir unha “territorialización” real e efectiva das actividades de I+D das empresas públicas hoxe radicadas en Madrid. Isto sería beneficioso non só para as propias plantas de produción aquí instaladas senon que ademais podería xenerar dinámicas de cooperación con outras empresas do sector (auxiliares, clientes, etc).
 5. Como se ven insistindo deben aumentar e fortalecerse os mecanismos de cooperación tecnolóxica entre os elementos do SRI; isto debe plasmarse no fortalecemento da estrutura de centros sectoriais e na creación de instrumentos financeiros específicos para promover esa cooperación. Unha estratexia de aproveitamento do potencial das Universidades resulta vital no caso de Galiza, debido á súa importancia relativa. O deseño dunha política

horizontal de I+D debe ir acompañada dunha política clara de servizos tecnolóxicos, particularmente para as PEMES, que responda ás necesidades concretas das empresas.

6. A política tecnolóxica debe incardinarse coas demais políticas conexas, particularmente coa Universitaria e de Investigación e tamén coa política de formación (particularmente formación continua, ocupacional e formación profesional). Isto require unha completa reconsideración do organigrama funcional do actual goberno autónomo, cuxa dispersión competencial e ausencia de coordinación plantexa non só problemas de utilización ineficiente dos recursos a curto prazo senon estrangulamentos a medio prazo.
7. Este tipo de criterios deben conducir a un replantexamento da articulación institucional e de competencias entre os diferentes niveis da Administración. Debería defenderse neste campo a completa aplicación do principio de subsidiariedade, de forma que haxa unha verdadeira descentralización da política tecnolóxica a nivel comunitario e español. En todo caso, debe facerse fincapé na consideración do criterio de coesión territorial como un criterio esencial no deseño e implementación das políticas comunitarias e estatais. Como se sabe, unha característica que marca a configuración das actividades de I+D no Estado español é o seu elevado grao de concentración na Comunidade de Madrid: Madrid executa o 37% do gasto total en I+D en 1993. Outras comunidades, a pesares da súa importancia, representan porcentaxes moito menores: Cataluña o 19,5%, o País Basco 7,9% e Andalucía 9,4%; Galiza tan só o 2,3%. Os sucesivos Plans Nacionais de I+D non significaron unha mellor distribución territorial dos Fondos para I+D senon que, polo contrario, traducíuse nunha acentuación da súa concentración na Comunidade de Madrid, que representa en 1993 o 36,6% do total dos gastos de I+D españois (representando casi o 61% no caso da I+D realizada polas Administracións Públicas)

Este problema preséntase tamén coa Política Tecnolóxica da UE, especialmente o Programa Marco, que está volcada nas altas tecnoloxías nos sectores chamados estratéxicos, de forma que só un número reducido de rexións europeas se benefician realmente de forma masiva destes programas, provocando un gravísimo efecto polarizador, contribuíndo a concentrar aínda máis as actividades de I+D a nivel europeo. Por esa razón, desde o punto de vista das rexións periféricas interesa promover a apertura destes programas para poder atender tamén as necesidades da innovación nos sectores chamados maduros, pero que seguen necesitando grandes esforzos de innovación.

Polo tanto, non se está en contra da existencia dunha política tecnolóxica interterritorial senon que se considera que esta será positiva na medida en que:

- a) sirva para crear condicións infraestruturais para novas actividades e para a innovación.
 - b) poda guiar con criterios territoriais a localización de indústrias e servizos.
 - c) poda apoiar a innovación nas actividades económicas tradicionais.
8. Un obxectivo de grande interese é o establecemento dunha estreita colaboración no eido tecnolóxico co Norte de Portugal, o que en moitos sectores ou servizos pode suplir lagoas do noso sistema e noutros casos pode permitir o deseño de estruturas tecnolóxicas de maior envergadura habida conta da superior dimensión do mercado de usuarios.
9. Por último, dada a importancia do esforzo tecnolóxico que se propón asumir, consideramos que as medidas deberían ser implementadas a traveso dun pacto social e político, acompañando o seu deseño e a súa xestión do meirande rigor técnico e profesional. Para garantilo debería realizarse unha avaliación tanto das necesidades como dos resultados da medidas implementadas por técnicos independentes do Goberno. Mesmo podería pensarse na creación dun “Centro de avaliación e deseño da política tecnolóxica”, no que ao lado dun corpo profesional independente estivesen representados os sectores implicados e os representantes sociais.

4.3 ECONOMIA SOCIAL

4.3.1 Criterios básicos

O compromiso do BNG na promoción da Economía Social fundaméntase en seis ideas básicas:

1. Diversas fórmulas de economía social poden constituir a ferramenta acaida para favorecer o acceso dos traballadores a propiedade dos seus medios de produción , nun marco que compatibilice democracia e eficiencia económica.
2. As distintas manifestacións da economía social, deben constituír un instrumento privilexiado do diálogo entre as Administracións Públicas e a iniciativa privada, que sexa quen de posibilitar a integración laboral daqueles colectivos de traballadores e desempregados que con máis agudeza están a sentir as consecuencias negativas que se derivan das coxunturas económicas críticas e máis dalgúns déficits estruturais da nosa economía.

3. Especialmente, a economía social pode ser unha fórmula de organización util para mellorar as perspectivas de desenvolvemento en sectores concretos da nosa economía, escasamente articulados até o momento.
4. As especiais características do noso tecido económico e social requiren do desenvolvemento dunha política propia e non seguidista na materia. Compre, xa que logo, definir os mecanismos operativos que permitan o desenvolvemento de tal política.
5. Nomeadamente debe ser obxectivo prioritario a definición e perfeizoamento das medidas de control e unha selección mais precisa que discrimine entre os destinatarios das políticas de axuda, a fin de favorecer unha mellora nos resultados económicos das empresas de Economía Social e, asmesmo, rehabilitar a pobre imaxe que hoxe ten a Economía Social nalguns sectores económicos e sociais, mesmo dentro do propio colectivo.
6. Debe fomentarse o redimensionamento das empresas do sector, favorecendo a concentración empresarial e, no seu caso, apoiando a creación de entidades asociativas de segundo grado, unións temporais de empresas etc...

4.3.2 Medidas de goberno

4.3.2.1 Desenvolvemento do Marco normativo

A Galiza, a diferenza doutras Comunidades Autónomas, como o País Basco, Navarra, Cataluña, Valencia ou Andalucía, foille recoñecida tardiamente (Lei 16/1995 de 27 de decembro) a competencia exclusiva en materia cooperativa. Até ese momento tiña transferidas as competencias no tocante a execución e desenvolvemento da lexislación sobre a política cooperativa e, por extensión, a calquera outra forma da economía social .E pois o momento de desenvolver con plenitude as novas competencias:

O BNG comprométese, dentro da próxima lexislatura, a presentar no Parlamento de Galiza un proxecto de **Lei Galega de Cooperativas**. Duas grandes liñas orientarán este labor: recoller as aportacións dos sectores e axentes implicados e integralas nun marco que se adapte as necesidades e realidade das cooperativas galegas. Con esta orientación a normativa galega

debe desenvolver algúns aspectos deficientemente regulados pola lexislación vixente, entre outros, e a título de exemplo:

- Clasificar e recoñecer algunhas fórmulas específicas de economía social que non teñen hoxe recoñecemento legal específico e, ao tempo, establecer unha regulación máis precisa de moitas fórmulas apenas esbozadas na lei vixente.
- Redefinición da normativa aplicábel aos fondos irrepártibeis
- Reformulación das condicións de retribución para as aportacións de capital e, en xeral, definición dun marco máis flexíbel que o vixente, que permita a busca de formas máis doadas de financiamento
- Existe certa *inadecuación dos órganos* sociais establecidos pola Lei á praxis real das empresas. As Asembleas Xerais Ordinarias, as Extraordinarias ou mesmo o Consello de Administración, están concebidos para empresas con características ben diferentes ás que teñen moitas das empresas de economía social galegas (PEMES e negocios familiares nunha alta porcentaxe), o que motiva que nunha porcentaxe elevada se convoquen e constitúan os órganos sociais obrigatorios, pero estes aparecen totalmente baleiros de contido, co que se fan inoperantes, meros requisitos formais. En moitos destes casos, aínda sen cumprir cos requisitos formais, existe unha participación informal, cotidiana e permanente dos socios na toma de decisións. Procede, xa que logo, en determinados supostos, simplificar o organigrama social nas empresas de pequeno tamaño.
- Regular o mínimo legal de socios para constituir unha empresa de economía social, de xeito que se evite a proliferación de falsas empresas de economía social creadas co único obxectivo de acceder a liñas de axuda específicas
- Débese realizar unha avaliación dos diversos organismos (Institutos de Fomento da Economía Social,...) que a Administración do Estado e outras Comunidades teñen posto en marcha, para, se procede, dar pasos de cara a constitución dun Instituto Galego da Economía Social, con estruturas organizativas simplificadas, e dotado de instrumentos de intervencións flexíbeis para atender acadamente os programas de axuda e fomento da economía social.
- Adecuación da normativa reguladora do mercado de traballo e das relacións laborais as especificidades das empresas de economía social caracterizadas pola identificación da condición de propietarios e traballadores (V.gr: en materias como as posibilidades de contratación temporal, acceso a cobertura por desemprego ou réxime das regulacións de emprego...)

- Redefinición e simplificación da figura dos interventores de contas e, eventualmente, consideración da súa substitución por controles externos.
- Regulación mais precisa da condición do Asociado de cara a conseguir unha figura mais eficaz a hora de captar recursos para a financiación.
- Definición dun marco específico que perfile mais o vixente no tocante a participación directa das Administracións como socios. Particularmente desenvolver a normativa que permita o emprego efectivo de fórmulas de economía social como instrumento básico das Iniciativas Locais de Emprego
- Articular mecanismos legais que permitan a Administración iniciar os necesarios procedementos conducentes a identificación dun Censo, veraz e depurado, das empresas de economía social realmente existentes.
- Redefinición e actualización dos instrumentos de seguimento e control *rexistral e administrativo*.
- Facilitar a converxencia dalgunhas figuras asociativas innecesarias. hacia a fórmula cooperativa de traballo asociado.
- Revisión do réxime fiscal das empresas de economía social

4.3.2.2 Reforma administración

- **Reasignación de Competencias.** O marco xeral de axudas ás SAL e ao movemento cooperativista vén definido nos Presupostos da Comunidade a través do programa de Fomento de Emprego e, tradicionalmente, o seu centro de execución foi a Dirección Xeral de Formación e Emprego, dependente da Consellaría de Traballo até a creación da Consellaría de Familia, Muller e Xuventude, á que, na actualidade, está vencellada orgánicamente. Así pois, as competencias xestoras e executivas para o desenvolvemento dos programas de axuda correspondenlle basicamente a esa Dirección Xeral e mais ás Delegacións Provinciais da Consellaría de Familia, Muller e Xuventude. Un segundo ámbito de competencias referidas ás funcións administrativas en materia de calificación, recoñecemento legal e rexistro das cooperativas e SAL son atendidas desde a Dirección Xeral de Relacións Laborais, organicamente ligada á Consellaría de Xustiza, Interior e Relacións Laborais. Esta Dirección Xeral nos últimos exercicios presupostarios vén sostendo, con carácter subsidiario, algunhas liñas de apoio ás empresas de traballo asociado e ás cooperativas, denominadas "*de fomento e apoio ao asociacionismo e cooperativismo no ámbito autonómico*" e mais de "*creación de Gabinetes Técnicos de Economía Social*".

Procede, pois, a reflexión sobre da distribución orgánica de competencias na materia e, eventualmente, a unificación de todas elas baixo dunha única Dirección Xeral

- Cómpre dotar dos **medios materiais e legais necesarios** aos órganos da Administración facultados para velar polo cumprimento das obrigas legais en materia rexistral e, consecuentemente, definir mecanismos concretos que garantan tanto a posta ao día da información, como a transmisión dos datos entre os distintos organismos.
- **Vixiáncia** Débese impedir a utilización dalgunhas prácticas que implican a desnaturalización das distintas figuras como fórmulas de economía social, controlando algúns aspectos como o mínimo de socios, a utilización excesiva de traballo asalariado etc...
- **Depuración.** Cómpre definir os mecanismos legais e administrativos que permitan a depuración do censo actual, descalificando aquelas empresas sen actividade e aquelas outras que na súa composición, organización e prácticas non responden as exigencias mínimas dunha empresa de economía social.

4.3.2.3 Políticas de axuda

A Comunidade Autónoma de Galiza foronlle transferidas as competencias no referido á xestión de calquera dos distintos tipos de axudas e subvencións e, singularmente, as destinadas ao fomento do emprego en cooperativas, CTA e sociedades anónomas laborais. Na práctica, polo momento, segue a ser o Goberno Central quen diseña e elabora as disposicións xerais nas que se fixan a programación e condicións das axudas e subvencións. Neste marco as liñas de actuación dos programas actuais son, en grande medida, unha continuación das políticas do antigo FNPT, e a súa finalidade primordial é a concesión de axudas económicas para a creación ou conservación de postos de traballo mediante a constitución, ampliación ou mantemento de cooperativas ou SAL. Cómpre desenvolver a competencia para o **deseño propio das liñas de axuda** que permita unha reforma, non seguidista das liñas e instrumentos existentes. A política de axudas orientarase de acordo cos seguintes **obxetivos**:

1. O esforzo presupuestario para dotar os programas de fomento de emprego e axudas á economía social da Xunta de Galiza realizado nos últimos anos non debería cesar. A análise da evolución presupuestaria presenta unha alternancia entre fases fortemente expansivas e

estancamentos. As directrices orzamentais deberían, ao noso entender, definir unha ampliación sostida dos recursos disponibéis máis que favorecer bruscos "sobresaltos alcistas" nas súas dotacións que, as máis das veces, provocan unha sobreesaturación de recursos en contextos nos que os axentes económicos non están nas mellores condicións para os aproveitar.

2. As particulares dificultades de financiamento das sociedades de traballadores, especialmente a hora de cubrir os investimentos en capital fixo, deben ser atendidas de modo prioritario nas actuacións da Xunta de Galiza **reforzando orzamentalmente os programas de subvencions financeiras**. Débese profundizar no establecemento de **convénios coas entidades financeiras** que permitan formulas de financiamento mais flexibeis. En particular débese considerar a criación de mecanismos que faciliten o reparto de riscos entre Administración empresas e entidades financeiras, e permitan superar os atrancos, con frecuencia insalvabeis, que se derivan das exixencias hipotecarias para o acceso ao crédito privado.
3. É practicamente inexistente a **aportación de capitais públicos** nas empresas de economía social galegas, co que isto conleva de perda da oportunidade de utilización dun instrumento privilexiado de intervención. Ao respecto procede avaliar as perspectivas dun compromiso maior, particularmente por parte das Administracións locais, a través das Iniciativas Locais de Emprego. Consideramos prioritaria a intensificación dos programas de cooperación coas Corporacións Locais e as Mancomunidades, coa orientación de facer converxer as **Iniciativas Locais de Emprego** e mesmo os proxectos de acción rural cos programas de fomento da economía social. A Xunta de Galiza debería estimular máis abertamente a implicación das Corporacións Locais na promoción deste tipo de sociedades con vistas a prestación de bens e servizos públicos determinados a traveso de entidades de economía social. As contías dotadas presupostariamente para estes fins que se veñen considerando cun carácter case experimental terían, ao noso entender, que ser consideradas como liña prioritaria da arquitectura do Programa de Fomento de Emprego.
4. A actual política de axudas indiscriminadas debe mudar para priorizar aquelas empresas que, dende presupostos de viabilidade, millor podan servir para mellorar as perspectivas de desenvolvemento en sectores concretos da nosa economía, até o momento escasamente articulados. En particular:
 - a) Aquelas empresas que se singulariza cualitativamente no entorno produtivo - con **produccións innovadoras** que explotan novos sectores de actividade, ou as que son produto da **externalización de actividades** ou fases da produción que antes se

realizaban no interior dunha grande empresa; as auxiliares de grandes empresas e, en xeral, as que se especializan na obtención de produtos para os que pode haber **deseconomías de escala na produción.**

- b) As xa existentes no sector textil, na industria lixeira, nos servizos con cualificación etc...as intensivas en traballo...as agrarias e pesqueiras.
 - c) As que fan agromar economía sumerxida,
 - d) As que proceden da reconversión das industrias en crise,
 - e) As que siñifican a valorización das producións artesánais,
 - f) As conectadas coas ILES e coa prestación de bens e servizos públicos, nomeadamente as adicadas a prestación de servizos sociais, de ocio, mantemento e recuperación do patrimonio ou do medio ambiente. Tamén poderán concederse axudas financeiras con carácter excepcional a CTA de nova creación e constituídas por xoves menores mulleres e colectivos especialmente desfavorecidos
5. Debese proseguir co desenvolvemento de programas de **formación ocupacional** para empregados intensificando nos seus contidos a presenza da xestión de sociedades cooperativas e laborais, ao tempo que se abren novas vías para popularizar as figuras da economía social nos programas regrados da Formación Profesional. Na mesma liña deberíase abrir novos programas de formación continua para as empresas de economía social.
6. O desenvolvemento dunha **política informativa** propia para os temas referidos á economía social é unha necesidade que non pode ser postergada por máis tempo. Institucionalmente a Xunta de Galiza debe estar interesada en acrecentar a máis próxima relación cos axentes e promotores da economía social e mellorar a comunicación actual, o que revertirá nunha maior transparencia na xestión da política de axudas.
7. Débese asimesmo manter a tensión cara a **simplificación dos procedementos e dos requisitos** esixibéis para acceder as axudas.
8. A Administración considerará igualmente obxectivo prioritario da súa política de axudas as actividades de **difusión, fomento e formación** para o cooperativismo e a economía social.
9. Ampliaranse as axudas para a **asistencia técnica de SAL e entidades cooperativas, coa finalidade de obter contratación de técnicos**, estudos de viabilidade, financiación, auditorías ou calquera outro tipo de informes técnicos.
10. Unha actuación complementaria, no ámbito dos axentes e promotores privados da economía social, debe ser favorecer, inicialmente a través de encontros e xornadas de estudio, unha dinámica que conduza a creación no ámbito galego de entidades asociativas

empresariais específicas da ECONOMIA SOCIAL, ou máis modestamente a atención dos seus problemas empresariais particularizados no seo das agrupacións empresariais actualmente existentes.

11. Apoiarase a **criación de Institutos** para o desenvolvemento de novas estratexías e a detección de demandas no ámbito da economía social e o chamado terceiro sector.
12. Deseñaranse medidas de **apoio ás súas produción ou a comercialización** dos seus bens e servizos.

4.4 POLÍTICA DE EMPREGO

O goberno do BNG artellará un **Plano de Promoción do Emprego**, que negociado cos representantes dos traballadores e empresários conxugue as actuacións de carácter macro, micro-económico, de fomento e industrialización, así como xurídicas, que dean unha resposta ao principal problema da nosa sociedade, de tal xeito que :

- Instará-se a unha orientación dos instrumentos fiscais cara unha política dirixida ao crecemento, ao incremento da capacidade produtiva, ao desenvolvemento territorial e tecnolóxico, así como a potencia-la exportación.
- Fará-se unha promoción pública da incorporación ás empresas das novas tecnoloxías, así como de niveis máis avanzados de investigación.
- Levará-se a cabo unha política decidida de industrialización e re-industrialización, equilibrada en termos sectoriais e territoriais. Instará-se á xestión polo goberno galego dos proxectos e fondos estatais á localización empresarial, empregados en Galiza.
- Adoptarán-se medidas de afortalamiento financeiro, ao investimento e a formación ás empresas da economía social.
- Contemplará-se a provisión de axudas de afortalamiento das Pemes desde as perspectivas financeira, de mellora dos sistemas de xestión e información, de adecuación tecnolóxica e de penetración en novos mercados, así como propostas concretas de agrupamento de empresas pertencentes a sectores económicos homoxéneos
- Instará-se a transferencia do INEM e creará-se o Instituto Galego de Emprego e Formación, con competencia de execución da lexislación laboral, transformándoo nun xestor do emprego, que realice unha política belixerante contra o desemprego, a investigación das posibilidades de emprego existentes e de posíbel creación na nosa realidade económica.

- Promoverá-se a reforma dos programas de formación profesional reglada e ocupacional como forma de superar as discordancias actuais entre os requirimentos do mercado de traballo e a formación provista, mediante a comarcalización da formación, a formación pactada cos axentes económicos e sociais e o impulso da formación en prácticas. Reclamará-se a transferencia da formación ocupacional e das competencias e cretos orzamentarios correspondentes do FORCEM, realizando Galiza os planos de formación continua que estime convenientes.
- Potenciación das iniciativas locais de emprego, proporcionando capacidade financeira e de xestión aos Concellos, mancomunidades ou áreas metropolitanas, incorporándoas ás redes europeas (LEDA e procesos globais de inserimento laboral).

Os aspectos concretos da regulación do mercado de traballo e outros aspectos sectoriais da política de emprego tratan-se nos capítulos de Política Laboral e Social, Política sobre a Problemática das Mulleres e Política sobre a Problemática da Mocidade.

4.5 POLÍTICA ENERXÉTICA

4.5.1 Introducción

A política enerxética ten en Galiza un carácter singular. Teno, en primeiro lugar, pola explotación económica -que un goberno nacionalista non pode consentir- que protagonizaron empresas públicas como ENDESA ou privadas como as actuais UNIÓN FENOSA ou IBERDROLA, sempre de acordo cos poderes públicos do Estado español e do Goberno galego, que utilizaron durante décadas recursos enerxéticos primarios galegos para conseguiren beneficios extraordinarios consumidos ou investidos fora de Galiza, que contribuíron grandemente a situalas nunha posición preponderante entre as empresas do Estado, sen aportaren nada ao desenvolvemento da industria galega. Debe-se lembrar, neste sentido, que ENDESA, despois de anos de destinar unha parte enorme dos seus beneficios para o Estado, mesmo para sanear SEAT con 200.000 millóns de pesetas cando foi vendida á Volkswagen, aínda estaba valorada en 1,73 billóns de pesetas no momento en que o Goberno do Estado anunciou o seu propósito de privatizar a sociedade pública. Póde-se estimar que un mínimo do 20 % dos beneficios repartidos durante anos e do valor patrimonial restante situado hoxe na proximidade dos dous billóns de pesetas, poden ser atribuídos á explotación da mina de As Pontes de Garcia Rodríguez. A política enerxética ten un especial carácter, por outra

parte, porque dos recursos enerxéticos debe conseguir Galiza fondos para potenciar o seu propio desenvolvemento, practicando unha política contradictoria coa levada adiante nas últimas décadas. Ten-o tamén, por fin, porque dunha eficiente explotación dos recursos e da racionalización dos consumos se derivarán a conservación dos recursos non renovábeis e a mellora das condicións ecolóxicas do país.

4.5.1.1 Descrición do sector enerxético galego

O valor engadido do sector enerxético representa o 24,6 % do total da industria galega, constituíndose no principal sector industrial, por riba dos sectores de alimentación e do automóbil, que o seguen.

Tendo en conta todas as fontes de enerxía, incluíndo tanto as procedentes dos recursos enerxéticos primarios galegos como as debidas ao petróleo e o carbón importados, a contía e a distribución da enerxía primaria utilizada e transformada en Galiza responde ao seguinte:

Procedencia	Millóns de tep*/ano
a) Recursos primarios internos	3,28
b) Importacións de petróleo	6,13
c) Importacións de carbón	0,73
Total	10,15

*Tonelada equivalente de petróleo: unidade enerxética equivalente ao poder calorífico dunha tonelada de petróleo.

a) Os recursos primarios internos ou, dito doutro xeito, a produción enerxética bruta galega, ten a seguinte distribución:

Tipo de recurso	tep*/ano	%
Hidráulico	360.000	11,1
Carbón	2.451.000	74,6
Resto	470.000	14,3
Total	3.285.000	100,0

Esta produción enerxética bruta galega destinase basicamente á produción de enerxía eléctrica. As cifras sinaladas indican que o carbón é o principal recurso enerxético primario, estando constituído polo lignito utilizado nas centrais térmicas de As Pontes e Meirama, nas

que ENDESA e UNIÓN FENOSA teñen instalados, respectivamente, 1.400 megawattios (Mw) e 550 Mw de potencia.

Os recursos hidráulicos proceden dun cento de centrais hidroeléctricas. Trinta e sete delas, que se poden considerar como grandes centrais, obteñen o 96 % da produción eléctrica desa procedencia, mentres que as demais sesenta e seis pequenas centrais hidroeléctricas conseguen só o restante 4 %.

O resto da produción eléctrica procede das centrais térmicas internas ou autoxeración das empresas (REPSOL, ENCE, INTASA, FINSA, etc) e, sobre todo, do aproveitamento enerxético da biomasa, que inclúe a recuperación de residuos de industrias madeireiras e alimentarias e a explotación de residuos forestais e agrarios.

Debe-se facer mención igualmente aos comezos da produción eléctrica a partir dunha enerxía alternativa como a eólica, co aproveitamento experimental de Estaca de Bares, primeiro, e o de Cabo Vilán despois, con potencias reducidas, que nese último caso ascenden a 4,5 Mw. Neste momento estudan-se ou están en execución outros proxectos eólicos, nunha progresión que, respetando criterios medioambientais, pode dar lugar a que este tipo de enerxía teña unha significativa aínda que sempre minoritaria participación na produción eléctrica galega.

- a) As importacións de petróleo destinanse basicamente á refinería de Repsol na Coruña, nunha cantidade que, chegando aos 6,1 millóns de tep, cifra que como se observa resulta o dobre da procedente dos recursos primarios internos citados anteriormente.
- b) Compléméntan-se as fontes de enerxía primaria cunha certa proporción de carbóns de importación que atinxen aos 0,73 millóns de tep.

4.5.1.2 O consumo interno e a exportación enerxética

A transformación da enerxía primaria nas distintas formas de enerxía dispoñíbel (electricidade, gasolina, gasóleo, coque de petróleo, etc) dá lugar a perdas debidas ao propio proceso de transformación nas centrais térmicas ou na refinería. Descontadas estas perdas, a

enerxía dispoñíbel reparte-se practicamente ao 50 %, entre a consumida en Galiza, atinxindo 3,59 millóns de tep, e unha cantidade semellante destinada á exportación.

O nivel de exportación é distinto segundo o tipo de enerxía, acadando o 57 % no caso dos derivados do petróleo de Repsol. Na enerxía eléctrica producida a exportación chega ao 33 %.

Tendo en conta o extraordinario consumo eléctrico interno absorbido pola produción de aluminio nas plantas de INESPAL -gozando por outra parte de tarifas especiais máis baratas que as propias do mercado normal-, que absorbe por si mesma outro 25 %, e o resto do consumo interno atinxe o 42 % do total.

Destino da produción eléctrica galega	%
Exportación	33
Produción de aluminio	25
Resto do consumo interno	42
Total	100

4.5.2 Critérios básicos

O Goberno galego elaborará un novo **Plano Enerxético Galego** no que se sinalarán ás liñas xerais da disposición e uso dos recursos enerxéticos. Nel establecerán-se medidas nos seguintes campos:

- Disposición de recursos enerxéticos propios.
- Natureza, renovábel ou non, dos recursos enerxéticos propios.
- Uso da enerxía dispoñíbel obtida na Galiza.
- Abastecemento enerxético no territorio galego.

4.5.2.1 Disposición de recursos enerxéticos propios

A construción e o mantimento dun determinado modelo de desenvolvemento para Galiza fai necesario que se tomen medidas governamentais encamiñadas a:

- O coñecemento das reservas das que se dispón, e as limitacións que estas imponen para evitar ou reducir a dependéncia externa.
- O control das reservas enerxéticas.

4.5.2.2 Natureza, renovábel ou non, dos recursos enerxéticos propios

Ainda cando a dispoñibilidade de enerxía non é a mesma se os recursos da que se obtén son ou non renovábeis, non debe confundir-se renovabilidade con disposición ilimitada. Na actualidade na Galiza a meirande parte da enerxía transformada obtén-se a partir de recursos fósiles, non renovábeis. O carbón supón a fonte principal nestes recursos propios. Un uso desproporcionado do mesmo levou a que hoxe podamos falar de que os xacementos das Pontes e Meirama están en vías de esgotamento, despois de uns escasos 25 anos de explotación. De non mudar-se as características do sector, así como a estrutura de consumo galego, pode-se asegurar que Galiza vai converter-se en poucos anos en fortemente importadora de enerxía.

4.5.2.3 Uso da enerxía dispoñíbel obtida na Galiza

Se ben o consumo enerxético galego non é moi elevado en comparación con outros países do entorno, existen diferéncias substanciais segundo se trate do consumo dos fogares ou o consumo industrial. O consumo tendeu a aumentar sobre bens e servizos con maior intensidade de enerxía. Isto explica a existencia na Galiza de actividades fortemente consumidoras, mesmo despilfarradoras, de enerxía eléctrica en base a recursos galegos

A estrutura do consumo de enerxía eléctrica para o conxunto da actividade industrial (sempre considerando as diferéncias internas) podería ser mellorada para conseguir, através delo, un funcionamento máis eficiente que redunde nunha mellor satisfacción das necesidades para o conxunto da economía galega. Sen renunciar ao establecemento dun funcionamento que atenda tanto aos intereses das empresas consumidoras e do conxunto da sociedade, quizais non sempre poda haber ese tipo de coordinación.

4.5.2.4 Abastecemento enerxético no territorio galego

Galiza presenta-se como un lugar onde desde hai moitos anos se está a dar un alto nivel de transformación de enerxía, baseada en multitude de centrais hidro-eléctricas que asolagaron un número elevadísimo de hectáreas das terras produtivas, e na expoliación e estrago dos recursos carboníferos. Un mui baixo consumo interior e esta potencialidade na obtención de enerxía eléctrica, Galiza foi lugar propicio para a formación dun sector orientado fundamentalmente ao exterior. O abastecemento das zonas máis consumidoras do Estado, onde se estaba a experimentar o modelo de desenvolvemento industrial, foi o obxectivo fundamental no planeamento do sector. A estrutura tarifaria unificada fai que os consumidores galegos non teñan unha situación privilexiada polo feito de ter que soportar os custos ambientais da transformación de enerxía. Nen sequer serán beneficiarios dun mellor abastecemento, antes o contrario, é sobradamente coñecido o desabastecemento cruel ao que se viron sometidos lugares e aldeas que compartían vecindade cos encoros e coas centrais térmicas ou cos grandes centros de consumo galego. As medidas aplicadas nas últimas décadas foron encamiñadas a mellorar máis as redes de exportación ou, ultimamente, as de importación, ou a fornecer mellor aos grandes consumidores internos, que a abastecer axeitadamente a maior parte da poboación galega.

4.5.3 Medidas de goberno

De acordo cos criterios sinalados, as medidas de goberno a levar adiante e enmarcadas no novo Plano Enerxético Galego (P.E.G.) concretanse así:

1. Creación do Instituto Galego da Enerxía co obxectivo de :
 - Promoción do uso eficiente da enerxía
 - Diversificación das fontes de enerxía
 - Fomento das enerxías renovábeis
2. Elaboración dun mapa de recursos e reservas enerxéticos, que permita planificar o posible uso dos mesmos.
3. Esixencia do investimento en Galiza dos beneficios obtidos polas empresas que producen enerxía eléctrica a partir de recursos primarios galegos, tendo en conta a acumulación histórica.
4. Aplicación plena das competencias recollidas nos art.27.12, 27.13, 28.3, e 28.4 do Estatuto de Autonomía para Galiza, para un control desde Galiza das reservas enerxéticas galegas.

5. Dentro do P.E.G. contemplará-se a elaboración dun Plano de Enerxias Alternativas (eólica, biomasa, etc), tendente a reducir sustancialmente a importancia da enerxía transformada en base a recursos propios non renovabeis.
6. Revisión da lexislación sobre emisións ao medio (ecotaxa), co obxectivo de aplicar unha fiscalidade que grave os prexuízos ambientais do consumo de combustíbeis foseis e da obtención de enerxía dispoñíbel en base a combustíbeis foseis ou por vías agresivas co medio. A recaudación por esta via iría orientada a súa re-utilización na Galiza a paliar e restituir no posíbel os danos provocados pola actividade transformadora. Así mesmo serán prioritários os investimentos produtivos nas comarcas onde se asentan eses centros de produción e consumo, na base de construír aí unha alternativa produtiva. Serviría ademais como re-orientadora da produción e o consumo cara enerxias renovabeis e menos agresivas. Esta medida complementará-se co establecemento de "cargas críticas", taxas de emisión, ...
7. Reclamación ante o Goberno central da participación do Goberno galego naqueles órganos con capacidade decisoria sobre ordenación do sector enerxético, prioritariamente do eléctrico. Do mesmo xeito, tomarán-se iniciativas tendentes a elevar os prezos da enerxía exportada ou a obtida en base a combustíbeis foseis. Isto suporía que Galiza recibiría unha maior compensación monetaria polo feito de estragar e perder uns recursos non renovabeis, ou polo feito de soportar efectos perniciosos pola utilización da súa enerxía primaria. Isto suporía un maior fluxo de rendas cara Galiza.
8. O P.E.G. recollerá a paralización total de novos proxectos de transformación sobre recursos enerxéticos non renovabeis, é mais concretamente novos proxectos térmicos e posibles proxectos de instalación de centrais nucleares. Naqueles ámbitos de competencia do Estado, tomarán-se iniciativas neste sentido.
9. Realización de controis exhaustivos sobor do impacto no medio das actividades transformadoras.
10. Sometemento das actividades transformadoras de enerxía en base a recursos non galegos, ás mesmas medidas que as utilizadoras de recursos propios.
11. Incentivación, mediante información e axudas, a modificación das estruturas de consumo enerxético das industrias, cara novos xeitos de producir menos intensivas no input enerxético.
12. Incentivación, mediante información e axudas, a que fogares e empresas apliquen medidas de aforro enerxético real, é dicir non da factura enerxética senón da utilización real de enerxía.

13. Actuacións para a promoción das economías das zonas con presenza de actividades fortemente consumidoras ante futuras e posibles reducións de tais actividades.
14. Realizarán-se campañas informativas de fomento do consumo de bens e servizos con menor intensidade enerxética.
15. Fomentará-se, mediante intervención da Xunta de Galiza, e da reclamación ante a Administración Central e Comunitaria, as distintas formas de transporte colectivo.
16. Esixirá-se por todas as vías posibles, e ante os órganos correspondentes, ás empresas suministradoras de enerxía que teñan unhas redes de abastecemento interno que garantan unha aminoración real dos problemas técnicos de abastecemento. Estas melloras serán prioritarias nos núcleos rurais peor abastecidos, e nas zonas afectadas pola explotación dos recursos enerxéticos.
17. No mesmo senso, esixirá-se ás empresas transformadoras e suministradoras que re-utilicen parte das rendas obtidas nas melloras das redes.

5. POLÍTICA ECONÓMICA SECTORIAL

5.1 POLÍTICA INDUSTRIAL

5.1.1 Introducción. Criterios básicos

Os criterios básicos na política industrial teñen en conta as tendencias negativas da actual política económica, así como as eivas estruturais, propias dunha economía periférica, que padece a economía galega:

Neoliberalismo e ausencia de política industrial activa na UE, no Estado español e en Galiza; ausencia de criterios territoriais explícitos nos programas industriais do Estado; desvinculación dos fondos estruturais das estratexias industriais territoriais; estratexia centralizadora da empresa pública; non uso da empresa pública como instrumento de desenvolvemento industrial territorial.

Vivimos unha época dominada polas receitas simples dun liberalismo simplón e arcaico. Unha moda que empeza a pasar de moda pero que deixou secuelas importantes na nosa economía. A política económica practicada nos últimos anos no Estado español e en Europa estivo marcada polos intereses do capital financeiro e foi absolutamente lesiva para os sectores produtivos. Particularmente, no Estado español, a política monetarista aplicada ao

longo dos anos oitenta e noventa, situaron ás taxas de xuro e de troco a niveis que perxudicaron duramente á actividade industrial, que sofre un acusado deterioro, situándose por embaixo do 20% do PIB no caso galego, coa conseguinte desaparición de empresas, redución de actividade na maioría delas e unha perda considerábel de postos de traballo. Perderon-se un 30% dos empregos do sector industrial. Os efectos foron graves para toda a sociedade pero particularmente para os sectores máis desfavorecidos e para as novas xeneracións que viron impedido o seu acceso a traballo, presentando hoxe unha taxa de paro entre os xovenes que sobrepasa o escandaloso nivel do 50%. Todo iso foi erosionando as condicións laborais e de vida dunha boa parte da poboación (paro, precarización do emprego, perda do poder adquisitivo dos salarios, distribución máis desigual da renda...). A liberalización dos movementos do capital conduciu a unha aceleración do proceso de concentración da produción noutras zonas do Estado ou noutras rexións ricas de Europa, acentuado de forma crecente as disparidades entre os diferentes territorios en Europa.

En Galiza o Goberno da Xunta, deixándose levar irresponsábelmente polo seu doctrinarismo, que en grande parte encubre a súa incompetencia, fixo coro a esa política neoliberal e desentendeuse do destino trágico que o vendabal do mercado estaba escribindo para o noso tecido empresarial. Non se trata de eliminar o mercado pero non podemos mirar pasivamente como o mercado destrúe a nosa capacidade produtiva. O que fan os gobernos intelixentes é adoptar estratexias que permitan consolidar e mellorar o que temos, como sexa.

Frente a esa pasividade o BNG quere erguer unha alternativa que permita conservar e desenvolver, modernizando e innovando, os nosos sectores produtivos. **O obxectivo é crear empresas e crear emprego** para garantir o futuro dos nosos cidadáns e do noso país no seu conxunto.

A deixación das políticas industriais activas contribúe a un forte deterioro da industria galega que hoxe presenta unha serie de limitacións das que é preciso ser conscientes para poder remediar e superar coa acción de goberno que nós propoñemos:

- Peso desproporcionado das empresas pequenas, moitas delas mais ben micro-empresas, das actividades autónomas, conxuntado cunha débil proporción de empresas de tamaño medio e coa caréncia de grandes empresas especializadas en alta tecnoloxía.

- Unha clase empresarial con niveis moi desiguais de profesionalización, de formación e de capacidade empresarial insuficiente
- Carácter tradicional das actividades produtivas dominantes. Especialización en actividades predominantemente tradicionais, intensivas en man de obra e/ou materias primas e pouco intensivas en coñecementos e tecnoloxía.
- Baixa densidade das relacións intersectoriais. Desconexión ou feble vinculación das grandes empresas públicas ou das multinacionais con outros sectores industriais.
- Deficiente estrutura organizativa e funcional das empresas, excesivo paternalismo que relega ás iniciativas do persoal técnico, feble dotación de 'capital humano'
- Auséncia dunha política galega de promoción da innovación con obxectivos claros e existéncia dunha política tecnolóxica estatal que concentra as actividades de alta tecnoloxía no polo madrileño nomeadamente, o que se plasma na ubicación central da I+D das grandes empresas públicas.

Para superar esa situación a política industrial debe:

- Contar cunha concepción estratéxica, na que primen os obxectivos definidos cun horizonte temporal longo.
- Responder á coesión e á diversidade, sendo descentralizada e vinculada ao sostenimento da diversidade territorial.
- Ser selectiva e discriminante, aproveitando a experiencia acumulada pero diversificadora, construíndo complementariedades e externalidades.
- Ser criadora de economías de escala, favorecendo o crecemento das unidades produtivas e o establecemento de relacións de cooperación sólidas entre elas.
- Conter a creación e promoción dunha cultura de innovación permanente
- Criar condicións favorables para o investimento, tanto o autoxenerado como o realizábel a través de alianzas con capitais de outras procedencias.

En definitiva, trata-se de contribuir ao obxectivo prioritario da política económica de impulsar un modelo de desenvolvemento económico no que a creación de emprego, o incremento da capacidade produtiva, o incremento da riqueza xerada e a súa distribución espacial e persoal sexa máis equilibrada, afondando, deste xeito, nunha coesión social efectiva, traducido no avance na converxencia real (en taxa de paro, PIB per cápita, estado de benestar,...) cos países no noso entorno.

A política industrial baseará-se no equilibrio harmónico da solidariedade e da competitividade, nos equilibrios social, territorial e medioambiental, promovendo a concertación cos axentes implicados nela, contendo actuacións que fomenten un entorno favorábel á iniciativa e desenvolvemento das empresas que aceleren a adaptación da industria aos cambios estruturais, que impulsen as condicións legais, fiscais e financeiras que favorezan a cooperación entre as empresas, e que prioricen o mellor aproveitamento do potencial industrial das políticas de innovación, investigación e desenrolo tecnolóxico, procedendo á racionalización e simplificación da elevada dispersión de competencias sobor da complexa rede de instrumentos referidos a actuacións de promoción das actividades industriais, procedentes das diferentes políticas e programas da UE, o Goberno central, as Consellarias sectoriais e as institucións galegas específicas existentes (Igape, Sodiga, etc).

Pola súa importancia, tamén de cara a facilitar unha política industrial efectiva, instaráse a participación directa galega dos medios financeiros provenientes da UE, dos seus diferentes fondos estruturais -Feder, Fse, Feoga's- e no Fondo de Coesión. Sobor deste último, hoxe de competencia estatal, instaráse a que se leven a cabo non só os proxectos de competencia do Estado en Galiza, senón que se incluan os proxectos que presente o Goberno galego, e que forman parte dos obxectivos que tal fondo pretende realizar (infraestruturas de transporte e medioambiente).

5.1.2 Política de formación de recursos humanos e para o cambio industrial

A dinámica acelerada e continuada de cambios técnicos e produtivos require unha capacidade de actualización e aprendizaxe permanente por parte de todos os recursos humanos da empresa (tanto técnicos e directivos como operarios). Polo tanto, debe implementarse unha política de formación que vaia respondendo aos novos requerimentos.

1. Completa redefinición dos diferentes Plans de Formación Ocupacional, co obxecto de adecualos efectivamente ás necesidades do tecido produtivo, adaptando a programación ás necesidades reveladas polos diferentes sectores produtivos nas respectivas comarcas. Trátase de evitar o actual despropósito e despilfarro que implica a ausencia de criterios orientadores, que está levando á irresponsabilidade de utilizar os fondos procedentes da UE para formación con fins exclusivamente políticos e clientelares.

2. Nesa dirección fomentará-se a Formación Contínua que é un instrumento escasamente utilizado pero que resulta moito mais apropiado aos fins desa permanente adaptación e recualificación das diferentes categorías de personal das empresas.
3. Hoxe o Goberno galego non ten ningún plano de Formación Contínua e é propósito do BNG definir e dotar un fondo específico para promovela. Este fondo deberá nutrirse non só de fondos públicos galegos senon do Fondo Social Europeo. Este fondo será utilizado para promover un maior compromiso e esforzo das propias empresas coa formación, que ocupa un dos niveis de esforzo mais baixos de Europa.
4. Desenvolverá-se un plano permanente de formación especificamente orientado a elevar a capacidade técnico-xestora do empresariado, particularmente dos directivos das PEMES, para poñer ao alcance destes directivos as novas tendencias nos campos da organización, xestión financeira, xestión da produción, marketing, etc. Para levalo a cabo establecerán-se convénios de colaboración cos diferentes Departamentos Universitarios especializados nesas áreas. Para iso redefinirá-se o actual Plano PIMEGA do IGAPE.
5. Os programas de formación definirán-se en estreita coordinación cos obxectivos da política industrial e de emprego, ligandoa estreitamente ás necesidades das empresas, para evitar a formación en actividades e categorías obsoletas. No deseño desa formación especializada, de nivel medio e técnico, desempeñarán un papel esencial os centros de innovación sectoriais propostos no marco da nosa política tecnolóxica, que irán palpando día a día as carencias e necesidades formativas das empresas.

5.1.3 Política de desenvolvemento da estrutura industrial

A pesar do seu reducido nivel cuantitativo, a industria galega conta hoxe cunha base válida para o desenvolvemento, formada por un determinado número de grandes empresas e por unha multiplicidade de empresas pertencentes a sectores industriais enraizados na economía do país. A expansión destas actividades como industrias exportadoras, o desenvolvemento das súas relacións interindustriais e a conseguinte xeración de economías externas na propia Galiza, constitúen instrumentos fundamentais cara o obxectivo da duplicación da poboación activa industrial que a nación necesita para contar cunha economía autocentrada.

En relación cos grupos e sectores industriais citados anteriormente, é útil realizar a efectos operativos e orientadores dunha política de desenvolvemento, unha clasificación que distinga entre I) as grandes empresas ou grupos industriais: a) os grupos empresariais

autóctonos, b) as empresas públicas do Estado, c) as empresas multinacionais con capital social dominante extraestatal e d) as empresas privadas españolas; e II) empresas pertencentes a sectores especialmente enraizados ou significativos na economía galega.

Por outra parte, a industria galega ten que avanzar aínda máis na diversificación, de maneira que unha política nacionalista debe promover a instalación de III) novos sectores industriais e empresas que atendendo necesidades de consumo internas teñan capacidade para atender mercados máis amplos, pois esta diversificación, especialmente en sectores novos de alta tecnoloxía, constitúe unha das condicións necesarias do incremento da densidade industrial que Galiza precisa.

O desenvolvemento de cada un dos grupos de empresas precisa dunha política de apoio para a consolidación e expansión en Galiza das súas actividades, combinando as medidas horizontais antes descritas, cunha atención específica desde o Goberno e as institucións públicas de promoción industrial.

5.1.3.1 As grandes empresas ou grupos industriais

5.1.3.1.1 Os grupos empresariais autóctonos

Consideranse aquí os grupos empresariais de capital galego con domicilio social en Galiza, que constitúen xa a referencia básica do desenvolvemento da economía galega, contando cunha capacidade de crecemento contrastada competindo nos mercados español, europeo e, en certos casos, mundial.

Nacidos no seo da propia sociedade galega, ben co fundamento de sectores industriais tradicionais, ben como resultado do esforzo de grupos sociais propios, estes grupos empresariais, que abranxen actividades que van desde o téxtil á industria agroalimentaria, desde a industria auxiliar do automóbil á pesca, desde a siderurxia á electrónica, demostran que é posíbel unha economía autocentrada.

A consolidación e o desenvolvemento destes grupos como tais, e a súa consolidación en Galiza ao tempo que se potencia a súa actividade internacional, constitúe unha prioridade da acción dun goberno nacionalista galego.

5.1.3.1.2 As empresas públicas do Estado

Reunense aquí as empresas públicas estatais con plantas en Galiza. Tendo unha grande relevancia na industria galega, e mesmo no conxunto do sector público español, débese destacar neste grupo de empresas a práctica carencia de relacións interindustriais dentro de Galiza, de maneira que apenas aproveitan as posibilidades de creación de industrias suministradoras ou transformadoras. Con independencia das medidas consideradas no seu apartado específico (4.2.3 Política para as empresas públicas estatais) resáltase aquí a necesidade da creación destas relacións interindustriais, acción que constitúe unha das prioridades da política económica nacionalista, que debe ser potenciada desde a propia presenza da Administración autonómica nos consellos de administración das empresas públicas estatais.

No casos de Endesa e Repsol, a política de goberno estará orientada á reinversión en Galiza dos beneficios conseguidos, tendo en conta a acumulación histórica dos mesmos, e á creación no entorno de actividades industriais alternativas. Inespal deber seguir tamén no sector público, desenvolvendo en Galiza os ciclos produtivos que lle corresponden, exixencia tanto máis urxente canto que a empresa consume unha parte fundamental dos recursos enerxéticos galegos. As empresas da construción naval non poden ver restrinxida e obstaculizada a súas actividades, debendo potenciarse a súa presenza e capacidade no mercado da construción de buques. A política industrial nacionalista estará orientada no caso de Astano ao reinicio das súas actividades como construtor de buques, conservando a súa capacidade como fabricante de artefactos para a produción off-shore, e as actividades anexas de Imenosa. No caso de Bazán, o BNG esixirá a derogación do Real Decreto que proíbe o acceso desta empresa ao mercado civil da construción naval, grandes transformacións e reparacións.

5.1.3.1.3 As empresas transnacionais de capital extraestatal

A respecto da presenza do capital transnacional no tecido industrial da economía galega, compre establecermos varias distincións. Primeiro, entre as empresas e factorías que constitúen simples economías de enclave, e aquelas outras que cubren ocos e enxendran efectos multiplicadores no entramado interindustrial do país, singularmente cando están en proceso ou teñen a potencialidade de conformar complexos industriais internamente diversificados -como pode ser o caso da industria do automóbel. Segundo, entre as entradas de capital transnacional que representan simples operacións financeiras dirixidas ao control de

grupos empresariais autóctonos pre-existentes, e aquelas outras que implican investimentos orientados á creación de novas capacidades produtivas na nosa economía.

O Goberno Galego exercerá plenamente o ámbito competencial que o Estatuto lle atribue en política industrial, orientado a acadar unha base produtiva industrial autocentrada na economía do país, e máis o artellamento e densificación das relacións interindustriais internas. Este principio rexerá a política industrial do Goberno Galego a respecto da presenza ou a implantación de empresas e factorías de capital transnacional no espazo económico da nosa Comunidade Autónoma.

5.1.3.1.4 As empresas privadas de ámbito estatal

En relación con este conxunto, a política industrial será análoga á indicada para as empresas transnacionais de capital extraestatal. Con todo, en relación coas empresas eléctricas terá-se en conta a singular relevancia estratéxica do sector no que operan para a política de desenvolvemento do país e, xa que logo, aplicaránse-lle tamén elementos da política deseñada para as empresas públicas estatais, nomeadamente no tocante á diversificación das actividades, ao encadeamento cos ciclos produtivos intersectoriais e ao reinvestimento na economía galega de cuotas determinadas dos seus beneficios.

5.1.3.2 As empresas pertencentes a sectores especialmente enraizados ou significativos na economía galega.

A consolidación e desenvolvemento destes sectores económicos e das súas empresas constitúe un elemento fundamental de toda política industrial galega. Dentro destes sectores deben nacer novos grupos empresariais de certa dimensión, capaces de determinar o crecemento futuro da economía galega. Consideranse sectores relevantes:

5.1.3.2.1 Industrias da pesca e da transformación do peixe

Industrias a consolidar en Galiza e desenvolver na súa presenza exterior desde a base galega, de acordo coa política pesqueira proposta (4.8 Política pesqueira). Con independencia dos grupos empresariais considerados máis arriba, entre os sociedades deste sector existe un grupo de empresas, tanto na conserva como noutras actividades pesqueiras e transformadoras, que é preciso apoiar na súa expansión para consolidarse como -ou converterse en- empresas

determinantes no ámbito europeo ou mundial na súa actividade. En rigor, o eixo da política industrial neste sector debe ir na dirección da configuración dun complexo mar-industrial, nucleado a redor do sector pesqueiro e conectado co sector da construción naval.

5.1.3.2.2 Construción naval

Ademais dos asteiros considerados entre as empresas públicas estatais, os restantes asteiros da construción naval galega constitúen un sector que distingue á industria galega, que a política nacionalista desenvolverá na súa capacidade de produción, na súa tecnoloxía, e na súa acción comercial.

5.1.3.2.3 Agro-industria

Partindo do xa existente e en conexión congruente coa política relativa ao sector agrario, a política industrial neste eido tenderá ao afortalamiento, expansión e diversificación interna dun complexo agrario ou agro-industrial. Mención singular requiren dúas ponlas que xa teñen na actualidade unha dimensión importante:

A) Industria láctea

Sector industrial, que en relación co proposto na política agraria, se considera vital na súa consolidación, expansión ao fio do incremento da produción láctea propugnada, e diversificación cara produtos de alto valor engadido.

B) Industria cárnica

Industria que debe ser modernizada e acrecentada na súa dimensión, sempre en relación coa política agraria proposta para as producións cárnicas. O sector debe desenvolver as súas producións en conserva para atender a mercados lonxanos, tendo por outra parte un campo extraordinario aberto como sumistrador de produtos frescos no mercado portugués.

5.1.3.2.4 Industria da madeira

Ademais da industria do taboleiro considerada dentro dos grandes grupos empresariais,

a indústría do mobel conta cunha base acrecentar e modernizar, que deber ser potenciada mesmo en relación co desenvolvemento de aglomerados industriais especializados en determinadas vilas do interior de Galiza.

5.1.3.2.5 Confección

Indústría na que se apoiará a instalación de sociedades e actividades subsidiarias dentro de Galiza e na súa expansión comercial internacional.

5.1.3.2.6 Indústría auxiliar do automóbil

Indústría a potenciar continuando a súa progresión actual como suministradora desde Galiza das marcas máis relevantes do mercado europeo, e dentro das coordenadas sinaladas en relación co capital transnacional.

5.1.3.2.7 Metalúrxia e mecánica

Neste sector encontrase un grupo heteroxéneo de empresas, que producen desde transformados de aluminio, a envases, produtos metálicos para a construción, vehículos industriais, autocares, forxa, etc. Constitue unha base para desenvolver unha indústría de bens de equipo que a política de goberno nacionalista terá como unha prioridade.

5.1.3.2.8 Rochas ornamentais

Indústría necesitada dunha acción de goberno con perspectivas múltiples. A política a levar adiante nesta indústría debe contemplar a conservación do medio ambiente, profundamente afectado en lugares de explotación de granito e de lousa, facendo esta acción compatible co desenvolvemento desta riqueza mineira, mellorando a tecnoloxía e a capacidade comercial, liberandoa da dependencia de grupos industriais ou comerciais extranxeiros.

5.1.3.2.9 Indústría da cerámica

Tanto no seu aspecto industrial como no máis tradicional ou artesanal esta actividade industrial inscribese nas que gozarán do apoio da política de goberno.

5.1.3.3 A diversificación cara novos sectores e empresas

Un política destinada á potenciación do tecido industrial como elemento clave na modernización da economía galega, precisa ademais do xa considerado un plano destinado á diversificación en novos sectores e empresas. Distingúense aquí dous tipos xenéricos de accións. Por unha parte a acción destinada a incorporación de sectores emerxentes con potencial de desenvolvemento. Por outra parte a implantación de actividades industriais que, non tendo un especial carácter avanzado atenden a amplas necesidades de consumo, especialmente no mercado interno.

5.1.3.3.1 Industrias emerxentes

En relación cos institutos e centros universitarios e co apoio ou o protagonismo das institucións de promoción industrial e financeiras galegas, ou dos grandes grupos empresariais, a política industrial do goberno nacionalista promoverá como unha das súas prioridades a implantación en Galiza de industrias emerxentes referentes a sectores con potencial de desenvolvemento tais como as telecomunicacións, a electrónica, a informática, as actividades de lecer, a biotecnoloxía, etc. A este respecto, favorecerá-se singularmente a creación empresarial por titulados de facultades e escolas técnicas galegas, en coordinación cos institutos e centros de investigación e co apoio ou iniciativa das institucións de promoción industrial e financeiras galegas ou mesmo dos grandes grupos empresariais.

5.1.3.3.2 Actividades industriais de mercado interno ou de amplo consumo

A política industrial nacionalista favorecerá igualmente a creación ou expansión de actividades que atendan ao mercado interno, complementado coa apertura ao mercado portugués, e que constitúan potencialmente activades exportadoras, aínda non tendo un ingrediente relevante de progreso tecnolóxico nen de utilización de recursos naturais propios constitúen un segmento relevante da estrutura do sector secundario dos países desenvolvidos: produtos alimenticios diversos, produtos químicos de consumo, artigos de papel, artes gráficas, bens de consumo para as actividades educativas, enxoval ou conxunto de obxectos domésticos, xogos infantís, material de deporte, etc.

5.1.3.4 A industria das telecomunicacións

5.1.3.4.1 Criterios básicos

A economía das telecomunicacións constitúe un sector decisivo, afectando hoxe desde múltiples perspectivas ao desenvolvemento económico e social. As actividades relacionadas coas telecomunicacións poñen especialmente en cuestión a división clásica en tres sectores das actividades económicas, ao incorporaren de xeito inseparábel actividades industriais, informativas, educativas, de lecer, culturais, políticas, etc. O propio autogoberno galego está condicionado polo futuro dese sector económico.

Como industria que incorpora os caracteres máis avanzados da tecnoloxía non pode estar ausente sen graves consecuencias da estrutura económica de Galiza. O seu desenvolvemento é necesario non só como vía de modernización das actividades do sector industrial, senón tamén como unha das actividades de maior potencial de crecemento, de maneira que no próximo futuro absorberá boa parte das novas actividades industriais en todas as economías.

A industria das telecomunicacións, por outra parte, constituirá un obxectivo preferente para os grandes grupos económicos nun proceso no que non pode estar ausente unha nación como Galiza que aspira a contar co maior grao posíbel de autonomía ou independencia na economía europea á que foi incorporada.

Por fin, a industria das telecomunicacións constitúe, a través da súa función como instrumento de información colectiva e de difusión cultural un elemento clave para a conservación e desenvolvemento da lingua galega e para a comunicación exterior da sociedade galega, como parte da sociedade mundial.

O carácter destas actividades e a influencia crucial que teñen na hexemonía política, económica e cultural explica que boa parte das propias contradicións políticas que se producen hoxe no Estado español se refiran ao control desta economía vital. As decisións tomadas en relación coas telecomunicacións teñen unha importancia singular, pois inciden na formación dos sectores económicos e industriais decisivos no futuro, xogándose nisto tanto a distribución dos novos poderes empresariais e financeiros e o desenvolvemento económico, como o poder político dos distintos territorios e nacións do Estado. Así, os grupos financeiros e enerxéticos, por unha parte, e os directamente implicados na comunicación por outra, están tomando posicións que condicionarán o desenvolvemento futuro da economía estatal, e da galega.

Esta realidade, e as tomas de posición dos grandes grupos económicos, combinando a privatización de sociedades públicas como Telefónica ou Retevisión, coa realización de grandes investimentos, como os previstos para a implantación do seundo operador telefónico ou da televisión po cabo e da televisión dixital, obrigará ao próximo Goberno galego a aprobar unha estratexia decidida de presenza na economía das telecomunicacións.

5.1.3.4.2 Medidas de goberno

As medidas programáticas na economía das telecomunicacións atenderán consecuentemente ás seguintes cuestións:

1. Desenvolvemento dun Plano de Desenvolvemento a dez anos das actividades industriais e de servizos relacionadas coas telecomunicacións, coa participación activa da Administración Autónoma e as institucións de promoción industrial, en colaboración co sector privado e mediante no preciso sociedades públicas, implicando directamente ás institucións educativas, en especial ás Escolas Técnicas Superiores galegas.
2. Criación ou promoción pola Administración Autónoma da todas as institucións e sociedades precisas para a participación de Galiza coa súa lingua nacional nos medios de telecomunicación, especialmente na televisión por satélite de transmisión dixital e na televisión por cabo.
3. Criación de novas canles da Televisión de Galiza.
4. Negociación, tomando as decisións políticas precisas, para a recepción en lingua galega de programas transmitidos desde o exterior de Galiza.
5. Participación de Galiza nas institucións e sociedades de transmisión telefónica.
6. Posta en marcha das medidas precisas para a completa recepción recíproca das transmisións por televisión entre Galiza e Portugal, na lingua galaico-portuguesa.

5.2 POLITICA AGRÁRIA E DE DESENVOLVEMENTO RURAL

5.2.1 Introducción. Criterios básicos

1. Ao longo dos últimos 10 anos a agricultura galega viu modificado de forma sustancial o seu marco de funcionamento, como consecuencia de tres procesos: a integración na Comunidade Europea, as sucesivas reformas da Política Agraria Común (PAC), e

finalmente a liberalización do comercio internacional de produtos agrários derivada dos acordos da Ronda Urugui do GATT. Estes tres procesos configuraron un contexto en xeral desfavorábel para o desenvolvemento do sector, por varias razóns: a situación dos mercados agrários a nivel europeo, as características da PAC e o contido das súas sucesivas reformas; e a forma concreta na que os mecanismos desta política foron aplicados en Galiza, claramente discriminatória en moitos casos.

Ilustracións do anterior son, por exemplo:

- A política de cuotas no sector lácteo. O problema que supuxo inicialmente a implantación deste sistema viu-se agravado no noso caso pola cuantía da cuota aceptada polo Estado español (mui inferior ao consumo interno), e máis recentemente pola territorialización "de facto" do rexime de cuotas que se estableceu dentro do Estado.
- A medida mui escasa na que o agro galego se veu beneficiando até agora dos fondos comunitarios, contrariamente á visión extendida que presenta á nosa agricultura como un sector altamente subsidiado. Abundan neste sentido un par de datos: na actualidade as subvencións procedentes do FEOGA aportan en Galiza menos do 10% da renda agrária, cando no conxunto do Estado esta proporción supera o 25%, e nalgúns Comunidades Autónomas está próxima ao 50%; por outro lado, as axudas totais do FEOGA no noso país limitában-se no ano 1995 a unhas 85.000 pesetas por ocupado agrario, cando a media española era dunhas 700.000 pts (8 veces máis) e no conxunto da Unión Europea superaba as 850.000 pts (10 veces máis que a cifra galega).

En suma, pois, nestes anos o sector agrario galego houbo de enfrentar-se a un entorno cada vez máis aberto e competitivo, e cunhas "reglas de xogo" pouco favorables. E todo isto partindo dunhas fortes deficiencias nas estruturas produtivas.

Nesas condicións, resulta digna de salientar a capacidade de resposta amostrada polo sector. Por un lado, mediante a mobilización para a defensa dos seus intereses, proceso no que o nacionalismo, e particularmente o BNG, xogou un papel de primeira orde. E polo outro, ao través do forte dinamismo económico e o esforzo de transformación das condicións produtivas levado a cabo por importantes segmentos de explotacións.

Os resultados deses esforzos teñen-se visto, sen embargo, mui limitados pola caréncia dun respaldo institucional adecuado, tanto por parte do Estado como do Goberno Autonómico.

Isto manifesta-se na ausencia dunha defensa activa dos nosos intereses nos foros europeos e estatais. Pero tamén na incapacidade da Xunta de Galiza para articular unha verdadeira política de reforma das estruturas agrárias, a pesar das competencias das que dispón neste ámbito.

Como consecuencia diso, o balance que pode facer-se sobre a dinámica do sector na última década (aínda recoñecendo a existencia de fenómenos positivos) é en termos globais claramente desfavorábel. En concreto, tres son os feitos a destacar:

- No período transcorrido desde a integración comunitaria o volumen da Producción Final Agraria experimentou unha nítida redución, acompañando-se isto dunha forte contracción da renda global do sector.
 - Simultaneamente, mantiveron-se as deficiencias estruturais básicas, no que respecta sobre todo á base territorial das explotacións e os usos da terra.
 - Iso fixo que, a pesar de reducir-se á metade a mao de obra agraria e do esforzo inversor efectuado polos que permanecen no campo, a produtividade do traballo e a renda por traballador sigan sendo actualmente no noso agro moi baixos: tan só 1/3 aproximadamente da media española, e pouco máis de 1/4 da media da Unión Europea.
2. Nos próximos anos a progresiva posta en práctica dos acordos da Ronda Uruguai do GATT vai orixinar un novo incremento da competencia (tanto intra como extra-comunitaria) para o noso sector agrario. Sendo tamén previsíbel que se plantexen novas reformas da PAC para diversos subsectores ou produtos.
3. Tendo en conta o anterior, a política agraria que o BNG se propón levar a cabo desde o Goberno galego na próxima legislatura estruturarase inicialmente en torno a dúas grandes prioridades:
- A defensa activa dos intereses do noso agro perante os diversos foros ou instancias con incidencia no sector (Organización Mundial de Comercio, Unión Europea, Estado español). Utilizando para isto as vías institucionais e políticas existentes, e reivindicando reformas neste ámbito (en especial un maior protagonismo das Institucións Galegas na definición e aplicación da PAC).
 - A mellora das estruturas produtivas, co fin de consolidar o noso sector agrario nun marco cada vez máis aberto e competitivo, e facer así posíbel un incremento sostido do nivel de vida dos agricultores.

4. Esas liñas de actuación insertarán-se nunha estratexia produtiva para o sector inspirada en tres grandes principios:
 - O desenvolvemento das producións básicas do noso agro (frente a todo intento de limitación), apoiando iso na mobilización produtiva dos recursos propios (en especial a terra). Trata-se, por tanto, de aproveitar as nosas vantaxes comparativas, cunha actuación diferenciada e selectiva a nivel comarcal.
 - A busca ao mesmo tempo dunha certa diversificación produtiva, que fuxa dos perigos do monocultivo.
 - A necesidade de facer compatíbel as transformacións estruturais e a mellora da eficacia produtiva do sector coa conservación e respecto do medio ambiente.
5. Un dos fenómenos máis preocupantes aos que asistimos durante os anos recentes no noso país é o acelerado proceso de despoboamento de amplas zonas rurais, co risco conseguinte de desertización demográfica e degradación dos recursos naturais. Neste sentido, o BNG considera que a primeira vía para frenar ese proceso é o aproveitamento do potencial agrario co que contan as diversas comarcas. Pero isto deberá complementar-se con outras accións que contribúan ao desenvolvemento e a mellora das condicións de vida nas áreas rurais: impulso doutras actividades e investimentos en infraestruturas.
6. O elevado envellecimento que presenta actualmente en Galiza a mao de obra agraria vai facer que o seu volume siga diminuindo a un notábel ritmo nos próximos anos, por razóns puramente vexetativas. Isto, unido ás elevadas cifras de desemprego, fai que sexa urxente estimular o mantemento no campo da poboación nova, mellorando ao mesmo tempo a súa cualificación profesional. Nunha perspectiva máis global, o BNG considera prioritaria a xeración de emprego nas áreas rurais (ben sexa na agricultura ou noutras actividades). Como vía para contribuir á mellora do mercado de traballo, ao mesmo tempo que se fomenta un desenvolvemento máis equilibrado no plano territorial.
7. Na situación actual de pouco sirve a mellora da base produtiva agraria, se esta non vai acompañada do desenvolvemento dunha sólida industria transformadora e das canles de comercialización adecuadas. Neste aspecto, o BNG pronuncia-se por unha decidida actuación do Goberno galego no ámbito da comercialización e transformación dos produtos agrarios; tanto a través de medidas indirectas como da intervención directa, mediante empresas públicas ou semipúblicas, nos casos en que sexa necesario.

Como plasmación deses criterios básicos, establecen-se as seguintes medidas fundamentais do Programa de Goberno:

5.2.2 MEDIDAS DE CARÁCTER XERAL

5.2.2.1 Accións en relación co marco europeo e estatal

5.2.2.1.1 Participación nos foros de decisión comunitarios

1. O proceso de integración europea implicou unha importante cesión de competencias en materia agraria, tanto da Administración Central como das Comunidades Autónomas, aos órganos comunitarios. Esa cesión de competencias non foi acompañada até agora, sen embargo, do establecemento dos cauces precisos para que as Comunidades Autónomas participen na definición das políticas europeas. O que no caso galego ten orixinado frecuentemente unha situación de indefensión e a adopción de medidas claramente perxudiciais. Para evitar iso, o BNG considera imprescindible a participación directa do Goberno galego nos foros comunitarios, en todas aquelas negociacións que afecten ao noso agro. Polo que reivindicará do Estado o establecemento dos mecanismos que fagan posible esa participación. Isto non só debe constituir unha valiosa ferramenta para unha mellor defensa do noso sector agrario, senón que representa un dereito político que ha de ser recoñecido como tal.
2. Xunto a esa apertura dos procesos de decisión europeos á participación das institucións autonómicas, o BNG entende que deben articular-se mecanismos que permitan adaptar as medidas da PAC ás especificidades e necesidades do noso agro. Correxindo así a situación actual, na que o Goberno galego se limita basicamente a xestionar programas definidos a nivel europeo e/ou estatal, pouco adecuados en moitos casos á nosa realidade.

5.2.2.1.2 Desenvolvemento competencial no ámbito do Estado

1. O proceso de transferencias desde a Administración Central fixo que nos últimos anos a Xunta de Galiza fora asumindo un papel crecente na xestión da política agraria. Pero subsisten grandes obstáculos para o exercicio efectivo das competencias xa transferidas. E mesmo asistimos en certos casos a unha situación paradóxica: como consecuencia da integración europea, a Administración Central, ao través da súa participación na definición e aplicación da PAC, ten recuperado parcialmente ámbitos de decisión propios da Comunidade Autónoma.

2. Neste aspecto, e como criterio xeral, o BNG considera que debe articular-se un modelo de funcionamento en materia agraria a nivel estatal no que a Comunidade Autonoma Galega asuma o protagonismo que lle corresponde. En particular, entendemos como prioritarios os seguintes puntos:
 - A asuncion dunha maior capacidade non so para xestionar senon tamén para definir a aplicacion das politicas europeas.
 - O exercicio pleno das competencias reconecidas no Estatuto de Autonomia.
 - A adaptacion do marco institucional a ese esquema competencial.

5.2.2.1.3 Reforma da PAC

1. Para o BNG o actual modelo da PAC é profundamente insatisfactorio nunha perspectiva europea e pouco adaptado ás necesidades da agricultura galega, principalmente por dous motivos:
 - O progresivo abandono do obxectivo de modernizacion das estruturas agrarias, e a tendencia a conxelar o mapa produtivo a escala europea.
 - O esquema de proteccion desta politica, que, aínda despois das últimas reformas, continúa estando en relación directa aos volumes de producion. Isto leva a que a distribucion dos fondos do FEOGA sexa claramente regresiva desde o punto de vista social: ao igual que sucedia na PAC "clásica", o 80% do orzamento agrario comunitario sigue concentrando-se hoxe no 20% das explotacións (as de maior dimensión). Facendo que as axudas beneficien principalmente aos países con agriculturas máis desenvolvidas, en perxuizo das áreas periféricas.
2. En consecuencia, a nosa organizacion traballará, desde todas as instancias nas que participe, en favor dunha reforma da PAC orientada en dúas liñas:
 - A reducion dos desequilibrios existentes na agricultura comunitaria; posibilitando en concreto que as áreas periféricas, como Galiza, podan desenvolver a súa capacidade produtiva naqueles subsectores nos que teñen vantaxes comparativas a medio prazo.
 - A distribucion máis equitativa, e con criterios de progresividade social, dos fondos do FEOGA. Establecendo para isto unha modulacion do apoio (ben sexa sostenimento de prezos ou axudas directas) en funcion do nivel de renda das explotacións.
3. De forma complementaria, e a máis curto prazo, o BNG tratará de lograr (dos órganos da Unión Europea e do Estado) un tratamento especial para o agro galego naqueles produtos

máis relevantes (en especial as producións bovinas), atendendo á singularidade da noso sector agrario e á ausencia de alternativas a estas producións.

4. Con carácter inmediato levaremos a cabo unha firme actividade e presión en favor das seguintes medidas:
 - A ampliación da cuota láctea que corresponde a Galiza. Reclamando que a nosa produción non sexa limitada ao menos até que o Estado español alcance o autoabastecimento neste sector.
 - A modificación do sistema de primas no sector de bovino de carne (reducindo, sobre todo, a idade fixada para o cobro da prima dos becerros).
 - O incremento do número de cabezas que poden ser obxecto de prima tanto no sector anterior como no de ovino e caprino.
 - A creación dunha Organización Común de Mercado para a pataca, que estableza mecanismos de estabilización dos prezos e de sostenimento das rendas dos produtores.
 - A modificación da normativa comunitaria e estatal que regula as indemnizacións compensatorias de montaña e zonas desfavorecidas.

5.2.2.1.4 Política de reforma das estruturas agrarias

As fortes deficiencias estruturais que persisten na agricultura galega, unido ao contexto de crecente competencia exterior no que esta deberá mover-se no futuro, fan urxente a adopción dunha enérxica política de reforma das estruturas agrarias que rompa coa pasividade que veu mantendo neste ámbito a Xunta de Galiza.

Esta política articulará-se a través de reformas legislativas e medidas executivas, facendo uso das competencias das que dispón a Comunidade Autónoma Galega. Ademais, fará-se un esforzo por aproveitar os programas existentes a nivel comunitario e estatal, adaptando-os ás necesidades do noso agro.

O BNG considera esencial pactar esta política cos sindicatos agrarios, co fin de que estes se convirtan nos verdadeiros impulsores e animadores das mudanzas estruturais, e incrementar así a eficacia das medidas.

A política de reforma de estruturas centrará-se en catro liñas de actuación: mobilización produtiva da terra, ampliación da base territorial das explotacións, concentración parcelaria e axudas á modernización das explotacións.

A) ordenación dos usos do solo e de mobilización produtiva da terra

A transformación estrutural do agro galego ha de ter como primeiro elemento fundamental a mobilización produtiva das superficies hoxe abandonadas ou infrautilizadas, e un uso máis racional da terra. Con este fin, o BNG impulsará as seguintes actuacións:

1. Elaboración dun Programa de Ordenación dos Usos da Terra, articulado a través de planos de ordenación comarcais. Nestes planos, atendendo ás aptitudes produtivas dos solos e as condicións socioeconómicas de cada comarca, establecerán-se os usos máis adecuados para as distintas superficies, diferenciando en especial: as terras urbanizábeis, as de aptitude forestal e as que deben dedicar-se a usos agrícola-gandeiros.
2. Ese Programa de Ordenación dos Usos da Terra constituirá a base de todas as medidas aplicadas neste ámbito, entre as que se incluírán:
 - Un control riguroso da dedicación a usos urbanos de terras agrárias. Elaborando con este fin unha normativa xeral para todo o territorio galego, e vixiando a súa aplicación polos concellos.
 - O impulso da roturación e transformación en pastos das superficies de monte aptas para este uso, co fin de incrementar a base forraxeira das explotacións e reducir as importacións de alimentos para o gando.
 - A regulación das novas plantacións forestais, impedindo a forestación de terras de elevado potencial agrario. Nesta liña reformarán-se as axudas hoxe existentes á forestación de terras, eliminando todo apoio público á plantación de superficies de aptitude agraria.
 - O fomento da reforestación das terras de aptitude forestal actualmente abandonadas ou infrautilizadas. Establecendo unha adecuada selección das especies, e buscando un equilibrio entre a función produtiva e a protectora do monte.

B) Medidas dirixidas a incrementar o tamaño das explotacións

A intensa redución que experimentou nas últimas décadas a poboación ocupada na agricultura galega non se traduciu até agora nun proceso significativo de redimensionamento das explotacións, senón que levou principalmente ao abandono ou subutilización de crecentes extensións de terreo. Dado que a diminución da mao de obra agraria vai continuar, ese problema ameaza con agravar-se no futuro. Urxe, pois, a adopción de medidas que impulsen a

movilidade das terras liberadas, e faciliten así que as explotacións supervivintes podan ampliar a súa superficie.

Neste aspecto o BNG propugna as seguintes accións:

1. Potenciación da política de xubilación anticipada dos agricultores, reforzando a súa vinculación coa venda ou cesión das terras a outras explotacións.
2. Penalización, ao través de medidas fiscais, do mantemento de superficies abandonadas ou manifestamente infrautilizadas; co fin de estimular: ben sexa a súa posta en produción polo actual propietario, ou a súa venda ou cesión a agricultores en activo. Os propietarios quedarán exentos desa penalización no caso de poñer as superficies a disposición do "Banco de Terras de Galiza" (para a busca de comprador ou arrendatario).
3. Criación, mediante a oportuna Lei do Parlamento Galego, do Banco de Terras de Galiza, organismo público que terá como funcións esenciais:
 - Xestionar a venda ou arrendamento das superficies liberadas como consecuencia da xubilación anticipada de agricultores.
 - A mesma actuación (busca de comprador ou arrendatario) para todas as terras que sexan postas voluntariamente á súa disposición por calquer propietario.
 - Todas as operacións de compra-venda de terras rústicas deberán ser comunicadas a este organismo, que gozará do dereito de tanteo e retracto. As superficies adquiridas como consecuencia do exercicio deste dereito serán despois vendidas ou arrendadas a agricultores en activo.
4. Impulso do arrendamento como vía de mobilidade da terra. Con este fin, estudarán-se as posíbeis reformas da lexislación, para adaptar esta ás necesidades actuais do agro galego. E establecerán-se axudas económicas tanto para os agricultores como para os propietarios que acepten un arrendamento a longo prazo (potenciando e complementando as axudas previstas pola lexislación estatal, na "Ley de Modernización de las Explotaciones Agrarias" e no RD 204/1996).

C) Concentración parcelaria

A maior parte do territorio galego segue presentando actualmente unha acusada fragmentación parcelaria, acompañada en moitos casos duns deficientes accesos ás fincas. Feitos ambos que dificultan a mellora produtiva das explotacións e favorecen o abandono das terras. En consecuencia, a concentración parcelaria debe continuar sendo en Galiza un dos eixos básicos da política de reforma de estruturas agrarias.

Non obstante, a forma concreta na que a política de concentración parcelárea se veu aplicando nos últimos anos presenta graves limitacións e deficiencias, que teñen a súa orixen en dous tipos de factores:

- O inmovilismo do marco legal, plasmado no contido da Lei de Concentración Parcelárea de 1985.
- O pobre aproveitamento das posibilidades ofrecidas por ese marco legal, cando non o incumplimento flagrante ou terxiversación dos obxectivos e preceptos ahí establecidos. Ao que hai que unir a falta de planificación, e a aplicación de criterios político-clientelares, á hora de determinar as zonas de actuación.

Iso dá lugar a unhas grandes eivas nesta política e os seus resultados, especialmente graves se temos en conta o seu elevado custo. Creando en definitiva a sensación de despilfarro duns fondos públicos limitados, que poderían contribuir en moita maior medida ao desenvolvemento agrario do país.

Tendo en conta o anterior, o BNG adoptará neste tema as seguintes medidas:

Promover a aprobación polo Parlamento Galego da **Lei de Concentración Parcelárea e Reordenación de Explotacións Agrarias**, en substitución da Lei de Concentración Parcelárea hoxe vixente. Esta nova norma legal terá como liñas básicas:

1. A incardinación da concentración parcelárea dentro dunha actuación máis global nas zonas afectadas, dirixida a: reformar en profundidade a base territorial das explotacións; mobilizar produtivamente a terra e ordenar os usos do solo; e impulsar outros investimentos que contribúan a lograr explotacións economicamente viábeis. Co fin de alcanzar eses obxectivos, establecerán-se entre outras as seguintes disposicións:
 - Estudo socio-económico previo da comarca que asegure a viabilidade das explotacións que resulten da concentración e o seu desenvolvemento socio-económico.
 - Elaboración para cada zona dun "plano de reordenación das explotacións e os usos do solo", que servirá de guía para todas as accións a aplicar.
 - A actuación prioritaria nestas zonas dos instrumentos e programas dirixidos ao redimensionamento das explotacións antes citados: Banco de Terras, política de xubilación anticipada, etc.

- A obriga para os propietarios de poñer en produción as terras dacordo coas directrices do "plano de reordenación das explotacións e os usos do solo"; comprometendo-se en caso contrario a poñer-las a disposición do Banco de Terras de Galiza, que xestionará a súa venda ou arrendamento a agricultores en activo.
 - A priorización destas zonas nas axudas á modernización das explotacións.
2. A compatibilización entre a mellora produtiva e o respecto do medio ambiente e o patrimonio cultural.
 3. O aumento da transparencia e a participación dos afectados (propietarios e agricultores da zona) en todo o proceso.
 4. O fomento das concentracións de carácter privado.
 5. Elaborar "programas operativos" cuatrienais, nos que se fixe o volume das actuacións e a súa distribución xeográfica. Estes programas partirán da realización de estudos previos rigurosos, priorizando as zonas de clara vocación e elevado potencial agrario.
 6. Dado o elevado número de zonas que se encontran actualmente en execución (dacordo coa normativa existente até agora), a prioridade inmediata será a actuación nas mesmas tentando mellorar o resultado final. Neste sentido, a substitución da Lei de Concentración Parcelaria contemplará a realización de accións correctoras, en función da fase na que están os traballos e das características das zonas.
 7. En colaboración con outras consellerías desenvolverán-se políticas de promoción, apoio e potenciación da comercialización dos produtos derivados das terras concentradas.

D) Axudas á modernización das explotacións

1. Para acelerar as transformacións produtivas no sector agrario fai-se necesario potenciar as axudas á modernización das explotacións, mellorando ao mesmo tempo a súa eficacia mediante unha priorización dos investimentos que hoxe non existe. Neste sentido, as medidas que o BNG se propón adoptar irán en dúas direccións:
 - Unha maior dotación nos orzamentos da Comunidade Autónoma, que permita mobilizar os fondos comunitarios e estatais dispoñíbeis para este fin e potenciar os programas propios da Xunta de Galiza.
 - A elaboración dunha normativa autonómica que non sexa unha mera aplicación mimética dos programas europeos e estatais, senón que: adapte as accións comúns de ámbito comunitario e a lexislación estatal ("Ley de Modernización" e RD 204/1996) á situación e necesidades do noso agro; e complementa iso co reforzamento das medidas propias da Comunidade Autónoma. Nesta normativa establecerá-se unha priorización

das axudas nunha triple perspectiva: territorial, por tipos de explotacións, e por tipos de investimentos. Aumentando tamén o control sobre o seu destino e uso efectivo.

2. Nun plano máis xeral promoverá-se a mellora do financiamento das actividades agrárias, co fin de facilitar a capitalización e o incremento da rentabilidade das explotacións. Para isto impulsarán-se os convénios coas Caixas de Aforros e Bancos, dirixidos a configurar un sistema de financiamento especial dos investimentos produtivos no sector agrário.

5.2.2.1.5 Política de desenvolvemento rural

1. As accións en materia agrária estarán incardinadas dentro dunha política global de desenvolvemento rural, que terá como liñas básicas:
 - A dotación de infraestruturas e servizos comunitarios, co fin de mellorar tanto a competitividade das actividades económicas realizadas nestas áreas como a calidade de vida dos seus habitantes.
 - O impulso da diversificación das actividades económicas (fomento de actividades non agrárias), poñendo o acento naquelas que permitan valorizar recursos da zona e xeren empregos regulares e estábeis.
2. Con ese fin serán elaborados en concreto programas que permitan aproveitar ao máximo as posibilidades de financiamento que ofrecen neste campo os diversos fondos estruturais comunitarios (FEDER, FSE e FEOGA-Orientación), partindo dos seguintes criterios:
 - Priorización do tipo concreto de investimentos a realizar, tanto en infraestruturas como no fomento de actividades non agrárias, tendo como obxectivo a creación dunha base económica máis sólida para as áreas rurais (non o mero subsidio).
 - Transparencia na aplicación e xestión destes programas, co fin de aumentar a súa eficacia e que estes contribúan realmente á mellora das condicións de vida dos habitantes do medio rural. Frente aos criterios político-clientelares que en gran medida veu utilizando a Xunta de Galiza en programas como os LEADER.

5.2.2.1.6 Investigación e extensión agrária

Unha primeira análise das institucións e proxectos de investigación existentes en Galiza podería facer pensar que a situación da investigación agrária é positiva. Pero a realidade demostra a presenza dunha serie de eivas, crónicas algunhas delas máis outras aparecidas recentemente, que alonxan o resultado da labor investigadora dos obxectivos que debería cumprir. Neste sentido,

a reforma da Administración Pública galega constituiu, polo que se refire ao sistema seguido na provisión dos postos de traballo, unha auténtica carga de profundidade no sistema investigador.

En conxunto, a política de investigación agrária, concebida como un instrumento de política agrária xeral, parece non existir na práctica, probabelmente como reflexo da inexistencia desta. Ao que hai que unir que o Servizo de Extensión Agrária, conceptualmente vencellado coa investigación nos mecanismos de difusión e adopción das innovacións tecnolóxicas, atopa-se hoxe sometido a un proceso de deterioro da súa labor orixinal.

Co fin de corrixir a situación exposta, aplicarán-se as seguintes medidas:

- En materia de persoal. Elaboración dun Estatuto do Investigador, que recoñeza a súa especificidade e recolla o sistema de provisión de postos de traballo, ascensos e sistema de remuneración, diferenciando os postos de carácter administrativo dos de carácter investigador. Dotación de persoal suficiente para cubrir as liñas de traballo encomendadas.
- Recursos materiais: fomentar a captación de recursos a través da presentación de proxectos de investigación a entidades financiadoras, tanto públicas (C.A. galega, Estado, UE) como privadas.
- Órganos de avaliación e control: creación dun órgano superior de coordinación e avaliación da investigación agrária galega, no que estean representados os axentes sociais afectados pola mesma.
- Liñas de investigación: revisión das liñas actuais de traballo e priorización das mesmas, en función das necesidades reais do sector e os recursos dispoñíbeis.
- Transferencia tecnolóxica e divulgación: recuperación e potenciación das actividades do Servizo de Extensión Agrária nos campos da formación permanente de agricultores, asesoramento a explotacións e divulgación das innovacións xeradas pola investigación.

5.2.2.1.7 Capacitación agrária

A agricultura galega fundamentada basicamente na explotación familiar onde a maioría dos agricultores do mañá van selo por herdanza, debe ter como obxectivo principal a capacitación dos mozos, para que cando se produza o relevo xeneracional, o herdeiro esté capacitado, para poder afrontar con éxito o reto que lle impón unha agricultura cada vez máis tecnificada e competitiva.

Galiza conta cunha elevada cifra de explotacións agrarias nos distintos sectores produtivos: gandería, horta-flor, viña, monte, etc., que teñen capacidade para absorber máis de obra e ofrecer ós seus empresarios condicións de vida equiparables á doutros sectores. Calcúlase en máis de 3.000 postos ó ano a taxa de renovación de novos agricultores que precisan da información, formación e capacitación para a súa incorporación á empresa agraria.

Para desenrolar a capacitación agraria tanto dos labregos/as como a formación profesional dos mozos/as, existen na actualidade dous tipos de ensinanzas diferenciadas: as ensinanzas regradas e as ensinanzas ocupacionais ou de formación continua. As primeiras están a sufrir un cambio sustancial coa aplicación da LOGSE, non só no referente os contidos temáticos senón tamén na metodoloxía a empregar no seu desenvolvemento didáctico.

Na actualidade este tipo de ensinanzas é impartida en Centros ou Escolas Públicas, dependentes da Consellaría de Agricultura, Gandería e Montes (6 Centros que contan coa base territorial para desenvolver as actividades dos sistemas de produción das distintas orientacións produtivas : Agro-gandeiras-forestais) e de Centros dependentes da Consellaría de Educación e Ordenación Universitaria (7 Centros dos que 4 carecen de base territorial.). Tamén existen 3 centros privados, concertados coa Consellaría de Educación; Escolas Familiares Agrarias (E.F.A.) dependentes dunha organización única: "Instituto de Desarrollo " (IDC).

As ensinanzas ocupacionais son financiadas pola Consellaría de Familia, Muller e Xuventude, que subvenciona distintos tipos de cursos e que son impartidos por infinidade de institucións: Concellos, OPAS, Organizacións Empresariais, etc. así como por Centros Públicos dependentes da Consellaría de Agricultura - Subdirección de Extensión e Capacitación Agraria.

A carencia de homoxenidade nos programas dos distintos tipos de cursos, así como da falta de avaliación do proceso formativo e do control do custo orzamentario, levou a un total desprestixio da maioría deste tipo de ensinanzas diante dos seus destinatarios, labregos/as e sociedade en xeral; que non entenden que se podan despilfarrar tantos cartos con tanta inutilidade, debido a falta de adaptación do contido da situación real do mundo agro-rural.

Ante esta situación o BNG levará a cabo unha profunda reforma no sistema de **capacitación agraria**, baseada nos seguintes **critérios básicos**:

Se queremos que un proceso formativo teña futuro deberá dar resposta ás necesidades das persoas ás que vai dirixido e ter en conta o medio donde proveñen e no que terán que exercer-la súa profesión. Polo tanto o modelo de capacitación deberá:

1. Ser concordante i estar axustado ó medio socio-económico e cultural do noso mundo rural, para que sendo coñecido para os xóvenes, sexa asumido é a formación recibida poda ser aplicada a un modelo de desrolo próprio, pois, en definitiva serán eles os suxetos do seu próprio desenvolvemento.
2. Deberá, ofertarse e dar respostas ó conxunto dos individuos que integran a explotación familiar, dacordo cos roles actuais e futuros, que nela desempeñan ou podan desempeñar.

Que os agricultores/as coñezan os factores limitantes para cada orientación produtiva, segundo os recursos fixos dispoñibles, coñezan e apliquen as técnicas correctas ara mellora-lo sistema produtivo, sen perderde vista a mellora xeral das rendas familiares debe se-lo obxectivo final da capacitación agrária.

Para iso o modelo de capacitación agraria deberá basarse na análise concreta da *situación actual, na que se atopan as explotacións familiares de cada subsector produtivo*, e propor obxectivos a corto, medio e longo prazo que permitan mellora-las condicións de renda e con iso a calidade de vida das familias agrarias.

Para acadar estos obxectivos, o "grupo familiar" terá que realizar cambios no seu sistema de produción e para que estos sexan o máis correctos posibles deben estar baseados en decisións acertadas. Estas decisións requiren pasar da rutina á profesionalización, xa que a actividade agraria cada día atópase diante dunha série de problemas de novo cuño (Reformas da Política Agraria Común, Acordo Xeral de Tasas e Aranceis -GATT-, tipificación dos produtos, novos xeitos de comercialización e de mercado, diversificación da actividade socio-económica rural -onde a produción agrária non é a única actividade económica xeneradora de rendas-, etc,...)que requiren unha información, formación e capacitación permanente dos compoñentes das familias agrarias.

Tamén deberá dar resposta ós cambios tecnolóxicos de gran transcendencia que se deron no mundo agrario e sen parangón en casí ningún outro sector produtivo, establecendo unha coordinación efectiva entre a investigación, a capacitación e a extensión agrária.

Medidas de goberno

Levará-se a cabo a reforma administrativa necesaria que faga posíbel que a capacitación agrária ocupacional dependa dun único orgao administrativo, responsábel da programación e da execución-avaliación das tarefas formativas, rematando coa actual dispersión que obedece ao reparto das competencias entre varias consellarias. Para acadar este obxectivo o BNG creará no seo da Consellaría de Agricultura un servizo específico de Capacitación Agrária.

5.2.2.1.8 Comercialización e indústrias agroalimentarias

1. No ámbito da comercialización dos produtos agrarios a política do BNG xirará en torno aos seguintes eixos ou directrices:

- Potenciación das marcas de calidade (Denominacións de Orixe, Denominacións de Calidade) en especial nos sectores lácteo (queixos), carne de bovino, ovino-caprino, hortofruticultura, viño, pataca e madeira. Asegurando ao mesmo tempo a presenza nos seus órganos rectores de todos os colectivos implicados, e reforzando as medidas de control sanitario e anti-fraude.
- Impulso das cooperativas de comercialización, que deben constituir unha peza básica da vertebración económica e social do noso sector agrario, e contribuir simultaneamente a unha mellor articulación e un reequilíbrio da cadea agroalimentaria. Para que cumpran esa función, así como a de buscar novos mercados para os nosos produtos e consolidar os actuais, fomentará-se a integración cooperativa, que supere o minifundismo actual neste campo e permita a consolidación de proxectos viábeis economicamente.
- Fomento da creación de Interprofesionais de ámbito galego para os diversos produtos, co fin de introducir transparencia e mecanismos de garantía nas relacións entre os sectores produtor e transformador (contratos homologados, garantía de cobro, etc.).
- Estímulo das liñas de comercialización agresivas que permitan a penetración dos nosos produtos en mercados foráneos, mediante tres tipos de medidas: axudas á loxística de distribución, creación de consorcios con participación pública e das empresas privadas de cada sector, apoio ás promocións temporais de produtos.
- Elaboración de programas específicos de comercialización para os produtos da agricultura e gandería tradicional.

2. As indústrias agroalimentarias han de xogar un papel estratéxico no desenvolvemento económico de Galiza, tanto polo seu propio peso como porque delas depende en boa medida a viabilidade e posibilidades de crecemento do propio sector agrario. Partindo diso, as medidas que aplicará neste campo o BNG estarán presididas polos seguintes criterios:
- Apoio aos grupos industriais actualmente instalados en Galiza e ás novas iniciativas, primando aqueles de capital galego e/ou que teñan aquí centralizada a súa toma de decisións. Nas axudas priorizarán-se aquelas destinadas á renovación de equipos e maquinaria obsoletos, e ao desenvolvemento de liñas de fabricación de produtos de elevado valor engadido.
 - Fomento da participación dos agricultores e gandeiros na industrialización dos seus produtos mediante empresas cooperativas (ou con presenza de cooperativas), pero condicionando todo apoio público á viabilidade económica dos proxectos.
 - Establecemento dunha estratexia selectiva de participación directa do capital público naqueles sectores onde isto sexa necesario.

5.2.2.1.9 Vertebración social do sector

O desenvolvemento económico do sector agrario debe ir acompañado (e ter tamén como unha das súas bases) da súa vertebración social, favorecendo en especial a consolidación de organizacións representativas sólidas, como interlocutores indispensábeis da Administración e da industria.

Neste sentido, o BNG promoverá desde o Goberno galego as seguintes medidas:

- Convocatoria de eleccións sindicais no campo galego, co fin de determinar e clarificar a representatividade das distintas organizacións agrarias.
- Creación do Consello Agrario Galego, como foro permanente de relación e debate entre a Administración, os sindicatos, as cooperativas e as industrias; establecendo unha composición que asegure a súa representatividade.
- Democratización e modificación dos regulamentos dos Consellos Reguladores.
- Asegurar unha participación adecuada dos produtores, ao través das súas organizacións representativas, nas Interprofesionais dos diversos produtos.

5.2.3 MEDIDAS SECTORIAIS

5.2.3.1 Producións gandeiras

5.2.3.1.1 Sector lácteo

O BNG poñerá todo o seu empeño para que Galiza consolide a súa posición de liderazgo no sector lácteo español e se cualifique como unha zona europea de especial vocación láctea. Para isto adoptará de entrada dous tipos de iniciativas en relación ao actual sistema de cuotas:

- Opoñer-se á aplicación da supertaxa aos nosos gandeiros ao menos até que a cuota global española non cubra o consumo interno.
- No horizonte da revisión da Organización Común de Mercado que se vai efectuar no ano 2000, presionará en favor dunha reforma que cumpla como mínimo dúas condicións: a redistribución das cuotas a nivel europeo, de tal modo que estas deixen de estar vinculadas exclusivamente aos dereitos históricos, e teñan en conta outros criterios (nivel de autoabastecemento dos distintos estados, dimensión actual das explotacións e potencial de crecemento, peso na economía rural das distintas rexións, etc); o fomento dos sistemas extensivos.

Ademáis, adoptará as seguintes medidas de goberno nos ámbitos da produción, comercialización e transformación:

5.2.3.1.1.1 Produción e calidade do leite

1. Impulso da ampliación da superficie forraxeira das explotacións (ao través das medidas xerais de reforma estrutural sinaladas no punto 3.2.2.2).

2. Optimización dos custes de produción:

- Favorecendo que as explotacións produzan leite sobre a base do correcto aproveitamento da súa superficie forraxeira (maximicen o número de litros producidos con forraxe propia).
- Apoiando o desenvolvemento das sociedades cooperativas de abastecemento de insumos.

1. Defensa do dereito a producir, establecendo unha cláusula de salvagarda que permita:

- Incrementar a cuota global de Galiza, mediante a ampliación da cuota asignada pola U.E. e/ou concesións estatais.

- Posibilitar así os incrementos de produción, sobre todo nas explotacións que, contando con recursos potenciais, incorporaron mozos/as á súa xestión e realizaron investimentos nos últimos anos.
- 2. Criación dun ente público coa participacións das OPAS, que xestione o novo sistema de cuotas e que teña como obxectivos: evitar a drenaxe de “cuota morta” das explotacións galegas que deixan de comercializar leite cara a reserva estatal, así como poñer fin ao proceso especulador da compra-venda de cuotas, que en vez de reestruturar o sector está contribuindo a desvertebralo.
- 3. Criación de novas liñas destinadas a lograr un apoio directo aos produtores e ás súas asociacións co fin de mellorar a CALIDADE DO LEITE e podan cumprir coas esixencias legais (R.D. 1679/94).

5.2.3.1.1.2 Medidas destinadas ao sector transformador

As medidas terán aquí como obxectivo xeral acadar a transformación nas indústrias instaladas no país de todo o leite producido, e a obtención de produtos con saída no mercado e que permitan maximizar o emprego e o valor engadido. Con este fin aplicarán-se as seguintes accións:

- Axudas á renovación de equipos e maquinaria obsoleta, primando aquelas indústrias que teñan os centros de decisión en Galiza.
- Favorecer mediante incentivos as liñas de produción de maior valor engadido, con apoio complementario á comercialización e investigación.
- Apoio ao desenvolvemento do Grupo Lácteo Galego - LEYMA, favorecendo a incorporación doutras empresas co fin de consolidar a súa posición de liderazgo. Neste sentido, considerará-se a súa potenciación con apoio público (adquisición de LARSA), pero sen correr riscos innecesarios que podan poñer en perigo a viabilidade global do proxecto.
- Atención ás cuestións ambientais, establecendo axudas aos proxectos que recollan un tratamento axeitado dos sub-productos, soros de queixería, etc.
- Impulso da creación de pequenas indústrias de produtos lácteos (queixo, requesón, etc) de tipo artesanal que poñan no mercado produtos con denominación de orixe, co

respaldo dunha empresa comercializadora única de capital mixto (público-cooperativo).

5.2.3.1.1.3 Medidas destinadas a mellorar a comercialización

1. Ordenar a recollida e transporte das indústrias lácteas:
 - Promovendo a criación de Asociacións de Produtores (APA) que se constitúan en primeiros compradores.
 - Establecendo liñas de axuda aos primeiros compradores de base cooperativa.
2. Obter e ampliar mercados para os nosos produtos lácteos, mediante:
 - Axudas á loxística de distribución.
 - Criación de consorcios públicos con participación de empresas privadas.
 - Apoio a promoción de produtos.
 - Apoio específico á comercialización de produtos lácteos con denominación de orixe, sempre que contén con consellos reguladores que garanten a calidade dos produtos e actúen con rigor evitando os fraudes.
3. Establecer un sistema de prezos transparente, que garantice seguridade e estabilidade aos produtores. Para isto poñerá-se en funcionamento a Interprofesional Láctea que, mediante as oportunas negociacións, establecerá contratos homologados para cada campaña, nos que se fixen os prezos baixo criterios obxectivos de aplicación de primas e descontos.

5.2.3.1.2 Bovino de carne

As medidas prioritarias neste sector serán:

1. Incrementar o número de vacas nodrizas, mediante a recria e tendo como base a recuperación de terras a matorral.
2. Potenciación das grandes áreas de pastoreo extensivo, facilitando o desbroce, implantación de pradeiras de mellor calidade, investimentos en cercados, instalacións de manexo, etc.
3. Promover a divulgación entre os gandeiros de técnicas de manexo que faciliten a simplificación dos traballos e a conseguinte redución da carga de traballo que na actualidade afecta aos propietarios dos pequenos rebaños de vacas.
4. Elaboración de programas de investimento globais para as explotacións dos gandeiros novos, que garanten unha maior eficacia que na actualidade.

5. Axudas económicas específicas para pequenos investimentos nas explotacións marxinais de vacas nodrizas.
6. Estimular a creación de pequenos cebadeiros a nivel de explotación ou asociacións das mesmas; co fin de que os xatos podan ter un acabado axeitado para as necesidades da industria cárnica e do mercado de carne de alta calidade.
7. Promoción do cebo en pastos de xatos, especialmente os procedentes do rebaño leiteiro.
8. Potenciar as cooperativas de comercialización e crear a interprofesional de carne de vacún.
9. Potenciar a/as marca/as de carne de calidade (Ternera Gallega, ...), asegurando a presenza do sector produtor mediante as súas asociacións nos consellos rectores e de control sanitario e anti-fraude.
10. Crear unha empresa pública ou semipública de comercialización de carne, con participación das industrias, o sector produtor e a Administración.
11. Lograr un aumento sensíbel das primas percibidas polos gandeiros galegos neste sector, dada a relevancia que estas teñen, no actual contexto da PAC, para facer viábeis economicamente os sistemas de produción de carne bovina en base a pastos. Neste sentido, tratará-se de obter das autoridades comunitarias unha reforma do sistema de primas aos becerros (bovinos machos); mellorando ao mesmo tempo a xestión destas primas e as das vacas nodrizas por parte da Xunta de Galiza.

5.2.3.1.3 Ovino-caprino

1. Elaboración dun plano integral de mellora deste sector, que promoverá o incremento do número de reprodutoras co fin de acadar as 500.000 reprodutoras e 5.000 cabezas de produción de leite.
2. Fomentar a profesionalización das explotacións de ovino-cabrún.
3. Apoiará-se decididamente a creación de estruturas produtivas que permitan suplir as actuais carencias, mediante a construción de cercados, instalacións de manexo, subministro de auga e mellora dos pastos.
4. Será un fin preferente da expansión do sector ovino-cabrún extensivo a conservación do medio ambiente e a fixación de poboación nas zonas de montaña. Neste sentido, as medidas de fomento deste sector figurarán como un elemento importante da política forestal e relativa ás terras de monte; incluíndo-se tamén entre as actividades a impulsar na política de desenvolvemento rural.

5. Potenciación das razas galegas, tanto polo seu valor patrimonial como polas súas características de adaptación ao médio.
6. Fomentará-se o aproveitamento das fibras (lá cachemir), considerando a introdución de novas razas produtoras de fibra e a elaboración das mesmas.
7. Desenvolvemento dun programa de apoio ás organizacións do sector, de cara á transferencia tecnolóxica, comercialización, mellora e tipificación do produto.

5.2.3.2 Producións agrícolas

5.2.3.2.1 Sector vitivinícola

5.2.3.2.1.1 Medidas xerais

- Elaboración dunha Lei da Vide e do Viño que regule o sector e se adapte á nosa realidade vitivinícola. Entre outros aspectos, esta nova Lei deberá contemplar temas transcendentais afectados pola normativa da UE, como rega e fertirrigación, chaptalización, coexistencia de viño de mesa cos V.C.P.R.D., contratos homologados, organizacións interprofesionais, etc.
- Consecuentemente, adaptará-se toda a regulamentación colateral, en especial os Regulamentos dos Consellos Reguladores.
- Tendo en conta que as perspectivas do sector dependen en boa medida de como se instrumentalice a reforma da OCM do viño, é urxente unha toma de postura do sector que comprometa á Administración en torno a programas que encaucen o desenvolvemento futuro no marco da reforma.
- Sendo os Plans Rexionais a ferramenta básica da nova OCM, consideramos fundamental a elaboración en Galiza dun Plano deste tipo. Este Plano deberá contemplar, entre outros aspectos, o alcance e ritmos do proceso de reconversión varietal e reestruturación dos marcos e sistemas produtivos.

5.2.3.2.1.2 Medidas específicas

- Axudas a aquelas iniciativas tendentes á redución dos custes de produción (apoio ás asociacións de produtores para adquisición de inputs, asociacións de tratamentos integrados -ATRIAS- e subvención ós fitosanitarios.
- Apoio ás iniciativas e investimentos que contemplan o proceso completo de reestruturación do sector: replantación, vinificación e oferta ó mercado.
- Establecemento de liñas de crédito blandas, con prazos de amortización e caréncia suficientes que permitan a reestruturación en aquelas explotacións descapitalizadas.
- Estricto control pola Administración de marcas, etiquetado e control de entrada de uva foránea, independente das propias funcións dos C.R.
- Apoio ás asociacións profesionais e interprofesionais que teñan como obxectivos a defensa da elaboración de viño en base á autenticidade do potencial vitícola de cada zona, perseguindo o factor cualitativo e cunha planificación técnica tanto na implantación e manexo do viñedo como do proceso de elaboración.
- Potenciación de cooperativas e outras agrupacións de comercialización que faciliten unha oferta de viños galegos de máis calidade, e máis homoxénea e tipificada.
- Promoción e apoio de agrupacións temporais para a transformación e comercialización conxunta, que permitan acceder á contratación en mercados coa demanda moi concentrada.
- Apoio á presenza activa en feiras, exposicións, etc. que permitan dar a coñecer unha imaxe dos viños galegos como produtos de calidade.
- Concertación co sector para a realización de campañas de imaxe específicas dos nosos viños.
- Potenciación das D.O. e concesión das D.O. para as comarcas que cumplan os criterios establecidos no Plano.
- Apertura dun proceso de discusión conducente á reforma da normativa dos Consellos Reguladores.

5.2.3.2.2 Sector hortofrutícola

5.2.3.2.2.1 Medidas legislativas

- Aprobación dos Regulamentos da hortofruticultura ecolóxica e da hortofruticultura integrada.
- Elaboración dun programa galego para a normalización da produción.
- Regulamento para os mercados locais de compra-venda de hortalizas e fruta.
- Criación de marchamos ou label.

5.2.3.2.2 Medidas executivas

- Elaboración dun mapa hortofrutícola no que se definan: especialización, cultivos, técnicas, superficie, comercialización, etc. Posta en práctica de programas de actuación comarcal adaptados ás características de cada zona.
- Capitalización do sector para facer fronte á competencia exterior, e axudas á produción específica.
- As medidas de axuda á produción deben contemplar neste sector os seguintes criterios: protección e mellora dos solos; limitación ao uso de adubos químicos e produtos fitosanitarios e elaboración dun programa específico de eliminación de residuos; potenciación da xestión técnico-económica das explotacións co fin de alcanzar unha maior eficiencia.
- Apoio á cooperación, pero con medidas de integración cooperativa e non fomentando, como até agora, unha multitude de cooperativas de moi poucos socios que están condenadas ao fracaso.
- Potenciación da agroindustria transformadora.

5.2.3.2.3 Medidas sectoriais específicas

Horta

- Criación dun banco de xermoplasma para non perder variedades autóctonas.
- Recuperación, conservación e mellora de variedades autóctonas ou alóctonas adaptadas.
- Potenciación dos cultivos ao aire libre con métodos tradicionais.

Fruta

- Criación dun banco de xermoplasma de recuperación das variedades autóctonas e mellora destas variedades.
- Recuperación da mazá de sidra e potenciación do cultivo da mazá roxa, impulsando tamén a agroindustria de derivados da mazá.
- Introducción e fomento do cultivo de pequenos frutos (frambueso, grosello, etc.)

5.2.3.2.3 Pataca

O goberno do BNG aplicará unha serie de medidas dirixidas a superar as importantes deficiencias que este sector ten no noso país, e reforzar así a súa competitividade. Neste sentido, propoñen-se as seguintes actuacións:

- Impulso da reestruturación produtiva das explotacións, mediante as medidas xerais de reforma de estruturas e de axudas á modernización antes indicadas.
- Recuperación de variedades case perdidas (como a branca fina de Bergantiños).
- Recuperación das zonas de produción de “pataca certificada” para a semente.
- Axuda ao control das plagas e enfermidades.
- Transformación das estruturas de comercialización, impulsando as agrupacións de produtores.
- Fomento da agroindustria transformadora (fritos, purés, etc.).

5.2.3.3 Sector forestal

5.2.3.3.1 Situación actual e principais problemas

O forestal é hoxe un dos sectores máis desordenados desde o punto de vista da Administración, e do abandono xeralizado por parte da sociedade, pero cun potencial natural que fai que siga sendo de gran interese social e económico. Neste sentido compre ter en conta que, a pesar de todos os problemas, Galiza é a primeira Comunidade produtora de madeira do Estado.

As tres funcións do monte -social, económica e ecolóxica- seguen a estar totalmente desvencellados, mesmo desde as representacións sociais: industriais, selvicultores, ecoloxistas, etc. A falta dunha ordenación adecuada dos usos da terra, e en especial do monte, fai que nos últimos anos se estén forestando terras de aptitude agrícola ou gandeira, ao mesmo tempo que se manteñen enormes extensións de monte improdutivas. As superficies de monte sofren así con especial forza a ausencia dunha planificación do espazo agrario adaptada ás mudanzas operadas no mundo rural durante as décadas recentes.

A política forestal da Xunta de Galiza ven marcada por unha visión corporativa, o que impide concebir un aproveitamento integral do monte no que se equilibren as producións forestais coas agrícolas e gandeiras.

Nas repoboacións seguen primando de forma absoluta as especies de crecemento rápido, sen aproveitar as condicións que Galiza reúne para a produción de madeiras de calidade.

5.2.3.3.2 Ordenación da produción forestal

1. Lexislación forestal de aplicación da futura Lei de Montes de ámbito estatal, que se está a discutir.
2. Modificación do actual Plano Forestal, partindo dun debate técnico e social no que participen todos os colectivos implicados (asociacións de propietarios de montes, sindicatos agrários, etc.).
3. O novo Plano Forestal deberá ir acompañado do financiamento necesario para a súa efectiva posta en práctica. Para o que se tratará de lograr un maior volume de recursos dos fondos comunitarios e estatais, que complementen os aportados pola Comunidade Autónoma.
4. Desenvolvemento da extensión forestal, mediante a súa integración ou coordinación coas unidades administrativas de extensión agrária.
5. Medidas concretas de actuación sobre as superficies forestais (que se incluírán no Plano Forestal):
 - a) Incentivar a concentración parcelaria dos montes con criterios selvícolas e de conservación do medio natural.
 - b) Ordenación dos usos das superficies de monte, buscando un adecuado equilibrio entre os aproveitamentos agrícola-gandeiros e forestais; e cunha selección de especies adaptadas ás aptitudes produtivas das terras e a criterios de rentabilidade social.
 - c) Convénios cos particulares por parte da Administración onde as metas e obxectivos non se enmarquen no número de hectáreas repoboadas, senón en todo o proceso produtivo dese monte: repoboación, tratamentos, aproveitamentos, infraestruturas, etc.
 - d) Incentivar os procesos cooperativos de uso e aproveitamento do monte, incidindo dunha forma importante nas cooperativas de traballo asociado para execución de traballos forestais, aproveitamento de infraestruturas realizadas conxuntamente, asociación para a defensa forestal.
 - e) Medidas de fomento da produción de madeiras nóbeis, mediante a incentivación fiscal, subvencións a fondo perdido con compromisos claros de mantemento e aproveitamento axeitados.

5.2.3.3.3 Plano de restructuración e fomento da industria forestal

1. Mellora tecnolóxica dos aserradoiros e demais industrias relacionadas co sector: leñas, froitos, etc.
2. Arbitrar medidas de normalización e mellora da calidade de materia prima. Para o que será necesario unir esforzos dos aserradoiros co fin de crear centros de canalización, normativización e comercialización dos produtos.
3. O fomento da produción de madeira de calidade irá acompañado de medidas de impulso da industria de segunda transformación, en sectores, como os móbéis, con alta capacidade de xeración de valor engadido e emprego.

5.2.3.3.4 Montes veciñais en man común

Na actualidade están declarados como montes veciñais en man común mais de 650.000 Has. Aínda hai importantes superficies de monte veciñal sin declarar e estímase que aproximadamente 150.000 son susceptibles de ser declarados. Estas superficies a monte, constitúen en algunhas zonas de Galiza a chave de calquera tipo de Reforma Agraria, especialmente nas áreas máis atrasadas, debido ás limitacións da orografía (montañas orientais).

1. Compre potenciar o uso das terras de monte para elevar o nivel de vida dos comeneiros, promovendo a recuperación das mesmas e rematar co secuestro ó que na actualidade están sometidos polos servizos forestais da Xunta.
2. Aplicar a Lei de Montes Veciñais en Man Común, publicando un novo Regulamento da lei que concretice e reforce a defensa da propiedade veciñal, así como a súa consolidación.
3. Formular axeitadamente o marco de relacións entre as Comunidades de montes veciñais e a Administración.
4. Formular un procedemento explícito e concreto para levar a cabo os deslindes da propiedade veciñal rematando así coa infinidade de casos non resoltos pola Administración a pesar do mandato explícito da lei vixente.
5. Buscar fórmulas asociativas innovadoras.
6. Garantir asesoramento técnico para os planos de mellora do aproveitamento.

7. Axeitar os usos da propiedade veciñal, ás necesidades da Comunidade (silvopastoreo, recreativas, conservacionistas, produtivas, etc...)
8. Democratización das relacións entre a Administración e as Comunidades, establecendo un modelo de financiación flexíbel dentro do “Plano Forestal” dacordo ás posibilidades de cada Comunidade.
9. Formará-se e educará-se aos membros das comunidades de tal xeito que teñan capacidade dabondo para xestionar ou coxestionar o monte por si mesmos e con axuda das administración.
10. O monte de cada comunidade, deberá ser xestionado por esta, a Consellaria actuará na sua planificación nos distintos eidos produtivos.
11. A Consellaria de Agricultura garantizará a indivisibilidade dos montes e a sua permanencia como propiedade comunal.

5.3 POLÍTICA PESQUEIRA

5.3.1 Introducción

A pesca galega engloba unha série de subsectores: pesca extractiva, marisqueio, acuicultura, que, examinado exclusivamente no ámbito extractivo, representaría unha tenue imaxe do seu significado real na economía galega; de tal xeito que considerada a pesca como o primeiro elo do complexo marítimo-industrial galego, dá conta do verdadeiro motor dunha parte mui importante da economía galega. As relacións económicas con orixe na pesca extractiva chegan até o mercado final dos consumidores, mesmo ao doutros produtos, identificando-se coa sua orixe galega. Esa ringleira de relacións entrelazadas que percorre un produto desde a sua colleita até que é consumido, mesmo a miles de kilómetros de distancia, física e cultural, vai criando zonas de influencia noutros subsectores produtivos con consecuencias económicas constatábeis.

Así aparte das contas convencionais de importancia do sector pesqueiro galego medidas en frota, cerca de 10.000 buques pesqueiros, emprego directo, 33.000 persoas, valor engadido bruto, cerca de 95.000 millóns de pesetas (case a metade do valor engadido bruto do Estado español), ..., podemos utilizar as medidas que as táboas *input-output* nos proporcionan para daro-nos idea das relacións intersectoriais nas que a pesca se involucra. Esta técnica permite-nos coñecer ademais o degraio de afectación para os restantes sectores con cada unha

das modificacións sufridas pola pesca: mais das 2/3 partes dos sectores que son considerados nas táboas proporcionan *inputs* ou compran *outputs* intermeios á pesca, de forma que algo máis da metade dos inputs intermeios que necesita á pesca son suministrados por outros sectores produtivos galegos. Asimesmo o sector téxtil, os servizos anexos ao transporte, as entidades auxiliares de seguros, indústrias alimentárias, refino de petróleo, produtos metálicos, comercio por xunto, a construción naval realizan unha parte importante das súas vendas ao sector pesqueiro.

Ainda que unha lectura simple do “Estatuto de Autonomía de Galiza” entende que as competencias do goberno galego refírense á pesca e actividades das economías relativas á pesca en augas interiores, así como o desenvolvemento lexislativo e a execución da lexislación estatal na ordenación do sector pesqueiro, non podemos resignarnos a non cumprir adecuadamente o mandato do art. 30 de dito Estatuto que atribúe a competencia exclusiva á Comunidade Autónoma o fomento e planificación da actividade económica, a industria e o comercio interior de Galiza. Así, por esa primeira razón, é totalmente defendíbel a intervención do goberno galego nunha serie de actuacións que conduzan a esa finalidade. Hai, amais una outra razón non do ámbito das lexis cal é a propia que dá sentido á nosa forza política, o sentido da existencia do BNG: **criar condicións políticas para que a nosa nación desenvolva a súa propia capacidade de crecemento económico para Galiza e desde Galiza**, é dicir, un crecemento económico autocentrado.

A realidade actual da competencia no mercado do produto pesqueiro, non xoga sen embargo a favor nosa, xa que, a posibilidade aberta desde os últimos anos de vendas de produtos pesqueiros de distinta calidade pero que poden operar como substitutivos dos nosos, merma a nosa capacidade de competir cos produtos pesqueiros frescos procedentes de mares moi lonxanos (Pacífico Sul) ou ben procedentes de mares comunitarios pero de empresas non galegas. Sabido é que desde 1986, e cada vez con máis proximidade, a P.C.P. (Política Común de Pesca) que realiza a Comunidade Europea, organiza, orienta e regula as condicións en que se dá a actividade pesqueira, tanto nas capturas como nos mercados.

A pesca galega beneficia recursos propios, exclusivos nosos, e exteriores, uns suxeitos a dominio compartido -os comunitarios- ou aqueles outros extraíbeis só como froito de acordos ou convénios cos Estados ribeireños (NAFO, Malvinas, Namibia...). Amais as

faenas en augas internacionais e/ou de convénio poden ver-se interrompidas pola ausencia de condicións estábeis que garantan un acceso contínuo ao recurso (Canadá, Malvinas, Alaska...).

A respecto da política pesqueira comunitaria e o seu desenvolvemento a traveso da Política Común de Pesca (PCP), a mesma, e aínda despois da chamada integración plena, presenta graves déficits en función dos intereses de cadaún dos países comunitarios, as estratexias bilaterais, e incluso a posibilidade de incorporación de novos países a UE, caso paradigmático foi o de Noruega que aínda tendo decidido non entrar na UE, a posibilidade da súa adhesión orixinou unha serie de condicións e acordos previos que coutaron claramente posibilidades de manobra e traballo da flota galega. O incumprimento dos acordos por parte dos socios comunitarios está, mais que nunca, demostrado polas políticas que desenvolven os dous estados ribereños do caladoiro do Gran Sol, Irlanda e o Reino Unido que non cesan no seu acoso á flota galega.

Coa entrada na U.E. a pesca galega ven sufrindo importantes tensións froito dos diversos intereses en litixio. Tensións que poden identificar-se tanto no plano socio-económico coma no plano político. En concreto, as distintas frotas galegas veñen sufrindo unha reestruturación parmanente reducíndo-se o número de unidades en máis da metade. Así, nos últimos anos a frota do Gran Sol reduciu-se nun 51 %, as parellas bacaloeiras reducíron-se nun 57 % e, a frota conxeladora nun 54 %. Esta enorme reestruturación supuxo a desaparición de moitas empresas e de miles de postos de traballo.

A transferencia da negociación ou capacidade de acordo con terceiros países á UE, ten orixinado unha mancha de problemas na materialización de acordos pesqueiros, que ven dada pola falla de interés en acadar acordos estabéis, longos e duradeiros. Os acordos pesqueiros enténden-se pola UE mais ben coma cuestións transitórias, nementras acordos sobre outro tipo de actividades, sexan puramente comerciais ou industriais, realízan-se a mais longo prazo, ou estableceuse mediante unha actuación na Organización Mundial de Comercio (OMC) favorábel ós intereses dos grandes países europeos que detentan os centros de decisión. Os acordos con Marrocos son un claro exemplo, cada novo acordo supón unha redución do número de barcos autorizados a faenar nese caladoiro.

O programa pesqueiro do BNG orienta-se a rematar con esta situación de reestruturación, mantando tanto a capacidade pesqueira actual como os postos de traballo no

sector. Para acadar este obxectivo son precisas unha série de medidas políticas urxentes de curto e medio prazo. Moitas delas veñen sendo reclamadas desde o sector. Os criterios fulcrais serán manter a presenza comercial activa e reforzar a actividade de investigación, tanto nos caladoiros tradicionais como procurando novos caladoiros e especies que podan complementar a actividade das froas galegas.

5.3.2 Obxectivos

Considerando o sector como un todo mantemos que ten capacidade para seguir sendo un sector básico da economía galega: proporciona alimentos e materias primas para o mercado interior e constitúe un dos nosos sectores clásicos de exportación. A súa importancia expresada en emprego directo e indirecto, así como a base dunha boa parte da industria autóctona é de sobra coñecida.

Daí que as propostas aquí contempladas vaian dirixidas a manter e renovar a capacidade produtiva do sector, no interior e no exterior, e ser capaces de exportar capital pesqueiro que temos e que permanece dormido.

1. Manter a capacidade produtiva pesqueira actual expresada en desembarcos, valor dos mesmos, tamaño da frota e número de empregos directos.
2. Manter a capacidade pesqueira exterior expresada en empresas, frota, número de empregos directos e condicións de traballo equiparables ás presentes.
3. Lograr que as condicións de venda do produto pesqueiro galego non se vexan limitadas pola competencia exterior -tanto no mercado español como no exterior.
4. Criar condicións legais necesarias que igualem os dereitos laborais dos traballadores do mar aos de terra.
5. Lograr o control galego do recurso costeiro galego, da súa explotación económica e das condicións de mercado.
6. Manter e aumentar, a ser posible, a diversidade dos recursos explotados, sempre que non provoquen desequilibrios no medio.
7. Restaurar, no canto do realizábel, o degradado, tanto no que se refire á calidade do medio mariño como ao recurso nel existente.
8. Acadar a valoración económica de especies agora non aproveitadas e susceptibles de se converter en recurso económico.

9. Valorizar no mercado exterior unha parte do noso capital pesqueiro non utilizado, en forma de venda exterior de tecnoloxía, saber facer (*know how*), investigación, ensino superior,
10. Participación e colaboración do sector, así como dos habitantes da beiramar galega, na posta en práctica daquelas medidas de política pesqueira que se leven a cabo.
11. Representación política galega nas deliberacións e na toma de decisións comunitarias a respecto de :
 - Política Pesqueira Común: acceso recursos, estruturas, mercados.
 - Normas Sanitarias.
13. Conquerir a transferencia do demanio público marítimo e marítimo-terrestre.
14. Acadar a competencia exclusiva nas augas da plataforma litoral (12 millas).
15. Millorar a seguridade do traballo no mar:
 - Plano de Seguridade que permita millorar as condicións de traballo dos mariñeiros galegos e reducir a siniestrabilidade laboral no mar, con especial atención ás embarcacións de menos de 9 TRB.
 - Seguro consorciado para as embarcacións.

Dadas as características da produción pesqueira, en concreto do uso dos recursos marcados nestes obxectivos, non nos esqueceremos dun dado clave: o lugar onde se atopan estes recursos, o lugar onde se fai uso deles é tamén o lugar onde acontecen outros feitos, lugar onde se suceden outras actividades produtivas, lugar de tránsito para transportes marítimos de todo tipo, lugar de viciñanza de multitude de núcleos poboados, incluídas algunhas das máis grandes cidades galegas, lugar (as rías) de desembocadura dos maiores ríos galegos, lugar de viciñanza de grandes complexos industriais...

E por iso que calquer intento de aplicación de políticas para o cuidado e mellora dos recursos pesqueiros propios trascende á forza o ámbito sectorial da pesca:

- Na política de ordenación do territorio.
- Na política industrial.
- Na municipal.
- Na política agraria e forestal

deberán facerse **iniciativas imprescindíbeis** para paliar as agresións gravísimas sobre o medio mariño.

A política de recursos debe diferenciar nas accións, os ámbitos distintos. Como consecuencia da interrelación de factores que actúan e interactúan sobre o medio mariño do noso litoral, podemos dicir que iste é un medio “humanizado”. Aínda que o hábitat do litoral non pode desvincular-se do resto do hábitat mariño (non é unha illa), mesmo pola migración de especies, tampouco pode comprender-se sen a presenza da acción humana, o coñecemento do mesmo non pode desvincular-se desta acción. Non hai un hábitat “natural” mariño nas nosas costas no que non entren as persoas, nen hai garantías de que a biodiversidade aumente pola non presenza humana ou que as poboacións de certas especies que foron migrando vaia aumentar polo mesmo.

Dacordo con isto a “recuperación” do hábitat mariño é unha alteración que vai da situación actual a outra que quizais nunca existiu. Tera-se logo que pre-definir cales són as condicións do hábitat que se consideran mellores e que consideramos como obxectivo a acadar. A transformación no uso do recurso e a súa extracción (pesca) ou doutras accións sobre o medio deberán enmarcar-se nese obxectivo.

Daí que a primeira serie de medidas están orientadas a conseguir calidade “A” (denominación comunitaria para aquelas zonas de beiramar limpas que crían marisco para venda sen depurar) das nosas praias. Isto implica un control total dos vertidos realizados en toda a conca fluvial galega, en calquer acuífero e, por suposto, directamente nas rias. Implica a toma de decisións conflictivas, a respecto da compatibilidade de certas indústrias -nomeadamente Celulosa Elnosa- e o marisqueo/pesca en determinadas zonas das rias, e implica a colaboración dos concellos nun compromiso real de someter a auga residual a depuración de elevado nivel e non só a instalar as plantas depuradoras (como é sabido o sistema actual instalado é de elevado coste de funcionamento e parece complicado para as entidades locais trasladar o coste do servizo). Aínda que no momento actual se poidera pensar que a importancia relativa do marisqueo e da pesca en augas interiores é cuantitativamente menor que a dos outros subseitores, sen embargo, nunha perspectiva global da pesca e da economía galega é vital a súa pervivencia xa que é un elo imprescindible dos restantes; por emprego, materias primas, alimentos e xeito de vida propio da nosa beiramar non debe desaparecer.

A segunda serie de medidas teñen como guía o **mantenimento da capacidade actual da pesca galega nos mercados tradicionalmente nosos**. Xa que o produto *pesca fresco* está

identificado actualmente como un produto de calidade, a nosa proposta é incidir neste aspecto, certamente poderíase actuar sobre a produción e non sobre a distribución, pero dado a estreita marxe que existe para actuar sobre o recurso e sobre a flota, fai máis aconsellábel non abandonar o flanco do mercado, porque aí pódese perder a batalla da pervivencia. Son medidas sobre o mercado para alongar o ingreso.

A proposta que consideramos máis efectiva é a de protexer o produto pesqueiro galego, o vendido, como fresco en Galiza. Isto pódese conseguir a través dunha SINGULARIZACION do mesmo.

A terceira serie de medidas baséanse na constatación da existencia dunha capacidade real de entrar no mercado mundial de exportación de tecnoloxía pesqueira, como unha vía máis de valorización do produto da pesca.

5.3.3 Medidas de goberno

5.3.3.1 No ámbito institucional

Sen perxuício das liñas xerais establecidas no capítulo de Política Institucional, no eido propio da pesca, o BNG:

- Promoverá a reforma do entramado institucional actualmente corporativo do sector pesqueiro, na dirección de democratización das institucións hoxe existentes, e da súa representatividade e congruencia coa composición social e os diversos estatus económicos e laborais da poboación traballadora mariñeira. Procedendo á reforma, no que sexa necesario, das leis de Confrarias e Pesca e do Regulamento de Artes.
- Reclamará a transferencia do demanio público marítimo e marítimo-terrestre, así como a competencia exclusiva nas augas da plataforma litoral (12 millas).
- Propiciará a transferencia aos servizos de inspección pesqueira de carácter civil da Administración autonómica dos cometidos e potestades que aínda ten atribuídos a institución militar.
- Reclamará a Inclusión da pesca nos acordos xerais de cooperación que asina a UE, evitando deste xeito a marxinación política que padece a pesca na UE

5.3.3.2 Os recursos pesqueiros e a calidade do meio costeiro

- Elaboración urxente de **planos de saneamento integral das rias galegas**, que comprenderán a recollida e depuración de todas as augas residuais que vaian a parar ás rias. A execución destes planos, que se completará no prazo dunha lexislatura, millorará as condicións das augas (de cultivo, semicultivo ou zonas de extracción) e reducirá considerabelmente a aparición das mareas bermellas.
- Control das obras de construción que inciden directamente sobre o medio:
 - Portos ou instalacións portuarias.
 - Recheos para ampliar o solo dispoñíbel.
 - Pontes.
 - Construcións ou obras submariñas.
- Control das obras de construción que inciden sobre os cauces dos ríos, e polo tanto sobre os fluxos de auga doce ás rías:
 - Construción de presas
- Control das instalacións industriais existentes na ribeira ou a carón dos ríos, ou doutras instalacións industriais a facer:
 - Emisións de metais pesados ás augas (cinc, cobre, chumbo, mercurio...)
 - Emisión de organohaloxenados.
 - Verquidos directos de petróleo ou derivados.
- Control de verquidos dos residuos urbáns das localidades de ribeira, ou aos ríos.
- Control de actitudes deforestadoras tendentes a erosión das terras e que através dos ríos supón enlameado dos areas.
- Control do uso e abuso de pesticidas, fertilizantes químicos ou outras prácticas “ perniciosas “ no agro, polo perigo de envenenamento das augas.
- Evitar a posibilidade de verquidos “ accidentais “ de petróleo ou outras substancias nocivas ao mar:
 - Control do tráfico marítimo de mercadorias perigosas.
- Precaución na ubicación de indústrias ou infraestruturas portuarias que traballen con tales mercadorias.

5.3.3.3 Pesca de baixura e litoral

- Renovación da frota tendo en conta non só criterios de idade senón tamén de dotación dos medios necesarios para un mellor equipamento técnico e de seguridade.
- Estabelecemento de paradas biolóxicas alternativas no sector de cerco, cubríndose pola administración os custos da paralización.
- Revisión das tallas para a comercialización, sen perxudicar a reprodución.
- Aplicación da lexislación vixente, dotándose a administración galega dos medios necesarios para cumprila e face-la cumprir. Primar estímulos ou incentivos dos propios implicados contra a actitude de inspección e sanción.- Simplificación, no canto do posíbel, da multitude de normas legais que obrigan ao sector extractivo así como a multiplicidade de administracións responsabeis.
- Estudo para a creación de zonas de reserva mariña integral, para garantir a supervivencia dos xuvenis e mellorar a capacidade produtiva da nosa costa.

5.3.3.4 Pesca galega en augas comunitarias

1. **Plano Galego de Pesca de Altura** que conduza a unha certa **especialización**, a unha **concentración** e **inovación** das empresas de este subsector. Este plano terá que contemplar, entre outras, as seguintes medidas:
 - a) Proposta de que os TACs comunitarios sexan plurianuais, para permitir a planificación empresarial, e mais multiespecíficos, o que permite evitar os descartes que se están a dar cos TACs actuais.
 - b) Eliminación das contradicións existentes nas medidas técnicas propostas pola Comunidade, moi restrictivas para algunhas zonas, e moi permisivas con certas artes.
 - c) Medida do esforzo pesqueiro, tendo en conta un cómputo anual de días na pesquería e non necesariamente o cómputo semanal.
 - d) Co-participación nos mecanismos de control da pesquería dos pescadores, contra o aumento da labor de inspección.
 - e) Defensa de medidas técnicas de recoñecido éxito na súa posta en práctica e non só fundamentadas en criterios científicos.
 - f) Coordinación efectiva das distintas administracións na regulación destas pesquerías.
2. **Xestión galega exclusiva dos fondos comunitarios IFOP** (Instrumento Financeiro de Orientación da Pesca).

5.3.3.5 Pesca galega en augas internacionais extracomunitarias

- Promoción desde o goberno galego dunha política de convénios internacionais. A presenza do goberno galego nas conversas de anovación dos xa firmados considerámolo imprescindible e asimesmo é preciso o deseño desde un órgano MIXTO GOVERNO GALEGO-REPRESENTANTES do sector implicado das condicións de anovación dos xa existentes. Estas accións supoñen unha planificación anticipada antitética da política de feitos consumados que vimos padecendo.
- **Elaboración dun plano** a medio prazo de posibles accións sobre recursos exteriores -extramares comunitarios- que sirva como marco de futuras accións pesqueiras galegas. En tanto non se elabore este plano, deberán tomarse as seguintes medidas:

5.3.3.5.1 Frota conxeladora

- Acadar os apoios na Comisión de OPANO(NAFO) para evitar as reducións da cuota comunitaria e acceder a cupos de especies cando a situación biolóxica o permita.
- Realización de novas campañas de investigación científica na zona de Regulación de OPANO, que sustenten a pesca galega a longo prazo e contribúan a revisar as TACs(Capturas Totais admisibles). Establecer planos cuatrienais de campañas dirixidas tanto as especies planas (platuxa, coreano e limanda) como ao fletán negro.
- Eliminar o veto real comunitario e canadiano aos observadores ibéricos na frota de OPANO, acabando con unha costosa discriminación tanto política como económica.
- Levar a cabo campañas experimentais ou bioeconómicas orientadas a diversificación da actividade, tanto no Atlántico Norde: Banco Haton, Dorsal de Reykjanes, Mar de Irminger, como no Atlántico Sul::Banco de Valdivia, Banco de Josefina, Islas Georgicas, etc.. Non aproveitar axiña as posibilidades que as especies de profundidade, así como as asociadas as montañas submarinas, poden supoñer danos irreparables para a nosa flota no futuro.
- Negociación urxente de novos acordos de pesca para a diversificación da actividade da flota, mantendo opavillón propio mediante cuotas, e licencias , con distintos estados coma Namibia, Sudáfrica, Malvinas, Estados Unidos, Perú, Chile, etc.

5.3.3.5.2 Frota bacalloeira

- Ampliación de zonas e cuotas de pesca, coa revisión e mellora da situación en Svalbard, conseguindo un aumento de cuota polo aumento da poboación no caladeiro.
- Acadar un acordo pesqueiro con Rusia.

5.3.3.5.3 Frota de palangre de superficie

- Urxente establecemento de censos pechados tanto na flota de fresco como na de conxelado.
- Resolución de transbordo de colleitas nos portos chilenos.

5.3.3.6 Marisqueo e acuicultura

A acuicultura galega ten demostrado a súa capacidade nos cultivos mariños de todo tipo. Pero é o sector mexiloreiro galego quen representa a experiencia mais importante a nivel mundial no eido dos cultivos mariños. As características específicas das rias galegas, unidas a experiencia e coñecemento acumulado o longo de mais de 60 anos, fixeron de Galiza o primeiro produtor mundial de este molusco, ademais da única experiencia europea verdadeiramente rendíbel no eido da acuicultura que deu lugar a un subsector punteiro na economía galega, totalmente integrado e mesmo xerador de tecnoloxía propia.

Non embargantes, o subsector mexiloeiro está a pasar por serios problemas no últimos anos. Problemas que teñen a súa orixe na proliferación das mareas bermellas- que teñen obrigado a paralizar a produción temporadas enteiras na ria de Pontevedra-, na caída dos prezos medios, e nunha certa desintegración do sector.

No relatico a este subsector, o BNG levará a cabo as seguintes **medidas de goberno**:

1. Promover a **integración vertical cara adiante** do sector. Hoxe en día a meirande parte das exportacións de mexilón galego, son comercializadas en países da unión europea - Italia, Francia, Alemaña e Holanda principalmente- por intermediarios cataláns que se levan a maior parte do valor acrecentado. Para garantir o futuro deste sector, é preciso acadar o control da comercialización, desde a orixe ate o distribuidor final. Amais, nas rias galegas poseemos o maior potencial acuicultor (despois de China) de todo o mundo. A produción actual de mexilón así o demostra. Só compre avalar as iniciativas que se están levando a cabo polo propio sector para mudar o rumbo deste cultivo. Amais das accións comerciais

hai toda unha série de propostas sobre a diversificación do cultivo pero que de momento teñen unha importancia pouco mais que experimental.

2. Recuperación da **imaxe de calidade** con campañas de mercado (especialistas) nos medios de comunicación de titularidade pública, pero tamén establecendo políticas de fomento e control real da calidade.É paradóxico que o mexilón Holandés se comercialice en Barcelona como “ mexilón de roca “, ate 4 ou 5 veces mais caro que o mexilón galego.
3. Obligatoriedade da **identificación da orixe** da vianda nas conservas de mexilón.
4. Determinación de **tamaños mínimos** para a conserva (reivindicación a nivel communitário).
5. En colaboración coas universidades galegas e co Consello Regulador do Mexilón de Galiza, criar **liñas de investigación** dirixidas a criación de novos productos que usen mexilón ou subproductos do cultivo de mexilón como materia prima (diversificación das conservas, conxelados, cosmética, pensos, etc...).
6. Incentivar as iniciativas industriais que aproveiten os subproductos do sector mexiloeiro.
7. Recuperación efectiva da condición de **concesión administrativa** das bateas, rematando co comércio ilegal de concesións e anulando as concesións a bateas que non se explotan pero que se manteñen por criterios especulativos.
8. Criación das condicións legais necesarias para viabilizar a explotación comercial de novos cultivos.
9. Cómpre plantexarse unha posíbel deversificación do actual monocultivo en bateas aproveitando as instalacións actuais:
 - Cultivo de peixes (salmón, dourada, ollomol...).
 - Cultivo de outros moluscos (polbo, ameixa, vieira, ostra...) demarcando zonas específicas.
 - Aproveitamento dos refugallos das mexiloeira en terra (estudo de aproveitamento)
- 10.Promover a profesionalización do marisqueo e o cooperativismo de produción e comercialización.
- 11.En conxunción coa nosa política de recursos interiores someterá-se a control zonas novas de grandes praias para un cultivo extensivo das mesmas.
- 12.Promoción pública de granxas (“*hatcherys*”) para surtido de semente própria eliminando así a dependéncia exterior nos posibeis cultivos extensivos.
- 13.Elaboración dun mapa de recursos que recolla a situación dos recursos na actualidade, focos problemáticos, limitacións para futuras actuacións ou limitacións das áreas que ante

posíbeis futuras actuacións deben condicionar outros posíbeis usos. Estudo de particularidades por zonas.

14. Realización do inventario de concesións e autorizacións marisqueiras en base ao P.M. de 1961, e as posteriores autorizacións.

15. Evitar a reversión ao mar de residuos provocados por actividades pesqueiras (bateas...).

16. Control na introdución de especies mariñas alóctonas.

5.3.3.7 Comercialización

1. **Homologación das análises sanitarias e das especificacións** para a comercialización dos mariscos coas vixentes non principais mercados da UE, de xeito que o subsector marisqueiro galego non se vexa discriminado por criterios sanitarios máis restrictivos que os vixentes noutros países, tanto desde o punto de vista da exportación, como desde o punto de vista da importación de mariscos con menores garantías sanitarias. En calquera caso os criterios sanitarios garantirán sempre a saúde pública.

2. Xunto coas transferencias dos portos estatais, **transferir as lonxas dos portos estatais** ao sistema galego de lonxas e sometelas ás mesmas normas de venda que as restantes.

3. Elaborar un **Plano Galego de Comercio do Peixe e Marisco** con rango de lei, que terá os seguintes fíos conductores:

- Reducción do nº actual de puntos de venda.
- Especialización progresiva das lonxas de futuro.
- Profesionalización dos compradores en primeira venda que forman o complexo tecido da cadea comercializadora (normas de acceso á compra, transporte, solvencia...)
- Dotar as lonxas de medios frigoríficos e demais técnicas para facer compatíbel con a existencia do Produto de Calidade.
- Establecemento dun precio mínimo por mercancia (grado de frescura, color, especie, calibre, procedencia, arte de pesca, días de navegación, tratamento a bordo)
- Normas de etiquetado, envasado, embalaxe e caducidade, e procedencia para todo o produto pesqueiro que saia dunha lonxa galega.
- Normas de procedencia, sanitarias, envasado, embalaxe e caducidade para todo o produto pesqueiro vendido desde Galiza.

4. Construír a **marca peixe-marisco galego fresco** o que implica:

- a) Elaboración dun plano de calidade para a descarga e tratamento do fresco.

- b) Instalacións portuarias adecuadas para a descarga e tratamento do fresco.
 - c) Vías de comunicacións axeitadas.
 - d) Liñas de transporte baratas e compatíbeis (Renfe, avión)
 - e) Implicación no proxecto de todos os integrantes do proceso produtivo
5. Promover a creación de **entes comercializadores** coa participación da base produtiva, para o marisqueo, a acuicultura e a pesca e baixura e litoral.
 6. **Control das importacións** para que os produtos presentes no mercado galego cumpran as mesmas normas que emanan da administración galega en defensa da saúde pública e da calidade do produto que se ofrece ao consumidor.
 7. **A industria conserveira** galega pódese converter, grazas a súa colaboración nunha boa vía de penetración no mercado de alimentos do PRODUTO PESQUEIRO GALEGO indicando a procedencia e o envasado de ese produto. Propomos asimismo a toma en consideración a viabilidade da promoción polo goberno de acordos entre conserveiros-productores no marco dun contrato de provisión de materia prima (a mesma proposta para as restantes industrias).

5.3.3.8 Ensino e investigación

A conveniente utilización de toda a experiencia acumulada en moitos anos de pesca en todas as augas do planeta, poden e deben constituir o terceiro “pe” do programa, polas posibilidades de obter grazas a elas -cunha xestión adecuada- cuotas de pesca, licencias, contratos en asteleiros ou vendas na industria pesqueira en xeral.

Os pasos a seguir deberán ser:

5.3.3.8.1 Ensino

1. Inmersión das Escolas no sector pesqueiro.
2. Programas adecuados nos diferentes campos das pesquerías; elaboración, comercialización, etc. rexeitando a cativa visión actual de adicar tódolos centros de ensino só o campo das titulacións.
3. Coordinación dos distintos niveis de ensino relacionados co mar e a pesca (formación profesional e universitario).

4. Realización dun Plano Nacional de Ensino Pesqueiro no eido da formación profesional, que siva de base para a potenciación das escolas existentes no país (Vigo, Ferrol,..), e contemple a realización de cursos de especialización que faciliten a formación de traballadores e alumnos galegos e mesmo contribúan a rendabilizar as instalacións e os coñecementos mediante a admisión de alumnos de outros países.
5. Solicitar a transferencia do Centro de Formación Ocupacional de Bamio, hoxe dependente do ISM, así como toda a programación de cursos que realiza este organismo en Galiza.

5.3.3.8.2 Investigación

1. Todos os centros de investigación ubicados no país galego, deben depender -a pesar de recoñecer a universalidade de calquera investigación- do propio país. Neste sentido o BNG reclamará a transferencia dos centros do Instituto Español de Oceanografía ubicados en Galiza, e procederá á coordinación de todos os centros de investigación de pesca, marisqueo e acuicultura existentes no país.
2. A investigación aplicada deberá estar dirixida unicamente á resolución dos problemas e expectativas que podan presentar pesca e marisqueo galegos.
3. O BNG reordenará nunha única liña de investigación as especies de dobre ciclo en augas continentais e mariñas, hoxe ubicadas abundantemente na Consellería de Agricultura e outras na Consellería de Pesca.

5.4 ARTESANIA

A artesanía é un valor cultural popular arraigado na idiosincrasia xenuina de cada pobo e de cada cultura. Ó par diso, é un fenómeno económico que constitue unha forma de produción de valores de uso duradeiro outrora indispensábeis, é dicir, de consumo necesario na maior parte dos casos. As formas de produción industrial ocasionaron a substitución progresiva e mesmo a tendencia á desaparición das producións artesanais, así como o esmorecemento do artesán como traballador nunha actividade viábel. Mais a continuación do proceso de desenrolo socio-económico reabre perspectivas novas á produción artesá: de seren útiles como bens de consumo suntuario, polo seu valor cualitativo intrínseco, de “arte e oficio manual”, e mesmo pola súa utilidade cualitativamente superior á dos bens industriais de produción en série, a súa singularidade e a súa beleza como obxectos.

Recupera-lo saber popular plasmado nas formas artesanais tradicionais, encarreira-la viabilidade económica desa forma de produción, promover o desenvolvemento de novas formas artesanais, estruturar e potencia-lo sector dotándoo de institucións de apoio e garantía, e establece-los resortes de comercialización e vitalización financeira da produción artesá son obxectivos prioritarios do programa de goberno do BNG.

5.4.1 Obxectivos

1. Estructura-lo sector artesán galego e dotalo de institucións de apoio acaídas.
2. Recuperar, ordenar e promover ou potencia-las modalidades de actividade e produción artesá culturalmente xenuinas de Galiza.
3. Fomentar ou promove-la creación ou desenvolvemento de novas formas de artesanía.
4. Promociona-la formación de artesáns e maila difusión e mellora das técnicas artesanais.
5. Promove-la actualización tecnolóxica das actividades artesás, ó par que garanti-la calidade dos seus produtos e remove-los atrancos que se poñan ó seu desenvolvemento.
6. Promover e ordena-las canles de comercialización necesarias para a axeitada difusión dos produtos artesanais no mercado, nas condicións mais favorabeis para os produtores directos dos bens artesanais.
7. Dota-lo sector artesán do réxime de financiamento preciso para o seu desenrolo produtivo e expansión comercial.

5.4.2 Medidas de goberno

5.4.2.1 Estruturação do sector e institucións de apoio

1. O BNG desde o Goberno galego potenciará e desenvolverá as dotacións e as funcións das **escolas de artes e oficios** e mais creará unha **rede de escolas-obradoiro de artesanía**, en relación coa formación de novos mestres artesáns. Para a posta en práctica destas escolas-obradoiro seguiránse as seguintes pautas:
 - A escola-obradoiro será un centro de ensino, aprendizaxe e produción artesá conxuntamente.
 - Na escola-obradoiro impartirán o ensino e dirixirán técnicamente a aplicación práctica do mesmo á produción no mesmo centro como mestres artesáns, traballadores artesáns popularmente acreditados e de prestixio recoñecido na redonda da ubicación do centro, así como titulados das respectivas especialidades polas escolas de artes e oficios.
 - Os mestres artesáns e titulados docentes nunha escola-obradoiro terán un réxime laboral e retributivo estábel e acaído á súa función.
 - Os alumnos da escola obradoiro terán o estatus de aprendices e a consideración de traballadores cos conseguintes efectos de réxime laboral e económico durante o período da súa permanencia na escola-obradoiro. Cando por razón de idade non lles sexa aplicábel ós alumnos aprendices o réxime laboral en sentido estricto, en todo caso a súa aprendizaxe será gratuita no tocante á discencia e remunerada no tocante ó seu labor práctico.
 - A produción de bens artesáns obtida por unha escola obradoiro e que acade o nivel estandar de calidade controlada será comercializada polo Centro de Comercialización da Artesanía de Galiza (COMARTEGA). En función dos prezos de distribución polo COMARTEGA que resulten, estableceránse retornos que reverterán na escola-obradoiro e nos artesáns activamente integrados nela.
 - O financiamento das ecolas-obradoiro correrá a cargo da Xunta de Galiza, compartido mediante convénios coas Administracións Locais e sen perxuízo dos convénios complementários pertinentes coas oportunas pólas da Administración Central do Estado.
2. Creará-se o **Centro de Comercialización da Artesanía Galega (COMARTEGA)** como ente de economía mixta que terá por obxecto a organización da distribución da produción artesá galega, tanto cara o comercio interior de Galiza coma cara o exterior. O COMARTEGA enlazará a produción artesá coa rede comercial minorista sen suplantala,

mais poderá ter puntos de mostra e venda mediante acordos coas corporacións locais, coas escolas obradoiro ou con asociacións ou cooperativas artesáns.

3. Creará-se o **Consello Regulador da Artesanía Galega**, que estará composto por unha representación paritária da Administración Autonómica e do sector artesán. Coa participación das corporacións de ámbito territorial comarcal ou local, crearán-se os Consellos Reguladores nas demarcacións respectivas, que estarán funcional e orgánicamente conectados co Consello Regulador Nacional. O Consello Regulador de Artesanía Galega terá como funcións primordiais as seguintes:
 - a) Centralizar os censos de actividades artesás de nivel comarcal ou local.
 - b) Examinar, aprobar se é o caso, e elevar ó Goberno galego as propostas de creación de escolas obradoiro así como de promoción de novas formas de produción artesá remitidas polos consellos dos distintos ámbitos territoriais.
 - c) Elaborar propostas respecto das cuestións ás que se refire o punto precedente.
 - d) Estudar e propoñer as disposicións reguladoras da condición de artesán, para sometelas a aprobación polo Goberno galego.
 - e) Estudar e elevar as propostas de inclusión e rexistro de actividades artesáns procedentes dos consellos de ámbito comarcal ou local, ou actuar se é o caso por propia iniciativa neste respecto.
 - f) Levar en coordinación cos consellos de ámbito territorial o control de calidade dos produtos artesáns.
 - g) Elevar propostas ó Goberno galego de disposicións e actuacións encamiñadas á promoción, protección e difusión da artesanía galega.
4. O goberno galego, coa participación do Consello Regulador da Artesanía, en colaboración co sector artesán e coas súas entidades asociativas, elaborará as normas pertinentes para o establecemento dun **certificado de garantía** das diferentes variedades de produtos artesáns galegos.
5. En cada unha das unidades territoriais constituirá-se un **Consello Regulador de Artesanía Comarcal ou Local** (municipal), que elaborará un censo de actividades artesás autóctonas existentes ou de existencia recuperábel na súa demarcación, e elevaralle ao Consello

Regulador da Artesanía da Comunidade Autónoma propostas tanto de creación de escolas-obradoiro de artesanía coma de promoción de novas formas de produción artesá.

Os Consellos Reguladores de Artesanía Municipais estarán formados por unha representación paritaria dos concellos e do sector artesán.

A nivel comarcal, e namentres non estean legalmente institucionalizadas as comarcas en desenvolvemento do Estatuto de Galiza, o Consello Regulador conformarase por síntese a partir do nivel municipal e co mesmo criterio paritario establecido para o mesmo.

6. Crearase o **Instituto de Deseño Artesán** como institución promocionadora do avance e da esculca anovadora e recuperadora de formas artísticas e funcionais artesás. Para a súa estruturación e funcións específicas concretas, que se desenvolverán regulamentariamente, contarase coas escolas de artes e oficios, co Consello Regulador de Artesanía, coas corporacións locais que promovan escolas-obradoiros e coas asociacións de artistas plásticos galegos.

5.4.2.2 Réxime financeiro

1. Estabeleceranse as liñas de crédito preferenciais necesarias para financiar a estruturación e a promoción e o desenvolvemento do sector e a produción artesá. A tal efecto, o Goberno galego establecerá os convénios acaídos coas caixas de aforro e demais intermediarios financeiros que operen en Galiza.
2. As escolas-obradoiro terán prioridade na política de financiamento. A este respecto o goberno galego establecerá os convénios económicos pertinentes coas corporacións de ámbito local que se mostren dispostas a colaborar na promoción da artesanía galega.

5.5 COMÉRCIO

5.5.1 Introducción

A estrutura comercial galega baseada até os anos 90 no pequeno e mediano comercio, sofre desde entón unha fonda crise motivada, fundamentalmente, pola implantación no noso país de grandes superficies transnacionais ou grandes almacéns alleos ao control económico galego.

A implantación destas novas estruturas comerciais estivo e segue a estar favorecida pola política económica do goberno central e da propia xunta de Galiza. As medidas adoptadas no ano 1985 nas cales, entre outras cousas, se contemplaba a liberdade de horarios comerciais así como a introdución de mercadorías provintes da comunidade europea, sobre todo no sector alimentario, foron e son medidas tendentes a mudar os hábitos de consumo de tal maneira que as grandes superficies se vexan favorecidas.

Mentras que desde os diferentes gobernos se apoia as grandes superficies, o pequeno e mediano comercio tivo que afrontar en solitario as consecuencias derivadas dese apoio, o que significou a perda de moitísimos establecementos e a perda de miles de postos de traballo.

Nos últimos anos a Xunta de Galiza presionada tanto pola oposición (BNG) como polo propio sector, elaborou algunhas medidas para o sector. Estas medidas pola súa insuficiencia e falta de rigor á hora de aplicalas nos son máis que “medidas para a galería” se temos en conta ademais o interese da xunta a continuar esta política de instalacións de grandes establecementos. O feito de que no estudo encargado pola Xunta a respecto da situación do comercio en Galiza se tirara como conclusión que no noso país se poderían instalar catro grandes superficies máis é unha demostración de que o goberno galego o que fixo foi pagar un estudo no que estaban interesadas aquelas empresas con intencións de instalarse en Galiza.

A modernización do sector comercial galego é unha necesidade que desde o BNG se ven defendendo desde hai moito tempo, pero non só a modernización física dos establecementos, a humanización ou melloramento das zonas comerciais senón tamén os medelos de xestión comercial -distribución - compras - promocións, etc. -

Faise necesario un movemento asociativo no sector comercial que agrupe aos diferentes sectores, un asociacionismo que se comprometa coa realidade social e económica de Galiza e que pensado no seu futuro, teña como obxectivos non só a defensa dos intereses do comercio Galego senón tamén a reconstrución e defensa da economía do país que lle permita criar situacións tendentes a neutralizar as políticas comerciais, mesmo de prezos ofrecidas polas grandes multinacionais e que para este país o que representan non é nen mais nen menos que “pan para hoxe e fame para mañá”.

5.5.2 Medidas de goberno

1. O Bloque Nacionalista Galego impulsará desde o goberno de Galiza, políticas tendentes a superar a situación “crítica” pola que pasa o comercio, nomeadamente, unha nova Lei de Comercio Interior que se axuste ás necesidades sociais e económicas de Galiza e que desenvolva aspectos como:

- Definición flexíbel pero rigorosa da condición de comerciante, como garantía fronte á proliferación de prácticas intrusistas e circuitos paralelos.
- Limitacións escritas e control político a nivel do goberno galego do establecemento de grandes superficies comerciais, en defensa do conxunto do sector e especialmente do comercio nas cidades e grandes aglomeracións urbanas galegas.
- Axuste do marco legal ás peculiares esixencias da función comercial no medio rural de hábitat disperso.
- Potenciación da función comercial das vilas como cabeceiras de comarca.
- Regulacións de horarios a prol da normalidade de xornadas laborais, tanto dos empregados como dos comerciantes e negocios familiares, no pequeno e mediano empresariado que constitue a base maioritaria do tecido do sector comercial galego.
- Criación da Comisión para a Ordenación da Actividade Comercial, composta coa participación do empresariado do sector e as súas organizacións asociativas, das organizacións sindicais, e da Administración autonómica e local. Esa comisión terá preceptivamente carácter consultivo previo aos acordos de goberno e vinculante para as cuestións calves que atinxan ao sector.
- Criación de comisións análogas á anterior a nivel local (grandes cidades, comarcas ou concellos) para o axuste da normativa do comercio ás peculiares esixencias do seu ámbito territorial.

- Preparación e execución dun Plano de Reforma das estruturas comerciais galegas que reordene, modernice e potencie o sector, coa participación do propio empresariado e base laboral do mesmo, e co fomento das asociacións de comerciantes de carácter cooperativo.
 - Apoio activo á comercialización dos produtos galego en xeral, e en particular á dos produtos de calidade e produción artesá xenuínos do país.
 - Regulación do comercio ambulante.
2. Reclamará-se a transferencia via artigo 150.2 da Constitución Española, da totalidade das competencias en materia de comercio interior, de maneira que o Parlamento de Galiza poda legislar de acordo coas necesidades e características do comercio galego.
 3. Promocionarán-se de cooperativas de comerciantes.
 4. Promoción do asociacionismo dos pequenos e medianos comerciantes en agrupacións de áreas de xestión de compra e promoción que lles permitan ser máis competitivos a niveis de prezos.
 5. Estabelecemento de liñas de cretos e medidas de axudas económicas para afrontar a reordenación e reestruturación do pequeno e mediano comercio.
 6. Artellarán-se medidas de apoio económico para a modernización e recuperación dos mercados de abastos.
 7. Colaboración con os concellos coas correspondentes medidas económicas para o melloramento das zonas comerciais.
 8. Potenciamento dunha grande distribuidora de produtos galegos.
 9. Apoio a proxectos comerciais inovadores de iniciativa galega, tendo en conta o ordenamento e demanda comercial da zona onde vaian ser instalados así como a repercusión favorábel na economía do País.
 10. Impulsarán-se políticas tendentes á:
 - Modificación do sistema impositivo que substitua ao actual dos módulos e IAE.
 - Medidas fiscais que contemplan ao comerciante, autónomo e empresario, de maneira diferenciada.
 - Modificacións do réxime da seguridade social relativa aos autónomos.

5.6 TURISMO

5.6.1 Introducción

En materia de turismo o Bloque Nacionalista Galego fíxase os seguintes **obxectivos**:

1. Ordenar, definir e fixar os recursos e actividades turísticas e a súa relación coa ordenación do territorio. Determinando para a súa promoción a diversidade da oferta turística de Galiza.
2. Estabelecer criterios básicos de actuación en materia de infraestruturas turísticas, velando para que en todo momento a actividade turística respete, preserve e protexa a riqueza cultural e o seu patrimonio histórico-artístico, o medio ambiente e a forma de vida da poboación de Galiza.
3. Estabelecer a clasificación e requisitos e condicións mínimas de funcionamento das empresas turísticas.

5.6.2 Medidas de goberno

Elaboración dun **Plano Galego de Formación e Promoción do Turismo** que fixará cando menos os seguintes aspectos:

1. Elaboración dun mapa turístico de Galiza onde se especifiquen as especiais características e vocación turística dos concellos, comarcas e áreas xeográficas que dispoñan de recursos turísticos.
2. Inventarío e valoración dos recursos turísticos e fixación dos modos óptimos de aproveitamento dos mesmos e medidas a adoptar para a súa protección.
3. Áreas adecuadas para os fluxos turísticos en razón á súa situación, natureza, valor e capacidade dos seus recursos e as condicións do suelo e a preservación do medio ambiente.
4. Inserción económica do sector turístico co resto dos sectores produtivos nas áreas turísticas atendendo a un desenvolvemento armónico e equilibrado dos mesmos, e a que o sector turístico non sexa motivo de agresión para o resto dos sectores produtivos.
5. Ordenación dos usos turísticos en relación co resto da ordenación do territorio.
6. Tipoloxía das distintas ofertas turísticas básicas e complementarias e estimación cuantitativa e cualitativa da mencionada oferta en función das previsións sobre a demanda e aptitude do territorio.
7. Incentivación de iniciativas e proxectos que se inxiran nas perspectivas turísticas a protexer e promocionar desde a Administración Turística.

8. Zonas de protección e demais cautelas a adoptar para preservar ao turismo de usos, obras e actividades incompatíbeis con el.
9. Planos e proxectos sectoriais a abordar e directrices dos mesmos de planos e programas de protección do contorno medioambiental e dos espazos físicos con vocación turística.
10. Obras de infraestruturas necesarias para a promoción e adecuación da oferta turística e a súa priorización.
11. Medidas para incentivar o turismo interior e o coñecemento do país e dos seus recursos turísticos polos propios galegos.
12. Promoción do turismo de costa, aproveitando a cantidade e pluralidade da oferta turística galega vinculada a este sector, así como fomentando a preservación das augas, praias e medio ambiente.
13. Plano de actuación para a mellora das infraestruturas dos recursos turísticos.
14. Aproveitamento das condicións naturais e ecolóxicas. Potenciamento dos establecementos balnearios.
15. Impulso de actuacións empresariais que posibiliten a mellora da produtividade mediante diminución de custes, prestacións de servizos en común e outras actuacións análogas.
16. Programa de restauración, recuperación ou rehabilitación de bens de interese turístico, sexan culturais, históricos, arqueolóxicos, artísticos ou doutro tipo.
17. Potenciamento da agrupación de esforzos dos concellos que permitan configurar áreas comarcais cunha oferta turística complementaría e integrada.

**II. POLÍTICA DE ORDENACIÓN TERRITORIAL
INTRAESTRUTURAS E VIVENDA**

6. INTRODUCCIÓN

6.1 OS RISCOS ESENCIAIS DUN DIAGNÓSTICO SOBRE A SITUACIÓN DO TERRITÓRIO DE GALIZA

6.1.1 O territorio de Galiza no momento presente

Galiza, mercede ao seu xeito multiseclar de habitar que é tamén unha maneira de ser, constitúe un **paradigma de humanización do territorio**, xa que logo de intensiva e ao tempo equilibrada explotación dos recursos dos que dispón o país, único xeito de poder garantir esa explotación no futuro. Velaí que a razón de que para nós os galegos o **territorio** chegase a ser algo máis que un soporte físico de actividades, para devir en **compoñente da nosa propia personalidade**.

Logo das sangrías migratorias dos tres primeiros coartos de século, que fixeron abanear os alicerces do mundo rural, a partires dos anos setenta, a inmensa maioría do territorio sucumbe aos efectos combinados dun **proceso de urbanización anárquico** na meirande parte das **bisbarras do litoral, nas cidades e vilas grandes e nas súas redondas**; dunha **especialización produtiva exaxerada** e ás veces pouco meditada (explotacións gandeiras de vacún, repoboacións forestais en áreas pouco acaídas...), e dun **duro control dos recursos financeiros** por parte dun **sistema financeiro alleo** ás necesidades reais do país.

O territorio pasou de ser aquilo do que a poboación tiña conciencia global, polo tanto algo coidado, mimado, respetado, **a se converter en obxecto de prostitución permanente, todo elo en maridaxe co máis absoluto desbaldimento de recursos** (por definición económica, sempre escasos).

A consecución de niveis de decisión política -xa que logo, económica e social- conseguidos no marco do estado autonómico, até agora, non só non levou parello un melloramento da situación, senón o contrario. **Os sucesivos gobernos autonómicos habidos até eiquí ignoraron os problemas territoriais** e pouco máis fixeron neste campo que dar canle libre ás actuacións espontáneas derivadas das crudes *“leises de mercado”*.

Sabemos que a capacidade de manobra dentro do marco autonómico (sobre todo económica e financeira) non é precisamente grande, pero a disposición para sentar as bases

que permitan a introducción, anque nada máis sexa, de unhas migallas de racionalidade no proceso de ordenación territorial, é cousa de vontade e xestión política, non de recursos presupostarios. E non pode ficar tristeiramente reducida a iren aprobando normas urbanísticas municipais nalgúns concellos. Porque, pesie a que as moreas de bruxos do mundo civilizado sinalan o entronización de San Mercado coma rei do Universo, na súa loita contra do Diaño Planificador, o certo é que as sociedades modernas -e as do porvir, se non se produce unha catástrofe- son debedoras antes de nada, do descubrimento auténticamente revolucionario e liberador, de que o futuro, con certas marxes de erro, se poidese planificar dende o presente.

6.1.2 Necesidade dunha política de ordenación integral do territorio

Este país ten recursos, ten xente capaz, preparada, para poñer eses recursos ao servizo das súas xentes; este país ten feito esforzos por modernizar as súas estruturas produtivas e debe ser quen de facelo, con rigor e racionalidade coas infraestruturas que pulen polo desenvolvemento económico, social e cultural do noso pobo. Se algo lle falta é a confianza en sí mesmo, a recuperación da ilusión e tamén da dignidade; e, por suposto, a concreción dun proxecto político de seu, galego, pensado, elaborado, discutido, exprementado, criticado en Galiza e por galegos.

É sobre do alicerce que supón esa confianza en nós mesmos onde ten que callar unha política de **ordenación integral do territorio** baseada na crencia de que **un país é un proxecto de futuro a longo prazo**, que todas as cousas a longo prazo teñen que ser consensuadas por unha ampla maioría dos que as queren conseguir. E entre o feixe de cousas a conseguir, cecáis a que ten unha **maior necesidade e urxencia de consenso social e político, é a ordenación do territorio**, porque ordenar territorio, en calquera eido, conleva obrigadamente, uns resultados, unhas **repercusións, que trascenden, e con moito, á vida das persoas que planifican** nese eido.

6.1.3 Comezar por saber. A necesidade de centralizar información e investigación no eido da ordenación territorial

Velaí que a primeira medida de goberno no eido da ordenación territorial sexa a de Promulgar a Lei de creación dun ente que investigue a fondo nas entranas do noso territorio. Este ente é o **Instituto de Estudos Territoriais**, organismo que nos primeiros dous anos de

governo do BNG ten que poder conseguir un Diagnóstico certo, cabal, suficiente para dispor dunhas **Directrices Territoriais** para todo o Territorio galego (a terra, o mar, e o ar), á lus das cais terán que encaixar todos os grandes proxectos (de grandes infraestruturas de calquera tipo, de instalacións industriais, de explotación de recursos primarios, do carácter e localización de áreas terciarias, de intermodelización do transporte, de modelación e remodelación do habitat, de vivenda, etc. etc. etc.). A existencia deste organismo, doutra parte, xa está prevista na LOT.

Estas Directrices non só teñen que ser o marco de referencia para o resto dos instrumentos de ordenación, ou para as políticas sectoriais delas dependentes, coma se indica na Lei de Ordenación do Territorio, (Lei 10/1995, de 23 de novembro); tampouco se cinxirán só a suministrar criterios para esas políticas sectoriais e actuacións das administracións públicas, ou a propoñer a acción conxunta con outras comunidades autónomas en territorios fronteiros, ou có Estado en temas da súa competencia. As Directrices, tal coma as concibe o BNG, teñen que desenvolver efectivamente esas funcións.

Porén, o carácter co que se pensen, elaboren, aproben e apliquen, ten que supoñer algo máis ca esas funcións. As **Directrices**, en tanto que resultado dun proceso fondo de reflexión e participación da poboación, directamente e a traveso de todas as administracións e colectivos territoriais e sectoriais, nos aspectos básicos, **teñen que ser algo así coma a descripción e caracterización, nos aspectos básicos do país do século XXI**. Do país que queremos, pero que non é outro, non pode ser outro, co país que necesitan, que necesitamos, os que nel moramos.

6.1.4 A xestión do inmediato

En calquera caso, **a situación do País é de tal gravidade que unha acción de goberno non pode agardar a dispor do Diagnóstico certo e da aprobación das Directrices** (en forma de Lei do máximo rango) **para poñerse a andar**. A acción de goberno require de medidas urxentes en materia de infraestruturas de comunicación e transporte, de infraestruturas básicas, en urbanismo, en vivenda, en medio ambiente, en infraestruturas produtivas, na posta en valor do patrimonio cultural, etc.

As medidas que se enmarcan no que poderíamos chamar xestión do inmediato, **haberán de se inspirar nos obxetivos e criterios que se explicitan no Presente Programa**

de Goberno para a elaboración das Directrices, e para a propia Lei de Creación da institución (IET) que coordinará a súa redacción.

7. OBXETIVOS E CRITÉRIOS

7.1 Introducción

1. Dacordo co esbozo de Diagnose sobre da situación do Territorio de Galiza e a necesidade de proceder á súa racional ordenación, o BNG comprométese a modificar a **Lei de Ordenación do Territorio -LOT-** (Lei 10/1995, de 23 de Novembro), de cara a conferir rango de lei ao instrumento de ordenación xeral do territorio, preciso para ese cometido ordenador. Referímonos ás **Directrices Xerais de Ordenación do Territorio de Galiza**. Con posterioridade, compromete-se igualmente á revisión de todas as leis con incidencia na ordenación do territorio, ben sexan de orde urbanística ben de orde sectorial.
2. De cara á máis rápida tramitación da Lei que contería as Directrices Xerais de Ordenación do Territorio (DXOT), así como o resto da lexislación de desenrolo das mesmas ou aquela outra que se teña que revisar por mor da súa aprobación, o goberno do BNG considera prioritaria a tramitación previa da Lei conformadora do **Instituto de Estudos do Territorio(IET)**, cuxa existencia ven determinada polo artigo 31 da LOT, Instituto que foi incluído na dita lei por mor dunha enmenda transaccional do propio BNG. Será o IET, logo de dispor da información básica requirida sobre da situación do territorio galego e da prognose sobre do futuro, así como dos Obxetivos e Critérios emanados do Goberno, o organismo que se ha encargar da redacción do Primeiro Borrador desas Directrices Xerais de Ordenación do Territorio, que se tramitarán coa **máxima participación da cidadanía e dos organismos representativos de todas as instancias territoriais**.
3. En tanto non se dispoña das Directrices Xerais, dacordo cos principios, obxetivos e criterios do Programa do BNG, **o IET informará e dictaminará os proxectos sectoriais** que supoñan notorias repercusións na estrutura do territorio e **elaborará e desenvolverá**, no seu caso, os criterios de coordinación de todos **os proxectos máis directamente relacionados coa ordenación territorial**.
4. **Até a creación e dotación do IET, a política de Ordenación do Territorio**, en base á filosofía, obxetivos, criterios e contidos programáticos do BNG, **será desenvolvida pola normal acción de goberno, conforme á estrutura organizativa actual da Xunta** (sen

perxuízo dos cambios que na mesma sexa obrigado introducir por mor das prioridades programáticas de orde sectorial) e conforme ao presente Programa de Goberno, no que fai á *xestión do inmediato* en cada Área.

5. Aprobadas as Directrices Xerais de Ordenación do Territorio, e de conformidade coas súas determinacións, elaboraranse, ao mesmo tempo ou inmediatamente despois, **os demais Plans Directores dos diferentes ámbitos territoriais que conforman a estrutura organizativa territorial propia de Galiza** (País, Comarcas, Concellos, Parroquias, outras Unidade Operativas conformadas por territorios homoxéneos ou complementarios) e tamén os **instrumentos de coordinación** para o millor cumprimento dos Plans Sectoriais de todo tipo que se acometan, como consecuencia da aplicación do Programa de goberno. Este labor farase de modo gradual, conforme ás prioridades que marque o goberno para cada exercicio económico anual.
6. As **razóns que avalían esta cadencia temporal** deveñen de tres feitos esenciais:
 - a) Da **própria gravidade da situación territorial de Galiza**, posta de relevo na Diagnose sobre da situación actual, que demanda impedir a agresión gratuíta ao noso medio natural, ao sistema litoral, a rede hidrográfica, ás zonas acaídas para o cultivo, intensivo e extensivo, ás zonas de montaña, aos bosques autóctonos, aos sistemas produtivos propios, etc. etc., agresións que veñen sendo provocadas por mor dun falso progreso, que ten construído infraestruturas viarias de escalas impropias ou sen a imprescindible concepción modal do transporte, esencial para o país; pola que se teñen elixido equivocadas localizacións de equipamentos (escolas, hospitais, instalacións deportivas, etc.), de solos industriais desartellados, de vivendas de promoción pública..., abeirado todo elo en criterios localistas que nada teñen que ver coa racionalización e co harmónico desenvolvemento socioeconómico que a nosa condición de vello país, periférico e dependente necesita.
 - b) Da **necesidade de que todos os cidadáns galegos entendan que non se pode dilapidar o seu máis preciado patrimonio: o territorio da nación**, -elemento conformador esencial dos nosos sinais de identidade como povo-, co engado dun progreso que non é tal, como estamos xa cansos de comprobar.
 - c) Da **necesidade dun axeitamento non traumático do territorio galego aos proxectos de desenvolvemento socioeconómico e modernización real do país**, cuestión que é agora mesmo esencial, logo da desfeita do modelo territorial tradicional e dos intentos de destrución dos sistemas produtivos propios da nosa nación, que conlevou a xeneralización no Estado español do modelo urbano industrial e de concentración, e que está a acadar o cume coa entrada en pésimas condicións na Comunidade Económica Europea, sen que

Galiza tivese voz propia nese concerto de estados e nacións nen poder de seu para facerse oír na actual Unión Europea . Basta unha rápida lectura de documentos como *Europa 2000* ou, aínda mellor, o máis recente *Europa 2000 +*, saídos ambos os dous da man da propia Comisión Europea, para decatármonos de que só cunha acción voluntarista -isto é política-, utilizando os instrumentos de ordenación territorial, é que se poden, senón arranxar, si minorar os aspectos máis nefastos das tendencias advertidas nas distintas áreas ou rexións económicas europeas; e, dentro delas, a que se denomina como *Arco Atlántico*, na que se adoita inserir Galiza, e na que o noso país xoga un rol de ínfimo orde, pola súa condición de perifeira dentro da perifeira, coa maioría dos seus sectores produtivos básicos en fonda crise.

7.2 Obxetivos que deben guiar a elaboración das Directrices Xerais de Ordenación do Territorio

A Lei que probe as DXOT de Galiza terá coma obxetivos básicos:

1. A **ordenación integral e equilibrada do territorio** do noso País, de cara á **preservación da súa identidade**.
2. Axudar ao **establecemento dun modelo que, sen renunciar á consecución dunha auténtica modernidade, preserve os valores esenciais do territorio** (naturais e artificiais) e facilite a **optimización dos seus recursos produtivos** como único xeito de acadar un **desenvolvemento socioeconómico autosostido** que poda manter e aumentar non só o **nível de vida**, senón, e sobre de todo, a **calidade de vida** do conxunto da cidadanía galega; e, mesmo, as expectativas de supervivencia de cara ao futuro.
3. A procura, até onde sexa posible, do **mantenemento da distribución equilibrada da poboación no territorio**, evitando tanto o crecemento anárquico das áreas territoriais urbanas coma a acelerada despoboación das áreas rurais do interior e da montaña. Todo elo sobre do principio tamén básico do modo de habitar galego, disperso pero xerarquizado, dos asentamentos humanos.
4. A **regulación dos instrumentos de ordenación territorial en todos os niveis e a organización administrativa do territorio** acaída para ese mester que precisa a Galiza do século XXI e na que andivo en inútil procura dende mediados do XIX. Esta exigencia, endemáis, ven determinada pola propia Lei fundamental galega: o Estatuto, que exige dotar de personalidade xurídica ás entidades naturais de Galiza: a parroquia e a comarca, que logo de varios lustros de gobernos autonómicos, aínda carecen dela.

5. O labor a prol da **recuperación da concepción global do territorio** a todas as escalas que outrora tivo a poboación; hoxendía, certamente, con marcos delimitadores espaciais e funcionais diferentes aos que existían denantes de se perder esa capacidade de comprender integralmente o medio físico modelado pola acción do ser humano ao longo da historia, que se consegue a traveso do dominio da escala das intervencións no territorio por parte da poboación que as acomete e que resulta, para ben ou para mal, afectada; é dicir, a comprensión cabal da complexa cadea de interrelacións que toda intervención, por pequena que sexa, provoca no territorio; só así se pode decidir con coñecemento de causa e de modo amplamente participado e consensuado, cais son as actividades acertadas e cais non.
6. A **harmonización entre as áreas urbanas e as rurais**, regulando acaidamente, isto é, de xeito non uniformizado, ambas as dúas realidades (tendo en conta a necesidade de manter o poboamento nas áreas rurais e a escala abarcábel do crecemento das áreas urbanas). Regulando asímesmo un fenómeno non específico do noso país, pero con riscos moi característicos entre nós, cal é a **participación dunha parte considerábel do noso povo, de xeito simultáneo, das dúas realidades**, plasmada tanto na vida -económica, de lecer, etc.- a cabalo do espacio de procedencia e o da residencia principal (ás veces fundamente alonxados), canto -e isto é máis recente pero non menos importante- no que, a falta de mellor termo, hai que chamar *cidade no territorio*, que xa adquiriu un peso considerábel no hinterland das principais cidades e grandes vilas, pero que aínda vai ser maior nos próximos lustros, cos seus riscos positivos, que haberá que pular, e cos negativos, a maioría das veces, que hai que procurar erradicar.
7. **O achegamento das Administracións Públicas aos cidadáns en todas as escalas**
8. Amáis dos obxetivos básicos, serán funcións das Directrices Xarais de Ordenación do Territorio de Galiza, os que dalgún xeito xa se recollen na vixente Lei de O.T, a saber:
 - A formulación de xeito integral, partindo do acaemento aos presupostos socioeconómicos inspiradores da acción de goberno, do conxunto de criterios e disposicións normativas que guíen e/ou regulen, segundo os casos, o asentamento no territorio das diversas actividades económicas e sociais, tanto as desenvolvidas polos axentes públicos como polos privados que operen no territorio da nosa nación.
 - Establecer as condicionantes de orde territorial que deban ser tidas en conta á hora de formular e levar á práctica as distintas políticas sectoriais da Xunta e de calquera outra administración de Galiza, así como para a actividade urbanística das Áreas Territoriais Urbanas, das Comarcas, das mancomunidades de municipios, dos concellos e, mesmo das parroquias (cando dispoñan de competencias nese eido), co gallo de garantir unha

acaída coordinación e compatibilidade das decisións das diferentes administracións locais coas da administración autonómica.

- Proporcionar criterios informadores para a formulación das políticas sectoriais da Administración Central do Estado no territorio galego; e proporcionarlle elementos para a programación dos recursos da dita Administración que se deban investir en Galiza.
- Propoñer e priorizar as accións territoriais onde se precise a actuación conxunta doutras Comunidades Autónomas do Estado español, lindeiras, así como dos correspondentes entes administrativos da Rexión Norte de Portugal, ofrendando a documentación básica para o establecemento dos convénios de cooperación que favorezan o desenvolvemento de calquera área territorial galega.

7.3 Criterios inspiradores da política de ordenación territorial

Amais dos Obxetivos a perseguir coa promulgación da Lei e conseguintes instrumentos de ordenación e organización do territorio, o IET baseará o seu labor -tanto de esculca como de proxectación e, mesmo, para a elaboración do borrador de DXOT e demais instrumentos de ordenación territorial- nos seguintes criterios xerais:

A) CRITÉRIO BÁSICO PRÉVIO

O BNG aposta polo carácter eminentemente público do labor de Ordenación Territorial en todas as escalas territoriais

B) CRITÉRIOS METODOLÓXICOS

1. **Planificar a longo prazo**, sobre da imprescindible base dun amplo consenso político, económico e social, e logo de dispor dunha fonda análise da situación do territorio e das súas perspectivas reais de futuro para, alomenos, os próximos vinte-vintecinco anos -incluídas, como é lóxico, as variables voluntaristas dunha política territorial acertada que mingoe as disfuncións máis acusadas que se aprecien na diagnose na que se baseen as Directrices.

2. **Xestionar a curto e medio prazo**, en base aos obxetivos e criterios programáticos do BNG para a próxima lexislatura autonómica, en todos os eidos.

C) CRITÉRIOS FUNCIONAIS

1. Procurar un **ponto de equilibrio entre a non dependencia territorial** propia do modelo territorial galego e a **especialización dependente do territorio**, característica das sociedades urbanas do marco político e socioeconómico no que Galiza, polo de agora, se atopa. Este punto de equilibrio é o único capaz de garantir o desenvolvemento integral e autosostido da nosa nación.
2. A **combinación equilibrada entre potencialidades e incompatibilidades das diferentes áreas territoriais** coa persecución da meirande **diversidade de usos** do territorio que este posibilite, **evitando a irracional especialización funcional** das distintas áreas territoriais (litoral, montaña, e en menor escala, comarcas, concellos, etc), máis alá do que condicionan os diferentes recursos produtivos propios de cada área.
3. A **primacia dos procesos produtivos integrados** sobre da especialización produtiva en base a un só recurso para todos os ámbitos de dimensión comarcal e áreas territoriais homoxéneas (moitas veces con ámbitos superiores ao da comarca).
4. A **eliminación da secular política de desbaldimento de recursos** por mor dunhas directrices confusas ou contradictorias; e tamén por políticas sectoriais ríxidas e descoordenadas, acometidas sen analizar comenadamente os impactos fortemente negativos que tais actuacións, mesmo a curto prazo, poden ocasionar aos distintos sectores produtivos, aos ecosistemas ou ao medio ambiente, en xeral.
5. A necesaria **potenciación da explotación dos recursos básicos, tradicionais e modernos** sobre dos que descansa, hoxe por hoxe, a economía galega, así como **aqueles outros recursos máis novos cuxa explotación require labores de ordenación territorial previa**, para que o seu pulo sexa efectivo e o asentamento, duradeiro (poñamos por caso, os recursos turísticos de todo tipo no noso país)
6. O **abandono das políticas consistentes en incentivar actividades que supoñan impactos con forte contido de irreversibilidade no territorio** (contra os recursos básicos, medio ambiente, asentamentos de poboación, etc.), coutando todo novo intento de implantación destas actividades e arbitrando os mecanismos que leven a supresión gradual das xa implantadas

D) CRITÉRIOS OPERATIVOS

1. **Comezar a operar coa andamiaxe lexislativa, existente**, modificada só naqueles aspectos de máis perentoria contradicción cos presupostos programáticos, de cara a poñer en marcha de xeito urxente o instrumento técnico-operativo esencial para toda a política de ordenación territorial, de cara á xestión a curto prazo das cuestións inaprazables neste eido (xestión de infraestruturas, de transportes, de vivenda, de medio ambiente, de dotacións equipamentais públicas, da procura da información operativa existente sobre todos os eidos da realidade do noso país, hoxe fragmentada e espallada en dúcias e dúcias de organismos que a agochan por sistema, pesie a ser imprescindible para calquera política planificada, sectorial ou territorial, actividade que terá por norte á desaparición ou mingamento dos atrancos que hoxe coutan a modernización dos sectores básicos da economía, etc., etc.). Labor de xestión que resulta inaprazábel e que é preciso ir acometendo mentras se elabora e tramita o marco xeral que van ser as **Directrices**, non entendidas ao xeito da LOT agora vixente, senón como se configuran no presente Programa de Goberno, que recolle e amplía, no básico, o Texto alternativo proposto polo BNG á LOT aprobada no Parlamento de Galiza.
2. **Acaer a estrutura organizativa da Xunta para facer doada a coordinación interdepartamental que pule e non atranque a capacidade operativa do IET**, por máis que este se teña que adscribir á Consellaría que máis directamente encarna as competencias de ordenación do territorio.
3. **Valeirar de contido operativo ás Deputacións provinciais**, desandando o camiño últimamente encetado pola Xunta de dotar de máis poder a estas artificiais administracións locais a traveso das leises recentemente aprobadas (LOT, Lei de Desenvolvemento Comarcal) ou en trámite parlamentar (Lei do Solo), con outa incidencia na ordenación do territorio. Ao tempo que se ensaia a formación dos instrumentos técnicos operativos de escala comarcal, sobre da base dunha división comarcal provisoria.
4. **Distinguir con nitidez as áreas de intervención, no que atinxe ao carácter público, privado ou mixto, das implantacións no territorio**, baixo o principio de que as intervencións do sector público, alomenos a medio prazo, haberán de producirse naqueles territorios de menor dinamismo e sobre dos sectores básicos para a a súas específicas recuperacións económicas sociais, culturais, etc., sempre e cando non cobicen comenentemente ao sector privado ben por falla de rendibilidade a curto prazo, ben por falla da información acaída sobre dos resultados dos investimentos. Subsidiariamente, tamén se haberá de estender a todas aquelas áreas onde se albisque falla de interés por parte da empresa privada, pero que se xulguen imprescindibles no seu papel de motores da recuperación territorial de que se trate (comarcal, local).

E) CRITÉRIOS INSTRUMENTAIS.

As DXOT de Galiza, como instrumento básico de ordenación do territorio da nosa comunidade, deberá deseñar un sistema de ordenación do territorio no que se poda dar:

1. Un **equilibrio entre a centralización e a descentralización**. Ou sexa, partir da comenencia de utilización de instrumentos de planificación que respondan tanto ao conxunto do país, canto ás necesidades de calquera das súas áreas territoriais, primando a descentralización en todo aquilo que non atente contra os obxetivos básicos de obrigada asunción en todo o territorio.
2. **Equilibrio entre** o que poderíamos chamar **acción proactiva** (isto é, un sistema no que os recursos para a execución dos plans non sexan unha entelequia; e que, polo tanto, as administracións responsables dos plans contén cun mínimo de medios para levalos adiante), **e unha acción reactiva** (na que son os recursos privados os que responden as expectativas xeneradas polos plans). De calquera xeito, se a agulla da romana se ten que inclinar cara un dos dous lados, entendemos que, alomenos nos próximos anos, o ten que facer cara a acción proactiva, como, por outro lado, se observa que se fai en boa parte dos territorios e das cidades europeas, logo de se ter aprobado o Mercado Único, que demanda planificación espaciais estratéxicas.
3. **Equilibrio entre a regulamentación e a discrecionalidade**. O sistema de Ordenación do Territorio que o BNG entende coma máis axeitado para o noso país, dadas as condicións das que se parte, ten que regulamentar acaidamente os aspectos fundamentais da planificación e, en troques, abrir as portas a mecanismos flexíbeis e mesmo a unha certa discrecionalidade, que non arbitrariedade, na súa execución ou xestión. O fundamental son as grandes directrices (a calquera nivel territorial); a partires do fundamental, hai que evitar rixideces, dotar ás administracións de capacidade operativa, diversificar os sistemas de xestionar. Hoxendia acontece o contario: dase a ausencia case absoluta de Directrices Xerais en todos os ámetos superiores ao concello (hai que desbotar as NSProvinciais como instrumento de ordenación integral do territorio); e, pola contra, asistimos a unha regulación completísima pero absolutamente ineficaz no noso país, de xestionar os plans.

7.4 A configuración do Instituto de Estudos Territoriais

1. O IET adscribirase orgánicamente á Consellaría de Política Territorial.

2. O IET comezará a funcionar, logo da súa creación por lei, no primeiro ano de lexislatura.
3. A Dirección Política confiarase a un Consello Rector, no que estarán representadas as forzas políticas con representación parlamentar e integrado tamén por representantes das consellarias nas que o exercicio das súas competencias teña máis incidencia no territorio. Estará presidido polo titular da Consellaría á que se adscribe orgánicamente o IET, ou polo Director Xeral en quen aquel delegue.
4. O IET contará cun amplo rol de profesionais capaces de desenvolver a Dirección dos correspondentes equipos -sempre interdisciplinares- que terán que levar a cabo os labores de cada área básica de actuación: Infraestruturas de Comunicación e de Transporte, Infraestruturas Urbanísticas Básicas, Grandes Dotacións Equipamentais, Vivenda, Planeamento e Xestión Urbanística, Infraestruturas Produtivas (agrarias, pesqueiras e marisqueiras, mineiras, enerxéticas, industriais, comerciais, turísticas, etc.), Protección e posta en valor do Patrimonio Histórico-Artístico, Arqueolóxico, Etnográfico e Cultural, Protección dos Espacios Naturais, da Paisaxe e do Medioambiente, etc.,etc.
5. O IET será o organismo onde se centralizará e se disporá a información sobre o territorio de Galiza (tanto cartográfica como literaria e estatística). Esta información estará dispoñíbel para todos os organismos das Administracións públicas, centros de estudo e investigación, investigadores individuais e, no seu caso, por calquera persoa que xustifique comenentemente a demanda. A respecto do anterior, o IET terá coma obxectivo prioritario o establecemento das medidas precisas para que toda a Información sobre do territorio sexa constante e, mesmo, instantáneamente actualizada, para o cal elaborará a normativa que, unha vez aprobada polo goberno galego, obrigará a todas as administracións galegas (sectoriais e territoriais) a suministrar -con precisión e urxencia- todas as variacións producidas no territorio da súa competencia ou no sector correspondente.

8. ACTUACIÓNS SECTORIAIS

8.1 COMARCALIZACIÓN

8.1.1 Introducción

O BNG entende que a Comarca é unha unidade territorial básica de Galiza. O seu recoñecemento como tal polo Estatuto non devén só da corrente de pensamento nacionalista máis xeneralizada, que foi quen de precisar os seus riscos fundamentais e a necesidade do seu recoñecemento político e xurídico. Devén igualmente dun feito incuestionable: a Comarca

(tamén chamada Bisbarra ou Terra, segundo as zonas), por máis que hoxendia non presente a nidia concreción de lindeiros que denota o seu étimo, fai referencia a un territorio próximo, abarcable, sentido polos habitantes dela como a maior demarcación territorial que poden sentir como súa; territorio no que se adoita romper a monotonia da cotidianidade consustancial á parroquia; territorio ao que se vai e polo que se anda -para traballar, para estudar, para o lecer- sen sair do coñecido.

Velaí a súa extraordinaria importancia como delimitación chave na ordenación do territorio, porque ten as dimensións máis acaídas para ser o espacio no que se poden concretar as localizacións que de xeito xenérico establecerán as Directrices Xerais de Ordenación do Territorio de Galiza. Na comarca é onde teñen que ter acobillo a inmensa maioría das implantacións necesarias para a vida económica, social e cultural da poboación dos concellos e parroquias integrados nela, que polas súas dimensións non se poden repetir en cada ámeto territorial ou administrativo menor. Acontece que a comarca, logo de tantas centurias sen recoñecemento administrativo, e mesmo por ese seu carácter cambiante en función do propio desenvolvemento económicosocial, dos transportes, etc., non é unha realidade que se poda precisar dunha vez por todas. Pero iso non pode levar, a hora da súa delimitación actual, nen ao desprezo das compoñentes básicas: a xeográfica e a histórica, nen a pensar que un soporte territorial pode funcionar como ámeto de ordenación territorial, sen un previo recoñecemento xurídico-político, a non ser que o que se queira sexa outro invento artificial sen operatividade algunha. E isto foi o que fixeron até agora, precisamente, os gobernos de Manuel Fraga. O teórico esforzo de acopio de datos feito na última lexislatura sobre da comarcalización pecou, precisamente, dese inarreglábel vicio que é a falla de posicionamento nidio -político, no mellor sentido da palabra- a prol de estruturar a organización do territorio de Galiza sobre da base desta peza territorial fundamental para calquera política -xa que logo, pública e planificada- que pretenda enxofrar racionalidade nos procesos de explotación dos recursos, no mantemento dun certo equilibrio no sistema de asentamentos humanos, na formación da xente nova, na saúde da poboación, na consecución dun outo nivel de accesibilidade para a satisfacción das necesidades de todo tipo (dende a explotación dos recursos até o disfruite do tempo libre), etc.,etc., etc.

8.1.2 A acción de goberno no que atinxe á comarcalización

O BNG, no que teña a responsabilidade de gobernar, dentro da lexislatura próxima, e en base ao que acabamos de dicir, elaborará e promulgará unha lei que recoñeza a personalidade xurídica das comarcas. Con elo, non só cumprirá fielmente o mandado estatutario, senón que estará a poñer a primeira pedra do complexo edificio onde se ha concretar o contido básico da ordenación territorial. A dita lei arbitrará todo o relativo á dotación de medios económicos, financeiros e fiscais ás comarcas, co gallo de que estas podan acadar os obxetivos que o ordenamento lles encomende en todos os eidos, entre eles, o que eiquí nos interesa: a elaboración, aprobación e xestión dos plans territoriais de ordenación. É precisamente no eido das directrices territoriais, isto é, aquelas orientacións de obrigado cumprimento a ter en conta á hora de planificar sectorialmente ou cando se pretenda regular o que atinxe aos usos do solo, onde a comarcalización adquire dimensións de auténtica necesidade e, nalgúns casos, mesmo de urxencia.

A división comarcal aprobará-se por lei. E, conseqüentemente co que se ven de sinalar, será a lei que aprobe as Directrices Xerais de Ordenación do Territorio de Galiza a que conforme a división comarcal no noso país. Porque só despois de saber cal é o estado real do noso territorio e termos arbitrado entre toda a cidadanía as medidas básicas para a súa recuperación, é que se pode conformar o Mapa comarcal galego.

A dotación de medios humanos, económicos e financeiros das comarcas (absolutamente necesaria para poder cumprir os obxetivos que se lle encomenden a estes entes naturais da organización territorial galega), haberá de se realizar de forma gradual, priorizando a posta en marcha daquelas comarcas nas que o consenso sobre da súa delimitación sexa completo. Priorizarase igoalmente, conforme aos propios criterios nos que se baseen as propias DXOT de Galiza, pomos por caso, en razón da urxencia de aplicación de determinadas directrices (graves problemas socioeconómicos, despoboamento, etc.etc.).

Artellará-se de inmediato un Fondo de Cooperación Interterritorial, concebido como instrumento de solidariedade, interrelación e compensación de desequilibrios entre as comarcas.

Serán competencias dos entes comarcais todas as que se refiren á ordenación territorial xeral do respectivo ámeto, especialmente as directrices xerais de planeamento comarcal, as cais, sen ánimo de facer un completo catálogo, terían que regular:

- a) As infraestruturas básicas de ámbito comarcal, tais como: os sistemas de comunicación intracomarcal, as infraestruturas de abastecemento de auga, depuración de vertidos, tratamento de residuos sólidos, produción e distribución de enerxía, etc.
- b) Os servizos de ámbito comarcal dispostos segundo o principio de autonomía de escala, referidos ao transporte, a educación, á saúde, á cultura, ao deporte, etc.
- c) Os usos globais do solo, con sinalamento de incompatibilidades para aqueles que resulten contradictorios co modelo xeral definido nas DXTOG para a comarca de que se trate.
- d) A protección dos espazos naturais existentes no ámbito da comarca e a protección do medio ambiente comarcal, así como as medidas xerais que fagan posíbel a explotación dos recursos de todo tipo que neles se dean -incluída a posta en valor dos espazos naturais en tanto que tais.
- e) As especificacións (a maiores da normativa xeral galega) a ter en conta para a elaboración de estudos de impacto nas intervencións de carácter comarcal que xa estean previstas nas propias directrices ou plans comarcais; etc.etc.

Os usos pormiudados do solo ou a regulación do feito constructivo (edificabilidades, volumes, tipoloxías, etc.) que, en termos xerais, seguirán a ser competencia dos concellos, alomenos mentras estes non renunciaren, expresa ou tácitamente, a exercer esa competencia.

Aos efectos da ordenación do territorio, e para actuacións sectoriais, poderanse establecer para distintas finalidades de orde infraestrutural, socioeconómico, asistencial, cultural, etc., Unidades Territoriais Operativas (permanentes ou temporais, segundo a finalidade) que teñan como ámbito o de varias comarcas, sempre que se trate de territorios homoxéneos (o que se adoita chamar rexións dende o punto de vista da xeografía económica) con problemáticas moi semellantes. Pomos por caso: comarcas da montaña, comarcas dunha conca fluvial ou dun tramo significativo da mesma, comarcas do litoral e, por suposto, as Áreas Territoriais Urbanas.

Dende o punto de vista da ordenación territorial, a comarca non se pode entender sen a existencia de unidades de menor dimensión superficial, especialmente as parroquias. Xa que logo, da mesma maneira que é obrigado -e, mesmo, comenente- dotar de personalidade xurídica á comarca, tamén o será dotar de personalidade xurídica a estoutro ente natural de Galiza que son as parroquias. Noustante, por mor dos cambios producidos no habitat galego, o BNG entende que este recoñecemento só se ten que dar para as parroquias rurais ou para aquelas

que, aínda que se localicen en áreas esencialmente urbanas, amosen unha fasquia de suficiente ruralidade coma para aconsellar o recoñecemento da súa persoalidade xurídica. De calquera xeito, as competencias parroquiais no eido da ordenación do territorio respectivo haberán de se cinxir a aspectos necesariamente sectoriais (explotación de montes, devesas, xunqueiras, etc., disposicións sobre infraestrucutras produtivas: regos, presas, pesqueiras, etc.), a elaboración, aprobación e execución de plans de mellora do medio rural, plans do medio físico ou figuras de planeamento semellantes, sempre que se fagan en concordia co que establezan as directrices comarcais e os plans municipais. Tamén poderán ter competencias de xestión no desenvolvemento das previsións contidas nos plans especiais de protección dos espazos naturais, ou das derivadas da posta en valor do patrimonio histórico-artístico, arqueolóxico, etnográfico e cultural existentes no ámbito da parroquia.

Aos concellos seguiráselle confiando a competencia na elaboración, tramitación, aprobación e xestión do planeamento urbanístico, así como a disciplina nesta materia. O planeamento urbanístico de ámbito municipal terá que respetar as determinacións que a respecto do territorio do concello de que se trate, se conteñan nas DXOT de Galiza e nas Directrices ou Plans Comarcais. Esta competencia planeadora dos concellos poderá ser plena ou parcial, en función, non só da dimensión poboacional (todos os concellos con máis de 15.000 habitantes), senón tamén do nivel de capacidade técnica, financeira e de xestión que teña ou que estea disposto a asumir (aqueles concellos que, aínda con menos poboación, teñan esa capacidade ou presenten un plano para a asunción das competencias plenas). De calquera xeito, a Consellería que teña a competencia da Ordenación do Territorio, e previo informe do IET, coñecerá a totalidade dos plans urbanísticos municipais de concellos con competencias plenas na materia e advertirá da ilegalidade dos mesmos, no seu caso, presentando recurso contencioso no suposto de que non se corrixan as determinacións presuntamente ilegais. Tamén advertirá, no seu caso, da falla de axeitamento ás Directrices de Ordenación do Territorio, de orde xeral ou comarcal, por indicación do IET ou polos órganos técnicos comarcais, segundo o suposto de que se trate. Tal advertencia, de non ser atendida e persistir, polo tanto, o concello na súa aprobación, conlevaría a automática denegación de todo tipo de investimentos con cargo aos presupostos da Comunidade Autónoma, para a financiación das determinacións do plano municipal de que se trate.

A regulación das competencias en materia urbanística municipal desenvolverase no marco da propia Lei do Solo de Galiza, da que se fala noutro apartado do Programa de

Governo, cuxa elaboración, tramitación e aprobación tamén constitúe un firme compromiso do BNG.

Mentras non se cheguen a aprobar as DXOTG, e a propia Lei do Solo de Galiza, poderán seguir elaborándose e aprobándose plans de ordenación, tanto de carácter xeral e de desenrolo dos mesmos (sempre que se trate de plans de ámbito municipal) como os de carácter especial para calesquera ámbitos e finalidades, das previstas actualmente na lexislación vixente.

8.2 INFRAESTRUTURAS E SERVIZOS DE TRANSPORTE

8.2.1 Introducción

A política do BNG no que atinxe ao transporte en xeral parte dous inequívocos principios ou obxetivos: é preciso **reducir a necesidade que teñen as persoas de coller un transporte motorizado** e, ao mesmo, tempo **facilitar a posibilidade de se desprazar**.

O primeiro dos obxetivos, obviamente, só se pode conseguir con actuacións que, polo xeral, non son estrictamente de infraestruturas nin tampouco de servizos. Trátase de medidas de ordenación territorial: dotacións de emprego, distribución de equipamentos, equilibrio de barrios nas cidades, etc. Polo común, son medidas que tenden a achegar aos cidadáns os elementos necesarios (posto de traballo, escola, dotacións equipamentais varias, comercio, etc.) para atender ás súas necesidades, de xeito que podan seren satisfeitas sen ter a obriga de se desprazar.

Este **obxectivo global**, necesariamente **irrenunciable**, debe marcar a política de transporte tanto a longo coma a curto e medio prazo.

Porén, a recondución da situación verbo do momento actual, caracterizado pola concentración crecente da poboación, o emprego, a produción e o poder dirixente, que pula por unha especialización funcional do territorio e xenera a necesidade dun maior número de desprazamentos motorizados, **non pode ser inmediata**, nen vai a ser posíbel en todos os casos.

Xa que logo, **no camiño** cara a consecución progresiva da consecución do obxectivo de referencia, **será necesario atender as demandas de transporte existentes**, cuxo crecemento mesmo non vai poder ser detido a curto e medio prazo. Esas **demandas** son:

- As derivadas das **inercias do sistema existente**.
- As que proceden da atención a necesidades coma o **lecer** e que teñen un **ritmo de crecemento ascendente**.
- As que se xeneren como consecuencia da **progresiva aplicación das políticas do noso propio Programa**.

¿Como atender estas demandas?

1. Con **medidas que non couten a política de transportes** que se pretende desenvolver; é dicir, que non sexan contradictorias con elas.
2. Con **medidas que non incentiven o crecemento dos efectos non desexables**: da propia demanda, dos impactos medioambientais, do fenómeno da concentración e especialización funcional do territorio...
3. Con **medidas que supoñan pasos na posta en práctica da política de transportes proposta**.

Ou sexa, hai que **asumir o reto de xestionar as inercias do sistema**, hai que saber atendelas **e**, ao tempo, **reconducilas**, para impedir que se sigan a impoñer coa mesma intensidade no futuro. **Ímonos atopar con algo herdado e con algo que se quere construír**. ¿Como casar esas dúas situacións, como actuar? Aínda que máis adiante o vexamos para cada un dos modos de transporte, o primeiro que hai que facer **e analizar e prantexar a solución dos problemas de transporte con carácter intermodal, cunha visión global do mesmo**. Isto é necesario para:

- Realizar o **mellor aproveitamento dos recursos existentes**, entendendo como recurso tanto os fondos presupostarios coma o patrimonio de infraestruturas xa existente.

- Poder **priorizar no contexto dunha planificación onde a escasez de recursos é evidente, destinando cada modo de transporte a aquilo para o que resulta máis axeitado.**
- Establecer a **acaída coordinación entre as actuacións en infraestruturas e os servizos** dos distintos medios, de maneira que se consiga a **optimización do sistema, evitando as sobreofertas da infraestruturas.**

¿Cal son as necesidades? Acceder ás persoas aos bens e aos servizos. Mais, neste senso non todos os medios de transporte son neutrais fronte da accesibilidade.

Así, poñamos por caso, hai que ter presente que a velocidade está decote enfrontada á accesibilidade, pois ao aumentar a primeira diminúe a segunda. Porque se se pretende un desprazamento á máxima velocidade posíbel dun determinado medio de transporte, o número de puntos do territorio que son accesibles nesas condicións diminúe de xeito drástico, conforme se eleva precisamente a velocidade. Xa que logo, a velocidade comercial para enlazar as distintas capitais de Galiza entre elas será unha; outra, dende logo menor, será a que permita enlazar e servir os núcleos dunha comarca. Cando se fala de “*unir*” Galiza con Europa, fálase de cousas moi diferentes se se pensa en enlazar as cidades galegas con Madrid ou París ou se se pensa en outorgar esa capacidade a outros moitos asentamentos de Galiza. As condicións de circulación e de velocidade de ambos os dous tipos de servizos serán abondo distintas.

8.2.2 Propostas de actuación en estradas

8.2.2.1 Autovías

O Plano Xeral de Estradas, para o período 1984-91, aprobado no Congreso dos Deputados, marxinou a Galiza ao conceder-lle escasamente 50 Km. Dos preto de 3.250 Km. de construción de autovías no resto do Estado.

O convenio asinado en 1990 entre a Administración Central e a Xunta de Galiza, animaba a finalización das autovías de enlace coa meseta (Autovía do Noroeste e Autovía das Rías Baixas) para o ano 1995. Ditas administracións protagonizaron desde entón unha farsa continuada ó respecto. A realidade é que hoxe aínda non é posíbel a comunicación por autovía entre A Coruña-Lugo e Vigo-Ourense, estando prevista a finalización dalgúns tramos no ano

1999, e os cinco tramos de Pedrafita para o 2001, de forma optimista. Retrasos que non obedecen a razóns climatolóxicas ou ben orográficas, senón que son o resultado da falla de vontade política da Administración Central e da falla de presión da Xunta de Galiza, que ten actuado mais como cómplice na situación, que como defensor dos intereses de Galiza.

En Pedrafita, segundo os orzamentos do Estado, e cun investimento previsto de 65.965 millóns de pesetas, para os cinco tramos entre Cereixal e Vilafranca, só está previsto un investimento de 765 millóns de pesetas para 1997 e 3.200 millóns para 1998.

O BNG, desde o Goberno galego, levará adiante as seguintes actuacións:

- Esixir o remate de todos os tramos de Pedrafita en 1999.
- Demandar do Goberno Central o inicio das obras da Autovia do Cantábrico desde Avilés a Galiza, co correspondente ramal até Ferrol e conexión coa Autovia do Noroeste.
- Iniciará os trámites para o rescate das concesións administrativas, tra-lo proceso de privatizacións nos tramos de autovia entre Puxeiros-Baiona e A Coruña-Carballo, de forma que permita non pagar o peaxe establecido; conforme ó acordo do Parlamento de Galiza do 26 de abril de 1991.
- Esixirá a finalización da autovia Santiago-Labacolla.
- Esixirá a eliminación da peaxe na auto-estrada do Atlántico entre Rande e Puxeiros e no tramos Cecebre-A Coruña, así como a construción dun ramal até o aeroporto de Alvedro.
- Esixir a construción dunha autovia sen peaxe entre Santiago e Ourense e construción do ramal correspondente entre a Autovia do Noroeste e Santiago, que permita a conexión Lugo-Santiago.
- Procederá progresivamente á realización dos estudos e construcións necesarias para mellorar a accesibilidade do territorio, incrementando o número de accesos e conexións coa rede de estradas xa existente, así como o número de pasos superiores e inferiores, que permitan mellorar a permeabilidade transversal.
- Aplicar con rigor o plano de recuperación medioambiental, con especial atención das zonas destruídas durante as obras e non ocupadas pola autovía.

8.2.2.2 Estradas convencionais

O goberno do BNG prantexará:

- Incluir no deseño de toda nova estrada, e nas variantes das estradas actuais, o espazo axeitado para a circulación en condicións de seguridade de peatóns e vehículos lentos de uso agrogandeiro e forestal, incluída a acada permeabilidade transversal.
- Realizar un plano de ordenación das estradas existentes coa mesma finalidade.

É importante dar un tratamento especial ás “travesías” de poboación de modo que nelas o deseño do viario prime as funcións de rúa e as actividades de vida cidadana sobre das de circulación motorizada.

8.2.3 Propostas de actuación nos camiños de ferro

O BNG defenderá o acordo acadado no Parlamento de Galiza para conseguir poñer en marcha un Plano Director de Infraestruturas Ferroviárias para Galiza, centrando a actuación da Xunta no país xa que esa debe ser a súa preocupación prioritaria e cara ahí debe canalizar o seu esforzo reivindicativo. O horizonte de investimento deberá situar-se até o ano 2007 nunha cantidade de 173.000 millóns de pesetas, repartidos ao longo dese periodo de tempo. A Xunta deberá encamiñar como obxectivo prioritario a plasmación desta reivindicación, ben na modificación do actual “Plan Director de Infraestructuras”, ben no compromiso directo do Goberno Central de abordar as actuacións básicas que se contemplan no acordo do Parlamento Galego, que en síntese son:

1. Modernización da infraestrutura ferroviaria.
 - a) Rectificación de curvas e ripados elevados, construción de pequenas variantes e, renovación de vías con travesas polivalentes.
 - b) Construción de dobre vía, con novo trazado en determinados traxectos.
 - c) Eliminación de retrocesos.
 - d) Electrificación da rede coas prioridades que se establezan.
 - e) Bloqueo automático en vía única onde non exista.
 - f) Estudo da ampliación de estacións nas que se poda realizar cruces de convois.
2. Redución sensíbel dos tempos de viaxe que, ao final da aplicación do Plano, debería situarse entre 100 e 150 Kilómetros/hora nas comunicacións interiores e, entre 200 e 220 Km/h nas comunicacións de Galiza co resto do Estado español e con Portugal.

3. Aumento da seguridade e mellora do material rodante, coa conseguinte supresión de pasos a nivel e valado do trazado ferroviario en tramos urbanos.
4. Potenciación do tráfico de mercadorias por tren. Interconexión cos portos e polígonos industriais ou centrais térmicas e adecuación das estacións de ferrocarril para estas funcións.
5. Modernización da liña FEVE en Galiza, cun aumento sensíbel da velocidade que se aproxime a 80 Km/h, duplicación de vías nalguns tramos e potenciación do tráfico de mercadorias, reclamando as competencias no que afecta ao noso territorio, co compromiso previo de acondicionamento das infraestruturas.

De xeito inmediato e mentres este Plano esté nos primeiros planos de actuación, realizarán-se:

1. Actuacións inmediatas na conservación, restauración e mantemento das liñas máis abandonadas.
2. A consideración de cercanias para traxectos que unan as condicións requeridas.
3. Conexións interurbanas de maior frecuencia, rapidez e comodidade que as hoxe existentes.
4. Adecuación dos trens, do seu número de unidades e dos horarios, ás características e necesidades dos servizos.

Dada a especial importancia que debe ter o transporte ferroviario (mercadorias e pasaxeiros) e desde unha perspectiva de transporte integral na que o ferrocarril, ademais de complementario coa estrada é imprescindible como servizo público, tendo ademais unha serie de ventaxas comparativas: seguridade, ecolóxico, menor impacto das súas infraestruturas, pode utilizar enerxía renovábel na que somos excedentários, fácil accesibilidade ao centro dos núcleos urbanos, posíbel aproveitamento do tempo de transporte, tráfico de mercadorias perigosas máis seguro, etc., o BNG impulsará desde a Xunta de Galiza as medidas políticas e económicas que contemplan as actuacións reivindicativas no Goberno Central para cumprir os obxectivos de acadar o cumprimento do Plano aprobado no Parlamento Galego.

Reclamarán-se as transferencias de Rexionais e de Cercanias cando se creen, previos os compromisos de acondicionamento das infraestruturas. Así mesmo, a Xunta, en todas as plataformas nas que se participe, fará das infraestruturas ferroviarias no interior de Galiza o seu obxectivo prioritario.

8.2.4 Propostas de actuacións en portos

O BNG recamarará a competencia plena sobre de todos os portos galegos que hoxe son competencia da Administración Central, pero exixindo ao mesmo tempo que a transferencia vaia acompañada da satisfacción da deuda histórica para cos portos galegos, consecuencia do desvío de inxentes investimentos, produto da explotación portuaria española no seu conxunto -polo tanto, tamén dos portos galegos- cara os portos de Barcelona, Valencia, Algeciras, Bilbao, etc. Só se se produce a devolución da parte dos investimentos que lle tería correspondido a Galiza é que se poderá producir a modernización dos nosos portos para afrontar o reto do século XXI.

Unha vez producida a transferencia plena dos portos, o goberno do BNG acometerá a constitución dun “*pool*” dos cinco portos principais: Vigo, A Coruña, Ferrol, Marín e Vilagarcía de Arousa, de xeito que sexa máis doada a captación de tráfeos no exterior para o conxunto dos cinco portos, evitando a competencia inútil entre eles que conduce a ningures.

- O Goberno do BNG adoptará as medidas necesarias para incrementar o tráfico intermodal nos portos galegos, procurando o reestablecemento da comunicación por ferrocarril cos mesmos.
- No que fai ás relacións con Portugal, e dado que, en xeral os tráfeos dos portos galegos -especialmente o de Vigo- e os do Norde de Portugal teñen un outro nivel de cautividade, o goberno do BNG estudará a comenencia de estender os acordos de cooperación cos portos portugueses, especialmente os de Porto e Viana, levándoa máis alá da establecida entre os portos atlánticos europeos en materia de seguimento informatizado dos tráfeos.

8.2.5 Propostas en materia de aeroportos

O BNG entende que o sistema aeroportuario galego, en base a tres aeroportos, si ben supón unha distribución xeográfica no territorio aceptábel, non resulta definitivamente autosuficiente cara a tráfeos derivados do funcionamento do noso sistema portuario, especialmente os derivados do sector pesqueiro, e mesmo de posibilidades de mantemento das instalacións a pro da poboación asistida.

Realizará-se unha planificación integrada cos portos e co resto das infraestruturas de comunicación do país.

8.3 OUTRAS INFRAESTRUTURAS BÁSICAS

Baixo esta epígrafe acóllense todas aquelas infraestruturas necesarias para a existencia e normal funcionamento das comunidades sociais, por canto sen elas non sería posíbel fornecer os servizos básicos que demanda a poboación hoxendía. Referímonos, antre outras, ás infraestruturas de abastecemento de auga (para o uso directo por parte da poboación, ben sexa para hixiene corporal, ben para beber, ou para outros usos, agrarios, industriais, etc), condución e tratamento das residuais (pluviais e fecais), evacuación e tratamento de residuos sólidos, abastecemento de enerxía eléctrica (para os diversos usos), servizos de telecomunicacións, etc.etc.

8.3.1 O ciclo da auga

A auga é un elemento imprescindíbel para a vida. Coma tal hai que considerala por riba de todo. Pero tamén é, como consecuencia do anterior, un ben económico, na medida en que a cotío devén nun ben escaso, cuxa disposición por parte da sociedade en condicións de acaída utilización, demanda grandes investimentos.

En Galiza, pesie a ser o noso un dos países ricos neste recurso, tamén a auga resulta un ben escaso. Non por imperativos, digamos, de orde natural, senón por mor de non se ter abordado no seu momento, un plano racional para a súa xestión. O feito de que antre nós a pluviosidade sexa abundosa, non pode nen debe ocultar realidades adoito esquecidas; poñamos por caso:

- a) O réxime pluviométrico do noso país non é uniforme ao longo do ano; velaí a razón dos deficits que se dan en case todo o territorio na xeira estival (de 30 a 120 días, segundo as comarcas). Xa que logo, de pouco teñen valido até agora os superavits invernales, primaverais ou outonais, se non se foi que de os aproveitar.
- b) O réxime pluviométrico é moi diferente dunhas comarcas a outras, cun abalamento situado, aproximadamente, antre os 700 e os 2.000 mm./m² anuais.

A política de abastecemento ás poboacións, agás uns cantos casos, non se basea para nada na consideración integral deste recurso esencial.

A utilización esencialmente enerxética dos encoros, dificulta, cando non conta de raíz, a aplicación dunha política racional da auga.

O pésimo estado da maior parte das augas dispoñibles (tanto as superficiais, coma as soterradas) por mor da contaminación procedente dos vertidos das explotacións industriais, agropecuarias, mineiras, etc., así coma a provocada polos vertidos urbanos, e o uso de abonos químicos e praguicidas xa se irá entendendo que en Galicia tamén a auga é un ben escaso, cuxa utilización necesita dunha xestión racional, é dicir, integral.

O BNG entende que este é un tema vital e de primeira magnitude, do que unha solución definitiva -coma adoita suceder con toda aquilo que se planifica a medio ou longo prazo- require dun notorio consenso nacional.

Polo mesmo, o goberno do BNG, diante de transcorridos dous anos de lexislatura, elaborará un Plano Nacional da Auga, que se ha guiar pola consecución dos seguintes obxetivos:

- a) Dispoñer de auga suficiente nas condicións acaídas -segundo os usos- para:
 - Abastecemento de poboacións
 - Rego
 - Usos enerxéticos
 - Usos industriais
 - Caudal ecolóxico
 - Usos recreativos e turísticos

- b) Garantir a saúde pública, por medio dos tratamentos que reduzan a contaminación ao nivel cero.

- c) Evitar o desbaldimento do recurso e optimizar a súa explotación.

- d) Garantir esa disposición da auga no futuro, mercede a adopción de todas as medidas que couten o deterioro e o desbaldimento do ben.

- e) Garantir a viabilidade económica e financeira do PNA. Para o cal será obrigada a fixación do precio resultante da capitalización dos investimentos precisos para a súa constante disposición (incluída a carga financeira), precio que terá que ser satisfeito por todos os consumidores do recurso, en proporción directa ao consumo e tamén en relación ao tratamento que se lle dea ao devolvela aos acuíferos, unha vez usada.

Para poder desenvolver axeitadamente o PNA, o goberno do BNG demandará da Administración Central a reforma da Confederación Hidrográfica do NW, de xeito que se faga coincidir a súa demarcación co territorio do noso país (con independencia da necesaria coordinación con outras CC.AA. para o regulamento das concas comúns); e tamén a transferencia da competencia á Comunidade Autónoma de Galiza da protección e a xestión da totalidade das augas continentais galegas.

De cara á consecución destes obxetivos o goberno do BNG elaborará con urxencia os Estudos pertinentes, para o cal resulta imprescindible o ampliar e modernizar as estacións de análise das augas en todas as concas hidrográficas do país; actualizar os datos sobre consumos, analizar a demanda real e potencial do recurso para cada tipo de utilización, etc., de xeito que sexa doada a elaboración de modelos simulados que han permitir a confección técnica e económico-financieira do Plano.

O dito Plano primará todos os investimentos, tanto os das distintas Administracións Públicas (parroquias, concellos, comarcas, mancomunidades, etc.), como os de empresas e particulares, que supoñan a desaparición ou progresivo aminoramento da contaminación dos verquidos de calquera tipo nas concas dos ríos ou noutros acuíferos. E, pola contra, penará progresivamente o mantemento dos verquidos en malas condicións de depuración, de xeito que non sexa rendábel o mantemento de situacións de contaminación das augas verquidas. O goberno do BNG programará a construción de infraestruturas de avastecemento de auga ás poboacións, garantindo a construción simultánea das correspondentes infraestruturas para a depuración das augas residuais.

O goberno do BNG perseguirá o máis amplo consenso, político, económico e social, tanto para a elaboración e aprobación do PNA como para a súa xestión. Unha vez aprobado o Plano, e denantes de transcorrido un ano, presentará no Parlamento o Programa de Execución do mesmo, para a súa aprobación.

O PNA debe supoñer a completa disposición dos recursos hídricos de Galiza en condicións de perfecta utilización para cada tipo de demanda, antes de transcorridos oito anos dende a aprobación do mesmo.

8.3.2 Redes de servizos

8.3.2.1 Abastecemento de enerxía eléctrica

No que respeita á distribución da enerxía eléctrica, o goberno do BNG garantirá o suministro de enerxía eléctrica a todas as poboacións, sen ningún tipo de discriminación por razón de tamaño, situación, etc. Para elo obrigará as empresas fornecedoras do servizo a cumprir coas condicións establecidas para o establecemento das respectivas concesións administrativas. No que respeita ao medio rural, procederase de inmediato á revisión do Plano MEGA. Neste senso, procederase á revisión das infraestruturas para comprobar que se acaen cos proxectos aprobados e financiados pola Xunta de Galiza. Investigaranse igualmente as condicións nas que se está a dar o servizo. A medio prazo, estudarase a maneira de suprimir ou minorar, segundo os casos, os graves impactos de orde paisaxística, provocados pola execución uniformizadora que supuxo o dito Plano

O goberno do BNG, logo de analizar coas compañías suministradoras o problema, e salvagando os dereitos adquiridos que sexan lexítimos, procederá a programar:

- a) O troco do trazado dos tendidos das liñas de outa tensión que decorran por riba de núcleos de poboación ou á súa beira.
- b) O soterrado das liñas de media tensión que estean nesas mesmas condicións.
- c) O soterrado das liñas de baixa tensión (empezando polos Conxuntos Histórico-Artísticos, contorno de Monumentos, etc.)

En calquera caso, calquera nova liña de media tensión que se tenda nos núcleos de poboación deica en diante, terá que decorrer forzosamente soterrada. Do mesmo xeito haberanse de tender as liñas de baixa tensión en todos os proxectos de nova urbanización (agás cando se trate de usos industriais), en áreas urbanas nas que se acometan operacións de reforma interior e tamén nas obras de rehabilitación levadas a cabo en Bens de Interés Cultural de carácter inmovible.

O goberno do BNG atenderá con especial adicación e dilixencia todas as queixas e reclamacións que sobre deficiencias das infraestruturas ou do servizo lle prantexen os usuarios do mesmo, por medio das correspondentes inspeccións e, no seu caso, elaboración dos expedientes sancionadores; ao tempo que se obrigará ás compañías suministradoras a correxir as eivas denunciadas, no seu caso.

O goberno do BNG vixiará para que se cumpran todas as directivas europeas relativas á construción das infraestruturas, a produción e o transporte de enerxía eléctrica até o usuario.

O goberno do BNG entende que o prezo da enerxía eléctrica ten que estar directamente relacionado co custo de produción e o do seu transporte. Xa que logo, empregará todos os medios ao seu alcance para que o prezo da enerxía producida e consumida en Galiza se fixe coas bonificacións que, en boa lóxica, debe demandar o baixo custo de transporte e perdas por caída de tensión.

8.4 INFRAESTRUTURAS PRODUTIVAS

8.4.1 Introducción

Esquecidos e desprestixiados os sistemas produtivos agrarios tradicionais galegos, que poideran en grande medida ficar obsoletos para un contexto social con novas demandas, temos diante de nos unha panorámica do desartellamento territorial do país. Este desartellamento, froito dos últimos decenios da nosa historia, está a incidir tanto no eido produtivo, como no da conservación do medio e e aínda no do uso dos espazos naturais.

Esta situación ven dada pola falta dunha clara conciencia social sobre a situación real e pola falla dunha clara política agraria, gandeira e forestal, e polo tanto dunha ordenación dos medios produtivos neste eido, feita a longo prazo que permitira dar o paso dunha agricultura de autoconsumo a unha agricultura comercial.

E ben notório que a terra é a base dunha economía agraria e que trátase dun ben limitado e o mesmo tempo destruíbel para uns determinados usos. Dende sempre a terra foi dos bens máis apreciados pola súa capacidade productora de alimentos pero hoxe cos movementos poboacionais

e os novos sistemas produtivos trocáronse os intereses e os novos valores aplicados a terra son máis de tipo especulativo; a especulación dos bens materiais como medio de medrar sen traballo manual ou sen esforzo intelectual, estiveron baseados en gran medida na chegada o país dos recursos da emigración que investíanse de xeito caseque unívoco na chamada industria da construción; de tal xeito foi isto así que a terra adquiriu valor de solar en cada anaco do territorio, sobrepasando con moito o valor que como elemento produtivo debiera ter.

Nesta situación, o mercado da terra fixo que os agricultores, selvicultores e gandeiros non poideran acadar e aínda millorar a dimensión produtiva necesaria dos seus predios namentras que unha grande cantidade do territorio está a ficar ermo en máns dos propietarios absentistas amparados no baixo custo da imposición nestes bens.

Esta situación ven aguillada polo feito da redución da taxa de emprego no sector primario que pasou dun 28,8% en 1991 a un 15% en 1995 e con unha tendencia a perder cotas para acadar niveis europeos que poden estar nun 7% de seguer coa política meramente produtivista na que non se ten en conta o valor da persistencia do home inxertado no territorio, esquecendo que él é o elemento máis importante dun medio totalmente antropizado fai varios milleiros de anos.

Nesta situación Galiza está inmersa, pero en menor grado do que acontece en outras partes de Europa, na problemática de redución de terras agrarias que son transformadas en forestais ou que fican ermas sen un uso axeitado producindo problemas de conservación por mor do lume. No período 1994-95 cen mil hectáreas pasaron de arado ou pastadeiros a terras a monte.

Este abandono da terra rachou coa clara división física tradicional entre agra e monte. Este cambio que puido ter a oportunidade dunha millora das condicións de traballo dos que alí ficaron non foi aproveitado para promover novas estruturas agrarias máis produtivas.

Ó carón desta situación unha das unidades de propiedade máis interesantes e millor achantadas no territorio, como son os montes veciñais, están sendo esquecidos sistematicamente, na súa defensa e na súa orientación de uso, pola Administración; estes predios representan entre outras cousas a millor reserva de espazos forestais das que dispomos e que forman 600.000 hectáreas que poden ser a base dun recurso económico e de traballo de gran importancia para as parroquias do rural.

Dos tres millóns de hectáreas que ten o país dous millóns delas teñen carácter forestal polo que este espacio ten un peso moi definido no planeamento do territorio pero aínda está por potenciar a súa utilidade xa que a metade deste territorio mantense a toxo e carrasca como mostra da incapacidade operativa dunha sociedade.

Ainda dentro deste contexto regresivo contamos cunha parte da poboación labrega que loitan pola defensa de seus postos de traballo coa consciencia de querer seguir sendo labregos e acadando niveis de competitividade parellos os dos países máis desenvolvidos; un caso representativo pode ser o do leite, que representa o 35% do valor da produción agraria galega, no que as organizacións agrarias tomaron conciencia da súa capacidade e loitan por conquistar maiores cotas de produción dentro dun marco moi competitivo.

Unha mostra desta política a temos, nunha boa medida, na demanda da actuación na concentración parcelaria e na ordenación rural que non teñen unha precisa finalidade produtiva agraria e rematan nunha millora de viais e de solares para a instalación de almacéns ou vivendas, polo que os recursos da agricultura están sendo empregados con fins propagandísticos, satisfacendo intereses políticos de determinados grupos no poder. En 1994 a Consellaria de Agricultura dispuso de máis de dez mil millóns de pesetas neste capítulo de mellora da base territorial e mellora da competitividade das explotacións.

Unha crecente actividade estase dando no eido forestal o abeiro das axudas oficiais para as reforestacións de terras agrarias marxinais que amósase no incremento da extensión das áreas forestadas; o mesmo tempo esta actividade ven dada pola demanda das indústrias da madeira e nunha menor medida pola rexeneración ventureira das especies autóctona ou aloctonas que conforman novas matas desordenadas e improdutivas despois do paso do lume; todo isto está a acontecer sen contar con unha política forestal que teña posta a súas metas máis aló do momento no que se manexan unhas axudas concretas de diñeiros procedentes da U.E. No período 1993 a 1995 foron perto das dez mil hectáreas as plantadas con axudas da U.E

A falla de coordinación dos diversos Departamentos da Administración é tan grande que certas labores de interese para o sector chegan a resultar negativas de forma directa para o mesmo. Defendese máis intereses de grupo ou de servizo que o servir o labrego nesta materia. Algunhas

concentracións duran perto de trinta anos de que na máis facelas deixan de ter a finalidade para que foron proxectadas por mor do cambeo na poboación.

Os sistemas técnicos empregados pola Consellaria Agricultura na concentración das terras, como en outros traballos, son alleos as circunstancias de Galiza e que prima máis o interes das grandes obras de inxeñería (pistas,pontes,rego..) e a dimensión do propio Servizo de Concentración que a solución dos reais problemas agrarios do país e a conservación do medio natural,levándonos moitas destas actuacións a fortes impactos ambientais e a custos esaxerados de transformación (por riba das 600.000 pts/ha). E despois de todo este gasto (do orden dos 3.500 millóns de pesetas anuais) na concentración das leiras, os predios fican en unidades pequenas que non solucionan os problemas reais que ten plantexados o labrego e o mantemento das infraestruturas novas caen como lousa enriba dos concellos..

O sector produtivo agrario falla na súa base máis importante que é a terra, debido a mala distribución da propiedade e a nula defensa que se fai das terras de calidade agraria diante do mellor prezo que se pode dar para outros usos, competencia que unha agricultura con precios moi baixo non pode resistir. A falta dun control da actividade agraria permite que moitas leiras pasen da actividade agricola a forestal creando fortes problemas entre lindeiros por mor da dominancia dun cultivo no outro, problema que se resolve co emprego de produtos químicos de perigoso manexo pero que están á disposición de calquera.

A parte máis positiva deste anarquía do sector agrario é que a biodiversidade é moi grande a nivel das comarcas e aínda do país como un indicador da falta de artellamento do territorio.

8.4.2 Obxectivos

No planeamento territorial o eido produtivo adquire unha importancia básica como instrumento que pode permeter a instalación e permanencia da poboación no territorio.

O home precisa dunha adaptación ás novas demandas e ós novos sistemas de produción pero mantendo a súa cultura e o seu medio; isto pódese conseguir a medio prazo pola formación e integración no planeamento do territorio e das súas actividades.

Partindo destas bases teremos que considerar como algún dos obxetivos para acadar un planeamento axeitado do territorio os seguintes puntos:

1. A comarcalización, como base importante da organización do territorio, tentará acadar obxetivos en tres ambitos fundamentais: económico, social e do coñecimento e defensa dos recursos naturais.
2. Os recursos económicos daralle a comarca unha certa especialización produtiva prioritaria de xeito que lle permita o planeamento dos recursos financeiros tanto na transformación do medio produtivo (concentracións, camiños, saneamentos, mercados...) como nas axudas que poda prestar a Administración (na formación, no asociacionismo, na millora de mercados, na creación de empresas...).
3. No ambito social compre obter unha ocupación equilibrada do territorio a traveso do desenvolvemento acompasado dos recursos propios da comarca; ó mesmo tempo, a poboación debera participar na xestión destes recursos partindo dunha formación axeitada do coñecimento do medio e de seu manexo. Esta formación profesional ten que integrar o moderno cos valores culturais do territorio.
4. Os recursos naturais, que poden ser renovables ou non, deberan ser a base da especialización da comarca; nese xeito teranse que administrar no tempo dependendo da súa natureza e co respecto máximo posíbel que require o medio natural. E posíbel que nalgues esta especialización poda darse fóra destes recursos naturais por unha fabricación de produtos de compoñentes ou de outro tipo. Teremos que fuxir do inmovilismo que pode supoñer a defensa do tradicional cando falamos de produción xa que o que se fixo noutro tempo non ten por que ser sempre o millor.
5. Neste eido as vías de comunicación adquiren un valor especial polo feito da saca dos produtos coa máxima facilidade e con baixos custos dado os prezos que este tipo de producións teñen na actualidade e a incidencia que o custo e rapidez do transporte pode ter na súa posta nos mercados.
6. Compre que as áreas produtoras acaden dimensións suficientes nas súas producións de xeito que permitan un regular fornecimento dos mercados, un bo nivel de prezos, con homoxeneidade e calidade dos produtos.
7. A propiedade privada ten que acadar unhas dimensións axeitadas para cada tipo de produción de xeito que as súas economías acaden niveis suficientes para que a xente poda ter un posto de traballo con nivel salarial axeitado.

8. Un ordenamento paixasístico pode engadir valores atractivos para actividades de lecer conxuntamente coas actividades tradicionais, turísticas e medio ambientais. A sensibilidade dos técnicos que planifican no territorio e da poboación que o vive ten que ser desenvolvida como unha actividade formativa máis.
9. A integración de actividades industriais deberan apoiar un mellor aproveitamento dos recursos da comarca de xeito que os valores engadidos a mesma potencien as producións primarias; esta integración industria/recursos primarios requirirá dun planeamento axustado o medio.

8.4.3 Os instrumentos estratéxicos

1. A Consellaria de Agricultura terá que ser un dos órganos máis activos no proceso da ordenación do territorio levando a súa decisión a comarca e dando capacidade de xestión ós seus representantes nela coordinados cos outros Departamentos da Administración.
2. A Administración debera ter unha misión de controlador da actividade pública ou privada, sen que teña que xestionar outros territorios e recursos que non sexan os públicos. A esta norma teremos algunhas excepcións como poden ser a loita contra do lume e as campañas de saneamento gandeiro e vexetal.
3. A mellor forma de facer que o labrego participe na creación de riqueza e na política de xestión da comarca será fomentando a creación de asociacións de produtores e propietarios que poden activar e dar un importante apoio non somentes a produción e transformación senón a conservación do medio pois pérdese o sentido individualista e aparece o interese do grupo. Neste senso a creación de pequenas empresas de servizos son o mellor sistema para manter a actividade agraria en certos ambetos como poden ser o forestal e os de defensa do medio natural.
4. Dos produtos agrarios que se defenden ben en Galiza como son o leite, a madeira, o viño, a carne e aínda a horta en certas áreas periurbanas, teñen que ser os que encadren as bases xerais da produción; outros produtos complementares como son a pataca, os cereais, os invernadeiros de froita, o mel, a castaña, os cogumelos, a pesca fluvial, a caza e outros máis poden darlle sentido especial as distintas comarcas.
5. A loita pola defensa do sector lácteo ten que ser mantida na política do B.N.G diante da lóxica e xusta demanda de cubrir as necesidades do mercado español coas nosas producións. En boa medida isto require dunha política de mellora dos recursos propios de alimentación do gando e dos programas de mellora xenética e sanitaria. Para este sector é importantísimo o

- desenvolvimento de indústrias de transformación para millorala saída dos seus produtos transformados con importantes valores engadidos.
6. O sector cárnico vacún e ovino teñen un bó momento pola demanda de carnes con sistemas de alimentación máis tradicional e pola calidade das nosas razas con aptitude para isto. Neste sector preséntanse atrancos semellantes o do leite na produción de recursos alimenticios para o gando e na dimensións das granxas. O 45% da terra agrícola está adicada á produción de carne e leite e este subsector gandeiro aporta o 50% do PFA; o negativo deste sector son os gastos externos que ten en pensos e outros materiais.
 7. A madeira é un dos grandes sectores de futuro para Galiza que ninguén pode xa discutir pola nosa capacidade produtiva. A actual produción de 6 millóns de m³ de madeira pode ser duplicada co que pasaríamos a producir o 50% da madeira española e converteríamosen na millor productora de Europa. Unha boa política neste senso permitiríanos a creación de máis de 40.000 postos de traballo na selvicultura e unha boa cantidade na indústría de transformación e de servizos; estes postos de traballo serían no monte polo que daríamoslle un pulo impòrtante a vida nas comarcas. Na situación actual pouco atendida, este sector produce o 13% do PFA medindo a súa produción en pé.
 8. O monte non somentes produce madeira xa que nel estase a producir oxisenio, auga pura, enerxía varia, carne, froitos como a castaña, os cogumelos, a caza e aínda o lugar de lecer; o ordenamento florestal tenta manter a diversidade dentro da produtividade e da persistencia do bosque artellando ben a finalidade primaria e as outras secundarias.
 9. O subsector agrícola produce o 25% do PFA con moitas producións e sistemas o que fai que o peso relativo de cada produto taña pouca importancia; este subsector é traballado a tempo parcial e son poucas as actividades que dan traballo todo o ano. Nembargante aportan unha variedade importante as comarcas e apoian actividades do sector terciario como é o caso do turismo.
 10. Outros medios produtivos como as granxas sen terra son actividades importantes para o sector pero teñen que manexarse baixo criterios de situación coidadosos e ben definidos que eviten os problemas de contaminación e molestias no seu arredor.
 11. Unha lexislación (pouca) de apoio a estas actividades ten que producirse, pero na realidade as normativas son abondosas o problema é que non se aplican.

8.5 URBANISMO

1. Para completar a andamiaxe xurídico-técnico-económica da ordenación do territorio de Galiza, amáis das Directrices Xerais de Ordenación do Territorio de ámbito nacional e comarcal, é propósito do BNG o dotar a todos os concellos do correspondente instrumento de planeamento urbanístico, de seu, elaborado conforme a un novo corpo legal propio para o noso país neste eido: a **Lei do Solo de Galiza**, que se redactará e aprobará nos dous primeiros anos de legislatura, completándose a regulación do feito urbanístico, por medio dos seguintes regulamentos da devandita lei: a) **Regulamento de Planeamento e Deseño Urbano**; b) **Regulamento de Coordinación de Disposicións Sectoriais**; c) **Regulamento de Execución e Xestión da Acción Urbanística**; d) **Regulamento de Disciplina Urbanística**. Estes regulamentos aprobaranse dentro do bienio seguinte á aprobación da lei.

As principais novidades sobre dos Regulamentos até agora vixentes fan referencia as cuestións seguintes:

- a) A importancia do **deseño urbano**, ignorada ou mingoadá nos documentos normativos actualmente vixentes. Neste senso, o Regulamento de Planamento e Deseño Urbano prestará moita atención ás actuacións nas áreas de maior valor urbanístico (pomos por caso, Conxuntos Histórico-Artísticos), as áreas urbanas degradadas, aos núcleos rurais tradicionais, etc., con instrumentos normativos de maior axilidade e rigor científico no tratamento.
- b) A **coordinación das actuacións** previstas nos diferentes **plans ou programas sectoriais das distintas Administracións** (tanto autonómicas como da Administración estatal), require dunha regulación propia e polo miúdo, máis alá da sinxela declaración nese senso; cuestión esta que ao ficar ignorada polas leises urbanísticas, ten provocado o desbaldimento de recursos e moreas de intervencións contradictorias entre diferentes administracións e mesmo diferentes organismos da mesma administración.
- c) O Regulamento de Execución e Xestión **adaptado ás peculiaridades do réxime de propiedade do noso país** constitúe unha necesidade perentoria. O planeamento non ten fracasado de xeito principal, polos retrasos na súa aprobación nen pola falta de rigor na súa aplicación (aínda que tais eivas teñan decote un outro nivel de incidencia), senón pola imposibilidade de execución das determinacións do planeamento, dada a uniformización de instrumentos que no eido da xestión establece o actual Regulamento de Xestión Urbanística.

- d) A lei fará especial fincapé na estreita relación que debe haber ante a política urbanística e a de vivenda. E, nese senso, arbitrarán-se medidas que faciliten a disposición de solo para a construción de vivendas aveiradas a calquera das fórmulas de protección e axuda que se arbitren polo goberno galego.
2. A Lei do Solo de Galiza (LSG) e os seus regulamentos deberán desenvolver normativamente o necesario **acaemento das determinacións dos plans urbanísticos ás Directrices Xerais de Ordenación Territorial de Galiza e ás Directrices Comarcais**. Serán as propias Directrices as que fixen os concretos niveis de discrecionalidade nos que se mover os distintos tipos plans previstos na LSG.
3. A LSG e os seus regulamentos terán coma **finalidade esencial** o dispor dun corpo normativo básico para a **regulación dos usos do solo, a edificación e calquera outro feito constructivo, tendo como marco territorial propio**, os concellos e, no seu caso, as comarcas. Ese corpo, alén diso, terá que arbitrar os mecanismos operativos precisos para que o feito urbano se poda desenvolver no futuro, en harmonía co labor de construción do territorio desenvolvido polas nosas comunidades ao longo da historia. Esta función, porén, non se pode desenvolver utilizando os instrumentos normativos hoxendia vixentes.

Fronte á consideración uniformizadora da Lei do Solo española, ou fronte á cativa regulación contida na LASGA, a futura Lei do Solo de Galiza non só terá coma referente ontolóxico a **consideración radicalmente distinta da realidade territorial galega**, a respecto doutros modos de ocupar o territorio, senón que terá en conta as distintas realidades territoriais existentes dentro do noso país, prevendo **tratamentos técnicos, normativos e económico-financieros distintos para as realidades diferentes**: o urbano e o rural, as Áreas Territoriais Urbanas e as áreas urbanas vilegas, a montaña, o litoral, etc., e elo, en razón das disposicións normativas da lexislación de ordenación territorial de obrigado cumprimento, á hora de planear nesas escalas locais. Ese tratamento haberá de exixir o establecemento dunha **clasificación das entidades locais**, tendo como base o seu grao de desenvolvemento real, actual ou potencial, as actividades produtivas principais, a poboación, a dinámica social e económica, etc.

En función da pertenza a unha ou outra tipoloxía de entidade local, determinarase a **figura de planeamento máis acaída** co seu nivel de complexidade; e, conseguintemente, o distinto prantexo da xestión do mesmo.

4. Sen perxuízo de que, mentras non se reforme a Constitución, a lexislación galega do solo se teña que axustar ás exixencias que se derivan dos artigos 149,1, 1ª (en relación co artigo 33), 149,1,8ª, 13ª, 18ª e 23ª da Constitución, **a LSG normativizará sobre de todos os aspectos urbanísticos , incluído o réxime urbanístico da propiedade do solo**, tentando o máximo acaemento das disposicións aos diferentes modos de concebir a propiedade do solo en Galiza.
5. A LSG non só **superará a ríxida clasificación do solo hoxendia vixente**, incorporando novas clases de solo, para dar cumprida atención á maior complexidade da ocupación do territorio galego por parte do home, senón que **afondará nos mecanismos de xestión urbanística** para acaelos ás específicas concepcións da propiedade do solo no noso país, fornecendo ás administracións locais dos **instrumentos precisos para unha áxil e realista execución das determinacións do planeamento**, cuestión esta que se ten revelado antre nós, como o verdadeiro talón de Aquiles do urbanismo.
6. Nese senso, **a lei establecerá un amplo abano de mecanismos de xestión**, incluídos os **convénios urbanísticos**, permitindo unha certa **flexibilidade na elección do máis acaído** para cada caso, segundo unha orde de prioridades que poderá variar en función do tipo de planeamento e do tipo de territorio de que se trate.
7. A LSG e o seu correspondente regulamento haberán de prever a **criación e de regular o funcionamento de sociedades públicas, privadas e mixtas**, cuxa función principal sexa a da xestión urbanística dos plans.
8. En calquera caso, a LSG recollerá a **obriga de que o solo correspondente aos aproveitamentos urbanísticos de non apropiación privada**, como consecuencia das operacións de desenvolvemento urbanístico, tanto en solo urbano como en solo urbanizable, **sexan cedidos á entidade local correspondente por parte do promotor** (sexa cal sexa o seu carácter), **completamente urbanizados e á súa costa**. No suposto de que se pacte unha compensación de tipo económico para eses aproveitamentos, esa compensación terá en conta o anterior.
9. A LSG e os seus regulamentos **axilizarán os procedementos para a execución das determinacións previstas nos plans de ordenación**, establecendo obrigas efectivas para os propietarios das unidades de execución ou mecanismos semellantes de distribución de cargas e beneficios, para a propia administración local no senso de cambiar o sistema de execución ou, no seu caso, desclasificar o solo que non se desenvolva urbanisticamente nos prazos fixados polos ditos plans de ordenación. Cando tal desenvolvemento sexa cardinal

para a obtención gratuita de solo para as dotacións públicas previstas no planeamento, o maior ou menor rigor da programación estará en función das tensións urbanísticas existentes no territorio. **Nos concellos con pouca tensión urbanística** e/ou con escasa ou nula capacidade técnica económica e financeira de xestión urbanística, **o planeamento fuxirá de establecer categorías de solo que exixan desenvolvementos urbanísticos posteriores** ou o que a lei actual denomina, actuacións sistemáticas, agás que se demostre fefacemente a súa viabilidade (poñamos por caso, cando se trate de solo maioritariamente de propiedade pública, cando existan acordos previos da maioría da propiedade ou cando se establezan convénios urbanísticos neste senso). Para o necesario nivel dotacional destas áreas esencialmente rurais, acudirá-se ao Fondo de Cooperación Local, cando non sexa posíbel a súa consecución por medio de fondos municipais.

4. A LSG conterá **mecanismos que obriguen** de xeito efectivo a todas as administracións locais **a contar**, denantes de rematada a próxima lexislatura, **cos necesarios instrumentos de planeamento xeral de escala municipal e/ou comarcal** (segundo os casos). Namentras non se aprobe a LSG, o BNG elaborará **con carácter de urxencia un Instrumento de planeamento de aplicación subsidiaria e/ou complementaria en todo o territorio galego, instrumento que derogará as catro Normas Subsidiarias Provinciais** vixentes actualmente. A Normativa Xeral Subsidiaria Galega, ao igual que todo o planeamento urbanístico local, deberá respetar o disposto nas leises e plans de ordenación territorial: Directrices Xerais de O.T.; Directrices Xerais Comarciais, etc., sobre os usos globais do solo, as infraestruturas xerais, etc., etc. Asemade, a Normativa Xeral Subsidiaria, haberá de respetar os contidos dos Plans Sectoriais das outras Administracións (Agricultura, Minería, Indústría, Comunicacións, etc., etc.), eliminando, no seu caso, as posibles contradicións existentes entre elas.
5. **Non se poderá aprobar ningún planeamento de carácter xeral que non estableza os prazos máximos de realización do planeamento especial**, alomenos os que regulen as seguintes materias: protección da natureza, protección do patrimonio histórico-artístico, etnográfico e cultural, desenvolvemento de infraestruturas básicas e mellora do medio rural.
6. **A formulación, tramitación e aprobación dos plans urbanísticos** de calquera tipo **corresponderá aos órganos plenarios das entidades locais** coa competencia administrativa no ámbito territorial do correspondente Plano. **A lei e os seus regulamentos disporán de modo que se garanta a axilización da tramitación dos plans**, acurtando

sensiblemente os prazos para a emisión dos informes dos distintos organismos da Administración autonómica.

7. A LSG e os seus regulamentos establecerán igoalmente, os mecanismos que faciliten a **constante posta ao día dos plans**, por medio de **Modificacións puntuais** de determinacións concretas, por medio das **Revisións de carácter parcial** e por medio dunha **Revisión Xeral do Planeamento**; neste último caso, cando se pretenda a introducción de cambios no modelo territorial. Todo elo, garantindo os dereitos amparados polas leises. Os regulamentos da lei establecerán os requisitos exixibles en orde á necesaria fundamentación e xustificación de todo cambio nos plans en vigor. A lei fará obrigatoria a Revisión dos Plans cada oito anos, sen prexuzgar o alcance dos cambios que poda aconsellar a mentada Revisión.
8. A LSG e os regulamentos correspondentes, establecerán as exixencias normativas precisas para garantir a **máis completa participación da cidadanía nos procesos de elaboración e tramitación dos plans de ordenación**, e os mecanismos que permitan que se **cumpra a vontade popular** nesta materia, obviamente, con acatamento ao disposto na lexislación aplicable.
9. Todo o anterior, parece obvio sinalalo, oriéntase de cara ao futuro. O BNG, entendendo que é preciso poñer orde neste campo, estima que os numerosos casos de infraccións producidas nestes últimos lustros ao longo do país, teñen que ter unha solución definitiva. Por iso, incorporará nas Disposicións Transitorias da LSG e os seus regulamentos, todo o relativo á **legalización de construcións e edificacións inzadas sen licencia e/ou sen axeitamento á legalidade establecida**, levadas a cabo con anterioridade á entrada en vigor da lei, establecendo os **tipos de situación susceptibles de legalización**, os prazos para solicitar unha acción administrativa neste sentido, os **requisitos a cumprir** e as **coantías económicas** a satisfacer á administración local (incluída a que corresponda en concepto de multa). As Disposicións Transitorias establecerán igoalmente os **periodos máximos establecidos para poder solicitar a legalización das obras construídas** sen o debido amparo legal.
10. Para que o caos urbanístico non se volva a repetir, logo do labor de legalización que permitirá a futura lei, o goberno do BNG, procederá a crear, adscrito á Consellaría que teña a competencia no eido da ordenación territorial e o urbanismo, **un Servizo de Asesoramento, Inspección e Vixilancia con operatividade en todo o territorio**, que actuará **en colaboración cos concellos e comarcas** para velar pola legalidade en materia

de urbanismo. Todo elo, sen menoscabo da acción municipal neste eido, recoñecida polas leises.

11. Independentemente de cando se dea a aprobación da nova lei, a consellaria que teña a competencia na ordenación do territorio e o urbanismo, procederá de inmediato á **subrogación da competencia que teñen os concellos sobre da aprobación dos plans de ordenación**, sempre que se dea algún dos seguintes supostos:
 - a) Para a redacción de planeamento xeral en todos os concellos que nono teñan de seu e non se comprometan a formulalo e tramitalo nos prazos que se lle marquen.
 - b) Para a redacción do planeamento especial de protección e ordenación dos Conxuntos Histórico-Artísticos declarados como BIC, no suposto de que non se comprometa o concello a tramitalo nos prazos que se lle indiquen.
 - c) Para a redacción de planeamento especial de protección e ordenación de todos os Espacios Naturais protexidos por calquera tipo de disposición normativa, tamén no suposto de que o(s) respectivo(s) concello(s) non se comprometa(n) á esa redacción. A subrogación, neste caso poderá exercerse pola Consellaria de Medio Ambiente.
18. O goberno do BNG comprométese a **arbitrar os investimentos necesarios para a realización de todos estes tipos de plans**. Tamén arbitrará os fondos para **subvencionar Plans Especiais de Mellora do Medio** nos núcleos rurais onde o solicite, alomenos un 40% do vecindario dos mesmos; e a subvencionar Plans de Reforma Interior en áreas urbanas degradadas, cando o solicite, alomenos, un 30% do vecindario da área en cuestión; todo elo, segundo as condicións que se fixen no regulamento correspondente.
19. O goberno comprométese igualmente a **financiar até o 100 %** do custo do planeamento que sexa preciso revisar por mor das novas disposicións normativas de carácter territorial ou urbanístico. No suposto de que os concellos non leven adiante as ditas revisións, as cantidades abonadas para o pago do planeamento serán acreditadas nas contas da consellaria como débedas do concello de que se trate.
20. O goberno do BNG procederá a **dotar ás comarcas** dos imprescindibles **Equipos Técnicos** para **desenrolar de modo positivo a acción urbanística**, tanto no que atinxe ao planeamento, como no que respecta á xestión do mesmo e ao cumprimento da normativa vixente en cada caso.
21. O goberno do BNG, en toda a acción urbanística **prestará especial atención á compoñente arquitectónica**. E así, independentemente das exixencias normativas en orde aos aspectos tipolóxicos da edificación, de cara ás propias necesidades actuais das distintas

administracións en todos os ámbitos territoriais, procederase a **elaboración e execución de significados proxectos arquitectónicos de grande riqueza conceptual**, nos diferentes eidos construtivos onde se harmonicen tradición e da modernidade, que servan de **paradigma de tratamento do espazo propio**, ao tempo que supoñan a creación de novo patrimonio arquitectónico e urbanístico.

8.6 VIVENDA

8.6.1 Introducción

8.6.1.1 A evolución recente do subsector da vivenda

A recesión do ciclo inmobiliario, o nivel de precios alcanzados pola vivenda deixou insolvente nas condicións do mercado a un importantísimo segmento da demanda, na que se integra por primeira vez boa parte das clases medias urbanas.

O chamado “boom” da vivenda colleu ó Goberno co paso cambiado, xa que daquela encontrábase metido de cheo na desregulación do mercado da vivenda, -eufemismo utilizado para diminuír o volume de axudas- confiando en que os simples mecanismos do mercado resolverían o problema, agás se acaso para os sectores da poboación máis depauperados.

A recesión iniciada en 1991 supuxo unha lixeira diminución dos precios da vivenda en termos reais. No ano que corre semella terse iniciado unha certa recuperación da demanda e dos precios, propiciada fundamentalmente pola mellora das condicións do financiamento hipotecario.

8.6.1.2 O cadro actual

1. O dualismo na vivenda

No noso país coexiste do lado da vivenda regular (de carácter xeralmente urbano, construída con asesoramento técnico -proxecto e dirección de obra- e coas autorizacións administrativas correspondentes) un amplísimo sector de vivenda irregular (xeralmente rural, unifamiliar, autopromovida polos seus ocupantes, sen asesoramento técnico e sen licenzia de obra, construídas en moitos casos en contradición co planeamento urbanístico e máis ou menos toleradas pola Administración.

2. Características do parque de vivenda

- Reducido en termos comparativos.
- Deficiente en canto ó seu estado de conservación e equipamento.
- Relativamente caro (en relación con España e coa renda familiar dispoñíbel galega).
- Desequilibrado en canto ó seu réxime de tenencia: a escasez de vivendas en aluguer determina unha oferta excesivamente rixida, incapaz de resolver as necesidades de determinados sectores da poboación (baixo nivel de ingresos, inestabilidade laboral, mocidade).

8.6.1.3 A intervención pública na vivenda: a política de vivenda

1. Consideracións xerais

A política de vivenda refírese case exclusivamente á incidencia que sobre a iniciativa privada teñen os diferentes instrumentos de política económica: financeiros e fiscais, salientablemente. Estes instrumentos constitúen os elementos básicos de calquera política de vivenda.

2. As competencias en materia de vivenda

Segundo o Estatuto de Autonomía a Comunidade Autónoma ten a competencia exclusiva en vivenda.

Pola súa parte o Estado é competente para actuar en vivenda en virtude das súas competencias en materia de bases e coordinación da planificación da actividade económica e das bases da ordenación do creto, en base as cales retén as competencias en materia de financiamento e fiscalidade inmobiliaria. Xa que logo, a exclusividade da competencia é unha simple proclama carente de substancia, porque o certo é que o modelo de política de vivenda que emana da Constitución e do Estatuto de Autonomía, e da interpretación que deles fai o Tribunal Constitucional, é un sistema de competencia compartida, na que a preeminencia correspóndelle ó Estado. Á Xunta réstalle a competencia para promover vivendas con cargo ós

seus propios recursos e a xestión da política estatal, podendo mesmo modificar algún parámetro da mesma para adaptalo as peculiaridades territoriais (p.ex.: superficies das VPO, coeficientes de ponderación a efectos de determinar os ingresos familiares, distribución de áreas xeográficas para os módulos de VPO etc.).

3. Os Planos Estatais de Vivenda

O sistema de VPO está completamente esgotado como instrumento dunha política de vivenda xusta e eficaz, polas seguintes razóns:

- Porque deixa case exclusivamente a iniciativa en máns do sector privado, que utiliza as VPO para equilibrar as súas contas de resultados a longo prazo. De xeito que cando se produce a expansión do ciclo económico, e os precios se disparan, a iniciativa privada abandona a promoción de VPO, para refuxiarse nela cando chega a recesión, o que pode ser moi racional desde o punto de vista do negocio, pero muy pouco compatíbel coas necesidades sociais de aloxamento.
- Porque non integra ó conxunto de instrumentos que inciden na vivenda.(fiscais, financeiros, urbanísticos).
- Porque é un sistema deseñado para a produción por promotores profesionais de vivenda urbana en edificios colectivos (pisos) de nova construción, destinadas á adquisición, en réxime de propiedade, por familias. Por iso, non dá solución acaída a:
 - a) A promoción para uso propio de vivenda unifamiliar.
 - b) A vivenda rural.
 - c) A rehabilitación inmobiliaria
 - d) A promoción de vivendas para o aluguer.
 - e) A promoción de aloxamentos distintos á vivenda estándar.
 - f) A promoción de solo residencial.

4. As axudas fiscais á adquisición de vivenda

Na actualidade, a principal aportación económica do Estado á política de vivenda é o gasto fiscal que deriva das desgravacións por adquisición de vivenda no IRPF. Na súa regulación actual, son fortemente regresivas e discriminatorias para os que optan polo aluguer.

5. O financiamento da vivenda

A intervención directa do Estado nesta materia limítase case exclusivamente ás axudas contidas no Plano de Vivenda en forma de préstamos cualificados e axudas económicas directas (subsidiación de intereses e subvencións persoais) para a promoción e adquisición de VPO e rehabilitación.

Nos últimos anos, as sucesivas revisións á baixa dos tipos de xuro de convénio, mentras se mantiñan os tipos subsidiados, supuxo unha redución drástica dos recursos aportados polo Estado para o financiamento dos Planos de Vivenda.

O financiamento da vivenda libre queda a expensas das condicións do mercado e da política monetaria xeral. Nos últimos anos iniciouse unha tendencia á baixa -que aínda persiste- dos tipos de xuro dos préstamos hipotecarios para adquisición de vivenda, que están xirando nos últimos meses cara á modalidade de préstamos a tipo variable, cos sesgos de incertidumbre que conleva para os prestatarios. Cómpre aclarar que os tipos de xuro reais (descontada a inflación) manteñense aínda moi altos. Así e todo, nos últimos anos melloraron considerablemente as condicións dos préstamos hipotecarios para adquisición de vivendas, tanto no que se refire ós tipos de xuro, como ás contías máximas dos préstamos ou ós prazos de amortización.

8.6.1.4 A política de vivenda da Xunta de Galiza

A actuación “autónoma” da Xunta, complementaria da do Estado, refírese basicamente á promoción pública de vivenda, á xestión do parque de vivenda pública e á vivenda rural. A promoción de vivenda da Xunta faise a través do Instituto Galego da Vivenda e Solo (IGVS). O número de vivendas promovidas polo IGVS resulta moi baixo en relación coas necesidades da poboación, sobre todo nas cidades, nas que existe un amplísimo segmento da demanda que resulta insolvente no mercado da vivenda libre polos altos precios que alcanza esta. Ademáis, o feito de que as vivendas construídas polo IGVS se cedan en venda fai que resulten pouco eficaces para resolver as necesidades de aloxamento dos sectores economicamente máis febles. Mesmo os máis pobres quedan legalmente privados do acceso a estas vivendas (familias con ingresos ponderados inferiores a 0,7 veces o salario mínimo).

O escaso número de vivendas promovidas polo IGVS ven determinado, non tanto pola limitación dos recursos económicos, como pola falta de solo apto urbanísticamente para ser edificado. En canto á xestión do parque de vivenda pública transferido (aproximadamente 20.000 vivendas, a maior parte delas en réxime de acceso diferido á propiedade) o punto de partida foi moi malo, dado o estado caótico da súa administración por parte do órgano do Estado encargado dela (IPPV) e mesmo o estado de conservación. A actuación da Xunta consistiu en reparar as que se encontraban en peores condicións, facilitar a compra ou a cancelación anticipada dos préstamos por parte dos ocupantes e tratar de regularizar a situación destes.

A actuación máis importante da Xunta en materia de vivenda rural son as subvencións para rehabilitación, ás que se veñen destinando cuantiosos recursos económicos. Estas subvencións van case sempre destinadas a financiar actuacións carentes de todo tipo de asesoramento técnico solvente, encuadrables máis ben no xénero da chapuza, antes que no da rehabilitación. O resto das actuacións en vivenda rural -subvencións para a reconstrucción de vivendas unifamiliares, para infravivenda rural e axudas á autoconstrucción no medio rural - teñen unha incidencia mínima, con independencia do interese que estas últimas podan ter polo que supón en canto esforzo de adaptación do Plano de Vivenda ás condicións da vivenda rural galega.

As actuacións propias ou “autónomas” completanse cun repertorio de medidas inconexas e deslavazadas, que resultan en todo caso ineficaces na percura dos obxectivos que teoricamente persiguen, como son as axudas ós Concellos para a erradicación do chabolismo, as pintorescas subvencións para a rehabilitación de inmobles en conxuntos históricos ou as destinadas á adquisición de vivendas por familias numerosas.

8.6.2 Medidas de goberno

A vivenda cumpre unha función social básica como é a de satisfacer a necesidade elemental e primaria que toda persoa ten de aloxarse. Esta dimensión social da vivenda presidirá sempre e en todo caso a política de vivenda do BNG.

Para o BNG toda persoa ten dereito a dispoñer dun aloxamento digno e adecuado ás súas condicións económicas, físicas e familiares. É obriga dos poderes públicos garantir a efectividade deste dereito.

Para o BNG a solución do problema da vivenda pasa pola intervención decidida das administracións públicas, por canto os mecanismos do mercado son incapaces de satisfacer as necesidades de aloxamento do conxunto da poboación, e en concreto dos sectores economicamente máis febles.

8.6.2.1 Propostas de política xeral

1. Incremento progresivo dos recursos públicos destinados á vivenda, en termos de participación no PIB.
2. Apoio á promoción sen ánimo de lucro (promotores públicos, cooperativas, autonconstrucción en réxime comunidade de bens ou individual).
3. Impulso ó mercado hipotecario co obxecto de canalizar novos recursos financeiros, e en mellores condicións, destinados o financiamento do subsector da vivenda con garantías propias.
4. Apoio á vivenda en réxime de aluguer.
 - Incremento das axudas do Plano de Vivenda para a promoción pública ou privada de vivendas protexidas destinadas ó aluguer.
 - Aumento dos beneficios fiscais para o arrendamento de vivendas, na procura do equilibrio cos supostos de compra. Incentivos fiscais ós arrendadores.
 - Impulso ós fondos de investimento inmobiliario.
5. Tratamento progresivo das desgravacións do imposto persoal sobre a renda (IRPF) por adquisición de vivenda. Diminución do tipo de gravamen do imposto sobre o valor engadido (IVE) para as vivendas protexidas e do imposto sobre transmisións patrimoniais (ITP) para todo tipo de vivendas. Definición expresa e obxectiva do concepto de rehabilitación a efectos de desgravación no IRPF.
6. Reducción do parque de vivendas baleiras.
 - Aumento do coste fiscal das vivendas desocupadas.
 - Diminución da presión fiscal na transmisión de vivendas.
 - Línea especial de axudas á rehabilitación de vivendas desocupadas destinadas ó aluguer.
7. Apoio á diversificación tipolóxica da oferta de vivendas ou aloxamentos que dea satisfacción ás novas demandas sociais (xóvenes, familias monoparentais, unidades de convivencia de feito, ancianos etc.).

8.6.2.2 Propostas de política autonómica

1. **Elaboración dun marco xurídico propio** que dea resposta ós problemas específicos do noso país en materia de vivenda e sirva de sustento legal ó Programa de Vivenda: Lei de Vivenda.
2. **Elaboración dun Programa plurianual de Vivenda**, que deberá constituir o instrumento fundamental dunha política de vivenda propia e autónoma da estatal. Este Programa atenderá exclusivamente ás necesidades de vivenda da poboación galega, proponendo solucións e obxetivos concretos en función das súas características sociais e económicas, tomando así mesmo en consideración as necesidades e peculiaridades dos distintos ámbitos territoriais do país. O Programa financiarase con recursos propios da Comunidade Autónoma e cos procedentes dos planos estatais de vivenda. Estes tomaranse en conta só a efectos da aportación económica ó financiamento das actuacións protexibles definidas polo Estado, que se incorporarán ó Programa, pero non vencellarán en canto ós instrumentos e demais medidas que este poda propoñer. O Programa de Vivenda proporá unha oferta suficiente, territorializada e estábel no tempo dos distintos tipos de vivenda protexida, de promoción pública ou privada. O Instituto Galego da Vivenda e Solo (IGVS) tomará as medidas oportunas para garantir a efectividade desta oferta.
3. **Incremento da promoción directa polo IGVS de vivendas sociais** destinadas a atender ós sectores da demanda insolventes nas condicións de mercado. O aluguer será o réxime normal para as vivendas sociais de nova promoción. O IGVS promoverá vivendas e aloxamentos destinados a grupos específicos, e adaptados ás necesidades destes, alá onde se demanden.
4. **Intervención decidida da Xunta no mercado do solo urbano** mediante políticas activas que teñan en conta o medio e longo prazo. Constitución dun fondo de solo urbano, co obxecto de garantir a continuidade da política de promoción de vivenda protexida, pública ou privada, e de contribuir á estabilidade dos precios.
5. **Criación dunha nova modalidade de vivenda protexida** de promoción concertada coa iniciativa privada sen ánimo de lucro (cooperativas, asociacións de veciños,...), tutelada pola Administración.
6. **Xestión eficaz do patrimonio de vivendas públicas**, tanto do herdado do Estado como do máis recente, para o que é preciso:

- Regularizar a situación xurídica dos ocupantes en relación coa vivenda, cando sexa posible. En caso contrario, adoptaranse as medidas precisas para recuperar a posesión das vivendas.
- Estabelecer unha inspección rigurosa sobre o uso e destino das vivendas, co obxecto de garantir a súa ocupación e que os ocupantes reunen as condicións que veñen esixidas pola normativa vixente.
- Esixir o estricto cumprimento das obrigas económicas dos adxudicatarios. Habilitarase unha liña de axudas para aquelas familias que non teñan capacidade para afrontar os pagos que derivan da vivenda, calquera que sexa o réxime de tenencia desta. Nos casos de insolvencia total dos adquirentes, o IGVS poderá recuperar a titularidade das vivendas, para a súa cesión ós mesmos ocupantes en réxime de aluguer ou en calquera outro que se estime máis apropiado en cada caso.
- Reformar a normativa reguladora da adxudicación de vivendas de promoción pública, incluído o baremo, co obxecto de ponderar con máis precisión as necesidades de vivenda dos solicitantes, subsanar as deficiencias técnicas constatadas e regular con máis detalle o réxime de aluguer, para o que se terá en conta a experiencia acumulada polos concellos e comisións provinciais de vivenda durante os últimos anos.

7. **Elaboración dun censo de vivendas protexidas**, elemento básico para orientar a política xeral de vivenda, que permitirá ademais informar ós interesados en acceder a este tipo de vivendas, exercer adecuadamente os dereitos de tanteo e retracto por parte da administración cando proceda segundo dispoña a Lei de Vivenda, así como esixir o cumprimento efectivo das condicións ás que están legalmente sometidas as vivendas protexidas.

8. **Impulso á rehabilitación de edificios e vivendas**, o que pasa por:

- Incrementar substancialmente as axudas económicas á rehabilitación.
- Fomentar a delimitación, de acordo cos concellos, de áreas de rehabilitación, en núcleos urbanos ou rurais. As axudas á rehabilitación centraranse fundamentalmente nestas áreas, que só poderán delimitarse cando exista planeamento urbanístico adecuado á intervención que se pretenda. Toda área de rehabilitación deberá contar cun órgano de xestión encargado de deseñar as estratexias de intervención, de informar e asesorar tecnicamente ós interesados, e dar trámite ás solicitudes de axudas.
- Dotar de asesoramento técnico solvente ás actuacións de rehabilitación, como garantía da coherencia das mesmas.
- Simplificar e axilizar a tramitación administrativa das axudas á rehabilitación.

- Tratamento singularizado dos conxuntos históricos declarados, que en todo caso deberán contar cun plano especial que contemple a protección e rehabilitación do patrimonio construído, garanta o mantemento e/ou a recuperación da poboación residente e o equilibrio de usos.
9. **Apoio á vivenda rural:** o Programa de Vivenda establecerá un sistema específico de axudas á vivenda rural, que teña en conta as características da mesma en canto á tipoloxía unifamiliar, superficies, usos e sistema de promoción máis común (autoconstrucción). O IGVS concertará cos colexios profesionais con competencia na materia as medidas oportunas para garantir o asesoramento técnico á vivenda rural (proxectos e dirección de vivenda de nova construción ou rehabilitación).
10. **Criación de oficinas territoriais de vivenda,** entes administrativos territoriais de desconcentración e cooperación interadministrativa, participados polo IGVS, concellos ou administracións comarcais, co fin de achegar os servizos da administración en materia de vivenda aos cidadáns, e que asumirán con carácter inmediato as seguintes funcións:
- Xestión do arrendamento das vivendas de promoción pública.
 - Elaboración das listas de adjudicatarios de vivendas de promoción pública.
 - Xestión e control das vivendas protexidas de promoción privada: actualización do censo de vivendas protexidas, visado dos contratos de compravenda e aluguer, xestión relativa ós dereitos de tanteo e retracto, nos termos previstos pola Lei de Vivenda.
 - Inspección e control das vivendas de promoción pública, así como de todo tipo de vivendas protexidas, con especial atención ó fraude na venda, en primeira ou seguintes transmisións.
 - Xestión das áreas de rehabilitación que os concellos lles encomenden.
 - Elaboración de informes sobre as necesidades de vivenda e solo residencial e seguimento do Programa de Vivenda nos correspondentes ámbitos territoriais.
 - Información sobre a oferta de vivenda protexida existente en cada momento e sobre as axudas do Programa de Vivenda e tramitación administrativa das mesmas.
 - A implantación das oficinas de vivenda deberá facerse progresivamente, na medida que as necesidades de cada ámbito territorial o demanden.
 - Cada oficina contará cun órgano de participación das distintas organizacións sociais que teñan relación coa vivenda (cooperativas, asociacións de veciños, asociacións profesionais de promotores e constructores, colexios profesionais, etc.).

8.7 INFORMACIÓN E DOCUMENTACIÓN SOBRE ORDENACIÓN TERRITORIAL

A adopción de calquera acción política, ben sexa no eido económico, social, cultural, etc. require dun previo recoñecemento da realidade, exixencia sen a cal de nada ha servir prefixar obxetivos e criterios. Se isto é válido en calquera eido, no que atinxe á política de ordenación territorial, o requisito resulta categórico.

A información sobre do territorio ten que se realizar sempre sobre dunha base cartográfica. Nun tempo de cambios acelerados esta base ten que estar permanentemente contrastada e actualizada. Sen este requisito non se pode abordar nengún proxecto de ordenación territorial de calquera escala cun mínimo de seriedade. Mais, para manter esa base cartográfica, cunha moi variada oferta de escalas segundo o tipo de exixencias que a análise do territorio demanda, e dado os outros custos que a súa elaboración conleva, resulta obrigada a disposición desa documentación cartográfica nun centro administrativo único, de cara á máxima rendabilidade social e económica dos investimentos neste campo, así como de cara a unha maior facilidade de disposición da mesma por parte de todas as administracións e dos administrados.

Só un centro especializado é quen de introducir racionalidade no proceso de “producción” dunha fotografía constantemente actualizada da nosa realidade física, que ao tempo poda ser usada -por medio da dixitalización- de xeito coordinado cos milleiros de bases de datos que utilizan os investigadores, os centros de ensino, os sectores económicos e a morea de departamentos das administracións públicas.

Doutra parte, para que a actualización permanente non supoña un investimento, por elevado, inabordable, resulta imprescindíbel acometer a racionalización do sistema informático das administracións públicas a traveso de redes que permitan que cada cambio que se produza no territorio poda ser introducido inmediatamente no dito sistema, non só no da administración local ou sectorial que o acometeu, controlou e/ou fiscalizou.

Un país con recursos como o noso non se pode permitir o luxo do máis mínimo dispendio en nada. Pero moito menos no proceso de obtención da información sobre si mesmo. Actualmente ese dispendio acada niveis de escándalo. Cada Administración e, no seu caso, cada Consellaria e, ás veces cada Dirección Xeral, gasta unha parte considerábel do presuposto en documentación cartográfica que, no mellor dos supostos, só se utiliza de xeito restrinxido. E

iso cando non se ten atoubada con sete chaves nun caixón, coma se dun tesouro inensinábel se tratase.

Mentras tanto quen de verdade precisa esa documentación para proxectos vitais:ordenación agroforestal, gandeira, mineira, industrial ou sobre calquera caste de recursos, documentación imprescindible para calquera proxecto de ordenación territorial, urbanística, medioambiental, etc. etc., tira a toalla logo de ter deixado a pel nas moreas de “*viacrucis*” polos departamentos que dispoñen desa documentación “*celosamente*” agochada.

Para correxir esta eiva fundamental que padece o noso país, o BNG propón crear un **Centro de Documentación Cartográfica**, a traveso do cal se canalizarán todos os investimentos da Administración Autonómica na materia.

Este Centro, dependente funcionalmente do IET, canalizará todas as demandas das distintas administracións na materia; documentación que estará ao servizo dos administrados previo pago das taxas que se establezan conforme a lei.

A documentación cartográfica que se elabore deica en diante haberá de ter en conta a necesidade imperiosa de se acoplar á explotación de todo tipo de bases de datos sobre o territorio e os usos que sobre del se dan ou podan dar no futuro.

De cara á permanente actualización da realidade territorial lexislarase para coordinar as actuacións nesta materia de todas as administracións públicas. Todo elo, a realizar nos catro anos da lexislatura.

III. MEIO AMBIENTE

9. INTRODUCCIÓN

O abandono e ineficacia do Goberno galego a respecto do medio ambiente plasma-se en múltiples aspectos, entre eles:

9.1 A nivel administrativo

- As competencias do medio ambiente reparten-se hoxe entre diversas Consellarias. Non existe unha Administración única.
- Non existen Redes permanentes de control da contaminación nos diversos campos, nen centros oficiais específicos de estudo do medio ambiente. A investigación da problemática ambiental e de novos recursos é moi deficitaria e, na maioría dos casos, non existe.

9.2 A respecto do medio ambiente a situación actual é caótica

- As centrais térmicas de As Pontes e Meirama son importantes focos de contaminación. Galiza emite o 33%, do total do Estado, de dióxido de xofre e case o 10% do total de compostos de nitróxeno, ambos responsábeis de choiva ácida. Ademais, contribuímos co 25% do total de emisións de partículas de todo o Estado español.
- En 1994, tan só 365.732 persoas tiñan unha depuración de augas residuais acorde co nivel de depuración establecido polas Directivas da Comunidade Europea e 624.500 persoas máis estaban no camiño de conseguilo. Na actualidade, tan só o 33% da poboación ten algun tipo de depuración. As competencias sobre ordenación do recurso e control da súa calidade están hoxe divididos entre a Xunta de Galiza e o Ministerio.
- No noso país, o 82% dos residuos sólidos urbanos van parar a un vertedoiro incontrolado creando problemas de contaminación no solo, na auga e na atmosfera. A grande maioría están permanentemente incendiados e emiten dioxinas, furanos e outras substancias cancerixenas.
- O Goberno galego consente que os Concellos vertan o lixo en vertedoiros incontrolados (case 300 na actualidade) e dentro de cada Concello danse decenas de outros pequenos vertedoiros. Mesmo se inibe ante sucesos como o do derrumbamento do vertedoiro de Bens, na Coruña.

- A xestión dos residuos é tan nefasta que chega a dar-se o caso de que os residuos hospitalários se queiman en fornos-incineradores dos hospitais, contaminantes e inapropiados para este fin e mesmo están a utilizar-se queimadores instalados en camiós ambulantes.
- A Administración potencia a incineración de produtos tóxicos como son os aceites usados, cando facilmente poderían reciclarse e ademais do aforro enerxético que isto supón evitaria a contaminación que se xera.
- O Goberno galego non só non potenciou as indústrias de reciclado de vidro, papel,..etc., senón que pretende pechar a única planta de fabricación de *compost* (realizado a partir da materia orgánica do lixo) que existe en Galiza e ubicada en Ferrol.
- Os bosques estatais representaban en Galiza 0.16% do territorio, fronte ao 35% no Estado español, 30.4% en Dinamarca, 17% en Portugal,...
- Os incendios forestais seguen tendo unha grande importancia na Galiza tanto en número de incendios como en hectáreas arrasadas.
- As repoboacións forestais seguen potenciando a plantación de piñeiros e eucaliptos igual que nos anos do franquismo. O “Plano Forestal” da Xunta está realizado baixo os intereses das celulosas e fábricas de papel.
- Galiza atopa-se, dentro do Estado español nos últimos lugares canto a superficie protexida; carecemos de auténticos Parques Nacionais, Reservas da Biosfera,..etc.; están ademais nun abandono total os poucos espazos declarados oficialmente protexidos.
- Consente-se o paso de buques cargados con produtos radiactivos fronte ás costas galegas, sen protesta ante o Goberno Español e sin oposición de ningún tipo.
- Non existe apoio decidido a Agricultura Biolóxica
- Segue-se a esquecer o ferrocarril cando este é o medio de transporte máis económico e ecolóxico. Co consentimento da Xunta desmanteláronse servizos e non existe interese pola modernización do ferrocarril. Non existe nin un bo mantemento da infraestrutura ferrica e o ferrocarril, nin electrificación, dobres vías,... Entraremos no século XXI sin que cidades como Lugo e Santiago se comuniquen por ferrocarril, e mesmo nin se pensa en estender os camiños de ferro até os principais portos (Marín,Vigo por exemplo) e aeroportos galegos, nin a novos núcleos como Noia-Muros,..etc.
- Non existen campañas de Educación Ambiental que informen e formen á poboación. Os medios de comunicación públicos esquecen a nosa realidade medio ambiental. No ensino estatal non se dan as directrices para que o medio ambiente e a educación ambiental e a saúde impregne os nosos hábitos diarios.

- Non hai vontade de aplicar a lei 1/93 de protección dos animais domésticos e salvaxes en cautividade.

10. MEDIDAS DE GOVERNO

10.1.1 Marco administrativo

As competencias de medio ambiente repartense na actualidade en diversas Consellarias, . O BNG propón

1. Unificarar nunha Consellaria todas as competencias en materia de medio ambiente e preténdese a racionalización da utilización dos recursos naturais que hoxe están distribuídos nas distintas Consellarias.
2. Creará-se o Instituto Galego do Medio Ambiente cuxa finalidade é:
 - a) Establecemento dunha Rede que cubra a atmosfera, auga e o solo con estacións diseminadas por todo o país para exercer un control e seguimento da contaminación, con laboratorios que analicen a degradación do medio ambiente. Todos os laboratorios de titularidade pública -sempre que esten relacionados co medio ambiente-, existentes na actualidade pasarán a incorporarse a este Instituto.
 - b) Establecemento dunha Rede de Conservación que controlará os Parques Nacionais e zonas protexidas de calquera tipo e que garante a preservación da flora e fauna autóctona, conservación do solo, control de especies protexidas, especies en perigo de extinción, introdución de especies, prácticas agrícolas,...etc. Propondrá plans de recuperación e restauración de espazos degradados. Toda a súa actividade estará centralizada no Instituto da Conservación.
 - c) Promover a investigación e aplicación de enerxías alternativas coa creación do Centro de Estudos de Enerxías Alternativas. Coa finalidade de aforro enerxético investigará sobre novos materiais a utilizar na vivenda, infraestruturas,...
 - d) Levará a cabo campañas de Educación Ambiental, nos diversos aspectos do medio ambiente, buscando prácticas racionais de consumo, xestión acertada dos recursos, prácticas ecolóxicas tanto individual como colectivamente e mesmo empresarialmente. A súa actividade en colaboración estreita cos grupos de defensa ecolóxica e diversos colectivos sociais estará centralizada no Centro Galego de Educación Ambiental de nova creación.

- e) Emisión de Informes sobre dos diversos aspectos do medio ambiente.
- 3. Crearase o Consello Galego do Medio Ambiente. Organo consultivo e asesor e eliminarase a Comisión Galega de Medio ambiente.
- 4. Garantizarase e facilitarase a información e libre acceso a información.

10.1.2 Espazos naturais, conservación e recursos

Propoñen-se as seguintes medidas:

1. Elaboración de políticas de promoción económica e social e beneficios fiscais especiais para áreas territoriais incluídas dentro dalgúna figura de espazo natural protexido.
2. Nun prazo de de 12-18 meses reelaboración dun Catálogo-Inventario de lugares de interese natural e espazos a protexer, conservar, restaurar,...et. Estableceranse as distintas categorías dos espazos naturais protexidos, as medidas futuras a adoptar e plans de uso e xestión.
3. Política de protección de novos espazos naturais para -polo menos- duplicar en 4 anos o número de hectáreas protexidas que existen hoxe. Tratarase de buscar unha simplificación de tipoloxías dos espazos naturais protexidos.
4. Modificación da Lei de protección ambiental de Galiza para que se establezcan as normas reais que configuren o sistema de defensa ,protección, conservación e restauración do medio ambiente e aseguren unha utilización racional dos recursos naturais. Os estudos de impacto ambiental serán rigurosamente estudados pola Administración e pasaran pola Comisión técnica de Medio Ambiente.
5. Modificación da Lei de caza, tratando que o control , ordenamento e mellora dos recursos e dereitos cinexéticos sea competencia da Administración pública.
 1. Estudio pormenorizado sobre áreas naturais concretas da viabilidade de explotación económica de estas zonas e a súa proxección nacional ou internacional, valorando o impacto, a incidencia social e de obras de infraestrutura, mellora para a zona,...etc.
 2. Fará-se especial fincapé na prevención de incendios e na recuperación de zonas incendiadas. Buscarán-se incentivos para que se cuide máis o monte e medidas disuasorias legislativas e fiscais para que nos incendios desaparezan moviles económicos e de cambio de uso do solo.
 3. Criación dun banco xenético para evitar a desaparición de especies frutais e outras plantas de importancia tradicional
 4. Control de especies comerciais introducidas doutros países

5. Control das especies comerciais capturadas tanto en mar como en terra coa finalidade de evitar a sobre explotación
6. Someteranse a protección e vixancia especial aquelas áreas sensíbeis que están a sufrir un deterioro ambiental máis acelerado e de maiores consecuencias ecolóxicas. Masas forestais autóctonas, zonas húmidas, zonas especialmente erosionadas, espazos naturais de protección especial, zonas das rías e litoral,...
7. Estudio detallado por parte da administración do impacto ambiental das obras de infraestrutura especialmente pistas forestais e autovías, autoestradas, vías rápidas,... control ao remate das obras e seguimento posterior.
8. Asignación de fondos para un incremento progresivo do patrimonio forestal. Os bosques estatais representaban en Galiza o 0.16% fronte ao 35% no Estado español, 30.4% en Dinamarca, 17% en Portugal,...
9. En colaboración coa Consellería de Agricultura potenciamento dunha repoboación forestal de especies autóctonas onde o castiñeiro, carballo, bidueiro, cerdeira e outras especies teñan un lugar importante. Buscaráse o equilibrio forestal-agrícola-gandeiro e a compatibilidade dos múltiples usos do monte. Potenciarase a investigación e mellora das nosas variedades forestais locais.
10. Delimitación do espazo a ocupar polo eucalipto, regulación da súa expansión coa finalidade de que non desplace as especies autóctonas nin se introduza en bosques de ribeira e marxes fluviais, nin ocupe terras idóneas para especies máis esixentes.

10.1.3 Enerxía, enerxías alternativas, usos da enerxía

O BNG promoverá a utilización de fontes renovábeis para a produción de enerxía en resposta e substitución paulatina da utilización masiva de fontes fósiles e finitas para o mesmo fin.

O gran potencial de Galiza en recursos renovábeis de produción enerxética ten que desenvolverse dentro de proxectos de auténtico desenvolvemento sostíbel, de xeito que o beneficio enerxético que produzan non sexa destragado polo impacto ambiental e socio-económico negativo que podan provocar.

Así, o BNG propón:

10.1.3.1 Enerxía hidroeléctrica

- O Goberno galego priorizará as concesións de minicentrais hidroeléctricas que supoñan rehabilitación de aproveitamentos existentes sobre novos proxectos de aproveitamento.
- O Goberno galego promoverá a participación dos Entes Locais na rehabilitación de minicentrais hidroeléctricas (inferiores a 5.000 Kw/h) do seu termo municipal como método para nivelar o seu gasto eléctrico.
- Aumentarán-se os recursos para facer un seguimento real sobre o cumprimento das medidas medioambientais en todos os proxectos de xeito que o estudo de impacto ambiental non sexa só un requisito para a conexión.
- Retirará-se o apoio á construción de grandes aproveitamentos cuio impacto ambiental e socio-económico sexa negativo (Miño, Navia, Ulla, Eume, Umia...)
- Elaboración coas empresas eléctricas dun plan de medidas que permita as migracións e mobilidade dos peixes nos encoros actuais e recuperación paulatina dos ecosistemas.

10.1.3.2 Enerxía eólica

- O BNG propondrá a participación pública nos proxectos de explotación para asegurar a súa incardinación en proxectos de desenvolvemento sostíbel para a zona onde se executan.
- Promoverá-se a participación dos Entes Locais no aproveitamento de pequenos parques (1.500 - 3.000 Kw/h) que con escaso impacto ambiental sirvan para nivelar o gasto enerxético municipal.

10.1.3.3 Coxeneración e biomasa

- Restringir o uso desmedido de combustíbeis convencionais en proxectos con escaso impacto sobre o aforro enerxético real.
- A utilización de biomasa forestal en proxectos de coxeneración deberá ir acompañada dun estudo de aproveitamento integral de explotación e conservación do monte.
- O Goberno galego non contemplará os residuos sólidos urbanos como biomasa utilizábel en proxectos de produción de enerxía alternativa e reafirmará a necesidade de que a valorización deste produto teña que vir pola súa minimización, reutilización e reciclaxe.

10.1.3.4 Educación para o aforro enerxético

- O Goberno galego promoverá o coñecemento xeralizado das vantaxas medioambientais e polo tanto económicas do aforro enerxético e promoverá a utilización de medidas tendentes a ese obxectivo en ámbitos como a vivenda, o transporte ou a industria.

10.1.4 Residuos

10.1.4.1 Residuos sólidos urbanos

Considerando que en Galiza o 82% dos residuos sólidos urbanos van a parar a un vertedreiro incontrolado e que a alternativa da Xunta de Galiza é a incineración, o BNG:

1. Procederá a paralización do actual Plano de Residuos do Goberno galego baseado na incineración. Elaborará-se un proxecto alternativo baseado na recuperación, reutilización, reciclado e diminución da produción de lixo co obxectivo de que no ano 2000 cando menos o 50% dos residuos sólidos urbanos sexan reciclados.
2. Procederá-se a reutilización e reciclado do vidro, papel-cartón, plástico e metais mediante a recollida selectiva. Procederá-se a subvencionar ou apoiar economicamente a iniciativa privada para a creación de industrias de reciclaxe e si non se consegue que a iniciativa privada acuda a este tipo de proxectos, será a administración a encargada de creación destas industrias.
3. Procederá-se a recollida selectiva de pilas e baterías para inertización nuns casos e reciclado noutros.
4. A materia orgánica do lixo recollerá-se separada do resto dos componentes e con ela elaborará-se compost. As plantas de compost igual que sucedía coas industrias de reciclaxe deixaránse nun primeiro lugar para a iniciativa privada a excepción daquelas que os concellos se comprometan a realizar directamente, a administración acudirá no caso de que estas iniciativas non se den. A iniciativa privada contará tamen con apoio económico da Administración. O compost empleará-se en parte para a rexeneración das zonas erosionadas e afectadas reiteradamente por incendios.
5. Establecerá-se unha recollida selectiva de móbiles, electrodomésticos, medicinas, produtos perigosos, envases de produtos químicos....etc.
6. Elaborará-se un plano de sellado e eliminación dos vertedeiros incontrolados e controlará-se cara o futuro esta práctica.

7. No prazo de 2 anos todas as cidades e vilas importantes deben ter cubertas a recollida selectiva de vidro, papel, metais, pías, baterías e materia orgánica así como recollida selectiva de electrodomesticos , medicinas e outros productos.
8. Fomentárase a utilización de productos que sexan reutilizables frente aos que non o son e producen deteriro do meio ambiente.
9. Establecerase unha taxa para envases de aluminio e recipientes de vidro non retornábel en bebidas, así como para plásticos en determinados usos. Será obligatorio que as grandes superficies dispoñan para venta de bebidas con recipientes retornables en vez dos actuais.
10. Establecerán-se vertedoiros controlados para a fracción inerte dos residuos que non poda ser reutilizada nin reciclada.

10.1.4.2 Residuos tóxicos e perigosos

Igual que sucede cos residuos sólidos urbanos , moitos residuos tóxicos son reciclables e reutilizables, e mesmo moitos xeranse sin necesidade. O BNG propón

1. Control e minimización na xeración de residuos. Fomentárase con medidas adecuadas que as industrias vaian disminuíndo a produción destes residuos e mesmo se encarguen na propia planta de reciclalos.
2. Realízase unha auditoría ambiental sobre a planta de Somozas e estudíase o seu futuro a vista dos informes.
3. O reciclado de determinados productos químicos preténdese realizar no futuro conxuntamente cos residuos de Portugal e cos doutras parte do Estado español polo que se entrará en colaboración con eles.
4. Residuos clínicos. Os residuos clínicos trátanse de reducir ao máximo en colaboración coa Consellería de Sanidade, buscando utilizar material reutilizábel e reciclable. Por medios adecuados un volume importante de residuos clínicos asimílanse a residuos sólidos urbanos. Elimínase a incineración sistemática como se realiza actualmente , solo será aceptada a incineración cando non exista outro sistema de eliminar o lixo de calisque xeito pecharanse o modifícanse para disminuír ao máximo a contaminación os fornos dos hospitais.
5. Residuos nucleares. Os residuos nucleares de hospitais, universidades, laboratorios,..etc, terán un control riguroso.

6. Buscaráse a xestión destes residuos en colaboración con Portugal e doutras zonas do Estado. Prohibición absoluta de vertido a rios, rias ou mar litoral de residuos radioactivos. Oposición a calquer tipo de basureiro ou depósito temporal ou definitivo no nosos territorio. Retiraranse os para-raios radioactivos de oficio sin esperar a súa solicitude. Declaración de Galiza como zona desnuclearizada . Opoñeremonos ao transportes mariños con produtos radioactivos que pretendar cruzar polas augas xurisdicionais.

10.1.5 Contaminación

10.1.5.1 Atmósfera

Na actualidade as centrais térmicas de As Pontes e Meirama coas súas emisións de dióxido de xofre están a provocar unha importante contaminación por choiva ácida. Galiza emite o 33% do total do Estado de dióxido de xofre do Estado.

O BNG propón:

1. Establecer "cargas críticas" - máximos para que non causen danos- de determinadas compostos químicos que se emiten polas indústrias para evitar problemas nos ecosistemas.
2. Preténdese disminuir mais do 80% da contaminación de dióxido de xofre para o ano 2000 (As Pontes só pretende disminuir o 40% e Meirama o 25%) para o cal aplicaranse taxas de emisión superiores as vixentes na actualidade co ouxectivo de que as indústrias lles salga mais barato adoptar medidas técnicas que diminuían a contaminación que pagar as taxas.
3. Aplicaranse taxas de emisión as indústrias respecto ao dióxido de carbono (responsábel do efecto invernadoiro), flúor, organo-clorados e partículas, revisándose a alza as de compostos de nitróxeno, co ouxectivo de que as indústrias adopten medidas correctoras da contaminación e estas sean mais baratas que as taxas a pagar. O ouxectivo é que se reduza nun prazo de catro anos o 50% as actuais emisións dos produtos citados.
4. Establecerase unha Rede de control e vixilancia da contaminación atmosférica, en exclusiva da administración con especial vixilancia nas principais indústrias contaminantes con centrais térmicas, refinería, celulosa,fabricación de aluminio,..etc.
5. Establecerase unha Rede de Meteoroloxía que abarque a todas as comarcas e todo o territorio nacional, esixírase que a rede actual do Estado,- Instituto Nacional de Meteoroloxía- pase a depender dun Instituto de Meteoroloxía Nacional Galego, pola

importancia que ten para a agricultura, contaminación atmosférica, tráfico aéreo, protección civil,..etc

6. Levarase a cabo un estudio exhaustivo do alcance da choiva ácida en todo o territorio nas diversas facetas de saúde humana, bosques, cultivos, ecosistemas fluviais, solo,...e a forma de paliar os seus efectos.
7. Estableceranse estratexias que leven as indústrias a minimización da xeración de residuos en xeral, o incremento da eficiencia e ao aforro enerxético. Buscarase con incentivos que as propias indústrias realicen programas e leven a cabo sistemas de mellora dos resultados das suas actividades indústrias en relación co medio ambiente

10.1.5.2 Auga

Na actualidade tan só o 33% da poboación ten algún tipo de depuración de augas residuais. Moitos ecosistemas fluviais e as rias soportan unha importante carga contaminante por este motivo. Pretendese:

1. Unificar as competencias hoxe dispersas, esixindo do Ministerio a transferencia oportuna.
2. Elaboración dun Plano Hidrolóxico Nacional.
3. Conseguir nun prazo de 4 anos que o 85-90% da poboación galega teña depuración de auga residual. As grandes cidades e vilas importantes, así como os núcleos que vertan directamente as rias deben contar con depuración de auga con tratamento primario, secundario e progresivamente terciario, estudando a posibilidade de tratamentos alternativos "non clásicos".
4. Paralización do Plano Hidrolóxico do Ministerio (Concas Norte I e II que comprende o Miño, Navia, Eo, Limia e afluentes)
5. Aplicación dun canon progresivo de vertido as indústrias que non depuren totalmente os seus efluentes.
6. Elaborarase unha lista de indústrias afectadas polo canón e establecerase o prazo dun ano para que as indústrias acometan as modificacións necesarias ou instalen os tratamentos adecuados para cumprir os requerementos da lexislación ambiental. Ao cabo do ano as empresas deben optar por unha depuración total dos seus efluentes ou por unha depuración mínima que compatibilice os vertidos indústrias cos efluentes residuais urbanos para o seu tratamento conxunto por parte da administración pública.

10.1.5.3 Solo

Os residuos sólidos urbáns, os resíduos mineiros e industriais, e na agricultura os puríns, pesticidas, herbicidas,..etc. crean unha problemática no solo que incide na produción agrícola e na saúde humana. Proponse

1. Elaborará-se unha nova lista de puntos contaminados, intensidade, tipo de contaminación,.. etc., así como un mapa de problemática pola erosión.
2. Empezará-se cunha série de medidas de depuración de solos e control cara o futuro para evitar a contaminación do medio edafico, subterráneo.
3. Levarán-se adiante medidas efectivas para que as canteiras e indústrias mineiras rexeneren o medio afectado, en algúns caso co apoio económico e de xestión da administración.
4. Pola importancia da contaminación do purin elaboraránse alternativas e apoiarase para evitar a contaminación desta práctica agrícola.
5. Actuarase para frenar a erosión e recuperar a capa edafica hoxe perdida con medida de rexeneración rápida, traslado de solo,..etc.

10.1.6 Transportes - Vias de comunicación

O uso masivo do automóbil conleva cada vez máis necesidades de autovías, autoestradas, estradas e importación de máis e máis combustíbeis petrolíferos. Hoxe o impacto das infraestuturas e grande e as emisións dos automóbiles a atmosfera vai en aumento. Mentras Galiza exporta electricidade,e con ela poderíamos mover o ferrocarril , tranvía,..etc.

1. Controlarase a contaminación do transporte - veiculos particulares, autobuses, camións,..- en especial no medio urbano.
2. Potenciarase ao ser mais ecolóxico e económico o transporte ferroviario tanto de pasaxeiros como de mercadorias. En algunhas cidades estudarase a viabilidade de transportes colectivos que se movan con electricidade como tranvía, trolebús,, autobús eléctrico..
3. Apoiarase a posta en marcha ou utilización de medios de transporte alternativos ou de menos impacto ecolóxico -bicicleta, tren, tranvía, barcos de cabotaxe dentro e fora das rias,.. outros transportes colectivos-.
4. Reclamarase do Goberno Español a cesión do noso espacio aéreo e marítimo para aplicar taxas ao tráfico internacional tanto aéreo como marítimo. Galiza esta nunha das rutas

- maritimas mais importantes do planeta con riscos de accidentes, asemesmo esta nas rutas aéreas internacionais América-Europa.
5. Esixirase maior separación das nosas costas do tráfico marítimo , en especial do transporte de substancias contaminantes e mercadorias perigosas - petroleo, substancias químicas,..- Non se autorizará o transito de buques con residuos nucleares ou material fisionábel con destino as nucleares.
 6. Controlarase de forma esautiva especialmente aos buques con mercadorias perigosas. Persiguiranse prácticas de lavado de fondos e vertidos -accidentais ou non- ao medio mariño.
 7. Estableceranse nos portos sistemas de recollida de lixo e outros residuos que puideran contaminar a auga.
 8. Na Refineria de petroleo de A Coruña estudarase a viabilidade de descarga dos buques con petroleo fora da ría e mesmo a carga de productos petrolíferos. Estudarán-se medidas tendentes a eliminar a descarga de productos perigosos para o medio ambiente nos portos galegos.
 9. Na beira das vias de comunicación como estradas, autoestradas, vías férreas,... prohibirase o uso de pesticidas e herbícidias substituindo esta práctica por medios mecánicos.
 10. As vias de comunicación deben realizarse tendo en conta a paisaxe, a vexetación, o solo,...etc e mesmo teñen que permitir o paso da fauna dunha a outra zona. Os trazados actuais das autoestradas e outras vías non teñen en conta na realidade estes factores.

10.1.7 Agricultura e medio ambiente

10.1.7.1 Agricultura Biolóxica

Galiza pode competir facilmente en calisquer mercado europeo cos seus productos agrícolas de calidade si estes estan cultivados dentro da catalogación de agricultura biolóxica.

1. Controlar a utilización abusiva de adubos químicos, insecticidas, herbicidas,...etc.en determinados cultivos. Control da carga gandeira e da utilización de purín polo impacto que xenera ou pode xenerar no solo e na auga subterránea.
2. Prohibición momentánea -até posteriores estudos- de introducción en Galiza -descarga e uso- de produtos transxénicos como soxa, millo,...que procedentes do mercado americano e europeo intentan venderse no noso mercado ou veiculizarse a outros mercados.
3. Apoio a todas as iniciativas dirixidas a produción de alimentos de calidade, con prácticas respetuosas co medio ambiente. Control do etiquetado dos produtos, esixindo unha información máis completa dos aditivos e prácticas utilizadas na súa produción.
4. Etiquetado que clarifique perfectamente os aditivos utilizados, procedencia do produto,... e en xeral que dé a máxima información ao consumidor
5. Fomento do control das pragas por métodos biolóxicos.
6. Criación do Consello de Agricultura Biolóxica.

10.1.7.2 Concentración parcelaria

Desde a perspectiva da protección medioambiental, na política de concentración parcelaria terán-se en conta os seguintes criterios:

1. Revisión dos proxectos de concentración, dependendo das fases nas que se atopan, para paliar a forte degradación ecolóxica que podan producir.
2. Estudio do impacto ambiental das concentracións, e sumo control da administración previo a calisquer expropiación.
3. Terá-se en conta a estrutura anterior das terras, preservando no posíbel a forestación das especies autóctonas e garantindo a non alteración dos leitos dos ríos, así como preservando o patrimonio.
4. Garantilo remate e a supervisión de todos os traballos da concentración antes de proceder a adxudicación.

10.1.8 Incéndios forestais

Na loita contra os incéndios forestais o acento debe poñer-se nas medidas preventivas, que eliminen as súas causas de fondo, e non, como ven sucedendo nos últimos anos, nas accións dirixidas meramente á extinción. Neste sentido, entendemos que a estratexia básica de

loita contra o lume é a mobilización produtiva das terras de monte, así como a ordenación das masas forestais.

Na perspectiva de reducir drásticamente o número de incendios, co obxectivo de situalo, como máximo, no 10 % dos hoxe existentes ao final da lexislatura, o BNG porá en marcha as seguintes medidas destinadas a evitar as causas que producen o cuantioso número de incendios intencionados:

1. Aplicar de xeito progresivo as medidas contidas no acordo do Parlamento de Galiza do ano 89.
 - Unha política forestal estábel, atendendo aos usos do monte: protección, produción e uso social
 - Incremento do patrimonio forestal público galego.
 - Formar o patrimonio forestal prioritariamente por masas boscosas autóctonas, a base de técnicas conservacionistas e silvícolas.
 - Someter a maior parte dos montes a un Plano de Ordenación.
 - Atender a diversidade das especies sexa cal sexa o uso do monte. Asegurando tamén un aproveitamento diversificado.
 - Conservación especial das fragas.
 - Estabelecer liñas de axuda diversificada e modernización dos aserradeiros e fomentar as relacións entre estes e as asociacións de silvicultura.
 - Estabelecer a intervención no mercado de madeira queimada, e sobre o solo afectado polos incendios.
 - Fomentar a investigación sobre o sector forestal.
 - Garantir a presenza real da prevención contra o lume nos planos educativos.
2. Reformar o Plan Forestal primando a reforestación con especies frondosas autóctonas e apoiando a diversidade de especies na reforestación.
3. Criar unha empresa pública de silvicultura que se adique de xeito permanente á selección de cultivos de especies forestais.
4. Diversificar os usos do monte a traveso de sendos programas de gandeiría extensiva e cultivos de cereais, oleaxinosas e producións para a alimentación do gando, determinando as terras de cultivo e as terras forestais.
5. Estabelecer o control periódico da biomasa, habilitando liñas de axuda que primen a utilización da mesma para fertilizantes, enerxía e outros usos.

6. Reformular e incrementar os convénios existentes coas comunidades veciñais en man común e, atendendo a un criterio de aproveitamentos múltiples do monte, asegurar a participación inmediata dos veciños na maior parte da renda producida.
7. Diversificar as funcións das cuadrillas de loita contra o lume: extinción de incendios, tratamentos selvícolas, accións de mellora do medio ambiente; unificando estas medidas totalmente separadas na actualidade e potenciando as tarefas de prevención sobre as de extinción.

10.1.9 Educación ambiental

A Educación ambiental buscará prácticas racionais de consumo, xestión acertada dos recursos, prácticas ecolóxicas tanto individual como colectivamente e mesmo empresarialmente.

O BNG propón

1. Recoñecemento legal e apoio económico e asesoramento a todos os grupos de protección ambiental, ecoloxistas, ecopacifistas que leven adiante unha práctica coñecida.
2. Veiculizar a educación ambiental de forma transversal nas diversas asinaturas do ensino secundario obligatorio e bacharelato. Introducción de materias de carácter ambiental tanto no ensino secundario como na Universidade (Economía ecolóxica, Arquitectura, Inxeniería..).
3. Realizaranse campañas divulgativas entre os traballadores tanto do agro como da industria, servizos,..etc relacionados con aspectos diversos e en especial de saúde ambiental e humana - intramuros, profesional,..- coa finalidade de millorar as nosas prácticas ambientais e millorar o ambiente e saúde.
4. Concienciación sobre a utilización de produtos altamente nocivos para o medio ambiente : pilas boton, sprais, radiactividade, produtos tóxicos,..
5. Potenciamento do transporte público, do uso de bicicleta nas cidades e outros medios de transporte menos agresivos que o automóbil.
6. Potenciamento do uso do ferrocarril.
7. Criación dunha Biblioteca do Meio Ambiente , donde se centralice as publicación , traballos científicos, proxectos, informes,..e mesmo se teña acceso a información ambiental doutros países.
8. Educación ambiental centrada no mundo agrícola, mariño, industrial.etc. para conseguir prácticas racionais e axeitadas que persigan a produción co mínimo desarranxo ecolóxico.

9. Colaboración coa Universidade, Centro de Ensino Secundario,... e elaboración de programas teórico-prácticos donde os estudantes teñan contacto temporal co medio agrícola, forestal, gandeiro, mariño.

IV. POLÍTICA EDUCATIVA E CULTURAL

11. EDUCACIÓN

11.1 INTRODUCCIÓN

O BLOQUE NACIONALISTA GALEGO considera á Educación como un servizo social básico con posibilidade de reducir as diferenzas socioeconómicas entre as persoas, e como factor esencial para o desenvolvemento integral de Galiza.

Se ben é certo que estas diferenzas non son consecuencia exclusiva do modelo educativo que se deseñe, non se pode obviar que o sistema educativo será un factor determinante que agudice ou reduza as posibilidades de participación na vida cultural e económica e que vai condicionar decisivamente o modelo cultural, científico-tecnolóxico e laboral da nosa nación.

Conscientes da súa importancia, as grandes liñas de actuación do BNG en materia educativa orientan-se a deseñar un modelo que permita acadar a integración das persoas nun proxecto global de país, que necesariamente terá que estar en concordancia, dentro dun Programa de Goberno, con outros niveis de desenvolvemento: nomeadamente o desenvolvemento territorial e o proceso productivo.

Cando falamos dun modelo educativo integrado, pensamos na necesidade de que **cada nivel educativo teña definida a súa funcionalidade dentro do sistema**, o cal vai incidir sobre a ubicación dos Centros educativos, os deseños curriculares e as dotacións en materia de infraestruturas.

Precisamente, unha das eivas estruturais mais profundas do sistema educativo actual, radica na indefinición que afecta ao conxunto do proceso. Os niveis educativos (incluíndo o universitario) suceden-se de xeito mecánico, improvisado e carentes dunha delimitación de obxectivos, o que dificulta unha rendabilidade económica e social do propio sistema.

O fracaso escolar no ensino non universitario, a desconexión entre o sistema educativo e a realidade socioeconómica do país, o alto índice de paro entre os licenciados universitarios, etc... son factores que evidencian fallos moi graves no sistema, que deben ser corrixidos mediante unha planificación diferente e a traveso dunha remodelación profunda nas estruturas educativas.

Non se pode esquecer nesta análise introductoria o contexto legal, político e económico en materia educativa no que o BNG terá que afrontar a súa acción de goberno.

Por unha banda temos as disposicións legais de rango estatal que condicionaron o modelo educativo actual e que foron puntualmente contestadas a traveso das correspondentes alternativas. A LODE, a LOXSE e a LOPEG son Leis Orgánicas que afectan á política de subvencións, á xestión e participación educativas, a titulacións, deseños curriculares, etc...non sempre coincidentes con postulados historicamente defendidos polo BNG, e que consideramos tamén non coincidentes con intereses obxectivos para o desenvolvemento económico, social e territorial de Galiza.

Por outra banda, temos que reseñar a falta dunha Lei de financiación que cando menos permitise afrontar as necesidades dunha reforma do sistema. Neste sentido, tamén existe con Galiza unha débeda histórica en materia educativa que impide levar adiante as melloras que o sistema demanda.

Será un obxectivo prioritario do BNG, **renegociar o desenvolvemento legislativo e a débeda histórica**, para efectivizar o cumprimento dos compromisos contraídos con Galiza e para dotar ao sistema educativo galego dos niveis de calidade exixibles. Neste mesmo sentido o BNG reclamará da Administración do Estado a transferencia dos centros educativos dependentes do Ministerio de Defensa.

11.1.1 Unha privatización progresiva

Durante estes anos, temos asistido a un abandono progresivo da Educación como factor determinante na vertebración de Galiza. Por unha banda, está o incremento desmesurado de subvencións ao ensino privado, que desvía fondos e alumnado cara a este sector como consecuencia do desmantelamento previo e organizado do sector público. E por outra, topámonos cunha falta de planificación premeditada sobre a función que debe xogar o sistema educativo na sociedade galega.

Esta situación, a pesar de ser forte e reiteradamente contestada polo nacionalismo, vai camiño de converter-se en algo irreversible, privatizando definitivamente o sector e deixando en poucos anos a rede pública como meramente asistencial.

Non se pode esquecer o dato de que en 1989 as subvencións ao ensino privado eran de 7.400 millóns de pesetas, mentres que no ano 1997, ao remate das dúas lexislaturas de goberno do Partido Popular, esta cantidade ascende a 16.772 millóns de pesetas. Incremento do 126 % que se fixo a costa dunha redución progresiva dos investimentos destinados ao ensino público.

De sobra son coñecidos os argumentos esgrimidos para xustificar a privatización do sistema educativo: a súa carestía para a Administración e unha pretendida defensa da liberdade de opción dos pais e nais á hora de eleixir o modelo educativo e o Centro escolar.

Sin embargo, ambas consideracións son tamén facilmente rebatibéis. Se consideramos que a Educación é un servizo social básico, é lóxico que a Administración adique importantes investimentos a este capítulo, co fin de corrixir e non acentuar as diferenzas entre as persoas. En canto á liberdade de elección de Centro, non se pode confundir coa promoción de negocios particulares fortemente ideoloxizados que pagamos todos os contribuíntes, pero dos que só se benefician uns poucos.

En ningún caso as axudas ao ensino privado, como apoio á cobertura social do sistema educativo, poden realizar-se a costa do desmantelamento do ensino público e en detrimento da súa infraestrutura.

Resulta fácil entender que no BNG non concebimos a Educación como "negócio" nen como fonte de ideoloxización, senon como mecanismo de integración social que permita a instalación das persoas no tecido cultural e productivo galegos. Neste sentido, o Programa de Goberno do BNG tentará acadar este obxectivo dotando ao sistema educativo dunha rede pública de calidade altamente competitiva e cos medios necesarios para conquistar os resultados que se persiguen.

O respecto ao dereito á educación e á libre elección de Centro, que fundamenta a existencia da ensinanza privada e os concertos educativos, non debe implicar -como ocorre frecuentemente - a subordinación e o trasvase de alunado do sistema público ao privado. E muito menos elevar o nivel dos concertos muito máis aló do que a propia legalidade vixente establece.

O BNG promoverá neste sentido actuacións que melloren as condicións de escolarización na rede pública ofertando un posto escolar e uns servizos complementarios de calidade para todo o alunado que o desexe, reducindo progresivamente as subvencións nomeadamente, en tramos non obrigatórios e non reglados.

11.1.2 Unha educación global e coerente

O sistema educativo debe ser coerente co modelo global de nación que se pretende. Dende o primeiro acceso á escolarización, o alunado debe ter a posibilidade de coñecer, interpretar e explotar todos os recursos do seu entorno inmediato para integrarse progresivamente no mundo da ciencia e da cultura universais. Este aproveitamento permitira-lle incorporar todos aqueles coñecimentos que poidan contribuir ao seu desenvolvemento individual e ao progreso de Galiza.

O Programa de goberno do BLOQUE NACIONALISTA GALEGO en materia educativa apostará inequivocamente pola recuperación do prestixio social do ensino público. Esta actuación terá que concretar con todo rigor os criterios de calidade que definirán a Planificación educativa, así como a cobertura en materia de servizos complementarios que debe ofrecer.

O sistema educativo debe ser coerente co modelo global de nación que se pretende. Dende o primeiro acceso á escolarización, o alunado debe ter a posibilidade de coñecer, interpretar e explotar todos os recursos do seu entorno inmediato para integrarse progresivamente no mundo da ciencia e da cultura universais. Este aproveitamento permitira-lle incorporar todos aqueles coñecimentos que poidan contribuir ao seu desenvolvemento individual e ao progreso de Galiza.

O Programa de goberno do BLOQUE NACIONALISTA GALEGO en materia educativa apostará inequivocamente pola recuperación do prestixio social do ensino público. Esta actuación terá que concretar con todo rigor os criterios de calidade que definirán a Planificación educativa, así como a cobertura en materia de servizos complementarios que debe ofrecer.

11.2 PLANIFICACIÓN EDUCATIVA

11.2.1 Príncipios xerais de planificación

A planificación educativa en Galiza ten que contemplar aspectos singulares de especial relevancia que solucionen as exixencias que a realidade do país demanda.

11.2.1.1 A dispersión demográfica

A dispersión demográfica obriga-nos a territorializar o sistema educativo a partir dun proxecto de comarcalización no que, a educación, non sexa un factor que contribúa á "desertización" do medio rural.

Neste sentido, o BNG fará un esforzo de recuperación das escolas rurais e un especial fincapé na planificación da Educación Infantil e da Educación Obrigatoria.

Nun contexto demográfico tan disperso como o galego, fai-se necesario levar a Educación Infantil e a Educación Obrigatoria o máis perto posible da residencia do alumnado. Este criterio xeral non debe afectar á calidade educativa, porque debe ir acompañado da dotación aos Centros do material, profesorado e servizos necesarios para impartir a docencia.

Resulta evidente que **a calidade non depende só do lugar onde se imparta a docencia, senón dos recursos que se dispoñan para o seu exercicio**. A implantación xeneralizada da ESO, demostra que o sistema utilizado repercute negativamente nas condicións educativas e vai provocar unha fortísima discriminación entre o aluna

11.2.1.2 As condicións dos Centros educativos

Os Centros educativos presentan na actualidade unha serie de carencias e deficiencias que dificultan a consecución dos obxectivos que o propio sistema educativo se ten plantexado. As condicións que deben reunir os Centros para impartir as novas ensinanzas incumplense en moitos casos, o que evidencia que calquer Reforma do sistema educativo queda-se en mera declaración de intencións se non se aplican paralelamente as medidas de financiación necesarias para leva-lo á efecto.

O BNG exixirá a renegociación da débeda histórica en materia educativa e destinará as partidas orzamentarias para que os Centros acaden as condicións requeridas polo R.D. 1004/91, para impartir as ensinanzas de réxime xeral, e os dotará do Profesorado necesario para impartir todas as materias que establece a lexislación vixente.

O BNG destinará expresamente cada ano unha partida económica para a Reforma, ampliación e Melloras nos Centros, co fin de adaptalos a estapa para que os Centros privados cumpran tamén os requisitos legalmente exixibéis.

11.2.1.3 A funcionalidade académica

A funcionalidade académica, debe contemplar unha planificación tendente a eliminar o carácter fortemente selectivo e discriminatório que se agudiza co desenvolvemento da LOXSE, e potenciar un sistema educativo coherente cun proxecto global de desenvolvemento económico e cultural.

O BNG planificará de acordo con estes criterios e durante o período lexislativo de catro anos, a Educación en función do desenvolvemento económico global de Galiza, o plano de desenvolvemento comarcal e as posibilidades reais de acceso ao mundo laboral e aos estudos superiores.

Fronte ao caos actual e á incertidume que o sistema educativo xenera, o BNG ofrecerá ao conxunto da sociedade galega un panorama das posibilidades e opcións dende o primeiro momento no que se accede á escolarización.

Neste sentido o BLOQUE NACIONALISTA GALEGO establecerá un **mecanismo de avaliación do sistema educativo** que contraste o seu grao de validez tanto dende un punto de vista formativo e cultural, como pola súa contribución de acceso ao mundo laboral e ao desenvolvemento de Galiza.

11.2.1.4 A Xornada escolar

A Xornada escolar nos Centros educativos foi establecida de xeito arbitrario e sen unha planificación con obxectivos e criterios definidos.

As actividades extraescolares están-se a realizar de xeito incontrolado e desigual, grazas ao esforzo individual de APAS e profesorado, pero carentes de nengunha clase de incentivo, coordinación nin seguimento.

O Goberno galego debe prestar unha especial atención a este tema, porque contribuí de xeito decisivo á educación global do alumnado e á súa integración na sociedade galega.

O BNG abordará durante a próxima lexislatura unha Planificación global das actividades extraescolares mediante o establecemento de mecanismos de coordinación e apoio que permitan establecer unha oferta mínima e o acceso de todo o alumnado a estas actividades.

Dentro deste marco de actuación, o BNG abordará con carácter inmediato unha Planificación e potenciación do **Deporte Escolar**, priorizando o seu carácter eminentemente participativo a nivel de Centros tanto a nivel interno como externo.

11.2.1.5 Os servizos complementares

A evolución das condicións socioeconómicas nos últimos anos ten provocado un cambio nas condicións de vida das persoas e a necesidade de que os Centros educativos conten con servizos complementares (noemadamente transporte e comedor) para satisfacer a demanda social neste sector.

Precisamente a supresión dos comedores escolares nos Centros Públicos, está a ser unha razón determinante para escolarizar ao alumnado en Centros privados que si manteñen este servizo esencial.

Neste punto, non se debe xustificar o dado como incremento dunha opción social en demanda de maior calidade. Na práctica, esta opción se produce debido a unha prestación de servizos que non se oferta en moitos centros da rede pública.

O Goberno galego ten a obriga moral e política, cando menos, de ofertar os servizos que está a subvencionar indirectamente no ensino privado (xa que a subvención directa á escolarización, supón de facto unha subvención a outro tipo de servizos).

O BNG abordará durante a próxima lexislatura un Plan concreto de actuacións para dotar aos Centros escolares do servizo de comedor e transporte mediante acordos con outras administracións, e destinando partidas orzamentárias concretas a estes efectos.

Esta actuación será extensiva ás Universidades, mediante a construción de residencias para estudantes e comedores universitarios, promovendo asimesmo acordos coas administracións locais para abaratar o prezo do transporte aos campus universitarios.

11.2.2 Principios xerais de carácter pedagógico

Para o BNG a Educación e o modelo educativo deben favorecer a realización de conductas que permitan unha mellora na calidade de vida das persoas e das súas relacións.

Neste sentido, ningún sistema educativo pode considerar-se aséptico ou neutral á hora de fomentar unha serie de valores e pautas de comportamento que o alunado vai interiorizar en interrelación con outros axentes de socialización.

O BNG aspira, co seu Programa de Goberno e cos principios políticos que o estruturan, a posibilitar o acceso a unha sociedade plural, respetuosa e solidaria. No conxunto deste proxecto, o sistema educativo vai reflexar e fomentar actitudes que favorezcan a consecución destes obxectivos, contribuíndo de a mellorar as condicións de vida tanto individuais como colectivas. En certa medida, tratará-se de conquistar o mellor ben para o maior número de persoas.

Independentemente de discrepancias concretas sobre temas puntuais ou solucións singulares para determinados problemas que son susceptibles de opcións políticas ou persoais lexítimas, hai cuestións como a non discriminación sexista, a defensa do medio ambiente, a paz, etc..., que favorecen e melloran obxectivamente a convivencia e o desenvolvemento global do país, e nas que necesariamente temos que por-nos de acordo.

Non podemos esquecer tampouco, que ser galegos e galegas é un atributo que condiciona a nosa instalación no mundo. A Educación é un factor de tendencia universalizadora que, sin embargo, non pode prescindir da historia, do contexto e das aspiracións futuras do país que lle serve de marco.

Neste sentido, o BNG potenciará expresamente no sistema educativo:

11.2.2.1 Unha educación ao servizo de Galiza

O goberno galego debe procurar un sistema educativo ao servizo do desenvolvemento global de Galiza tanto nos seus aspectos económicos como socio-culturais. Neste sentido non se pode esquecer que só a partir da defensa e valoración positiva do propio e inmediato, seremos capaces de integrarmo-nos na cultura e na economía universais, incorporando á nosa vida os avances que favorezcan o pleno desenvolvemento.

O BNG incorporará de xeito concreto e progresivo nos programas educativos o uso do idioma e o coñecimento da cultura galega, así como do potencial económico e científico do noso país, como medidas para acadar unha formación da sociedade que permita aproveitar efectivamente os recursos que posuímos como pobo.

A historia e a cultura galegas, reflexo das nosas aspiracións futuras, serán valoradas como patrimonio colectivo que nos define dentro dunha relación inter-cultural máis ampla.

11.2.2.2 Unha educación non discriminatória nen sexista

En coherencia cos principios políticos que inspiran a súa actuación global, o BNG incluírá no sistema educativo un plan de actuacións encamiñadas a recoñecer os diversos mecanismos, formas e procesos de discriminación, introducindo alternativas e contidos que favorezcan comportamentos encamiñados a suprimir a discriminación en calquera das súas manifestacións.

Neste sentido abordarán-se nos deseños curriculares de todas as áreas de coñecimento e na metodoloxía curricular, contidos concretos que teñan como obxectivo a erradicación de comportamentos e concepcións de carácter discriminatório ou sexista, fomentando pautas de comportamento contrárias ás mesmas.

A co-educación será un valor fundamental presente en programas específicos e no decurso dos deseños curriculares, para mudar actitudes de transmisión e interiorización de estereotipos e valores socio-culturais: traballo doméstico, cuidado de fillas e fillos, valores asociados aos sexos, etc...

11.2.2.3 Unha educación para a paz, a solidariedade e a xustiza

O BNG incluíra dentro do sistema educativo iniciativas curriculares e metodolóxicas en favor da paz e o desarme, e a favor dunha mellor comprensión e cooperación entre os pobos que permita unha solución pacífica dos conflitos.

O BNG promoverá ao longo do sistema educativo a necesidade de rematar con conceptos e prácticas conducentes a actitudes imperialistas, bélicas, racistas, insolidarias e violentas, que repercuten negativamente no desenvolvemento dos pobos e atentan contra o exercicio das liberdades individuais.

11.2.2.4 Unha educación para protexer o medio ambiente

O medio ambiente é un dos elementos patrimoniais máis importantes para acadar un alto nivel de calidade de vida. A defensa e protección do mesmo serán valores de presenza permanente nos deseños curriculares.

O BNG introducirá con carácter xeneralizado temas de carácter medioambiental nos deseños curriculares do sistema educativo non universitário, así como programas específicos de prácticas e contacto directo co medio ambiente natural.

O BNG incluíra e potenciará nos deseños curriculares universitarios materias específicas relacionadas con este tema en estudos que teñen unha relación profesional moi importante con este tema: economía, arquitectura, enxeñaría, etc...

O BNG promoverá no sistema educativo o coñecimento e racionalización do consumo e da utilización dos recursos naturais.

11.2.2.5 Unha educación para a saúde

A saúde das persoas na súa máis ampla acepción será especialmente atendida como valor fundamental nos deseños curriculares.

O BNG introducirá con carácter xeneralizado temas relacionados coa saúde en todo o sistema non universitário.

O BNG potenciará mui especialmente as titulacións relacionadas coas ciencias medioambientais e da saúde tanto a nivel universitário como non universitário, ligando-as mui expresamente á formación e acceso ás novas profesións.

11.2.2.6 Unha educación para a reflexión e a creatividade

Na situación actual, influida por profundas revolucións tecnolóxicas e científicas, debe-se superar o concepto dunha educación transmisora/receptora pasiva do coñecimento.

O BNG fará un esforzo singular para introducir na metodoloxía educativa mecanismos pedagóxicos que permitan estruturar a información e integra-la activamente nunha comprensión creativa e dinámica da realidade.

11.3 ORDENACIÓN EDUCATIVA

Un sistema educativo, debe adaptar-se ás singularidades do país a quen vai dirixido e server de motor para o seu desenvolvemento.

A insuficiencia dos recursos que se destinan á Educación, e a progresiva privatización converten-a nun proceso progresivamente desfasado, que agudiza as desigualdades sociais e dificulta as posibilidades de actualización do sistema.

A rede pública educativa non pode derivar nunha rede meramente asistencial deixando a calidade educativa como recurso exclusivo dunha élite.

Para o BNG resulta absolutamente prioritario introducir medidas que corrixan estas deficiencias que se detectan, para rematar, ao longo do período lexislativo coa elaboración dunha **Lei de Ordenación do Sistema Educativo Galego.**

11.3.1 Educación Infantil

A educación Infantil ten unha importancia singular pola modificación producida nas condicións socioecómicas das persoas, e porque supón o primeiro acceso dos nenos e nenas ao sistema educativo. Será nesta etapa, cando se integren os primeiros elementos da socialización fóra do ámbito familiar, que repercutirán posteriormente. Por esta razón o BNG coordinará toda a actuación neste eido dende a Consellería de Educación.

O BNG prestará especial atención á Educación Infantil tanto en Centros específicos, como mediante a integración do ciclo (3-6 anos) nos Centros de Educación Primaria, co fin de garantir unha escolarización total das alunas e alumnos desta idade. Para o BNG a escolarización nesta etapa terá as mesmas condicións e vantaxes que a Educación Primaria.

Resulta absolutamente imprescindible abordar un Plan específico para regular a Etapa da educación Infantil tanto no seu aspecto pedagóxico como de escolarización. O carácter non obrigatorio desta etapa na lexislación actual, ten provocado unha dispersión e carencia de obxectivos que urxe remediar con medidas concretas.

En base a estes criterios, o BNG promoverá ao longo da lexislatura as seguintes medidas:

1. Elaboración dun censo de Escolas Infantís co fin de integra-las nun **Plan Galego de Escolarización Infantil** e atención aos nenos e nenas de 0 a 3 anos.
2. Neste Plan terán especial atención as relacións coas Administracións Locais galegas.
3. Elboración da **Rede de Centros de Educación Infantil de Galiza**.
4. Revisión e adaptación dos deseños curriculares para a Etapa da Educación Infantil, promovendo medios específicos para o desenvolvemento da mesma.
5. Escolarización de todo o alumnado correspondente ao ciclo 3-6 anos.
6. O Goberno Galego afrontará e porá en marcha durante a lexislatura un **Plan de Funcionamento da Escola Rural**, centrado nos seguintes puntos:
 - a) Recuperación das escolas nas aldeas, en relación coa planificación económica e territorial.
 - b) Reordenación da Educación infantil no medio rural.
 - c) Deseños curriculares e formación do profesorado específica.
 - d) Elaboración de materiais educativos e proxectos pedagóxicos específicos.
 - e) Acondicionamento dos Centros e dotación do persoal necesario para atendé.los.

11.3.2 Educación Primária

Un dos aspectos que inflúen de xeito importante na Educación Primária son as relacións entre a Administración educativa e a Administración Local. Sabido é que os Centros de Educación Primária dependen en moitos casos para o seu funcionamento de actuacións e recursos da Administración Local que dan lugar a situacións de anarquía e desigualdade.

Ocorre con demasiada frecuencia que os recursos e persoal que os Concellos adican á educación son insuficientes por estar suxeitos a limitacións ou porque a súa distribución obedece a outras prioridades.

Por estes motivos, urxe homologar as situacións dos centros educativos e definir con precisión os compromisos e obrigas en materia de persoal e mantemento, servizos complementares, actividades extraescolares, ensinanzas non regladas, etc... que corresponderían a cada actuación institucional.

Nesta etapa educativa resulta imprescindible dotar aos Centros do servizo de comedor e transporte, así como dunha programación coordinada por parte do Goberno Galego das actividades extraescolares, que permita racionalizar as mesmas dentro dunha concepción diferente do uso dos Centros docentes e da xornada escolar.

En base a estes criterios, o BNG abordará durante a lexislatura o cumprimento dos seguintes compromisos:

1. Promover un Acordo coas Administracións locais para:
 - a) Homologar progresivamente as condicións de todos os Centros educativos.
 - b) Dotar aos Centros do servizo de comedor e transporte escolar.
 - c) Realizar unha Planificación global de actuacións mínimas en materia de actividades extraescolares.
 - d) Utilización e aproveitamento dos centros educativos.
2. O BNG destinará anualmente unha partida orzamentaria para adaptar progresivamente aos Centros de Educación Primária ás condicións requiridas para a impartición destas ensinanzas.
3. Dotar a todos os Centros do profesorado necesario para impartir todas as especialidades.

4. Mui especialmente garantizase a existencia dos Equipos Psicopedagógicos de Apoio, dentro dun Plan Galego de Atención a persoas con necesidades educativas especiais e de Orientación educativa.
5. Dotación progresiva de persoal administrativo.
6. Elaboración de plans específicos de actuación en **Zonas Educativas Preferentes**.

11.3.3 Educación Secundaria Obligatoria

O BNG ten como horizonte a consecución dunha ensinanza secundaria obrigatoria até os 18 anos, polo que fará os esforzos necesarios diante da Administración Central conducentes a acadar este obxectivo.

En todo caso resulta imprescindible homologar as situacións e casuísticas que poden aparecer nesta etapa para evitar a discriminación do alumnado, o carácter selectivo e as diferenzas entre os Centros.

A pesar de que dende 1990 se coñecía a entrada en vigor das novas ensinanzas, non se preveron para Galiza as medidas que facilitasen a súa implantación. A improvisación e a pasividade amosadas, provocaron unha situación negativa para o profesorado, o desenvolvemento dos deseños curriculares e mui expresivamente na elaboración da Rede de Centros educativos.

Tanto é así, que actualmente a comunidade escolar descoñece de xeito definitivo onde se vai impartir a ESO no futuro, quen a vai impartir e baixo que modelo curricular.

En base a estas reflexións que evidencian unha situación preocupante na Educación Secundaria Obligatoria, o BNG abordará durante a lexislatura as seguintes medidas de actuación:

1. Elaboración definitiva da Rede de Centros de ensino secundario obrigatorio definindo a súa ubicación e as características académicas dos mesmos.
2. Destinar anualmente unha partida orzamentaria para novas construcións e para adaptar aos Centros as condicións exixidas para impartir este réxime de ensinanzas.
3. Dotar aos Centros educativos do profesorado necesario e dos medios para impartir as ensinanzas da ESO.

4. Modificar a Orde de implantación da ESO en Galiza, no referido a impartición de materias optativas, programas de diversificación curricular e cualificación do profesorado para impartir as novas materias.
5. En coordinación cos Centros de Educación Primaria, o goberno galego establecerá un sistema de comedores e transporte escolar que garantice estes servizos na Educación Secundaria Obrigatoria.
6. En coordinación cos Equipos Psicopedagógicos de Apoio, elaborara-se un Plan de Atención ao alumnado con necesidades educativas especiais, e implantaran-se en todos os Centros os Departamentos de Orientación educativa.
7. En todos os Centros que impartan ESO existirán Programas de Garantía Social.

Estas medidas terán que confluír no obxectivo específico de reducir nesta etapa o fracaso escolar.

11.3.4 A educación post-obrigatoria

O Bachalerato e a Formación Profesional), permitirán o acceso do alumnado aos estudos universitarios ou ben a un nivel de cualificación profesional apto para integrar-se no mundo laboral.

Dado o amplísimo abano de posibilidades que se poden establecer nesta etapa, resulta imprescindible planificala co máximo rigor en relación, como mínimo, cos seguintes obxectivos:

- a) En relación coas posibilidades de acceso ao mundo laboral e ao aproveitamento e coñecemento dos propios recursos.
- b) En relación coa implantación empresarial e o tecido productivo comarcal, especialmente no caso da realización de prácticas nas empresas.
- c) En relación co sistema universitario e o mapa de titulacións.
- d) En relación, en suma, co proxecto político global de desenvolvemento comarcal de Galiza, orientado polo BNG esencialmente ao seu progreso económico e socio-cultural.

A previsión actual ofrece moita concreción e ambigüidade, podendo resultar fortemente restrictiva para o alumnado, agudizar as diferenzas entre os centros e restrinxir drasticamente as posibilidades de acceso a determinados estudos e ciclos formativos.

O BNG, dentro da próxima lexislatura, abordará con carácter xeral para esta etapa da Educación secundaria:

1. A elaboración da normativa que regula a **implantación xeneralizada** das ensinanzas de Bachalerato e Formación Profesional.
2. A elaboración da **Rede de Centros de Educación Secundaria Post-obrigatoria**, definindo a súa ubicación e características académicas.

Esta actuación fara-se tendo en conta os seguintes criterios e medidas de actuación:

11.3.4.1 O bachalerato

O Bachalerato é o nivel educativo que vai permitir o acceso aos estudos superiores (Universidade), ou ben aos ciclos de Formación Profesional de grado superior.

Na actualidade, esta etapa presenta-se extraordinariamente fragmentada e incerta, sendo moi urxente a súa ordenación para evitar unha dispersión e fragmentación cando se implante con carácter xeneralizado.

Resulta, por certo, lamentábel descoñecer a estas alturas con certeza o curso de implanatación xeneralizada do Bachalerato, así como seu perfil definitivo.

A existencia de 4 Bachaleratos, de dúas posibilidades diferentes en tres deles, e de múltiples asignaturas optativas, provocará, tal e como está prevista, importantes dificultades para dunha oferta xeneralizada que pode derivar en fortes diferencias entre os centros e comarcas e nunha desigualdade real de oportunidades para o alunado. Esta desigualdade fara-se muito mais evidente no medio rural. Teña-se en conta que para cursar determinados ciclos de Formación Profesional, ou para acceder a determinadas carreiras superiores, exixira-se ter cursado determinadas materias que muitos alumnos e alunas non poideron cursar, simplemente porque o seu centro non as ofertaba.

Os Centros, igual que ocorre actualmente na ESO, son sometidos habitualmente a drásticas restriccións para impartir determinados Bachaleratos e materias optativas, quedando sempre a expensas dos medios que a Consellería de Educación decida destinar.

Pola contra, os Centros privados subvencionados, non terán que someter-se a ningún criterio de implantación e ofertarán sen dúbida aquelas opcións socialmente máis demandadas e laboralmente máis atractivas.

En base a estes criterios, o BNG levará adiante as seguintes medidas ao longo da lexislatura:

1. Posibilitar materialmente que todo o alunado poida acceder na súa zona educativa, como mínimo, a tres modalidades de Bachalerato: científico, tecnolóxico e humanístico).
2. Regular a impartición de matéris optativas, de xeito que se garanten aquelas que poidan ser chave para estudos posteriores.
3. Garantir unha oferta do Bachalerato de Artes que permita cubrir a demanda que poida existir neste eido. Neste sentido, aborada-se un plan específico de axudas ao estudo para o alunado con maiores dificultades para acceder a estes estudos.
4. Garantir progresivamente a existencia dun Departamento de Orientación Educativa en todos os Centros.

11.3.4.2 A formación profesional

A Formación Profesional terá para o BNG unha especial relevancia porque posibilita o acceso directo a unha cualificación profesional e o acceso ao mundo laboral. Por este motivo será ordenada en relación directa co tecido productivo e coas demandas e cambios laborais que incesantemente se están a producir. Esta actuación vai exixir do goberno galego unha necesaria ampliación dos orzamentos destinados a material e formación do profesorado para facer fronte ás novas exixencias.

Na actualidade, a Formación Profesional aparece excesivamente fragmentada en diferentes niveis (reglada, ocupacional, continua, de adultos, etc...), que urxe coordinar para evitar unha atomización que resulta sumamente negativa.

Non resulta pedagóxicamente lóxico nen funcionalmente rentábel que a F. Profesional dependa na súa planificación de diferentes Consellerías, e que se desaproveiten así os medios materiais e humanos que permitirían acadar mellor os seus obxectivos.

A oferta formativa actual é desordenada e desfasada, polo que urxe ordenar os estudos e ciclos formativos desenvolvendo os deseños curriculares en relación coa estrutura productiva. De

non face-lo así, unha vez máis a oferta privada (por enriba subvencionada) impartirá as especialidades e módulos profesionais socialmente máis demandados (como xa está a ocorrer na actualidade).

O BNG, en base a estes criterios, comprométese a abordar durante a próxima lexislatura as seguintes medidas de actuación:

1. Elaborar un **Plan Galego de Formación Profesional** que coordine e integre os diferentes subsistemas de F.P. e establezca as súas correspondencias e validacións.
2. Ordenar o sistema educativo da Formación Profesional de acordo cos sectores estratéxico-productivos e en relación co tecido productivo comarcal, para que o alumnado poda acceder a estes estudos con posibilidades reais de integrar-se no mundo laboral.
3. Garantir a realización Módulo de Formación en Centros de traballo en condicións axeitadas para acadar os seus obxectivos.
4. Dotar progresivamente aos centros de medios e instalacións para que o alumnado realice as prácticas onde non existan empresas que as permitan, mediante un proceso de "simulación empresarial".

11.3.4.3 Formación de adultos

A formación de adultos representa unha inestimábel axuda para aquelas persoas que desexan acceder a unha formación elemental ou utilizar esa formación para promocionar-se no mundo laboral.

O BNG elaborará un plan específico para a erradicación progresiva do analfabetismo e aplicará medidas dirixidas á poboación adulta para favorecer a súa formación permanente, utilizando para elo os Centros docentes, se é necesario, en horas non lectivas para o resto do alumnado.

Esta formación non elimina a posibilidade de formación a distancia, pero si permite a realización de prácticas e traballo directo na aula que facilitará o acceso da poboación adulta a niveis educativos non adquiridos especialmente ligados á formación profesional.

11.3.4.4 Ensinanzas artísticas

As ensinanzas artísticas teñen experimentado nos últimos anos unha grande demanda social, tanto pola súa función formativa como polas súas posibilidades laborais. A necesidade de incrementar o número de galegas e galegos capacitadas para o exercicio das actividades artísticas que realcen a nosa cultura e nutran os cadros das formacións galegas existentes e futuras, debe ser un obxectivo prioritario do goberno galego neste campo.

En base a este criterio, o BNG acoemeterá as seguintes medidas ao longo da lexislatura:

1. Regular e ordenar as ensinanzas regladas nas escolas de ensinanzas artísticas dotando a estas dos medios materiais e do profesorado cualificado para impartí-las.
2. Elaborar unha Rede Provisional de Centros de ensinanzas artísticas de grado elemental e medio, contemplando a progresiva implantación comarcal dos mesmos, co fin de acadar obxectivo de definir a **Rede Galega de Centros de ensinanzas artísticas**.
3. Determinar a creación en Galiza das Escolas Superiores de ensinanzas artísticas a través dun Plan que permita satisfacer a demanda neste campo.
4. O BNG potenciará expresamente ás Escolas de Artes mediante a elaboración dunha Planificación global e coordinada dos seus estudos e dotando-as do persoal e material necesarios para o seu funcionamento. Promoveran-se axudas ao estudo específicas para o alunado de zonas con caréncia neste tipo de estudos.
5. O BNG abordará durante a próxima lexislatura a creación dunha Escola de Arte dramático de rango superior, dando cabida a profesionais cualificados para a impartición destas ensinanzas.
6. O BNG potenciará especialmente os estudos e funcionamento da Escola Galega de Imaxe e Son.

11.3.4.5 Outras ensinanzas

O estudo de idiomas constitui unha das demandas máis importantes na sociedade actual que o Goberno galego debe atender de xeito prioritario.

O BNG abordará na próxima lexislatura un Plan de actuación neste campo que contemple a potenciación das actuais Escolas de Idiomas así como a creación de novos Centros asociados en relación coa Rede de Centros de ensino secundario.

11.4 EDUCACIÓN ESPECIAL

Para o BNG a Educación e atención a persoas con necesidades educativas especiais ten que afastar-se da visión negativista e patolóxica que até agora suxire o termo "Educación Especial". Este concepto non só ten que abranguer aos tratamentos terapéuticos correctores de deficiencias, senón que se ten que enmarcar nunha visión global da Orientación Educativa, dirixida a todas aquelas persoas que precisen atención especial psicopedagóxica ou que simplemente presenten algunha necesidade educativa, que no Sistema Educativo "normal" non se pode satisfacer.

A educación para alumnos e alumnas con necesidades educativas especiais, é tal vez un dos temas máis importantes de actuación dentro dun Programa de Goberno. A pesar das declaracións de intencións (que se quedan normalmente en iso), e de que existe unha lexislación ampla por desenvolver, este tema ten quedado sucesivamente marxinado, limitándose a Administración a "dar axudas" a entidades particulares de afectados, en lugar de abordar en profundidade un Plan de atención e integración.

A nivel educativo, nunca se dotou aos centros do material e persoal necesarios para atender esta función e os investimentos en construcións e adaptación de centros foron practicamente inexistentes. De aí o fracaso xeral e baixo índice de Centros que se acollen aos Plans actuais de integración, porque nunca viron cubertas as expectativas mínimas que se prometeran, e tiñan que afrontar a situación cos recursos ordinarios e faltos de persoal cualificado.

Os Equipos Psicopedagóxicos de Apoio carecen de recursos e do cuadro de persoal minimamente exixíbel, tendo que atender ademáis un número desorbitado de casos. Sobre eles pende, precisamente nestes momentos, a ameaza de desmantelamento, o que evidencia o desinterese e falta de recoñecemento ao seu traballo.

Esta situación impide, na práctica, atender un tema que demostra unha completa falta de sensibilidade por parte de quen confunde a obriga insitucional cunha función basicamente caritativa.

Xunto a isto, se realmente se persigue a integración das persoas con necesidaades educativas especiais, non ten xustificación agardar a idade escolar para que sexan atendidas, porque poden e deben sé-lo a través de equipos de atención temprana que van facilitar e favorecer a súa integración no ámbito escolar.

O BNG, en base a estes criterios, abordará na próxima lexislatura as seguintes medidas:

1. A elaboración dun Plan Galego de Atención ás persoas con necesidades educativas especiais donde se establezcan claramente os tres niveis de atención: temprana, equipos zonais de base, e especialistas nos centros. Este Plan contemplará a avaliación anual da Educación especial en Galiza.
2. Mantenimento e reestruturación dos equipos psicopedagóxicos de apoio coa necesaria dotación material e humana para o seu funcionamento.
3. Dotación de persoal non docente para a atención e cuidado dos alumnos e alunas que así o necesiten.
4. Posta en funcionamento do **Centro Galego de Recursos para a educación especial**, increiblemente paralisado a pesar de estar creado por Decreto da Xunta de Galiza.
5. Elaboración dun Plan específico de formación para o profesorado nesta área.
6. Promoción activa de campañas de sensibilización para a supresión das barreiras arquitectónicas, feito que será prioritario na construción e remodelación dos centros educativos.
7. Elaboración na Educación secundaria, de Programas educativos especialmente orientados á Integración laboral das persoas con algunha discapacidade.
8. Estas medidas abordaran-se dende unha nova Subdirección Xeral de Educación Especial, por entender que se debe elevar o rango administrativo dun tema de tanta transcendencia. Esta subdirección Xeral contará cun orzamento específico para facer fronte as necesidades derivadas das actuacións que se propoñen.

11.5 O ENSINO UNIVERSITARIO

O Sistema Universitario galego forma parte esencial do sistema educativo por ser a súa expresión máis cualificada e o medio a través do cal o alumnado galego adquire o seu máis alto grado de formación.

Con independencia do respecto e defensa da autonomía universitária, que debe ser amplamente respectada, o BNG considera á Universidade profundamente integrada no sistema educativo galego e no marco dun proceso global de desenvolvemento científico, tecnolóxico e cultural.

O proceso de restructuración da Universidade Galega en tres Universidades independentes, resultóu mui viciado pola súa dependéncia dunha política clientelar que, en lugar de atender a criterios de planificación que recollesen as necesidades de desenvolvemento do país, optou por un "reparto" das titulacións e dos campus en base a relacións de amizade política e presión local. Isto trouxo como resultado unha Universidade cada vez máis atomizada, con menos recursos e cientificamente menos capaz de satisfacer as súas demandas específicas.

Resulta lamentábel que nestes momentos exista un malestar entre a comunidade universitária a respecto das promesas incumplidas e as caréncias derivadas deses incumplimentos. Fai-se absolutamente necesario abordar unha avaliación e un Plan estratéxico acerca do futuro das Universidades galegas que cuantifique as súas necesidades e determine un plan de actuación.

O incumplimento do Plan de financiamento do sistema universitário galego aprobado polo Parlamento de Galiza, cifrase actualmente nunha débeda coas Universidades galegas de polo menos 7.000 millóns de pesetas. Isto incideu directamente nunha falta de recursos e medios que afectaron mui negativamente ao funcionamento e calidade do sistema universitário e ao seu prestíxio.

Paralelamente esta-se a dar un proceso, especialmente preocupante, coa aparición en Galiza de Universidades privadas que ofertan titulacións que -aínda que non están oficialmente homologadas- van ocupar en breve un espazo importante na oferta universitária.

O mesmo que ocorreu historicamente no ensino non universitário co desmantelamento e deterioro do ensino público e as progresivas axudas e facilidades ao ensino privado, asistimos aos comezos dunha progresiva privatización dos estudos universitarios que seguramente contarán nun futuro inmediato con axudas do sector público e agudizarán o seu deterioro.

Pensemos que as entidades privadas non estarian sometidas ao rigor dunha planificación e optarian loxicamente por aquelas titulacións de maior prestíxio e demanda social. Xá nestes momentos, os estudos de post-grao canalizan-se muitas veces a través da oferta privada ofertando posibilidades que non cobren as Universidades públicas.

Neste contexto, o BNG considera que as Universidades galegas teñen -entre outras- a función de incorporar ao profesorado de maior prestíxio, que poida crear unha auténtica escola, planifique as liñas de investigación e serva para impartir unhas titulacións acordes coa demanda científica, tecnolóxica e cultural que á sociedade galega lle corresponden no contexto internacional.

As Universidades galegas deberían vertebrar o máis alto grao de formación e cualificación profesional das persoas que accedan a estes estudos. Nen as titulacións universitarias nen os proxectos de investigación, deben depender dunha concepción clientelar e localista da institución universitária, porque os investimentos e os seus logros deben revertir positivamente no desenvolvemento global do país.

O mapa de titulacións debe estar compensado territorialmente coas necesidades dos sectores productivos e culturais. A tal efecto a Universidade debe manter unha relación directa co mundo da empresa e da economía para conxugar este mapa de titulacións coas liñas de investigación e desenvolvemento neste campo.

O sistema universitário galego debe ser necesariamente acorde coa evolución das expectativas internacionais en materia de desenvolvemento laboral, asociando o seu mapa de titulacións ás novas profesións emerxentes.

O sistema universitário tamén debe ser a máxima expresión do estudo, coñecemento e divulgación tanto interna como exterior do noso patrimonio cultural e da nosa historia, que configuran a nosa identidade como pobo.

En base a estes criterios, O BLOQUE NACIONALISTA GALEGO abordará ao longo da lexislatura as seguintes medidas de actuación:

1. Realizar con carácter urxente unha avaliación sobre a situación actual das Universidades galegas para determinar e cuantificar o mapa de titulacións e as necesidades en materia docente e investigadora.
2. Elaborar un novo Plan plurianual de financiamento universitário que permita acadar os obxectivos derivados da análise anterior.

3. Revisar o actual mapa de titulacións, en función dos criterios apuntados e mui especialmente no referido aos primeiros ciclos, para ligá-los a optatividades que permitan o acceso aos segundos ciclos de estudos.
4. Elaboración dun plan de terceiros ciclos que se axuste ás demandas e intereses profesionais.
5. Elaboración dun plano de “masters” públicos de prestíxio, que se axuste ás necesidades de desenvolvemento económico de Galiza.
6. Posibilidade de cursar, de xeito ordinario, ás materias que poidan ser necesarias para o Curso de Cualificación Pedagóxica.
7. Elaborar unha nova regulamentación das Probas de acceso á Universidade que non discrimine ao alumnado con posibilidades de acceder aos estudos superiores.

11.6 POLÍTICA CIENTÍFICA E DE INVESTIGACIÓN

Ambas cuestións constitúen elementos de actuación fundamental para acadar o desenvolvemento de Galiza. Con carácter xenérico deben estar presentes en todo o sistema educativo, pero parece lóxico que no seu máis alto grado de expresión e cualificación esteñan ligadas ao sistema universitario e ás empresas.

A política científica e de investigación deben server tanto para a actualización permanente do coñecemento, como para mellorar o grado de cualificación técnica das persoas e do tecido productivo galegos.

O BNG non escatimará nengún esforzo para abordar o desenvolvemento científico e tecnolóxico de Galiza, tentando que o seu alto coste e grado de elaboración repercutan en beneficio directo da economía nacional de Galiza.

Estas políticas realizaran-se en contacto directo co mundo da economía, analisando as causas xeratrices do seu comportamento actual e das liñas definidoras das súas tendencias evolutivas, así como do tecido productivo endóxico que constitui a peza clave da actual estrutura productiva.

Universidade e empresa deben afrontar este proceso coa clara intención de converxer en beneficio da súa produtividade específica, xenerando ao mesmo tempo unha riqueza laboral para o conxunto do país.

En base a estes criterios, o BNG abordará ao longo da próxima lexislatura as seguintes medidas de actuación:

1. Elaboración dun **Plano Estratégico Plurianual de Ciencia e Tecnoloxia** que define e estructure as necesidades e liñas a seguir. Este Plan estará dotado da súa partida orzamentaria correspondente e será avaliado ao remate da súa vixencia.
2. Promover unha negociación co Estado das competencias en investigación, que permita unha coordinación da política científica e investigadora.
3. O BNG promoverá a creación, de Centros científicos e de investigación tecnoloxicamente avanzados para afrontar proxectos altamente cualificados. Isto irá unido a unha política que favoreza a implantación en Galiza de empresas de alto nivel tecnolóxico.
4. Xenerar estímulos que liguen a investigación a docencia no sentido de que sexa un elemento esencial para a formación permanente do profesorado. Nesta dirección favorecerá-se a mobilidade do persoal investigador.
5. O BNG promoverá programas específicos de cooperación para a investigación entre as universidades e as empresas. Nestes programas contemplará-se a posibilidade de que profesores e profesoras da universidade realicen traballos temporais nas unidades de I+D das empresas.
6. Potenciará-se a política de axudas á investigación entre o alumnado das universidades galegas.
7. O BNG establecerá un programa que permita a permanencia temporal ou definitiva nas Universidades e Centros galegos de investigación de persoas de recoñecido prestixio que poidan formar aos investigadores e investigadoras galegos.
8. O BNG realizará un esforzo singular para o acceso dos investigadores e investigadoras galegas á información internacional, así como para a divulgación dos traballos de investigación realizados en Galiza.
9. O BNG potenciará a posibilidade de que o profesorado non universitario do sistema educativo galego poida participar aos dos beneficios do Plan Galego de Investigación e das infraestruturas tanto existentes como as de nova creación.

11.7 PROGRAMACIÓN EDUCATIVA E POLÍTICA LINGÜÍSTICA

O Sistema educativo é o medio a través do cal o alunado accede a un coñecimento, comprensión e interpretación da realidade, e donde extrae as ferramentas de análise que lle permitirán ubicar-se na sociedade e facer-se o seu próipo espácio.

A cacarexada Reforma Educativa aplicou-se de xeito tan improvisado e carente de medios, que xa ten provocado un escepticismo absoluto e xenerado bastante caos na comunidade escolar. Precisamente a Renovación pedagóxica e o acceso a novos deseños curriculares necesitados de actualización, representaban un dos valores máis firmes da anunciada Reforma.

Por estas razóns, o BNG considera que a Programación educativa debe cuidar-se con esmero e resultar especialmente sensíbel a todas as potencialidades científicas e culturais. Só así, a referida integración do alunado poderá producir-se en condicións favorábeis.

Os Programas educativos deben integrar aqueles elementos estruturais do saber e do coñecimento necesarios para acadar o nivel inteleitual máis elevado posíbel. Isto redundará en beneficio do sistema educativo galego e o fará cientificamente competitivo.

Pero un sistema educativo ten que ligar-se ademáis ao desenvolvemento do país no que se experimenta. Neste sentido resulta imprescindible que o alunado aprenda a coñecer, interpretar e aplicar o seu saber, na realidade inmediata na que está ubicado. Unicamente dende o coñecimento do inmediato se pode establecer unha inter-relación coherente e fructífera con entornos e realidades máis distantes.

Resulta difícil concebir a existencia dun sistema educativo a nivel internacional, que non teña como eixo argumental básico o coñecimento da súa realidade inmediata.

Pero este feito tan simple e tan óbvio, carece de prioridade no actual sistema educativo galego. Este descoñecimento do próximo dexenera nunha ínfima autoestima e nun desaproveitamento dos propios recursos que empobrecen científica e culturalmente a Galiza.

O Goberno galego debe potenciar e favorecer a comprensión de Galiza como realidade existente, coas potencialidades suficientes para tér unha vida e unha dinámica propias e capaces de establecer inter-relacións de igualdade e paralelismo científico e cultural co resto do mundo.

Por esta razón, o conxunto da realidade galega e das súas expresións estarán presentes de xeito efectivo nos deseños curriculares.

Unha **Política Lingüística** progresiva e eficaz, ten que estar necesariamente presente no horizonte de actuación dun goberno galego. Mui especialmente, será no eido educativo donde unha progresiva normalización lingüística deba concretar-se.

Na situación actual, a Xunta de Galiza nen siquer ten a vontade política de cumprir e facer cumprir a "súa" legalidade vixente en política lingüística, referida ao ensino. Este feito evidencia por si só a falta dunha vontade normalizadora e de confianza nas posibilidades reais de Galiza.

En base a este criterio:

1. O BNG abordará durante a próxima legislatura unha política de galeguización no ensino entendendo por tal o uso do idioma propio do país, dotando a esta política da atención humana e financeira precisas e implicando-se no deber e na responsabilidade de conducir-la e melloral-la.
2. O Goberno Galego aplicará o Decreto 247/1995 que regula a utilización do galego como lingua vehicular en determinadas materias do ensino e ampliará, regulamentariamente a súa aplicación á educación Infantil.
3. O Goberno galego garantizará a presenza nos deseños curriculares de contidos referidos ao coñecemento da ciencia e da cultura galegas, así como de aplicacións e coñecementos concretos que poidan servir para o desenvolvemento científico, tecnolóxico e cultural de Galiza no seu conxunto.

11.8 A FUNCION DOCENTE E A FORMACIÓN DO PROFESORADO

Para o BNG a función docente é, sen reservas, o aspecto máis importante do sistema educativo. Resulta óbvia a imposibilidade de pretender éxito nesta tarefa sen contar cun profesorado motivado e debidamente preparado para afrontar os retos que educación demanda.

Durante os últimos anos estamos asistindo a un progresivo deterioro da profesión docente que sobarda aspectos meramente educativos porque ten a súa orixe na perda de valoración social da mesma. Somos conscientes que as causas desta situación son complexas e obedecen a factores

que van dende o económico ao profesional, como poden ser o recoñecimento social deste traballo, a súa dificultade específica e as posibilidades de promoción.

Por estas razóns o BNG priorizará a recuperación do prestíxio social da función docente, mediante unha revalorización do propio concepto da Educación, con singular atención ao traballo docente e ás súas posibilidades de promoción e proxección social.

Un sistema educativo que pretenda server aos intereses dun país dinámico e constantemente implicado na mellora da súas estruturas humanas e productivas, non pode permitir que o mecanicismo e a rutina teñan cabida nos seus centros escolares.

Este obxectivo esencial ten necesariamente que abordar-se a traveso dunha planificación cuidadosa da formación inicial e permanente do profesorado que permitan a súa actualización e a proxección e aproveitamento do seu traballo.

11.8.1 A formación do profesorado

O BNG sempre concibeu a formación do profesorado como un dereito e unha obriga, que polo tanto debe afectar positivamente a todo o colectivo.

Esta formación debe ser necesariamente bi-direccional no sentido de responder tanto a exixencias de planificación administrativa e laboral como a requerimentos do propio colectivo de persoal docente e investigador.

A planificación da formación debe contemplar a posibilidade de que se realice tanto no propio centro (formando parte do horario laboral), como fóra del, e nese caso, facilitar a asistencia de todas as persoas interesadas e afectadas por unha determinada actividade.

Esta formación será descentralizada e comarcalmente rotatoria, co fin de que todas as zonas educativas de Galiza poidan contar coa mesma oferta e posibilidades, de xeito que os grandes traslados para asistir a unha actividade sexan debidos á súa importancia específica ou ao seu carácter singular.

Para acadar estes obxectivos, o Bloque Nacionalista Galego elaborará anualmente un **Plano Galego de Formación do Profesorado** en base aos seguintes criterios:

1. Actualizar os coñecimentos do profesorado tanto nas súas materias como en áreas cuxa importancia fagan prever a súa incorporación ao sistema educativo.
2. Permitir a reciclaxe do profesorado para impartir novas áreas de coñecemento relacionadas coa súa actividade.
3. O Plan será elaborado tendo en conta as necesidades de Programación e investigación necesarias para o sistema educativo e productivo galegos, pero terá en conta de xeito concreto as demandas e propostas dos colectivos en función da súa especificidade.
4. A nivel non universitario, o Plan terá unha estrutura comarcal e descentralizada. Esta estrutura será rotatoria, naqueles casos nos que a importancia, demanda ou singularidade da actividade así o exixan.
5. Para estas actividades, seleccionará-se ao persoal máis axeitado en función dos seus coñecimentos sobre o tema e, cando fose necesario, sería temporalmente liberado do seu labor docente.
6. As actividades de formación terán unha correlación e aplicación prácticas no centro educativo.
7. Para aquelas actividades de carácter singular que non poden ser obxecto desta estruturación, facilitarase a asistencia das persoas interesadas e afectadas polas mesmas.
8. Anualmente o Goberno Galego recopilará e distribuirá aos Centros todas as actividades e conclusións relacionadas coa formación do profesorado, así como todos os traballos realizados por equipos ou persoas que disfruten dalgunha axuda da Xunta de Galiza para a súa execución.
9. Cada ano, o Goberno galego facilitará a edición daqueles traballos ou experiencias de especial relevancia para a súa divulgación fóra dos ámbitos estritamente académicos.
10. Anualmente procedera-se á avaliación do Plan Galego de Formación do profesorado, cuxas conclusións serán feitas públicas e remitidas a todos os Centros educativos.
11. Esta formación irá contextualizada nun proxecto global de normalización científica, lingüística e cultural de Galiza.

11.9 OUTROS SERVIZOS EDUCATIVOS

11.9.1 Axudas á educación

A lexislación vixente exige das Administracións educativas a provisión de recursos para desenvolver Programas de carácter compensatorio para persoas, grupos ou ámbitos territoriais que se atopen en situacións desfavorabeis.

Nun país das características xeográficas e socioeconómicas de Galiza, o BNG considera absolutamente prioritaria unha actuación neste sentido, para impedir que o sistema educativo agudice diferencias que outros factores producen.

Durante estes anos, iñorou-ese mui singularmente este aspecto da Educación, provocando que moitos alumnos e alunas poidesen acceder a un nivel educativo superior, ou que simplemente dispuxesen do material escolar necesario para realizar os seus estudos.

En base a estes criterios, o BNG promoverá ao longo da lexislatura accións concretas que permitan desenvolver este apartado educativo:

1. Elaborara-se un Decreto que regule as axudas compensatorias á Educación, e anualmente se reflexarán nos orzamentos da Xunta de Galiza as partidas económicas destinadas a tal efecto. Contemplarán-se, como mínimo, axudas específicas para o abaratamento e adquisición de libros de texto e material escolar no ensino obrigatorio, e axudas para transporte, comedor, residencia e taxas académicas no ensino post-obrigatorio e universitario.
2. O BNG solicitará do Goberno do Estado a transferencia completa de todas as partidas económicas relacionadas coas becas, bolsas e axudas ao ensino.
3. O BNG planificará a construción de residencias de estudantes e a posta en funcionamento de comedores en todos os campus universitarios, en función da demanda e das necesidades existentes.

11.9.2 Atención ao alunado

O alunado é o outro grande pilar sobre o que pivota o sistema educativo. Por esta razón, será para o BNG obxecto dunha atención especial que lle permita aproveitar os recursos que se destinan á Educación.

A ningún se lle escapa que existe unha situación social desvertebrada na que os valores e obxectivos comúns non atravesan o seu mellor momento.

O sistema educativo non só debe atender á formación académica do alunado, senón tamén a favorecer o seu desenvolvemento dentro dunha formación muito máis global e socialmente integrada.

Non resulta difícil, a pouco que se pretenda, establecer condicións de convivencia que resulten beneficiosas para a maioría das persoas.

En base a estes criterios, o BNG abordará na próxima lexislatura as seguintes medidas:

1. Elaboración da lexislación en materia de dereitos e deberes do alunado, que actualice o exercicio dos mesmos así como os criterios de representatividade nos organismos educativos.
2. A supresión de mecanismos discriminatórios para o acceso a calquer tipo de estudos non universitarios.
3. A elaboración dunha nova Planificación do sistema de acceso aos estudos universitarios, que racionalice as probas, elimine as discriminacións e as dote dun maior grao de coherencia.
4. Establecer unha tendencia reductora do número de alumnos e alunas por aula na Universidade.
5. Promoción do asociacionismo estudantil.
6. O incremento de estudos universitarios en horario nocturno, para favorecer o acceso aos mesmos de alumnos con dificultades para facé-lo noutro horario.
7. A dotación orzamentaria que permita abordar as medidas de axuda á Educación reseñadas no apartado anterior.
8. O establecemento de convénios para abaratar o prezo do transporte aos estudantes.
9. A potenciación dos estudos "a distancia" nos correspondentes niveis educativos.

11.9.3 A participación social na educación

Por ser un servizo público esencial, o BNG considera que as actuacións en materia educativa deben ser abertas e gozar dunha grande transparencia social.

Mui especialmente no ensino non universitario, resulta imprescindible que os pais e nais esteñan debidamente informados dos Criterios de Programación da Administración, dos seus orzamentos e da xestión dos mesmos.

A comprensión sesgada desta cuestión, alimentada muitas veces dende a propia Administración, deu lugar historicamente a discrepancias nos Consellos escolares entre diferentes colectivos que, teoricamente, deberían que converxer nun obxectivo común.

Para o BNG será cuestión prioritaria promover un clima nos centros educativos que respeite e garantice ao mesmo tempo os dereitos de cada colectivo da comunidade educativa. Existen moi claras atribucións que corresponden a cada colectivo, pero existen tamén dereitos e deberes comúns que é necesario ensamblar para evitar enfrontamentos inútiles e prexuízos importantes.

De acordo con estes criterios, o BNG promoverá neste campo as seguintes actuacións durante a lexislatura:

1. Promover unha relación fluída entre a Administración e os pais,nais ou titores, para tratar daqueles aspectos que sexan de interese común.
2. Establecer canles de información e reclamación diante da Administración educativa.
3. Promover un clima de entendimento nos Centros educativos, respectando escrupulosamente os dereitos de cada colectivo, diferenciando o que é xestión e control social da educación do que é exercicio da función docente.

11.9.4 Os servizos de inspección educativa

Un dos obxectivos do BNG durante a lexislatura, consiste en modificar o sentido e funcións dos servizos de Inspección educativa. Lonxe de reducir-se a un aparello administrativo excesivamente burocratizado, deben ser un elemento fundamental para acadar os obxectivos do Goberno galego neste eido.

O servizo de Inspección educativa ten a obriga de facer o seguimento e supervisión do sistema educativo, pero igualmente de asesorar á comunidade educativa sobre todos aqueles temas que resulte necesario facé-lo.

Neste sentido, o BNG potenciará o carácter asesor do servizo de Inspección, achegando-o moito máis este aos Centros docentes e descentralizando o seu funcionamento.

O BNG promoverá como eixos de actuación dos servizos de Inspección educativa os seguintes:

1. Asesorar e colaborar co profesorado no desenvolvemento da Programación Educativa, veiculizando as súas demandas.
2. Facer un seguimento do cumprimento da Programación do Goberno galego en materia educativa.
3. Atender a cuestións e demandas puntuais de información e resolución plantexadas por calquer membro da comunidade escolar.
4. Server de interconexión da información entre a rede de Centros do sistema educativo galego.

A estes efectos, os servizos de inspección educativa terán un carácter descentralizado e comarcal.

12. POLÍTICA CULTURAL

12.1 INTRODUCCIÓN

A cultura galega sofreu, e sofre, de forma especial, os efectos da dependencia política, do dominio económico e da desintegración social de que foi obxecto a Galiza. Pola sua emerxencia, na Idade Contemporánea -e da man da práctica e reivindicación da escrita en galego- comezou o proceso autodeterminante que nos conduce aos tempos actuais. A sua significación e a sua carga simbólica, son, pois, enormes, pois o feito en galego, desde a Galiza e ao seu servizo, representaron a existencia e a defensa do país, non só des-institucionalizado, senón invadido e atacado no seu cerne máis representativo. A empresa dos Restauradores, no século XIX, resulta colosal se temos en conta que é obra de individuos sen nengunha instancia de poder detrás, sen o apoio de clase social organizada, cun povo desangrado pola emigración e continuadas calamidades económicas e, aínda, cunha rede de axencias ao servizo directo da perpetuación do dominio e da alienación (escola, universidade, cultura formal, institucións...). O idioma, neste cuadro, vai ser o grande despertador; o seu uso literario e xornalístico, a aspiración da sua utilización política e da sua dignificación social van ser os alicerces doutras formas de auto-organización, xa claramente políticas, no século XX. A ecuación, por isto, uso público do galego = apoloxia da Galiza persiste até ben entrada esta centúria.

Nos nosos tempos, o cambio de rexime político, a entrada do Estado español nas estruturas político-militares de Europa (C.E.E. e O.T.A.N.), a constitución do rexime autonómico, influíron decisivamente na xestión, produción e consumo dos produtos culturais. Abriu-se paso a concepción e o tratamento da cultura como algo secundario, ornamental e para recintos sociais limitados e controlados; funcionarizou-se en certa medida, especializou-se no sentido negativo. Neste pano de fondo, a subordinación da cultura galega á española e á “occidental” mantén-se. Os axentes e receptores da cultura nacional ven render á baixa o seu traballo; non gozan de espello nen protección institucional; caen por veces na confusión, atomización e dispersión de esforzos. Non obstante, segue sendo máis importante ca nunca a ubicación da cultura nacional conforme aos seguintes definidores:

- a) É unha empresa humana, dinámica e evolutiva, é empresa social, con marcas nacionais distintivas.

- b) Resulta ser o recipiente máis valioso onde se acumulou a nosa experiencia histórica, a nosa práctica social acumulada, os nosos signos como povo máis visíbeis e duradoiros.
- c) Non tivo, a cultura galega, unha evolución normal e autónoma. Si truncada desde o inicio da Antigo Réxime, violentada desde as súas raíces, moi condicionada pola disciplina ao modelo político e ideolóxico español.
- d) É imperativo do nacionalismo galego, na hora actual, loitar contra a súa disolución en fórmulas neo-culturalistas; potenciar todo o que reforce e valorice o auto-coñecemento, a auto-estima en termos colectivos, a conciencia de que somos un povo con historia merecente de ser estudada e divulgada; asegurar a súa diversificación, en termos cuantitativos e cualitativos; procurar a súa orixinalidade (non reñida co legado da tradición nen coa creación de produtos “modernos”).
- e) É urxente romper a perversa dicotomía rural/urbano, con produtos culturais diferenciados, que se impuxo internamente no país: conceber a Galiza como unha unidade e reforzar todo o que tenda a acentuá-la.
- f) O criterio, enfin, da bilateralidade e do intercambio en igualdade debe presidir a difusión exterior da cultura galega. Portugal e os países de lingua portuguesa deben ser interlocutores privilexiados, pola vantaxe da comunidade lingüística. O equilibrio entre recepción de produtos estranxeiros e difusión do galego fóra de Galiza será norma a ter en conta, tanto do punto de vista económico como cultural.

Todo o até aquí exposto xustifica -por se non abundase a propia existencia actual do país- a necesidade dunha política cultural, definida e programada desde as institucións públicas, que coadxuve e faga medrar todo o realizado na sociedade canto á súa produción cultural. Falarmos de cultura equivale a falarmos de diversidade, pluralidade, debate crítico e asentamento nacional. Tamén de recepción e consumo o máis democráticos posíbel, en tempos que, de certo, axudan ben pouco á liberación do alienante, do estupefaciente e do individualista. Nunha nación como a galega, tan fortemente submetida a des-institucionalización, ao auto-desprezo e á xenoestima, este esforzo vira fundamental, imprescindible, para erguer a propia nación. Excitar a positividade do que fomos e somos, como cultura diferenciada -e con aspiración a segui-lo sendo- non reportará máis que beneficios colectivos. Por isto, a atención cultural resulta ser un dos eixos estratéxicos dun Goberno galego de dirección ou intervención nacionalista, en congruencia co resto de obxectivos e medidas que integran a definición das outras áreas de goberno.

A seguir, desglosaremos brevemente por sectores, ou subsectores, os principais obxectivos e medidas políticas, na intelixencia da interrelación obrigada de todos eles e da necesaria coerencia que deben gardar entre si e o respeito doutras accións de goberno (política territorial; dotación de recursos; servizos sociais; medios de comunicación; educación; política institucional, etc).

12.2 PATRIMÓNIO HISTÓRICO-ARTÍSTICO

O artigo 1 do Título Preliminar da Lei do Património Cultural de Galiza, promulgada no outono de 1995, reza así: “ O patrimonio cultural de Galiza é constituído por todos os bens materiais e inmateriais que, polo seu recoñecido valor propio, deban ser considerados como de interese relevante para a permanencia e a identidade da cultura galega através do tempo”. Tal declaración cobra valor real se a actuación do Executivo, en materia de patrimonio histórico-artístico, se pon “mans á obra” e se dirixe a asegurar a conservación, rehabilitación, posta en valor, disfrute social, e garantía de transmisión ás xeracións futuras deste patrimonio que é selo de valor inmenso da personalidade nacional de Galiza e espello da historia como povo singular e diferenciado. O primeiro compromiso, xa que logo, do goberno galego, ha ser pór en obra práctica a letra da lei é desenvolvé-la regulamentariamente, a fin de que se cumpran as súas prescricións. A tal fin, e no prazo temporal dunha lexislatura, o goberno galego abordará:

1. No Patrimonio Histórico-Artístico de titularidade autonómica, procederá-se á completude da súa catalogación e inventariado. Estabelecerá-se un Plano de Restauración e de Usos, con prioridades e prazos marcados, tendo presentes as necesidades máis urxentes, a curación das deficiencias máis notórias, e en coordinación coas outras Administracións afectadas e cos titulares privados.
2. No Patrimonio Histórico-Artístico de titularidade eclesiástica, asegurará-se a redacción de caisquer convénios coa Igrexa Católica que supoñan doación de diñeiro público en termos de utilizar o acordado no convénio; garantir a apertura ao público dos monumentos; dispor, se é o caso, usos alternativos aos eclesiásticos; garantir a utilización da lingua galega en rotulacións e informacións e, en calquer caso, homologar as intervencións previstas ás realizadas noutros monumentos ou pezas do patrimonio histórico-artístico, segundo a lei.
3. Elaborará-se, de acordo co estipulado na lei, un plano de coordinación e colaboración coas Administracións Locais, con vista a facer frente ás necesidades máis urxentes e a non permitir o estrago de Bens de Interese Cultural radicados nos municipios e dependentes

deles. Ao tempo, programará-se unha guía de itinerarios e rotas culturais, de ámbito nacional.

4. O Goberno galego instará o traspaso da titularidade e xestión dos monumentos, lugares, contornos e pezas do patrimonio histórico-artístico de titularidade estatal. Oporá-se a calquer venda, en subasta pública, de bens procedentes do Ministerio de Defensa, desafectados de usos militares.
5. A respecto dos bens culturais de titularidade privada, o Executivo utilizará as vías previstas na lei para evitar a ruína, estrago, deterioro ou expolio destes bens; impedirá a súa destrución e procederá á negociación correspondente, se é o caso, que asegure o seu trasvase á administración autonómica ou o seu adecuado desfrute social, baixo as mesmas condicións que o patrimonio público.

12.3 PATRIMÓNIO ARQUEOLÓXICO E ETNOGRÁFICO

O Título III da actual Lei do Patrimonio Cultural da Galiza, dedicado ao patrimonio arqueolóxico, é o que contén un maior desenvolvemento do articulado. Tal extensión non se corresponde, porén, nen co realizado até o presente nen cunha aplicación decidida das súas prescricións e orientacións. A primeira necesidade que amosa a existencia do patrimonio arqueolóxico é, obviamente, a da súa conservación e preservación. Mais esta necesidade cómpre vinculá-la á súa "rendibilidade" social: ao aproveitamento, coas debidas cautelas, por parte do público escolar, dos usos turísticos e do público en xeral. Ao tempo, require o cuidado da protección adecuada do espazo en que se acha e, moi especialmente, dunha ordenación urbanística que non o destroce nen o isole. A tal efecto -e para lle dar efectividade e completude á lei citada- propoñen-se, como prioritarias, as seguintes medidas:

1. Os ditames das Comisións de Patrimonio han ser vinculantes a respecto das actuacións e planeamentos urbanísticos, co fin de preservar os xacementos ou bens arqueolóxicos existentes e mais de protexer a aparición de novos achados.
2. Ao igual que no patrimonio histórico-artístico, elaborará-se e porá-se en marcha un Plano de Conservación, acompañado dun programa de prospección e habilitación de xacementos, priorizando as necesidades máis urxentes, tanto na arte rupestre como nos bens móbeis.
3. As excavacións e intervencións autorizarán-se sempre conforme ao regulamento establecido pola Consellería de Cultura e en convénio cos departamentos técnicos das universidades galegas e doutras entidades investigadoras.

4. Ditarán-se as disposicións que permitan unha acción coordinada coas entidades locais, atendendo, con carácter de urxencia, á evitación de destrozos, estragos ou deterioros producidos no patrimonio arqueolóxico.
5. Face a unha política punitiva (quen destruí ou estraga patrimonio, pagará a sanción correspondente), aplicará-se unha *política preventiva*, para, sobre a base legal, impedir que o destroz -irreversíbel- se produza.
6. Elaborará-se un Plano de Xestión do patrimonio rupestre, que atenda ás urxencias máis visíbeis e dispoña a súa preservación e rehabilitación.
7. Estabelecerán-se convénios 'ad hoc' cos departamentos de Educación e de Política Territorial e co organismo que se ocupe das actividades turísticas, para homologar e coordinar actuacións que redunden na consecución dos obxectivos descritos e permitan o disfrute social que non altere nen dane o patrimonio.
8. Procederá-se á catalogación e inventariado dos bens do patrimonio etnográfico, garantindo a súa conservación, rexisto e investigación, tanto nos seus aspectos materiais como imateriais. Vixilará-se que as concentracións parcelárias autorizadas non supoñan perda de materiais de valor etnográfico ou de microtoponímia non recollida nos nomenclator.
9. Programará-se a súa conservación e difusión como un instrumento de grande importancia para o coñecemento da historia da Galiza: o pasado en diálogo co presente.
10. Daráse-lla ao patrimonio etnográfico todo o aproveitamento didáctico que merece, para que o seu arquivo e rexisto dé pé á investigación, actualización e formación de especialistas.

12.4 A CULTURA ESCRITA

12.4.1 Arquivos e patrimonio documental

A necesidade de protexer, conservar, acrescentar e divulgar o patrimonio cultural da nación galega, os bens materiais e imateriais, artísticos, históricos, arquitectónicos, arqueolóxicos, etnográficos, documentais, etc., que nos identifican como povo e como cultura singular e diferenciada, cómpre entendé-la como unha necesidade político-cultural, que precisa da atención humana, técnica e financeira adecuada, mais tamén como unha *necesidade social*, que como tal sexa sentida por toda a sociedade, a fin de evitar máis destrozos, perdas, deterioros ou mal trato para un legado da nosa historia que a Galiza do presente debe coñecer e valorizar. Dentro do Patrimonio Cultural Galego, o documental e arquivístico sofre unha especial marxinación, por, entre outras, as razóns seguintes: falta de articulación entre os

centros que conforman as diferentes redes; falta de desenvolvemento regulamentario do Decreto que regula o Sistema de Arquivos e Patrimonio Documental; actuacións arbitrarias, discretionais ou non coordinadas das diferentes administracións de que dependen os arquivos; carencia ou escaseza grande de persoal técnico que os atenda e mellore; nula pretensión de crear, a partir do Arquivo do Reino de Galiza, un Arquivo Nacional, como corresponde á amplísima e riquísima documentación que encerra; impasse no proxecto de consolidar un Arquivo Central da documentación da Xunta de Galiza, desde a constitución da Comunidade Autónoma...

Ante este estado de cousas, serían prioritarias as seguintes medidas:

1. Desenvolvemento do Sistema de Arquivos de Galiza, contemplado no Decreto 307/1989, nomeadamente nos seguintes puntos:
 - a) Criación da Comisión Técnica de Arquivos e Patrimonio Documental, como órgano asesor na materia.
 - b) Coordinación inter-centros, que permita a información, localización e consulta dos fondos existentes.
 - c) Criación do Centro de Microfilmado e Reprografía.
 - d) Criación do Arquivo Xeral da Administración da Xunta de Galiza, coordinado cos centros administrativos e cos arquivos das consellerías.
2. Estruturação plena do Sistema, conectando as distintas redes de Arquivos, definindo o Arquivo do Reino de Galiza como Arquivo Nacional da Galiza e delimitando o ámbito territorial e temático dos Arquivos Histórico-Provinceais.
3. Dotación adecuada, en persoal, recursos técnicos e económicos, dos arquivos, a fin de permitir o seu funcionamento manifestamente mellorable, tanto no que atinxe á recolla e custodia dos materiais canto ao servizo de consulta da documentación depositada e á formación dos profesionais.
4. Canto aos arquivos da administración local, a primeira tarefa sería a informativa sobre os fondos (quer administrativos, quer de documentación histórica) depositados neles, con vista á súa catalogación, procura da idoneidade dos locais, dotación de persoal especializado, se é o caso, accesibilidade de consulta, divulgación dos seus fondos...
5. Sería tamén obriga das administracións públicas a procura de información (e eventual cesión ou negociación) sobre a documentación histórica ou bibliográfica, de interese galego, que pertence a propietarios particulares, con vista á súa desexábel integración no sistema de

arquivos público. Así mesmo, a Administración galega procuraría a información sobre a documentación de interese para a Galiza que existe fóra do país, con vista á súa localización, dereito de uso ou reprodución -ou traslado á propia Galiza. Igualmente, para a localización da documentación existente nos arquivos eclesiásticos.

6. Xeneralizar o uso do galego non só no funcionamento administrativo dos arquivos, senón tamén na produción bibliográfica, atención a público e investigador/es, divulgación escolar ou doutro tipo. A produción editorial vinculada aos depósitos arquivísticos canalizaríase a través do servizo centralizado de publicacións da Xunta de Galiza ou Editora Nacional, e privilexaría aquelas publicacións de fondos que máis interese histórico e nacional tivesen, pola necesidade do seu coñecemento e divulgación, a súa singularidade ou o seu carácter especializado, non apto para outro tratamento editorial.

12.4.2 Bibliotecas

Várias das deficiencias e marxinalidades que asinalámos no capítulo anterior para os arquivos e o patrimonio documental son aplicábeis ás bibliotecas do noso país, que tamén se teñen resentido -como tantas outras actividades ou producións culturais- da míngua orzamentaria da Consellería de Cultura e dunha falta de atención política a esta área de goberno, concebida moito máis como pantalla de propaganda partidista do que impulsora da auto-estima, da recepción cultural na lingua do país e do desenvolvemento nacional, en definitiva. Consonante con esta carencia de principio, a Lei de Bibliotecas, de 1989, non alcanzou desenvolvemento regulamentario nen sequer se puxeron a funcionar os órganos que nela se contemplan. Isto, unido á míngua orzamentaria citada, condiciona un baixo rendemento dos centros abertos, a falta de coordinación entre eles, a ausencia de bibliografía galega básica, etcétera. Por isto, propomos como medidas básicas e prioritarias as seguintes:

1. Cumprimento da Lei de Bibliotecas e desenvolvemento regulamentario preciso para dar efectividade ás súas disposicións, nomeadamente no que atinxe á constitución dos órganos nela previstos e ao contacto permanente cos profesionais do sector.
2. Establecemento dun plano de coordinación entre todas as bibliotecas da rede, que permita o coñecemento e a información sobre os fondos de cada unha delas e a constitución de centros nodais que centralicen e distribúan a mesma.

3. Dotación, para todas as bibliotecas, dun fondo editorial galego, que procure a existencia de toda a bibliografía galega e sobre a Galiza dispoñíbel e que, ao menos, conste dunha biblioteca galega básica.
4. Dotación de persoal suficiente para permitir o adecuado funcionamento das bibliotecas e a abertura ao público.
5. O Centro de Documentación Bibliográfica debe recoller e ampliar toda a bibliografía e documentación non arquivística sobre a Galiza, con vista á constitución dunha Biblioteca Nacional e dunha Hemeroteca Nacional, que achegue todos os fondos existentes e inicie o proceso de reprodución ou microfilmación de todo o editado na Galiza, en formato libro, revista, xornal, folletos, etcétera.
6. As axudas, subvencións ou caisquer tipo de convénios das administracións públicas para as bibliotecas farán-se desde unha orde única e sobre a base dun programa que estableza prioridades e prazos.
7. A creación de novas bibliotecas responderá a un programa nacional, que teña en conta a distribución xeográfico-demográfica, o reparto comarcal e as necesidades máis urxentes por cubrir.
8. Estabelecerá-se un plano de formación continuada do persoal técnico e auxiliar das bibliotecas e un programa unificado de informatización e intercambio de información entre os diferentes centros.
9. Iniciará-se un proceso de diálogo e negociación con aquelas institucións públicas e/ou privadas que posúan bibliotecas de interese para a Galiza, con vista á súa utilización como patrimonio público, para evitar o seu traslado fóra do país e para permitir a súa consulta a investigadores/es e particulares, coas debidas garantías.
10. Acordará-se, coa Consellería de Educación, un plano para articular unha rede de bibliotecas do ensino obrigatorio, comezando por cubrir as carencias ou deficiencias máis notorias. Así mesmo, programarán-se campañas de animación á lectura para todo tipo de públicos. Procurará-se a máxima utilización didáctica das bibliotecas para converté-las en centros vivos e non en simples depósitos de libros.
11. Estabelecerá-se un plano de coordinación coas Bibliotecas universitarias, que permita o intercambio de información sobre os seus fondos e a consulta dos mesmos.

12.4.3 Política editorial

Hoxe por hoxe, a Xunta de Galiza é a principal editora do país, cun alto volume de publicacións en español e sen unha política de edición centralizada e con conexión entre os diferentes departamentos, que evite repeticións, gastos supérfluos ou contratación de informes a empresas privadas. Ao tempo, mantén-se a produción editorial propia do Consello da Cultura Galega, de centros de investigación como o "Ramón Piñeiro", de subvencións a editoras privadas ou a empresas xornalísticas... É, portanto, unha especie de "caos" ben organizado ao servizo da atomización, da despreocupación pola recepción e uso do produto editado, da arbitrariedade ou discrecionalidade na concesión de axudas ou subvencións, da proscrición de ofertas editoras non gratas ideoloxicamente, da ausencia, en definitiva, dunha política cultural dirixida a crear lectores en galego e a aumentar a recepción e consumo do escrito en galego. Várias das medidas propostas para os arquivos e bibliotecas teñen a ver, de forma central, coa política editorial, por exemplo, o inicio dunha Biblioteca Nacional, que reunise toda a bibliografía en galego e sobre a Galiza; a utilización de todo o editado en portugués, que resultase válido para completar a bibliografía existente en galego sobre materias técnicas, científicas ou humanísticas; a dotación de bibliotecas escolares; a constitución dunha Hemeroteca Nacional, que reuniría todas as publicacións periódicas editadas na Galiza ou na emigración galega... Xunto con estas medidas, propomos:

1. A creación dunha Editora Nacional, que centralice toda a produción bibliográfica da Xunta de Galiza, tanto de carácter administrativo como xeral. A Editora Nacional asumiría, ademais, a edición daqueles volumes que, polo seu custo e interese social, merecesen ser bens públicos non submetidos ás limitacións ou ás conveniencias da edición privada, por exemplo, textos clásicos da literatura galega aínda sen editar na actualidade, grandes obras da literatura, da historia, da filosofía ou da ciencia doutras culturas sen versión en galego, etcétera. Esta Editora Nacional contaría cunha Central Distribuidora ou Librería que distribuise e puxese á venda, no seu caso, toda a produción editorial da Xunta de Galiza, dos centros dela dependentes e que permitise o coñecimento do catálogo de publicacións doutras Administracións (entidades locais, outros gobernos, Unión Europea...).
2. Promoción dunha política de colaboración e diálogo coas Asociacións de Escritores, dirixida a facilitar axudas aos autores, tanto para traballos de investigación como de creación literaria.
3. Apoio á oferta editorial privada, sobre a base de proxectos concretos, avaliados da forma máis obxectiva e ecuánime, apoio que deberá realizar-se con total transparencia, publicidade dos criterios que determinaren a subvención (ou o convenio) e sempre na liña

de que esta *repercuta no prezo final do libro ou volume editado*, para favorecer tanto o receptor (comprador-a) como o sector libreiro.

12.5 TEATRO

Un repaso á historia da dramática galega evidencia que os diversos esforzos encamiñados a criaren e consolidaren un Teatro Galego foron realizados polos homes e mulleres máis lúcidos e comprometidos coa causa da dignificación social e política da Galiza. No caso galego, como noutras nacións de Europa ou do mundo, teatro e conciencia nacional camiñaron intimamente unidos: concebíase aquel como un óptimo instrumento de dignificación do idioma nacional, de representación cultural propia, de contributo ao coñecemento e estima da historia do país, de recipiente das necesidades, sentimentos e aspiracións da sociedade que o producía. Na Galiza, por isto, os sucesivos intentos que, con maior ou menor fortuna, se levaron a termo para criaren unha dramaturxia galega propia, foron sempre parellos á configuración e organización do nacionalismo, como necesidade política e cultural. Tal aconteceu xa na segunda metade do século XIX, na fundación das "Irmandades da Fala", durante a ditadura primorriverista (como alternativa, o teatro, ás dificultades da organización política) e co Partido Galeguista. Tal carácter histórico compre lembrá-lo para valorizar unha produción artística que, na Galiza, cobra unha importancia histórica que vai máis aló do estritamente cultural. E, porque, na actualidade, e despois de sucesivos gobernos autonómicos, aínda non temos articulada unha política teatral estábel e adecuada ao papel que o teatro debería cumprir para o público galego de hoxe. A creación e recuperación de espazos que posibiliten unha actividade teatral regular, para facé-la habitual ao menos nas cidades e vilas principais sería a primeira tarefa a emprender, en simultaneidade coa creación de redes e circuítos que permitan un traballo estábel e continuado para as diferentes compañías e grupos teatrais do país. A tal efecto, e na intelixencia de corrixir as deficiencias actuais -ao menos, as máis notábeis- e mais de lle dar ao teatro galego e en galego permanencia e solidez para o futuro, propomos as seguintes medidas:

1. Reforzar a actual infraestrutura utilizábel para a actividade teatral, procurando a rehabilitación de locais que a admitan e mellorando os xa existentes para que a acollan nas condicións técnicas precisas.

2. Criación da Escola Superior de Arte Dramática, que concedería títulos habilitantes para a profesión teatral, aseguraría a formación continuada, a creación de canteira renovada, e que funcionaria, tamén, como centro de documentación, investigación e divulgación teatral.
3. O Centro Dramático Galego incrementaría as súas producións e actuacións, para facer do teatro galego e en galego feito habitual nas cidades e vilas do país.
4. Cumprindo funcións complementares, diferenciaríase entre grupos de teatro profesional e grupos de teatro amador ou afeizoado, entendendo por profesionalidade competencia e experiencia acumulada e non un trámite burocrático. Un plano de actuacións e programacións para un e outro permitirían o seu reforzo recíproco.
5. A política de axudas públicas ao teatro debe aspirar a establecer concertos directos e particulares con cada grupo ou compañía para unha campaña concreta, da que se realizaría o correspondente seguimento e avaliación.
6. Os chamados Circuitos Culturais contarían cunha programación estábel de teatro galego, en conexión coas programacións culturais dos concellos, tendo a subvención ou oferta de actuación concedida carácter finalista para esta actividade.
7. Tarefa inmediata do Centro Dramático Galego, en conexión co traballo da Escola Superior de Formación de Actores e Actrices, sería a creación do arquivo do teatro galego e a recuperación e progresiva escenificación do teatro clásico galego, en grande parte inexistente na escena actual.
8. Fomentaría-se o intercambio bilateral co teatro de países como Portugal e outros de lingua portuguesa, para favorecer a actuación de compañías galegas nestes países e de grupos destes na Galiza.
9. A programación teatral, tanto pública como privada-cofinanciada, aseguraría a escenificación dun volume significativo de obras de teatro galego, tanto histórico como actual.
10. Para suprir, onde for necesario, a carencia de locais públicos aptos para a actividade teatral, procuraríase establecer convénios de utilización de locais, tanto doutras institucións diferentes da autonómica canto de entidades ou empresas privadas.
11. Aseguraríase a política de colaboración coa Rádio e a Televisión públicas, para lle dar á actividade teatral a máxima difusión e rendibilidade.

12.6 MUSICA E DANZA

O actual Instituto Galego das Artes Escénicas e Musicais (IGAEM), polo seu orzamento reducido e polas actividades que, con el, pode cubrir, non responde á programación

e promoción de actividades culturais que o seu nome engloba: teatro, danza, música. Na realidade, funciona como un centro ou macro-asociación cultural que xestiona a programación do Centro Dramático Galego (máis un capítulo de subvencións destinadas aos grupos ou compañías privadas de teatro), o "Ballet Gallego Rey de Viana" (e as bolsas para bailarinas e bailaríns) e a Escola de Estudos Musicais. Todo o que neste estreito marco de actuacións non cabe recibe, teoricamente, atención orzamentaria doutras partidas da Consellería de Cultura. Dicemos "teoricamente", porque, na práctica, a música tradicional (bandas, grupos de música popular), a música moderna en galego, os grupos de danza, os grupos de música clásica (alén das dúas orquestras sinfónicas) subsisten polos seus propios medios ou merecen un trato ventureiro, sen o menor interese político en consolidar a súa existencia, familiarizar o público galego coas súas actuacións e conseguir o seu afianzamento e difusión na sociedade que os produciu.

O IGAEM, portanto, para responder ao seu nome e funcionar como o centro que se ocupa especificamente das artes escénicas e musicais, tería que ver notabelmente ampliada a súa capacidade de actuación e de programación, co conseguinte aumento orzamentario que o fixer posíbel.

A existencia da arte musical está intimamente ligada ás posibilidades do ensino musical, que, no noso país, dista moito de responder a un esquema racional. A médio prazo, sería obxectivo do goberno galego a configuración dunha rede galega de centros de ensino da música, seguindo criterios como a distribución da poboación, a estrutura comarcal do país, a preexistencia de agrupacións instrumentais ou de corais, o estudo das necesidades de profesionais da música, a vertebración asociativa da Galiza verbo dos centros de ensino para amadores. A "pirámide" da estrutura do ensino musical constaría dunha larga base de Escolas de Música, ben repartidas por todo o país (quer de titularidade municipal, en convenio coa Xunta de Galiza, quer de carácter asociativo), no "trapéicio" médio os conservatorios profesionais e no "triángulo" superior o Conservatorio Superior.

A música tradicional, elemento diferencial da nosa cultura, require un forte apoio de cara á súa recuperación, potenciación e difusión. Compre, xa que logo, dinamizar a ensinanza da nosa música tradicional, tanto nas escolas de música como nos conservatorios.

Canto ás Bandas de Música e as súas "Escolas", cómpre recordar que elas son as primeiras interesadas no establecemento de Escolas de Música co-patrocinadas pola Xunta de Galiza e os Concellos; contan, ademais, con agrupación propia, a Federación Galega de Bandas de Música Populares e, cunha adecuada promoción e coordinación goberno autonómico-governos municipais, podería iniciar-se a constitución de orquestras de cámara xuvenis e amadoras dentro das Escolas.

Xunto á Federación Galega de Bandas, que agrupa a máis de 3.500 músicos afeizoados, realiza un importante labor de difusión musical e de fomento da participación popular a Federación Coral Galega que aglutina unhas 150 formacións corais espalladas por toda a nación, cunha media de cuarenta membros por coral. Non requiren as Corais os medios materiais das Bandas, mais son grupos que, por propio interese e polo do público a que se dirixen, son incardinábeis nos planos formativos e mais nas actividades das Escolas de Música de promoción pública, desde as que se lles poderá garantir a dirección competente. Procede lembrar aquí que o coralismo galego foi historicamente un instrumento de expresión do galeguismo. Sen renunciar á difusión do repertorio coral universal, mesmo na súa vertente clásica, moita música galega -tradicional ou debida ás composicións dos liederistas do post-Renacemento- pervive hoxe grazas ao labor destes grupos, que deben merecer o apoio en todos os sentidos das institucións autonómicas.

Aliás, é preciso romper coa práctica perversa de moitos concellos que, coa conivencia ou actuación caciquil da Consellaría de Cultura, veñen facendo uso dos Circuitos Culturais para cobriren programas de festas ou financiaren irregularmente agrupacións musicais locais, mesmo con pagamento de actuacións que non se realizan. A programación e verificación de actuacións dos Circuitos Culturais correría a cargo da Consellaría de Cultura. Debe garantir-se sempre que o emprazamento dos concertos de Bandas e Corais sexa o idóneo acústica e infraestruturalmente. As Bandas deben ter acceso aos teatros e aos auditorios das cidades. Deben primar-se os concertos fóra da estación, dinamizando a vida cultural das vilas e das propias agrupacións. Todo concerto debe gardar as mellores formas instrutivas: edición en galego de carteis e programas de man; información didáctica sobre obras e autores. Ademais, un programa nacional de Festivais de Bandas e Corais sería un complemento excelente para a promoción do labor destas formacións.

As axudas e colaboración coas dúas orquestras sinfónicas existentes na Galiza (a Orquestra Sinfónica de Galiza, dependente do Concello da Coruña, e mais a Real Filharmonía, de Santiago de Compostela) debería alcanzar a maior rendibilidade social posíbel, na idea de abrir novos públicos, familiarizar a un número crecente de espectadores coa música clásica, promover o coñecemento e a interpretación de músicos clásicos galegos, potenciar o labor de compositores galegos novos e ofrecer en galego toda a información académica ou divulgativa relativa a autores, pezas, movementos estéticos, etc.

Na danza, do punto de vista da promoción pública, Galiza é case un ermo. Unha Orde da Consellaría de Educación e Ordenación Universitaria de Marzo de 1993 contempla a posibilidade de que as Escolas de Música a que se refere sexan de Música e Danza, co que boa parte das propostas anteriores verbo da formación musical (colaboración das institucións e de asociacións promotoras, uso de instalacións...) son aquí aplicábeis, na intelixencia de que o punto de partida é moito máis deficiente. A medio-longo prazo, a Consellaría de Educación e Ordenación Universitaria, en solitario ou en convenio coa Consellaría de Cultura, debería crear unha Academia Nacional de Danza.

No entanto, cómpre apoiar tanto os grupos de danzas que xa existen e que, nalguns casos, canto á música e á danza tradicionais, están a desenvolver un importante labor de recuperación e difusión de pezas, bailes, indumentaria e, mesmo, coñecemento etnográfico.

Desde a Consellaría de Cultura debe promover-se, mediante concursos e bolsas, a creación musical galega: para orquestra sinfónica, para banda, para coral, para orquestra e coro, para o teatro, para agrupacións de música de cámara, para a música moderna e realizada por grupos xóvens, etcétera.

Afinal, asinalaremos que é fundamental, para todo o programa apuntado, a colaboración dos medios de comunicación de titularidade pública. A aparición de bandas e corais secundarizada, pexorativamente folklorizada, debe rematar de vez. A dignificación da aparición e exhibición da música galega debe ser o primeiro requisito: franxa horaria non marxinal; programas que eliminen trapalladas e mal trato; información complementar; desaparecemento do grimoso paternalismo e concepción residualista; procura da mellora da calidade das formacións; grabacións promovidas pola CRTVG das bandas e coros de maior calidade, que permitiría iniciar unha colección de música galega, tanto na súa vertente

tradicional como clásica. A Librería ou Distribuidora Central da Xunta de Galiza (que temos mencionado no apartado IV.3) difundiría tamén estes produtos fonográficos e/ou videográficos.

12.7 ARTES PLÁSTICAS E MUSEUS

Várias das consideracións de carácter xeral que levamos expostas nos apartados anteriores son de aplicación tamén para as artes plásticas e para a rede de museus que existen no país. Recordamos de novo a necesidade de que as diferentes actividades e producións culturais sexan *matéria viva*, quer dicer, sexan coñecidas, "consumidas", desfrutadas pola sociedade onde se criaron e que as recibe. Neste aspecto, como noutros, existe fronteira clara entre unha concepción da cultura "impermeábel", encerrada en compartimentos estancos, compracente no seu carácter elitista e minoritario, sen vocación de se abrir a novos públicos, a novos receptores, e unha outra, que, mesmo sendo moi prudente na análise do punto de partida político e social -tan pouco favorábel a unha cultura formadora e desalienante, tan influído por estupefacientes de toda índole, tan controlado ideolóxico e economicamente, tan perxudicado pola hipertrófia televisiva-, pretende o contrario: abrir a recepción; tender a familiarizar o público cos produtos artísticos, do pasado e de hoxe; fomentar e estimular o debate aberto, crítico e plural sobre a arte, o seu consumo e a súa funcionalidade social. Pensamos, por isto, que serían necesarias, a curto prazo, as seguintes medidas:

1. A promoción decidida das artes plásticas realizadas por artífices galegas e galegos e que traballan no país.
2. A recompilación e recuperación do legado artístico galego, cunha catalogación centralizada que permita a localización e información sobre todos os fondos existentes.
3. O Centro Galego de Arte Contemporánea debería funcionar como o Centro Nacional de Artes Plásticas de Galiza, como centro nodal dos demais museus que teñen pintura e escultura contemporánea e con especial atención ás artistas e aos artistas galegos, tanto nestas artes como en arquitectura, fotografía, deseño, etc. Ao tempo, sería a ponte que unise Galiza co máis notábel da arte actual realizada fóra dela, en calquer das artes citadas, e na procura do aproveitamento didáctico, investigador e de conexión con outras actividades culturais.

4. O Museo do Povo Galego, en atención á súa natureza e función, funcionaria como o museo central que recollese e ampliase todos os bens culturais de carácter etnográfico e como órgano asesor daqueles centros que existisen con carácter local.
5. É prioritario dotar de sentido, co cumprimento das prescricións do Título V da Lei do Patrimonio Cultural de Galiza, o legalmente establecido para os museus, as funcións que deben cumprir, a facilidade de acceso aos mesmos, o seu importantísimo labor didáctico, a preservación e digna exhibición dos seus fondos, etcétera.
6. Todos os fondos de arte galega, dispersos en diferentes centros do país, deberían poder consultar-se e coñecer-se (en calquer dos suportes gráficos ou audiovisuais existentes) en todos os museus da rede.
7. En colaboración coa Consellaría de Educación e Ordenación Universitaria programarian-se campañas estabéis de visitas escolares que contribúisen a estudar a arte galega 'in situ', a coñecer as novas producións e a valorizar o producido, e producíbel, no propio país.
8. A efectos de transmisión informativa, disporían-se os convénios oportunos coa CRTVG a fin de a rádio e a televisión públicas galegas contribuíren, en espazos, non marxinais, ao coñecimento e aprezo da arte galega, histórica e moderna.

12.8 CINEMA, AUDIOVISUAL E FOTOGRAFIA

Apontamos, no apartado referido á música, a presión invasiva que, en detrimento dos produtos galegos ou doutros produtos musicais da humanidade diversos dos anglosaxóns, padece a recepción e o coñecimento musical no noso país. Esta presión existe tamén no que adoitamos denominar imaxe, coa pexa engadida de que nunha sociedade como a actual, fotografía, vídeo ou cinema son unha poderosa arma de poder e de control ideolóxico. Por isto, coidamos que é tarefa prioritaria estimular e divulgar unha cultura visual que fortaleza o potencial creativo galego e ofereza visións sociais e humanas dirixidas a un mellor coñecimento das persoas, do mundo no que se achan e da sociedade en que viven.

Frente á posición oficialista que se gaba de que "o mundo audiovisual galego, en constante evolución, está alcanzando un importante nivel nas súas producións tanto en soporte cinematográfico como videográfico obtendo o recoñecimento en Galiza como no exterior" (Orde da Consellaría de Cultura de Xaneiro de 1995), consideramos que o panorama resulta máis ben preocupante. Sen dubidarmos da alta creatividade que existe na Galiza no sector audiovisual, cinematográfico e videográfico, é o certo que os aínda escasos produtores e

criadores botan en falta políticas claras para a exhibición e a distribución, coas correspondentes axudas á produción, de modo e maneira que o cinema galego, en calquer formato, poda chegar aos espectadores en salas comerciais, e non só através de escasos certames, festivais ou concursos. Nen se establece nengun requisito claro que obrigue á exhibición de cópias en galego dos filmes que gozan de axuda á produción por parte da Xunta de Galiza. Renuncia-se a conseguir que se exhiba cinema estranxeiro dobrado ou con lendaxe en galego. Tamén non se ten practicado unha política de recuperación de salas cinematográficas.

Mentres o cinema e o audiovisual europeu e española gozan de leis de protección que aspiran á autodefensa perante o monopólio do cinema e audiovisual norteamericano, Galiza non impulsa nen ampara a produción de cinema e audiovisual propios, co obxectivo de construír unha industria audiovisual de seu e contar cun vehículo de arte e información crucial para o desenvolvemento pleno da nosa cultura. Na IV Lexislatura do Parlamento Galego (1993-1997), o Bloque Nacionalista Galego apresentou e defendeu unha Proposición de Lei do Cinema e o Audiovisual na Galiza, única até o momento, e, que non foi aprobada polo grupo maioritario, o Grupo Popular. O anuncio -pretexto para a non aprobación- de elaboración, tramitación e ulterior promulgación dunha Lei desta natureza non se cumpriu nen leva trazas de se cumprir, apesar de ser demanda unánime de todos os sectores culturais, industriais e laborais implicados. Portanto, defendemos como primeira medida a aprobación dunha Lei galega, da que dimanarian os correspondentes regulamentos e ordes de desenvolvemento, que partise dos seguintes principios xerais:

1. O recoñecimento, por parte dos poderes públicos da Galiza, da importancia cultural, económica e social das actividades cinematográficas e do audiovisual, do papel que podan desempeñar como creación artística, información, coñecimento e imaxe da Galiza, vital para a consecución da normalización cultural e lingüística, polo que as consideran sector estratéxico e prioritario.
2. O fomento da actividade cinematográfica e a produción audiovisual galegas, da súa comercialización e difusión, asumindo as competencias destas actividades na Galiza, asegurando o seu cumprimento, coordinando as relacións entre cinema, vídeo e TV na Galiza e espallando o seu coñecimento no interior e no exterior do país.
3. A regulación da actividade cinematográfica e videográfica e o apoio á produción, comercialización e difusión do cinema e do vídeo galego e en galego, así como as relacións destes cos outros medios audiovisuais.

4. A asunción de facultades directas da Consellaría de Cultura, en orde a impulsar o desenvolvemento da industria cinematográfica e audiovisual galega; divulgar as súas producións no propio territorio, no Estado español, en Portugal, na Unión Europea e en todos os territorios con emigración galega.
5. O impulso de coproducións, nomeadamente con Portugal e países de lingua portuguesa.
6. A divulgación do cinema galego en salas comerciais, así como a dobre ou a lendaxe en galego do cinema estranxeiro.
7. O impulso dos establecementos técnicos galegos destinados á produción cinematográfica e audiovisual.
8. A consolidación dun Arquivo do cinema e do audiovisual galegos e en galego.
9. A coordinación da produción, distribución e exhibición destas producións coa CRTVG.
10. O fomento do ensino das artes da imaxe, e da cultura cinematográfica, audiovisual e fotográfica no sistema educativo obrigatorio e, de forma específica, na formación profesional e no nivel universitario.
11. A actualización e actualización dos profesionais en activo, nomeadamente no relativo a novas tecnoloxías e á investigación en todos os aspectos relacionados o audiovisual.
12. A potenciación do Centro Galego de Artes da Imaxe (CGAI) para que cumpra os obxectivos de conservación, restauración e divulgación non comercial do patrimonio fílmico, audiovisual e fotográfico galego, así como a función de cinemateca, videoteca, fototeca, museo e biblioteca nacionais, en todo o relativo a obras e actividades cinematográficas, de vídeo, e de fotografía.

12.9 ASOCIACIONISMO CULTURAL

Na década dos sesenta xorde un fenómeno cultural sen antecedentes no país: o asociacionismo cultural que co seu labor organizativo e divulgativo asumiu a representación cívica e cultural da Galiza, en tempos de imposibilidade de organización e circulación política legal. Como noutras moitas actividades, o traballo e o selo do nacionalismo socialmente actuante foi decisivo na conformación dunha rede de asociacións culturais que, metonimicamente, estaban a defender e a dignificar a nación no seu conxunto. Elas foron a plataforma e o recipiente que permitiron dar a coñecer a alarma pola subordinación total en que se atopaba o idioma do país; as que contribuíron a normalizá-lo na práctica, coa utilización xeral para calquer tema de debate ou de información; as que propiciaron a información sobre cuestións vitais da nosa existencia colectiva, como a economía, a historia, a arte, a literatura,

os dereitos sociais, o feminismo, a ecoloxia, o teatro, a defensa social do idioma... Mais o asociacionismo cultural non debe ser prezado unicamente polo seu mérito histórico e polo inxente labor de concienciación e de organización desenvolvido. Hoxe segue sendo unha necesidade, porque en boa medida, o problema social e política da Galiza, visto desde nós, os seus habitantes, o povo que a constitui, segue sendo un problema de identificación, de recoñecimento, de conciencia de si, de auto-estima normalizada. Aliás, a vocación desta práctica cultural foi sempre democrática e social, anti-culturalista, portanto, cun forte empeño por familiarizar ao público galego sen "cláusulas de exclusión" coas personalidades sobranceiras da nosa historia, coas nosas riquísimas (canto dominadas) producións culturais, co noso dereito, en suma, a seguirmos existindo, producindo e desenvolvendo-nos.

O trato que as institucións públicas galegas dispensaron, e dispensan, ao movemento asociativo cultural non está en absoluto á altura das circunstancias: falta de diálogo regular; marxinação persistente das asociacións e as suas federacións; ignorancia das mesmas nas decisións institucionais; exclusión de organismos estatutarios como o Consello da Cultura Galega; escaso, e sempre raleado, apoio económico e infraestrutural; intento, en definitiva, de provocar a agonia inducida, para, aínda, funcionarizar e concentrar aínda máis a oferta cultural. Outros factores, que teñen a ver cunha forte ofensiva ideolóxica, patente desde comezos dos anos oitenta, desprezadora da cultura plural, aberta e libre, exacerbadora do individualismo, que multiplicou vertixinosamente todos os produtos alienantes e estupefacientes, así como defectos de funcionamento e rotinas que afectaron negativamente á vida asociativa cultural, influíron e condicionaron criticamente as actividades e, ás veces, a propia subsistencia das asociacións culturais.

Pensamos que segue sendo fundamental a existencia dunha acción socio-cultural que actue na base da sociedade, que teime nunha oferta e nunha distribución cultural ampla e con vocación maioritaria e que siga a ser factor de dinamización cultural por todo o país. Para cumprir este obxectivo -e polo que toca ás institucións públicas-, propomos as seguintes medidas:

1. O diálogo continuado poderes públicos-movemento asociativo, con inclusión das asociacións culturais, através das suas representacións, nos organismos consultivos ou decisórios que existan na materia (Consello da Cultura Galega, por exemplo).

2. A atención política e orzamentaria precisa para garantir un funcionamento normalizado das asociacións culturais, en aras do interese social recoñecido que o seu labor ten.
3. As axudas, subvencións, convénios... ou caisquer apoios que se concederen desde as administracións públicas ás asociacións culturais han de reunir os seguintes requisitos: transparencia e publicidade dos criterios utilizados; esixencia de presentación de proxectos concretos e, no seu caso, verificados; seguimento e avaliación da(s) actividade(s) realizada(s) co financiamento ou a subvención de diñeiro público.
4. A colaboración institucional na formación e actualización de animadoras e animadores culturais.
5. O impulso do labor asociativo na mocidade, con facilitación de locais, recursos técnicos e humanos.
6. A colaboración dos medios de comunicación de titularidade pública na exhibición, dignificación e difusión das actividades das asociacións culturais.
7. O favorecemento da investigación e a recuperación de actividades lúdicas e festivas da tradición cultural galega.

12.10 DEPORTE

A actividade físico-deportiva, en sentido amplo, como aspecto imprescindible para o desenvolvemento integral da personalidade é unha necesidade que os poderes públicos teñen que atender. O deporte como utilización do ócio, como lecer, como complemento do desenvolvemento da personalidade, como actividade saudábel, o deporte en idade escolar, o federado e o deporte de alto nivel, as titulacións deportivas, a disciplina, a organización dos clubs e asociacións deportivas, as competicións, o deporte autóctono... deben ser aspectos que desde unha perspectiva galega deben quedar regulados nunha **Lei Galega do Deporte**.

Decontado, e como liñas de actuación en materia deportiva, prestando especial atención ao fomento do deporte de base, escolar, e para todos e aproveitando a interrelación co deporte de elite impulsarán-se as seguintes medidas:

1. Estímulo e soporte económico e de técnicos para a creación e potenciación de **Escolas Municipais Deportivas**, que atendan ademais á diversificación da oferta, con atención ás actividades físico-recreativas, e aos xogos tradicionais.

2. Asegurar a plena utilización das instalacións deportivas dos centros educativos, especialmente nos de ensino secundario, impulsando en colaboración cos clubs deportivos a posta en marcha da **atención diaria fóra do horario escolar** e con persoal técnico cualificado nos centros de ensino, garantindo nos propios centros a actividade deportiva supervisada para todas e todos os que a desexen.
3. Na política de **apoio a Clubs, Asociacións, Federacións**, etc. establecemento de baremos claros e que aseguren a súa colaboración nos Planos que desenvolva o Executivo de impulso ás Escolas Municipais e ao Deporte Escolar. Así mesmo, establecer os mecanismos de relación entre os clubs e as federacións, por un lado, e o deporte escolar e as escolas municipais, por outro, para completar unha atención máis especializada ás persoas que así o demanden.
4. Elaboración dun **censo de infraestruturas** coa valoración do seu grao de utilización, e das posibilidades de utilización óptima. Establecer un mapa das necesidades inmediatas para desenvolver a política deportiva que se propón e determinar as prioridades na construción de novas infraestruturas, que contarán con espazos aptos para a práctica deportiva tanto para mulleres como para homes.
5. Potenciación e apoio á práctica dos **Deportes e Xogos autóctonos** establecendo un inventario con impulso ás súas federacións, coa regulamentación dos mesmos, coa dinamización das súas competicións.
6. Establecer un **Organigrama Racional de Titulacións de Técnicos Deportivos** a todos os niveis, cos seguintes criterios: dando-lle definitivamente un carácter académico regrado e profesional ao **INEF**, inseríndo-o definitivamente no ensino universitario e deixando de ser o seu director un cargo político, fortalecendo o contido das titulacións destinadas a ensinar a educación física no ensino primario, homologando contidos e capacitacións para os distintos cursiños, monitores rexionais, formación en determinadas escolas, etc...
7. No ensino primario impulsará-se o feito de que os centros educativos contén co persoal técnico e as instalacións adecuados para impartir a Educación Física.

13. MEIOS DE COMUNICACIÓN DE TITULARIDADE PÚBLICA

A percepción crítica sobre a RAG e a TVG, no seu funcionamento actual, cai adoitado nunha sorte de fatalismo ou de inevitabilidade resignada: "é-che o que hai", "vindo de quen veñen", "governando quen governa"..., non se pode esperar outra cousa. O doado cambio de canal, para caisquer das outras emisoras españolas -públicas ou privadas- ou, aínda, de fóra do

Estado español, "facilita" -como se dunha opción puramente persoal se tratar- a non audiéncia ou a non visión dunha rádio e dunha televisión galegas que, tantas veces, irritan e desagradan por desprezadoras do galego, reducionistas, governamentalistas e sectárias. "Eu non vexo a TVG por prescrición facultativa" -temos escoitado máis dunha vez. Mais é o caso que tal acomodación ou tal pasividade mal se compadece con tres evidéncias: 1ª) estamos a falar de medios de comunicación de titularidade pública, *pagados* por todas as galegas e os galegos; 2ª) exercen, para ben ou para mal, un indubitábel papel de "pedagogos" sociais: modulan conciéncias, orientan opinións, condicionan comportamentos, non só "amosan", tamén "ensinan"; 3ª) o mal que o fagan é o ben que deixan de facer, quer dicir, se tivesen funcionado -como non o fixeron- ao servizo dos obxectivos para os que foron criados, moito tería adiantado a sensibilidade e a conciéncia social sobre a própria Galiza, os seus problemas, as suas aspiracións e as suas necesidades.

Seren alavanca de conciéncia nacional, e non freo. Eis a clave.

A Lei 9/1984, do 11 de Xullo, determina a creación da Compañía da Radio-Televisión de Galiza e as suas dúas sociedades, rádio e televisión públicas. Cómpre recordar que a Lei indica claramente, entre os principios de programación que han de inspirar as emisións de ambos medios, a "promoción e difusión da Cultura e Língua Galega, así como a defensa da identidade da nacionalidade galega"; o "respeito ao pluralismo político, relixioso, social, cultural e lingüístico" (art. 16). Canto ao dereito de antena (art. 17), establece que a ordenación dos espazos de radiodifusión e televisión de Galiza fará-se "de xeito que a eles podan acceder os grupos políticos e sociais máis significativos". A tal fin, o Consello de Administración, "de acordo co Director Xeral, terá en conta criterios obxectivos, como representación parlamentaria, implantación política, sindical, social, cultural e ámbito territorial de actuación". Así mesmo, o art. 20 estipula que corresponde ao Parlamento de Galiza "o control da actuación da Rádio-Televisión de Galiza e das suas sociedades".

En Maio de 1986, o Consello de Administración da CRTVG daquela existente aproba por unanimidade o documento "Principios xerais da programación". O seu contido, que resumiremos brevemente, mesmo cobra carácter premonitorio relido hoxe: tal é o grao de consumación dos vicios e desvios que xulga se debían evitar. Acolle-se ao Estatuto de Autonomía (art. 4º.2.) que atribuí "aos poderes públicos de Galiza a función de promover as condicións para que a liberdade e a igualdade do individuo e dos grupos nos que se integra sexan reais e efectivas, remover os atrancos que impidan ou dificulten a súa plenitude e

facilitar a participación de todos os galegos na vida política, económica, cultural e social". Ao amparo desta facultade, establece-se que a CRTVG, como entidade pública, "ten como fin principal servir ao povo galego", promovendo o "progreso da autonomía galega" e adxudicando-lle "especial papel" na "normalización da lingua galega" e na "difusión da cultura propia da Galiza", así como na "defensa do patrimonio artístico e histórico do país". A tal fin, RAG e TVG procurarían incluír, nos seus programas, "personaxes, acontecementos, situacións, edificios, lugares que contribúan a achegar unha visión realista, obxectiva, do que a Galiza foi, é e pode chegar a ser na histórica etapa de desenvolvemento político-cultural pola que atravesa".

Respeito á persoa; defensa da práctica do seu dereito a expresar a súa opinión; recoñecemento do natural pluralismo socio-político; nítida distinción entre información e opinión; evitación de calquer adoutramento de carácter partidista; necesidade da presenza do mundo cultural galego, así como da realidade socio-económica; defensa dunha imaxe plural da Galiza e da súa identidade, "sen que esta poda ter unha interpretación reducionista que a identifique co rural e folklórico nun senso vulgar"; programación de lecer que non caia "no vulgarismo"; procura do intercoñecemento e a intercomunicación da propia sociedade galega; procura da credibilidade (información contrastada) e da veracidade informativa, así como evitación da editorialización agachada sob capa de información; cuidado especial na boa utilización do idioma galego... Eis, sumariamente, o abano de principios de programación aprobados hai dez anos e aínda vixentes.

Á luz do seu "cumprimento" -nomeadamente, desde a chegada á Presidencia da Xunta de Galiza do sr. Fraga Iribarne-, conviremos en que ou ben foron considerados papel mollado, auga de castañas, ou ben asistimos a unha cruel caricatura e prostitución dos mesmos, como tentaremos expor a seguir:

1. Galiza non existe como motor, como centro de información. Segue estando supeditada á realidade española -que sempre se privilexia-, con desprezo evidente polas súas institucións, problemas, necesidades...
2. Desprezo constante de calquer criterio -cuantitativo ou cualitativo- que supoña presenza do autóctono -política, económica, social ou culturalmente-, do organizado no interior do país, do diferencial e específico.
3. Minimización teimuda, e sádica, da vida parlamentar, do devir sindical, da cultura de base.

4. Hipertrófia da presenza governamental, partidista, fraguiana... incrementada e reforzada coa que se ofrece decote do Estado, tamén desde prisma governamental (após Marzo de 1996; antes, desde a "oposición"...).
5. Caída na especialización de programas de lecer que agasallan continuamente a pertenza a España, a española da Galiza, o consumo de ínfimos produtos artísticos, o mal gosto (ás veces, até límites enrubiantes), a submisión ao idioma español (por se non estivese xa de abondo presente na sociedade galega!)...
6. Auséncia total de debates, tertúlias plurais, programas de encontro e contraste ideolóxico-político, cultural...
7. Encaixe en horas de mínima audiencia, da información e divulgación cultural, de seu xa ben minguada e censurada.
8. Nulo respecto a principios deontolóxicos mínimos, en virtude dos cais todo ataque vociferante a persoas e/ou grupos teña que ter, ao menos, dereito de réplica e puntualización.
9. Após once anos de TVG, segue prevalecendo a publicidade en español, de todo tipo de produtos -tamén do interior do país-, que redunda nun aprofundamento da alienación lingüística e da conduta diglósica.
10. Desprezo da "intelligentsia" do país: calquer novidade, calquer evento, calquer acontecemento económico, político... "necesita" ser comentado por "sábios" e "expertos" do exterior, nomeadamente españois. O país non "ten" economistas, xuristas, coñecedores da política internacional, feministas, ecoloxistas, pensadores, intelectuais: rende-se tributo permanente ao amo, tamén nos seus voceiros ou intérpretes.
11. O apelo á "profesionalidade" e á "autonomía" de actuación como coartada. Todo resultado censorial, punitivo, silenciador, quer se solapar no respecto e fe cega na "profesionalidade" das traballadoras e traballadores das dúas sociedades, como se ela fose un concepto abstracto e non dependente dunha finalidade: a quen e a que se serve.
12. Enfin, reina a descompensación máis grande na programación xeral: informativos paralelos dedicados a deportes; silenciamento ou confinamento horario doutras diversións; non aproveitamento dos recursos (produción propia) e, moito menos, utilización da TVG como plataforma de exhibición e difusión do cinema e do audiovisual galegos, tan necesitados de infraestrutura e de proxección.

Nós concebemos a existencia da RAG, da TVG e da CRTVG, como un mellorable instrumento ao servizo do país, da súa identidade e do seu progreso, función hoxe vulnerada e

pervertida. Poderían moi ben ser un estupendo contraforte fronte a todo o invasivo, ocultador e deformador que gastan coa Galiza outros medios de comunicación. Espello fiel, non cóncavo ou convexo. Defendemos sen fisuras a permanencia e mellora de dous medios de comunicación de titularidade pública, que manteñan e amplien expansivamente os seus recursos humanos e técnicos, o seu patrimonio, as suas posibilidades de recepción, as suas cotas de audiencia, a sua influencia.

Estimando no que vale unha xestión financeira saneada, non supeditamos á consecución dunha contabilidade "impecábel" a prestación dos servizos e emisións que, como sociedades públicas, deben prestar. De por parte, aforrar diñeiro á CRTVG non pasa, obviamente, por incrementar altos cargos ou adelgazar o plantel laboral se este é necesario para desenvolver as programacións da RAG e da TVG.

A RAG e a TVG deben ser fieis aos principios que as fundaron -baseados, de por parte, en necesidades obxectivas- e non entraren nunha absurda carreira de imitación da competencia, da que, por certo, hai canais privados que xa desistiron.

É vital o aproveitamento da "canteira" de recursos do país, en todos os sentidos: todo o producido na Galiza, en calquer ámbito, debe aparecer como rendíbel social e economicamente, através da sua presenza e proxección informativa, programativa e de entretenimento.

A primeira norma de respecto que o público merece é a de non considerá-lo idiota, alienado ´per se´ ou pancista. En primeiro lugar, hai "públicos", non "público" en abstracto e en xeral. En segundo lugar, o "público" nunca debería ser coartada da deformación, mal gosto ou desinformación. En terceiro lugar, comprirá atender a variedade de demanda social, de pluralidade de receptores que a rádio e a televisión teñen.

A CRTVG non pode seguir sendo xorda e muda, prepotente, a respecto do control parlamentar que fica estatuído na propia Lei de creación citada. Tamén non os poderes públicos, que, en nome da tan reiterada "autonomía" de funcionamento, axudan a conculcar os principios legais que deberían ser os primeiros en cumprir e facer cumprir, máxime cando a Dirección Xeral da CRTVG é nomeada *directamente* desde o Executivo.

A política lingüística seguida no presente pola RAG e mais a TVG merece o máis severo correctivo: ofrecen-se leccións de diglósia contínuas, no canto de valorizar o uso público do galego en ámbito privilexiado coma este. Propomos decontado:

1. Xeneralizar o uso do galego en informacións, programas e publicidade, con independencia do interlocutor a quen se dirixan os locutores ou entrevistadores.
2. Canalizar campañas activas, en colaboración con Consellarias da Xunta de Galiza, de animación ao uso social e público do idioma.
3. Intercalar na programación espazos breves, non encaixonados, que expliquen e divulguen a correcta semántica, fonética e sintaxe da lingua galega.
4. Animar ao uso do galego a todas as persoas do país que, entrevistadas ou preguntadas, desfilen polos programas e informativos da RAG e a TVG.
5. Incrementar notoriamente as intervencións de personalidades do país, no canto de intervencións de "expertos" foráneos.

O incremento da produción propia é vital para fortalecer o papel de servizo público da RAG e da TVG e, aínda, para contribuir á consolidación de indústrias culturais nacionais (nomeadamente, no cinema, audiovisual, danza, teatro, música popular, música moderna e música culta). De inmediato, cómpre unha introdución, en tempos moi amplos e en horarios "competitivos", de bandas de música galegas, grupos de música moderna, grupos folklóricos, grupos de música culta (incluídas orquestras sinfónicas), grupos de danza, grupos de teatro, títeres ou de animación na rua, etcétera. Fai-se necesaria a colaboración permanente cos departamentos de Educación e de Cultura da Xunta de Galiza, así como con todas aquelas institucións e entidades non oficiais da Galiza que realizan o seu traballo nestas áreas. Nas contratacións exteriores, tenderá-se a fortalecer empresas culturais ou técnicas do país, mais sempre na liña de non debilitar o papel, a función e a expansión da propia CRTVG.

A RAG e a TVG son medios de comunicación non especializados, de carácter xeneralista. Isto debe traducir-se, xa que logo, nunha distribución cuidadosa e equilibrada das emisións (informativos, programas, entretenimento). Propomos, como medidas inmediatas:

1. Aumentar notabelmente o tempo dedicado aos Telexornais, para cumprir o punto seguinte.
2. Incrementar nun 50% a atención horaria á actualidade e á temática galega, non a relegando aos informativos comarcais ou a "breves".

3. Situar a información sobre o Parlamento Galego e máis sobre a actuación dos deputados galegos no Congreso do Estado en banda horaria de máxima audiencia, con duplicación do tempo e intervención *directa* de portavoces, deputadas e deputados de *todos* os grupos parlamentares.
4. Conceber e preparar a información institucional como tal (*todas* as institucións actuantes no país) e non reduci-la á información governamental ou do partido que sustenta o goberno.
5. Programar, decontado, espazos de debate, tertulias, mesas redondas... e calquer outro formato semellante, con respecto ao estipulado no artigo 17 da Lei 9/1984 de creación da CRTVG.
6. Aumentar notoriamente a programación de carácter cultural, que deberá pasar a outra banda horaria da actual, entendendo por programación de carácter cultural aquela que inclúa, dun xeito moi amplo e diversificado, o coñecemento do país do punto de vista físico e paisaxístico, as reportaxes sobre a súa historia, a actividade e a produción, científica, literaria, teatral, audiovisual, cinematográfica, deportiva, asociativa, etc.
7. Ademais dos monográficos deportivos, programarán-se monográficos dedicados a outras diversións ou entretemientos, na mesma banda horaria e na procura da súa difusión non especializada.
8. Todo o bloco de programas de lecer, concursos, certames... deben perseguir *entreter*, non deformar: esta súa función é compatible coa intelixencia, imaxinación, creatividade, variedade... e non mímese de programas doutros canais nos que a parvicia e a bastez reinan por toda a parte.
1. Limitará-se a adopción de programas externos á TVG (provenientes da FORTA ou outras sociedades) a aqueles rendíbeis para o país, con control de imaxe e voz desde a emisora galega.
2. Estabelecerán-se convénios de intercambio permanente coas sociedades de radiofonía e televisión portuguesas, con vista á emisión habitual de produtos do país veciño no noso e, viceversa, de produtos galegos en Portugal.

Non sería aceptábel que o BNG se situase nunha actitude criticista, sen ousar dar alternativas ao funcionamento, que coidamos viciado e desaproveitado, das actuais RAG e TVG. Unha vez realizado o diagnóstico -negativo- da situación actual, comprirá reiterar que, para o BNG, trata-se -o da comunicación radiofónica e televisiva pública- dun *sector estratéxico*. Aclarar os defeitos e carencias do seu funcionamento non significa en absoluto postular o seu desaparecemento. Máis ben, todo o contrario. reclamar a súa utilización como

servizos públicos; dar-lles rendibilidade social; reforzar ou optimizar o seu plantel laboral (derivada lóxica do aumento de produción propia e da programación *centrada* no país); pó-los a funcionar, en definitiva, *contra a ocultación e o silenciamento da Galiza* como nación, o que equivale a funcionar *a prol* da súa emerxencia, da súa aparición *normal* (e non vergonzante ou minimizada) e digna. A RAG e a TVG deben cumprir un activo papel de escaparates e recipientes da actualidade galega, como da súa historia e das súas expectativas de futuro: seren megafonia da Galiza, non peneira; efecto multiplicador e non freo do seu desenvolvemento.

Mesmo que sexa moi brevemente, non podemos pasar por alto o funcionamento da rádio e da televisión públicas españolas nas súas respectivas desconexións para a Galiza, Porque se trata de medios de comunicación públicos, pagos tamén polas galegas e galegos e porque temos o lexítimo dereito a esixir que funcionen ao servizo do país.

Por isto, encarecemos a necesidade de que a RTVE, nas súas emisións para a Galiza, cumpra cos seguintes mínimos:

1. Aumento do total de horas de emisión para o país, tanto da rádio como da televisión.
2. Fomento da produción propia nos centros territoriais e, conseguintemente, fortalecemento destes.
3. Maior uso da lingua galega, tanto nas emisións para o interior do país como no programa "Galicia para el mundo", programa distribuído a nivel mundial e contemplado por centos de miles de compatriotas emigrantes.
4. Ten-se producido, após a desaparición de Radio 4 e o comezo de emisións de Radio 5, un retroceso visíbel da presenza, tanto lingüística como informativa da Galiza: é urxente, portanto, unha reforma na programación de Radio 5 na Galiza que deixe de ser testemuñal e que pase por incremento das bandas horarias dedicadas ao país (xa que logo, desconexións máis frecuentes e amplas), e, por suposto, moito maior uso do idioma galego, acompañado da presenza habitual das representacións galegas do mundo político, sindical, cultural, etc.

Igualmente, queremos chamar a atención sobre o nulo cumprimento, até agora, das previsións de presenza obrigada do idioma galego nas emisoras de rádio, de FM, autorizadas no seu día (1989), pola Xunta de Galiza, e chamamos a atención sobre a necesidade de que cumpran este requisito de funcionamento as xa existentes e en funcionamento, así como as (en

número de 24) previstas de nova criación, con autorización de emisión por parte da Xunta de Galiza.

V. POLÍTICA LINGÜÍSTICA

-

14. INTRODUCCIÓN

A primeira aclaración conceptual que cómpre facer a respeito do idioma ten a ver coa propia natureza da lingua: ela é a institución social por antonomásia; é, portanto, empresa de todos, de toda a sociedade, asunto xeral que compete a todo o mundo, porque todas e todos facemos uso dela e de todas e todos depende a súa restauración definitiva. En segundo lugar, cómpre recordar que a lingua da Galiza, o galego, segue subordinada ao español: o seu uso público é aínda moi escaso; non goza da naturalidade de uso social precisa; permanece, en grande medida, a ecuación usos formais e “sérios”, incluída a lingua escrita = uso do español; todos os esforzos normalizadores -de antano e de hoxe- non renden o suficiente, ao non teren correspondencia nen protección institucional.

O dispositivo autonómico si ten política lingüística, que pasa por desprezar a súa propia lexislación, considerando-a simple papel desiderativo, por non aproveitar nada da virtualidade favorábel ao galego das leis existentes e por reforzar, en definitiva, o statu quo diglósico e hexemónico do español. De por parte, unha lexislación que abunda na concesión de dereitos de uso do galego para os cidadáns que, logo, non se poden exercer na práctica, ao tempo que non establece obrigas para as institucións públicas garantas daqueles, terá un valor testemuñal ou puramente declarativo (o galego, lingua propia de Galiza...), mais comprometerá escasamente o deber de o Executivo practicar unha planificación lingüística dirixida á expansión do uso do galego, á diversificación do mesmo en ámbitos variados, á súa implantación en domínios novos...

Estes seguen sendo os obxectivos normalizadores ausentes da acción de goberno que até agora tivo a Galiza. Normalizar non é usar o galego nos lugares e funcións consabidas e redundantes: é facé-lo aparecer en todo o que hoxe lle falta clamorosamente e que debe funcionar como un imán que manteña falantes e atraia novos locutores, reintegrábeis, desde o español inicial e ambiental, á lingua do país.

Por todo isto, a política lingüística normalizadora do uso do galego deberá atender aos seguintes:

15. CRITÉRIOS BÁSICOS

1. A non sectorialidade. A política normalizadora compromete, horizontalmente, todas as áreas de goberno, todas as actuacións administrativas, burocráticas e públicas, en calquer ámbito de actuación política: debe ser, logo, compromiso de todo o goberno e non materia, en exclusiva, dun departamento ou organismo.
2. O Goberno galego privilexará, na súa planificación, aqueles ámbitos máis necesitados de urxente (por incumprida) galeguización: toponimia; administración autonómica; ensino obrigatorio e infantil; medios de comunicación de titularidade pública; uso no funcionariado adscrito á Administración Autonómica; cumprimento do lexislado por parte das entidades locais.
3. No prazo dunha lexislatura (catro anos) porá-se en valor a lexislación existente, virando-a de letra morta en prescricións de tradución práctica e aplicando-a nos ámbitos respectivos, dotando-a de todo o desenvolvemento regulamentario preciso para que cobre efectividade na vida social e cotidiana.
4. Na intelixencia de que o idioma é cousa de todos e de toda a sociedade, o Goberno galego dirixirá a toda ela a súa política lingüística, sen practicar divisións internas no medio social, habida conta do coñecemento pasivo xeneralizado e, portanto, da potencial práctica e recepción do galego en calquer lugar do país e en calquer segmento social.
5. A gradualidade de implantación do galego inaugurará unha tendencia ao uso crecente; non terá, xa que logo, carácter limitativo nen restritivo: será a primeira pauta para a consecución dunha maior utilización.
6. O Goberno galego atenderá e protexerá a dinámica normalizadora existente na sociedade galega; alentará a participación social (en todas as idades e en todos os grupos) na política de normalización e coordinará esforzos dispersos para mellor confluíren ao fin comun.
7. O diñeiro público destinado finalistamente á normalización do uso do galego debe cumprir esta función. Será, por conseguinte, avaliado e controlado segundo os seus resultados prácticos e non nominais ou inverificados.
8. O Executivo galego, en aras do cumprimento dos obxectivos descritos, promoverá a reunión dos organismos técnicos competentes, con vistas ao debate e ulterior acordo en materia de normativa gráfica e fixación léxica.
9. O Goberno galego manterá unha política activa de intercambio de produtos culturais entre a Galiza e Portugal (e outros países de lingua portuguesa), na liña de naturalizar nun e noutro o necesario intercoñecemento e fluxo de comunicación bilateral.

10. O Goberno galego dirixirá-se, no uso das súas facultades e competencias, a todas cantas institucións públicas e privadas operan na Galiza para animá-las e comprometé-las na necesaria utilización do idioma do país nas súas actuacións.
11. O Goberno galego prestará especial atención á introdución crecente do idioma galego nos domínios do audiovisual, o cinema, a informática e todos cantos suportes de comunicación veñan impostos polo uso de novas técnicas.

16. MEDIDAS PRIORITÁRIAS

16.1 MEIOS DE COMUNICACIÓN

1. A Xunta de Galiza fará cumprir no medios de comunicación públicos galegos o mandato legal de uso total do galego para calquer emisión, publicidade incluída.
2. En nengun caso se consentirá caricaturización do idioma do país nos medios de comunicación de titularidade pública.
3. Manterá-se o galego por parte do/a entrevistador/a naquelas entrevistas realizadas a persoas que utilicen o español.
4. Non se admitirán, na Televisión Galega, programas que reduzan a presenza do galego a simples saídos, introducións ou despedidas, mentendo o corpo do programa en español.
5. A utilización do idioma do país vinculará-se ao aumento da produción propia en Televisión, na dirección de inverter a relación actual entre produción propia e produción allea, e favorecer abertamente aquela, realizada no idioma do país.

16.2 A FUNCIÓN PÚBLICA

As funcionarias e os funcionários dependentes da Xunta de Galiza acreditarán o uso do idioma galego, oral e escrito, para o acceso ao desempeño da súa función. A administración autonómica galega funcionará uniformemente en galego, en calquer das súas manifestacións, escritos, actividades, personacións ou actos xurídicos.

16.3 O ENSINO

1. A Xunta de Galiza iniciará no ensino unha política real, non nominal, de galeguización do ensino, entendendo por tal o uso do idioma propio do país, do galego, nas diferentes

matérias, dotando a esta política de toda atención financeira e humana precisa e implicando-se ela própria no deber e na responsabilidade de conduci-la e mellorá-la.

2. O Goberno galego partirá do Decreto 247/1995, que regula a utilización do galego como lingua veicular en determinadas materias do ensino obrigatorio e ampliará, regulamentariamente, a súa aplicación ao ensino infantil.
3. O Goberno galego programará campañas específicas para o uso do galego, como lingua de docencia e da discencia, nas Facultades e Escolas Universitarias.

16.4 CORRECCIÓN E RESTAURACIÓN DA TOPONIMIA

1. O Goberno, no uso das súas facultades, fará cumprir a lei aos concellos que a conculcan, no referido á denominación correcta do minicípio e a todos os lugares onde tal nome apareza (Estacións de Autobuses, impresos, etc.)
2. O Goberno fará cumprir a lei no mesmo sentido aos medios de comunicación (orais, escritos ou audiovisuais), empresas de transportes, axencias de publicidade e caisquer outros servizos que utilicen oralmente ou por escrito os nomes dos lugares do noso país: Correios, Telégrafos, RENFE, compañías de aviación, etc.
3. O Goberno vixilará o cumprimento da lei en todas as rotulacións viais dependentes das Xefaturas de Tráfico e ordenará a súa corrección, caso de infracción ou uso de nomes españolizados nas estradas e camiños do país.

16.5 FOMENTO E IMPULSO DA ESCRITA EN GALEGO

Co fin de dar cumprimento ao artigo 6º.3. da Lei de Normalización Lingüística , o Goberno galego atenderá a promoción, publicidade e difusión de toda a produción escrita en galego, distribuindo as axudas a este obxectivo con criterios públicos, de interese e necesidade social, e na procura da maior ecuanimidade e respecto pola pluralidade e diversidade existente no país.

VI. POLÍTICA LABORAL E SOCIAL

17. TRABALLO

17.1 INTRODUCCIÓN

O BNG asume como peares orientadores da súa política na área de traballo, os que de seguido se expresan.

A criación de emprego suficiente para non deixar ociosas as potencialidades produtivas e de contribución á xeneración de riqueza social no país, de maneira que os cidadáns e as cidadás que desexando traballar engrosan na actualidade as filas do paro, podan atopar un emprego, e que o mesmo o sexa en condicións dignas e de mínima calidade.

Sendo certo que esa criación de emprego virá en primeira instancia da man dunha política económica axeitada, especialmente no sector industrial e no capítulo presupostario, existen zonas de acción política, a desenvolver por un único departamento de Traballo da Xunta de Galiza que agrupe a súa execución, e que poden influir no obxectivo descrito, en particular no que se refire á formación profesional de parados e activos, á intermediación no mercado laboral, á economía social ou á saúde laboral, por centrármolos naqueles aspectos nos que a capacidade competencial da autonomía galega pode permitir unha actuación até certo punto definitiva.

Nun sentido xeral, as actividades intensivas en man de obra e o seu impacto sobre o emprego, serán un elemento a considerar na avaliación das inversións públicas, así como naqueles proxectos do sector privado nos que compete ó goberno galego a súa autorización ou condicionamento e naqueles outros que poideran percibir subvencións públicas.

O impulso dun marco propio de Relacións Laborais, por outro lado, é vital para a vertebración do país. Por iso, cómprelle ó goberno a vontade política de afortalar os organismos de participación institucional dos interlocutores sociais e de encontro dos mesmos. Nomeadamente nos casos do Consello Galego de Relacións Laborais, como órgano permanente de diálogo entre sindicatos e asociacións empresariais e de mediación, arbitrase e conciliación nos conflitos individuais e colectivos, para o que se lle traspasarán as competencias do actual Servizo de Mediación, Arbitrase e Conciliación; e tamén no do

Consello Económico e Social de Galiza, sede natural para a elaboración, posta en marcha e seguimento dun **Plano Galego de Emprego**.

O BNG desde a Xunta de Galiza impulsará, no mesmo senso, o diálogo autónomo entre sindicatos e asociacións empresariais, co obxecto de promover unha negociación colectiva (convénios ou acordos específicos) asentada sobre as condicións reais de desenvolvemento da actividade produtiva no seo das empresas de Galiza, protagonizada polos interlocutores sociais e económicos representativos dos diversos intereses que se concitan, e orientada á mellora da calidade de vida de traballadoras e traballadores e á viabilidade económica da estrutura empresarial, unificando no posíbel as condicións laborais, en evitación de prácticas de competencia desleal ineficientes. A existencia de convénios propios nas empresas e nos sectores galegos, avalíase polo goberno como factor que influirá nas decisións da administración no exercicio das competencias de promoción, fomento ou apoio que lle competan.

17.2 FONDOS ESTRUTURAIS E PRINCÍPIO DE COOPERACIÓN

Despois da entrada en vigor do Regulamento Marco dos Fondos Estruturais nº 2081/93 do Consello Europeo, a aprobación, a revisión e a avaliación posterior de ditos planos, integrados no Marco Comunitario de Apoio Rexional, debe realizarse no marco da cooperación establecida no artigo 4º.1 do citado regulamento, de aplicación directa en tódolos territorios dos estados membros.

Esta “cooperación” significa, segundo o precepto comunitario, o establecemento dunha estreita concertación entre a Comisión, o Estado membro e as autoridades e organismos competentes, **incluídos os interlocutores económicos e sociais**, e comprenderá a preparación, financiación, apreciación previa, seguimento e avaliación posterior das accións.

Tanto o Comité Económico e Social europeo como o Consello Económico e Social español teñen sinalado que estreita concertación débese entender como o recoñecimento do dereito dos interlocutores sociais e económicos a participar na aplicación dun dos principais instrumentos de coesión territorial e social dos que dispón a Unión Europea, e reclaman unha nova actitude sobre a participación na que non se pretenda tan so cumprir cuns prazos e

trámites formais, senón que a Administración estea aberta ás observacións que se lle transmitan á vez que se deixe influenciar por elas.

Pois ben, en Galiza até agora non se cumpríu, nin siquiera formalmente, co principio de cooperación ou estreita concertación cos interlocutores económicos e sociais. O BNG, con motivo da creación do Consello Económico e Social de Galiza, propuxo unha enmenda de constitución no seu seo dunha comisión específica para o cumprimento da cooperación, que non foi aceptada realmente porque o texto trasaccional aprobado deixa nas mans da Administración autónoma a decisión de contituir esa comisión e o certo é que, despois de dous anos, aínda está por constituirse, escamoteando así a participación e o control das organizacións empresariais e sindicais respecto da política estrutural comunitaria, dos planos plurianuais e das estratexias a medio e longo prazo que aquela comporta.

Como resultado de todo elo, a realización dos importantes recursos recibidos a través dos Fondos Estruturais e de iniciativas como Interreg, Adapt, Horizon, Youthstar, Now, etc, sirve fundamentalmente a un criterio e interés partidista, que procura e fabrica unha inmensa rede de entidades, asociación e fundacións que na maioría dos casos pouco ou nada teñen que ver cos obxectivos e eixos de actuación establecidos nos regulamentos dos distintos Fondos Estruturais.

O BNG, no caso de acceder ó goberno, comprométese a mudar radicalmente esta situación, constituindo de inmediato no seo do CES de Galiza unha Comisión ou Mesa para a Cooperación, asociando ós interlocutores sociais e económicos na elaboración, seguimento e avaliación posterior, tanto do conxunto de actuacións correspondentes ó Marco Comunitario de Apoio como nas actuacións concretas de cada Fondo ou Iniciativa Comunitaria, coa finalidade de que aqueles participen constructivamente e contribúan a lograr unha rendabilidade socioeconómica adecuada dos recursos financeiros disponibles.

Elo, non requeriría siquiera cambios na Lei 6/1995 de creación do CES, senón únicamente aceptar o proposto por este organismo no seu Regulamento Interno. E pois unha cuestión de vontade política, de criterios democráticos e de interés na utilización social -e non partidaria- dos Fondos Estruturais, e eso é precisamente o que o BNG garante.

17.3 SAUDE LABORAL

17.3.1 Critérios básicos

Trátase de promover unha política adecuada de prevención de riscos laborais, utilizando tódalas posibilidades de actuación de goberno nesta materia transferida. Para elo, ademais da promoción dunha cultura laboral de prevención que implique a traballadoras e traballadores e empresarias e empresarios, deben tomarse unha serie de medidas destinadas tanto a garantir o cumprimento das obrigas empresariais neste eido como o adecuado funcionamento dos órganos administrativos e institucionais de seguridade e hixiene no traballo.

17.3.2 Obxectivos

Conseguir unha notábel redución da siniestralidade laboral, o que a vista dos datos supón esencialmente un problema humano de considerábel dimensión social, pero tamén un problema económico enorme polas súas consecuencias no gasto que asume toda a sociedade e especificamente as empresas.

17.3.3 Medidas de goberno

1. Promoción dunha cultura de prevención de riscos laborais a través non so de campañas informativas senón sobre todo da planificación da formación xenérica e específica de empresarias/os e traballadoras/es.
2. Revisión do actual Plano Galego de Seguridade e Hixiene no Traballo, concretando actividades e prazos en cada un dos cinco niveis de actuación, con especial atención a sectores como a construción e a pesca.
3. Aumento dos medios materiais e humanos destinados a garantir o cumprimento das obrigas nesta materia, tanto no que respecta ós Gabinetes de Seguridade e Hixiene como ás Inspeccións de Traballo. Trátase de que os axentes económicos e sociais implicados na prevención saiban, por unha parte, que poden contar e contan co asesoramento técnico concreto que necesiten pero que, por outra, a Administración non vai facer deixación das súas funcións e esixirá consecuentemente o cumprimento das obrigas previstas na Lei de Prevención de Riscos Laborais, seus Regulamentos.

4. Potenciación do diálogo e da negociación entre as organizacións sindicais e empresariais de cara á consecución de acordos que desenvolvan adecuadamente a Lei de Prevención de Riscos Laborais en función das necesidades propias, das características específicas dos nosos sectores produtivos e da súa estrutura empresarial. Os acordos ós que podan chegar nestas materias as organizacións representativas de traballadoras e traballadores e empresarios e empresarias serán asumidos e apoiados consecuentemente, no que corresponda, polo Goberno galego. E especialmente necesario un papel mais activo e comprometido da Administración Autónoma no Consello Galego de Seguridade e Hixiene no Traballo e nos Comités Provinciais para impulsar que estes órganos institucionais cumpran efectivamente o seu papel que, mais alá do mero trámite consultivo ou informativo, debe de acadar un convinte grao de participación dos axentes económicos e sociais na elaboración, no control da aplicación e na avaliación das políticas de prevención.
5. O Goberno galego vixiará e controlará especialmente o cumprimento das medidas de seguridade e saúde laboral no que se refire ás condicións de traballo da mocidade e das mulleres, que como se sabe son os principais afectados dunha contratación laboral temporal e precaria en exceso coas consecuencias que elo comporta respecto á accidentabilidade laboral.
6. O Goberno galego dará instrucións concretas ós técnicos de seguridade e hixiene para que nas medicións ergonómicas contemplese a diferenciación de sexo, co obxecto de superar o “patrón home” até agora utilizado e poder así determinar adecuadamente a adaptación do traballo ás condicións anatómicas e fisiolóxicas de mulleres e homes.
7. O Goberno galego considera a problemática de acoso sexual no traballo integrada na problemática xeral de seguridade e saúde laboral, mais merecente dunha inspección específica. Igualmente considera que patoloxías como drogodependencias e alcoholismo, cando podan ter unha orixe laboral, deben ser tratadas con parámetros propios da saúde no traballo desenvolvendo campañas formativas e favorecendo formas voluntarias de reinserción.
8. O Goberno galego vixiará o cumprimento do Estatuto dos Traballadores e demais normativas laborais, nomeadamente en colectivos de operárias que desenvolven hoxe o seu traballo en condicións infrahumanas e de explotación escravista.
9. O Goberno galego establecerá un procedemento executivo propio que garanta o cobro das sancións impostas en materia de seguridade e saúde laboral. Non concederá ningún tipo de subvención a aquelas empresas sancionadas por incumprimentos graves ou moi graves en

materia de prevención de riscos. Igualmente dará instrucións ó Ministerio Fiscal para que actue de oficio e aplique o Código Penal nos delitos contra a seguridade e saúde laboral.

17.4 CONTRATACION

17.4.1 Critérios básicos

O sistema de contratación actual está caracterizado por un alto volumen de temporalidade e unha rotación excesiva no emprego. Prácticamente o 97% dos contratos rexistrados no INEM son temporais. A temporalidade acada un 34% das persoas que teñen un emprego asalariado e a un 85% entre a mocidade.

Coa Reforma de 1984 favoreceronse determinadas modalidades de contratación temporal como medidas de fomento de emprego, que se supuñan transitorias para unha época de crise. Dez anos despois, coa Reforma Laboral de 1994, estas modalidades confirmáronse e ampliáronse cos denominados contratos basura e a legalización do prestamismo laboral a través das ETTs, adoptando xa un carácter permanente; como consecuencia de todo elo, o contrato indefinido pasa a ser a excepción e non a regra.

Esta situación provoca efectos moi negativos tanto desde o punto de vista dunha adecuada organización social como desde o adecuado funcionamento das empresas. En efecto, xunto á profunda segmentación do mundo do traballo, escasez de rendas, inseguridade e caída do consumo interno, prodúcense fallas de integración na empresa, carencia e desmotivación para a formación, problemas de organización do traballo e baixos rendimentos. Todo elo conduce a déficits de cohesión social, por unha parte, e por outra consolida unha competencia empresarial vencellada ós baixos custes laborais en detrimento da calidade como estratexia de competitividade, o que a medio prazo hipoteca e complica, mais que soluciona, os problemas nos que as nosas empresas se desenvolven.

Ante isto é importante considerar que o paro, a precariedade e o incremento da pobreza e exclusión é un problema social e como tal tamén afecta ás empresas que acabarán por pagalo nunha parte considerable, tanto directa como indirectamente. Por elo, deberían considerarse centros principios xerais, a saber:

- A contratación indefinida debe ser a regra ou a forma xeral de acceder a un emprego.

- As modalidades de contratación temporal deben ser sempre excepcionais e causais, pero non poden ser utilizadas como forma de abaratar custes salariais nin como mecanismo de competencia desleal.
- A pesar da causalidade, que esixe a racionalización e redución das modalidades temporais existentes, a contratación eventual debe implicar un maior custe para o empresario/a como incentivo do emprego fixo.
- Debe deixarse sempre unha marxe de manobra ampla para que, a través da negociación colectiva estatutaria, as partes lexitimadas podan establecer modalidades de contratación causal adecuadas ás necesidades ou situacións produtivas existentes.

17.4.2 Obxectivos

Criación de emprego estábel nun marco de relacións laborais normalizado, onde se eliminen os efectos perversos dunha excesiva taxa de temporalidade e rotación no emprego, tanto na sociedade como no funcionamento das empresas e na competencia entre elas.

17.4.3 Medidas de goberno

1. A modalidade básica de contratación será a indefinida.
2. Suprimíranse o contrato de fomento de emprego e o de lanzamento de nova actividade e manterase o de obra ou servizo determinado e o de eventual por circunstancias da produción, si ben neste último debe establecerse un prazo máximo de duración e en ámbolos dous determinarase unha indemnización significativa por finalización de contrato en función da duración efectiva do mesmo.
3. Manterase o contrato de interinidade, definindo os supostos en que pode utilizarse.
4. Modificarase a contratación a tempo parcial, considerando esta como unha característica da contratación, fixa ou temporal causal, pero non como unha modalidade contractual en sí mesma. As condicións de cotización e prestacións sociais serán as mesmas, independentemente das horas semanais ou mensuais traballadas. Estableceranse límites por arriba e por abaixo respecto da duración da xornada, e se recuperarán as características da modalidade de fixa discontinua e fixo discontinuo. Establecerase que en caso de nova contratación a tempo completo, os traballadores e traballadoras a tempo parcial teñan

preferencia de acceso. Integrarase o actual contrato de relevo na regulación do tempo parcial.

5. Suprimiranse os contratos de aprendizaxe e prácticas, creando un novo modelo de contrato formativo, garantindo a formación e inserción laboral e respetando a igualdade salarial, de cotizacións e de prestacións.
6. Modificarase a Lei de ETTs no senso de garantir, cando menos, a igualdade de condicións salariais e laborais existentes na empresa usuaria, as competencias da representacións sindical da empresa usuaria sobre o control do contrato e sobre o modo de prestación do traballo, etc, todo elo tendente a que, igual que ocorre en outros países europeos, a actividade das ETTs se oriente deica funcións moi especializadas ou actividades non habituais das empresas.
7. Nos contrato de obra e servizo determinado e no contrato formativo, a negociación colectiva cubrirá un papel esencial de cara a definir unhas maiores e mellores posibilidades de utilización en función das características concretas da produción nunha empresa ou mesmo das condicións específicas dun sector ou subsector.

Como se sabe, a lexislación laboral é competencia exclusiva do Estado, o que non é óbice para que o Goberno galego tome posición ó respecto, tanto promovendo debates e negociacións co Goberno central sobre as modalidades contractuais como reclamando, si é o caso, a transferencia de competencias vía artigo 150.1 e 2 da Constitución española.

O Goberno galego, en todo caso, promoverá negociacións entre as confederacións empresariais e sindicais de cara a que se poda establecer un acordo interconfederal galego sobre as modalidades de contratación a utilizar preferentemente, de acordo cos criterios, obxectivos e medidas antes expostas.

17.5 FOMENTO DO EMPREGO

Actualmente aplícanse unha serie de medidas de fomento de emprego destinadas a ofrecer axudas e subvencións cofinanciadas polo Fondo Social Europeo para á creación de empresas e á contratación.

Moitas destas medidas están dirixidas a colectivos especialmente castigados polo paro, como as persoas menores de 30 anos, á reinserción de parados de longa duración, a colectivos

de difícil reinsertión no mercado de traballo, á promoción e integración laboral da muller ou á integración laboral dos minusválidos.

Estas axudas e subvencións non son despreciables pero sí claramente insuficientes de cara ó obxectivo de creación de emprego. É moi discutíbel ademais o mecanismo indiscriminado polo que se conceden, intentando repartir clientelamente o escaso orzamento dispoñíbel sin criterios claros á hora de priorizar aqueles casos e sectores onde realmente existan perspectivas de creación de emprego estable, de forma que moitas destas axudas sirven mais ó mantemento transitorio de empresas con dificultades e obsolescencias evidentes que ó obxectivo de fomento do emprego.

Xunto a unha necesaria reordenación das medidas de fomento de emprego, que deben ser destinadas fundamentalmente a colectivos específicos e non a calquera contratación, procurando así intervir o menos posíbel na competencia empresarial, debemos intentar abordar o problema do desemprego desde outra perspectiva, a do reparto do traballo.

Evidentemente o esencial para Galiza é dotarse dunha política económica orientada á creación de emprego, coordinada con outras accións como a formación, a política industrial ou a proxección exterior, pero tamén hai que considerar que dada a drástica transformación que está a sufrir o traballo e dado o aumento xeométrico da produtividade, parece que o medre económico é condición necesaria pero non suficiente para absorber a oferta de traballo e o desemprego acumulado, polo que a organización social do emprego debería ir cambiando en relación coas novas circunstancias.

Os expertos coñecen e a maioría de nos intuimos que serían necesarios incrementos do PIB espectaculares e sostidos no tempo (15-20 anos), acompañados de cativos incrementos de produtividade, para reducir á metade o desemprego actual. Sábese tamén que nada desto vai a ocorrer na realidade dos próximos anos e ante esa situación é preciso adoptar unha visión mais de fondo para abordar o problema do paro, sin esquecer as medidas de tipo mais convencional.

O drama do desemprego debe sustraerse á razón técnica da economía e situarse no reparto social da riqueza a través precisamente do traballo, que é un dereito fundamental. O paro vai no camiño de converterse en algo puramente retórico, do que todo o mundo fala pero do que ninguén se sente responsable. Sin embargo, o paro pásanos a factura de moitos miles de

millóns ó ano e tamén a fractura social coa que está amenazado o noso futuro colectivo e identidade nacional.

O Goberno galego debe considerar que ademais dun problema moral, o paro é un problema social e como tal lexitima a actuación pública tanto para abrir un debate de futuro, que require modificacións sociais e culturais de envergadura devolvendo a economía á sociedade e á política, como para adoptar no marco actual as medidas que contribúan á redución voluntaria do tempo de traballo deixando espazo para novas contratacións.

O Goberno galego está disposta a liderar ese debate, que é unha cuestión que abrangue seguramente mais que unha lexislatura, coa idea de tirar conclusións sobre unha nova organización do emprego e do tempo libre que parta do criterio de “traballar menos para traballar todos e todas” . Pero tamén está disposto a fomentar e apoiar a consecución dun marco global convencional e legal (pois en última instancia é necesario que teña reflexo normativo) para que se facilite a adopción de medidas de aplicación voluntaria de reparto do traballo en función das circunstancias de cada empresa e a través das modalidades que sexa capaz de xenerar a negociación colectiva.

O Goberno galego estará disposto a primar economicamente aquelas medidas que ben se adopten a través da negociación colectiva ou ben se deriven da execución da lexislación laboral, entre as que, simplemente a modo de exemplo clarificativo, expoñemos as seguintes:

17.5.1 Tempo parcial “á carta”

Trátase de establecer o dereito de cada traballador ou traballadora a optar, mediante o acordo correspondente, por un emprego a tempo parcial durante un tempo determinado ou indeterminado, coa obriga de ser substituído por outra persoa nas mesmas condicións contractuais que o substituído ou substituída. Deste xeito, moitas persoas poderían optar nun momento da súa vida por unha ou outra fórmula de traballo reducido, con motivo do nacemento dun fillo ou filla, para arranxar ou construír unha casa, etc., recibindo a empresa unha indemnización que cubra os gastos de xestión da nova contratación.

17.5.2 Xubilacións anticipadas

Trátase de facilitar a xubilación anticipada a tempo total para contratar con carácter obrigatorio e indefinido a unha persoa parada, preferentemente xoven, ofrecendo unha indemnización ó xubilado ou xubilada. Tamén se pode primar a xubilación anticipada a tempo parcial (50% da xornada) contratando a outro traballador ou traballadora a tempo parcial ou a tempo completo si se trata de substituír a dous prexubilados, ofrecendo unha indemnización á persoa parcialmente xubilada que cubra o 70% do seu salario.

17.5.3 Permisos de formación

Trátase de que tódalas persoas asalariadas dispoñan de facilidades para seguir un proceso de formación, a tempo parcial ou a tempo completo, por unha duración determinada. Este dereito acompañarase dunha garantía completa de reingreso na empresa e estableceranse modalidades flexibles para a súa financiación, como, por exemplo, unha indemnización a tanto alzado ou a concesión dun préstamo a longo prazo cun interés moi baixo.

17.5.4 Excedéncias ou ano sabático

Facilitarase que tódalas persoas asalariadas podan coller un ano sabático cada certo tempo (por exemplo: cada 7 ou 10 anos si se trata de maiores de 30 anos ou cada 4 anos si se trata de menores desa idade), estando obrigado o empresario a contratar a unha persoa parada, con posibilidade de constituir unha conta de aforro a este fin e establecendo unha indemnización por este concepto durante ese tempo destinada a compensar parte do salario perdido.

17.6 A PARTICIPACIÓN INSTITUCIONAL DAS ORGANIZACIÓNS SINDICAIS E EMPRESARIAIS

Actualmente a representación nos distintos organismos institucionais prodúcese de xeito distinto en cada un deles, sin criterios claros en canto á participación e competencias das organizacións sindicais e empresariais. A representación das organizacións de empresarios/as e traballadores/as está en moitos casos descompesada ou subrepresentada en relación a outros colectivos de menor implantación e peso social. Nalgúns casos so se prevee a participación de dous representantes sindicais, o que resulta claramente ineficaz, dada a existencia en Galiza de tres - non dúas- centrais sindicais representativas. Tamén hai que dicir que noutros casos

redúcese o número de membros nas Comisións Permanentes co único obxecto de evitar a participación do sindicalismo galego representado pola C.I.G.

Por outra parte, o carácter da representación é meramente consultiva e nin siquiera cumpre eficientemente un labor asesor. A todo elo contribúe non so unha regulación cicatera das funcións da representación económica e social senón tamén unha composición demasiado ampla, pouco ponderada e as veces absurda de organizacións e colectivos sectoriais que desvirtúan o esquema tradicional de participación social e fai que esta en realidade non exista.

Como conclusión, e para evitar actuacións discrecionais da Xunta de Galiza ou do Departamento correspondente, propoñeremos unha lei de participación institucional que, en base ás competencias organizativas da Comunidade Autónoma, contemple:

- As condicións e características da presenza das organizacións sindicais e empresariais nos organismos institucionais, garantindo a participación daquelas organizacións que contén co 10% de representatividade e ponderando a súa representación en relación a outros colectivos.
- As competencias e mecanismos de actuación das organizacións representativas de empresarios/as e traballadores/as de cara a conseguir, máis alá da función asesora, unha implicación real nas actividades e na xestión dos organismos institucionais de Galiza.

Noutro orde de cousas, o Goberno galego instará o desenvolvemento do artigo 129.2 da Constitución española, de cara a que se cumpra o seu mandato de “promover eficazmente as diversas formas de participación na empresa”.

17.7 INSPECCION DE TRABAJO

Actualmente toda a estrutura orgánica e territorial da Inspección de Traballo é centralista. No proxecto de Lei Ordenadora da Inspección de Traballo e Seguridade Social séguese a manter ese criterio, constituindo as Comunidades Autónomas unha mera referencia á hora de establecer demarcacións territoriais na estrutura do sistema da Inspección, de xeito que esta se estrutura nunha Autoridade central e, territorialmente, en Inspeccións Provinciais agrupadas en cada Autonomía.

Ao noso modo de ver, este criterio centralista, que opera tanto no organizativo como na definición dos plans, programas e obxectivos de actuación da inspección, contradí o establecido no artigo 4.2 do Convénio da OIT, que no caso de estados federais, residencia as funcións da inspección na Autoridade Federal. Parece claro que o “Estado das Autonomías” debe equipararse máis a un estado federal que a un estado centralista, pero a vontade política dos gobernantes españois esfórzase en demostrar unha e outra vez que non se está por esa vía.

O certo é que a maioría das funcións que se asignan á Inspección inciden en competencias que están transferidas ou que se reivindicán transferibles e o Goberno galego necesita e reclamará unha inspección propia, adscrita funcional e orgánicamente á Comunidade Autónoma, ó servizo das competencias de execución da lexislación laboral, de emprego e formación, de desenvolvemento lexislativo e de execución en materia de sanidade e de seguridade social, etc.

17.8 INSTITUTO GALEGO DE EMPREGO E FORMACIÓN

Diante da necesidade de facer unha política activa de emprego, adaptada á realidade social e económica de Galiza, que afronte con éxito e dea solucións ó problema do paro, á perda de poboación activa, ós altos niveis de precariedade contractual existentes ou á inadecuación da formación profesional dos traballadores ás novas esixencias tecnolóxicas, é necesario que o goberno galego adopte a medida de creación do Instituto Galego de Emprego e Formación, como un paso máis na conformación do Servizo Galego de Emprego, caracterizado polos seguintes perfís básicos:

- Organismo autónomo adscrito á Consellería de Traballo, con personalidade xurídica propia e presuposto de seu.
- Con facultades de organización xeográfica e funcional, dotado de medios materiais, informáticos, de infraestrutura e recursos humanos cualificados, que permitan:
 - a) Unha continua prospección do mercado de traballo.
 - b) Unha intermediación eficaz, baseada nunha información e orientación profesional individualizada, xunto cunha relación permanente coas empresas.
 - c) Unha política de formación deseñada en función da inserción e da colocación.

Para o desenvolvemento do IGAEF é necesario reclamar e conquistar a transferencia do INEM á Comunidade Autónoma de Galiza, na súa integridade en canto ás políticas activas e pasivas de emprego.

Este Instituto deberá desenvolver pois, as seguintes funcións:

1. Exercer de mediador na búsqueda de postos de traballo.
2. Xestionar as prestacións e os subsidios de desemprego.
3. Calificación, orientación e cualificación profesional personalizada, no seu caso, dos demandantes de emprego (Servizo Integrado de Promoción de Emprego).
4. Programación, xestión e avaliación da formación ocupacional (Plano F.I.P. e Fondo Social Europeo).
5. Colaboración na xestión da formación profesional continua, do xeito que se estableza nun Acordo Galego de Formación Continua.
6. Elaborar, presentar, xestionar e avaliar todo tipo de proxectos e iniciativas comunitarias de formación e emprego.

Os órganos de control do Instituto Galego de Emprego e Formación (IGAEF) deberán ter unha representación tripartita e paritaria por parte da administración, organizacións empresariais e sindicais representativas. A fórmula de organización territorial que se adopte deberá estar baseada nas comarcas, podendo así ter participación os Concellos.

18. POLÍTICA DE SAÚDE

18.1 INTRODUCCIÓN

18.1.1 Os alicerces do programa

1. A sanidade pública é unha conquista social irrenunciábel que cómpre mellorar e defender máis que nunca. Para o BNG a saúde individual e colectiva é un ben social, que os gobernos teñen a obriga de impulsar e priorizar, e **o sistema sanitario público é un instrumento imprescindible para manter e mellorar a saúde da poboación polo que compre defendelo contra os intentos de recorte nas prestacións e os plans privatizadores.**
2. Entre os elementos que deben caracterizar aos servizos sanitarios públicos galegos, salientan a súa equidade, efectividade, humanismo e eficiencia. O BNG considera que o sistema sanitario público pode e debe mellorar a súa equidade, ou igualdade no acceso aos servizos para todas as persoas independentemente dos seus recursos económicos ou o lugar no que vivan, e a súa efectividade, ou capacidade para acadar melloras reais no nivel de saúde da poboación. Por outra banda, a fonda reforma que cómpre facer no sistema sanitario público galego debe ter entre os seus obxectivos prioritarios a mellora da humanización dos servizos, centrada en acadar un trato dos usuarios baseado na máxima consideración e respecto, e a mellora da eficiencia, ou obtención dos mellores resultados posibles cos recursos empregados.
3. A calidade e cuantía dos servizos sanitarios asistenciais con que conta unha poboación é un dos determinantes do seu nivel de saúde, sen embargo, no momento actual, sabe-se que a súa aportación específica é limitada e non superior ao 20 %, pois os outros determinantes da saúde, como os factores xenéticos, nutricionais, medioambientais e de estilos de vida, xogan un papel esencial no nivel de saúde dunha comunidade. Dacordo con esta realidade, o BNG fai súa a estratexia de Saúde Para Todos (SPT), preconizada pola Organización Mundial da Saúde (OMS). O cerne da estratexia SPT é que, se queremos mellorar realmente o nivel de saúde da poboación, deben reorientarse os esforzos para conseguilo: superando a visión asistencialista e hospitalocentrista hoxe aínda hexemónica no sector saúde, potenciando o traballo de colaboración intersectorial entre o sector sanitario e os outros sectores que teñen influencia na saúde (vivenda, educación, medioambiente, etc), procurando a intervención da comunidade no desenvolvemento sanitario, e reorientando as actividades dos servizos sanitarios. Dacordo coa estratexia SPT, para o BNG os elementos fundamentais para a necesaria reorientación das actividades dos servizos son, por unha banda, o firme impulso da Atención Primaria de Saúde, que debe constituir o elemento central do sistema e, por outra, a priorización das actividades preventivas e de promoción da saúde. Para ver o lonxe que están as actuais prioridades do noso sistema sanitario público desa estratexia, abonda con sinalar que na actualidade o SERGAS emprega o 61 % do seu gasto nos hospitais, mentres que adica menos do 2 % a actividades de Saúde Pública.

4. Os servizos sanitarios públicos son, para a dereita política, unha empresa de servizos que ten como obxectivo, practicamente único, satisfacer a demanda asistencial ao menor custe posíbel. Para o BNG, dacordo coa estratexia SPT da OMS, os servizos sanitarios, alén de garantir unha asistencia de calidade, deben ter un enfoque comunitario, equipos de profesionais sanitarios que traballan para mellorar a saúde dunha comunidade humana concreta e xeográficamente delimitada, deben facer das actividades preventivas e de promoción da saúde un elemento esencial da súa actividade, e deben procurar a participación da comunidade nos esforzos por mellorar a súa saúde. O BNG, de xeito coincidente coa súa tradición mobilizadora e participativa, impulsará a participación comunitaria tanto desde os servizos sanitarios como desde a Administración e as organizacións sociais, tal e como recomendan todos os expertos e organizacións de saúde internacionais.

18.1.2 A saúde e o mercado

1. Nos últimos anos asistimos a unha estratexia global de descrédito do sistema público, acusado de ineficiente, burocrático, ríxido e non mellorable. Estas ideas adoitan acompañarse da suposta necesidade ineludíbel de introducir maiores doses de mercado no sector sanitario para mellorar a súa eficiencia. Este discurso, que pretende presentarse como unha verdade obxectiva cando non é máis que unha opción ideolóxica, é firmemente sustentado polo PP e tamén por algúns sectores do PSOE. Entre os motivos polos que o BNG rexeita os intentos de facer do mercado o elemento regulador do sector saúde, figuran os seguintes: en primeiro lugar, porue considera que a saúde é un ben social que debe ser especialmente protexido mediante intervencións concretas dos gobernos, en segundo lugar, debido a que as particularidades do sector saúde en canto sector económico, e nomeadamente a asimetría na información que fai que dificilmente se poda interpretar a relación médico-paciente como unha relación mercantil proveedor-comprador, impiden considerar a actividade sanitaria como unha actividade económica que poda regularse mediante o mercado e, en terceiro lugar, porque a experiencia internacional demostra que o mercado non é un factor favorecedor da eficiencia na sanidade, e o exemplo dos EE.UU: cuns niveis de saúde mediocres e o maior gasto porcentual sobre o PIB do mundo, está ahí para demostralo.
2. O sector sanitario privado ten como un dos seus obxectivos básicos a obtención de beneficios económicos. Como consecuencia, e como a práctica ten demostrado amplamente,

as súas actividades non asistenciais, por exemplo de prevención e promoción da saúde, son anecdóticas e non poden deixar de selo, e a equidade, a igualdade no acceso ao servizo de todos os sectores sociais, non é, e non pode ser, un dos seus obxectivos. Xa que logo, para o BNG, que defende unha estratexia sanitaria que ten como obxectivo irrenunciábel a equidade e se basa nunha concepción integral da saúde, non meramente curativa, o papel de sector sanitario privado debe ser secundario, como moito complementario, dun forte sector sanitario público.

3. O BNG considera imprescindible unha nítida separación dos sectores sanitarios públicos e privados que evite o actual parasitismo do primeiro para o lucro do privado. Os mercados sanitarios público-privados, nos que ambos os dous compiten entre si, producen inevitavelmente unha tendencia á transferencia de fondos do público ao privado, xa que este sector se adica ás prestacións rendíbeis, e o sector público vese na obriga de especializarse nas prestacións de maior custe, así como en asegurar a cobertura territorial. Esta situación agrávase cando, como sucede actualmente no Estado español, a delimitación entre ambos os dous sectores é pouco clara, e o habitual é o parasitismo do sector público por un sector privado no que frecuentemente teñen fortes intereses económicos os principais responsábeis dos servizos sanitarios públicos asistenciais, que teóricamente terían que competir cos privados.

18.1.3 A financiación da sanidade pública e a débeda histórica sanitaria galega

1. No momento actual, a financiación do sistema sanitario que provén da Seguridade Social (SS), é practicamente igual á cantidade que a facenda pública aporta á SS para o seu mantemento financeiro. Nestas circunstancias, o BNG considera que a financiación do sistema sanitario público debe proceder directamente dos Presupostos Xerais do Estado e a súa recadación debe facerse por via impositiva, pois elo reforzaria o seu papel de servizo público e universal.
2. O gasto sanitario público no Estado español sitúase entre os máis baixos da Comunidade Europea. O BNG, considera adecuado un incremento global do gasto sanitario público, até aproximalo aos promédios europeos, pois elo permitiría financiar moitas das actividades e servizos que hoxe non existen ou teñen unha insuficiente financiación no sector sanitario, e nos servizos sociais relacionados.
3. Durante moitos anos a sanidade pública galega foi marxinada nos investimentos sanitarios realizados polo Estado español. Durante décadas o gasto sanitario público en Galiza foi moi

inferior ao do resto do Estado e, como consecuencia desa marxinación, os recursos da rede sanitaria pública galega son menores dos que existen no resto do Estado. O BNG considera unha prioridade política a reclamación da Débeda Histórica Sanitaria, cifrada cando menos en 200.000 millóns de pesetas. Esta débeda, ademais de significar unha compensación da marxinación histórica de Galiza, debe ser unha das fontes claves para a financiación dos novos recursos de que se debe dotar a sanidade pública galega para mellorar a súa calidade.

18.2 CRITÉRIOS BÁSICOS

18.2.1 Defender a sanidade pública

1. Entre as propostas conservadoras para a sanidade figura, como elemento para a contención do gasto sanitario, a redución das prestacións da sanidade pública até deixalas reducidas a unhas prestacións básicas, deixando que as demais prestacións só resulten accesíbeis a aqueles que podan pagalas. **O BNG considera que a necesaria racionalización do gasto sanitario pasa por mellorar o seu emprego eficiente, e en ningún caso por unha redución das prestacións que o sistema ofrece aos usuarios.** Pola contra, o BNG considera que compre incrementar as prestacións que debe cumprir a sanidade pública: as prestacións odontolóxicas, de saúde mental e de fecundación “in vitro” deben ser cubertas desde a sanidade pública. Ademais, **resulta necesario impulsar fortemente os servizos sociosanitarios dirixidos aos enfermos crónicos e a terceira idade que, como os hospitais de crónicos ou os servizos de axuda domiciliaria, faciliten un emprego máis eficiente dos servizos sanitarios e faciliten a estratexia de manter aos nosos maiores na comunidade á que pertencen.**
2. Unha opción regularmente repetida por distintos voceiros da dereita, e recomendada no informe Abril, para reducir e racionar o gasto sanitario é a introdución do denominado tiket moderador (copago ou custe compartido) como xeito de estimular a participación do usuario no pago da asistencia sanitaria. Os seus partidarios propoñen a introdución do tiket moderador para as prescricións farmacéuticas dos pensionistas e os seus beneficiarios, así como a outros servizos, como as consultas médicas ou as urxencias. Argumenta-se que mediante o tiket moderador os usuarios serán conscientes dos custes dos servizos e reducirán a utilización dos servizos sanitarios que consideran excesiva. **O BNG opon-se á introdución do tiket moderador** debido tanto á súa ineficiencia como fórmula

racionalizadora do gasto sanitario, demostrada nos países en que existe, como a que é unha figura que introduce elementos de inequidade no sistema pois o seu efecto disuasor sobre o uso dos servizos céntra-se precisamente nos sectores máis necesitados de asistencia sanitaria.

3. A procura de “novos espacios de negocio” na sanidade está na base da estratexia de fraccionamento do aseguramento público que impulsa a dereita. Esta estratexia usa como coartada a liberdade dos cidadáns para poder elixir opcións alternativas aos servizos sanitarios públicos. Entre esas opcións alternativas salientan sobre todo dúas: a extensión do modelo MUFACE, e o estímulo dos seguros privados mediante o incremento da súa desgravación impositiva (actualmente situado nun 15 %). O BNG rexeita os intentos de fraccionar o sistema de aseguramento público na convicción de que só favorece aos sectores sociais que ven a saúde da poboación como un negocio baseado na parasitación do sector público, pois o seu alicerce é derivar cara ao sector público tanto as patoloxías máis complicadas e menos rendíbeis, como aos sectores sociais máis deprimidos social e economicamente. **O BNG defende a unidade do sistema de aseguramento, pois é unha garantía fundamental da cobertura sanitaria pública e universal, da equidade nas prestacións e de que se podan evitar fenómenos de parasitación do sector público por parte do sector privado.**
4. Dentro da ofensiva ideolóxica neoliberal na sanidade, ocupa un lugar importante a idea da pretendida superioridade da provisión privada dos servizos, respecto da provisión pública. As consecuencias prácticas deste apriorismo ideolóxico son de dous tipos, en primeiro lugar, o incremento actual das formulas directas de provisión privada, como o incremento dos concertos co sector privado e, en segundo lugar, o lanzamento das denominadas “fundacións”, empresas sanitarias baseadas na financiación pública e na provisión privada, que teñen o seu alicerce ideolóxico na pretendida superioridade da provisión privada, e das que son paradigmas as experiencias de MEDTEC e a Fundación do Hospital de Verin. **O BNG defende que a provisión pública debe ser a norma nos servizos sanitarios públicos galegos** pois, en comparación coa provisión privada, asegura unha provisión de calidade en todo o territorio, impide as presións do sector privado cara ao incremento innecesario das intervencións e dos gastos administrativos, e acada unha maior eficiencia na utilización dos recursos cando se comparan situacións e estándares de calidade similares. Neste sentido compre non esquecer que, deixando ao lado o caso dos EE.UU. que é o máis ilustrativo, na Unión Europea o gasto sanitario en % sobre o PIB está en relación inversa coa porcentaxe de provisión pública.

5. Entre os experimentos privatizadores no interior da sanidade pública galega, destacan as denominadas “fundacións”, empresas sanitarias de financiación pública e provisión privada, delas as mais coñecidas son a Fundación Hospital de Verín e o Instituto Galego de Medicina Técnica, S.A. (MEDTEC). **O BNG está en contra da existencia das “fundacións”**, pois ademais de que non está demostrando que supoñan un sistema máis eficiente de xestión dos recursos públicos, están sendo montadas dun xeito escurantista e, en moitos casos, parasitando os recursos das institucións sanitarias públicas onde se instalaron. **Estas empresas e os seus recursos deben reintegrarse no sistema sanitario público.**

18.2.2 Mellorar a eficiencia da sanidade pública

1. As claves para acadar un uso máis eficiente dos recursos empregados nos servizos sanitarios sitúan-se no ámbito da práctica clínica. Polo de agora, os esforzos de mellora da eficiencia do sistema sanitario público galego, cando esta se buscou, situáron-se, por unha banda, a nivel da macroxestión ou Xestión de Sistemas, realizada desde as estruturas centrais da consellería e aplicábel a toda Galiza e, por outra banda, a nivel da mesoxestión ou Xestión de Centros, realizada desde as xerencias e equipas de dirección dos centros ou áreas. Sen embargo, o BNG considera que, alén dos niveis de xestión mencionados, a clave da mellora da eficiencia, da optimización do uso dos recursos, sitúa-se a nivel da microxestión, ou Xestión Clínica. Cómpre ter moi claro que máis do 70 % das decisións que inciden no gasto sanitario tóman-se a nivel das unidades funcionais máis pequenas (servizos ou unidades) ou incluso a nivel do que pode considerarse o núcleo duro do sistema, a relación médico-paciente.
2. Facer da mellora da eficiencia un obxectivo dos servizos e unidades clínicas esixe clarificar o papel dos seus responsábeis. **O BNG considera un obxectivo prioritario e imprescindible a adicación exclusiva á sanidade pública** daqueles profesionais que asumen tarefas de responsabilidade na organización dos servizos sanitarios públicos, os intereses persoais dos responsábeis da organización dos servizos públicos deben ser coincidentes cos da empresa para a que traballan; ningunha empresa pode aceptar que os seus responsábeis teñan intereses nas empresas da competencia.
3. Facer un uso máis eficiente dos recursos a nivel dos servizos e unidades clínicas esixe que ese sexa un obxectivo asumido e protagonizado polos profesionais sanitarios que utilizan os recursos. O BNG considera que entre as claves para un uso máis eficiente dos recursos por parte dos profesionais figuran as seguintes: o establecemento dunha nova cultura baseada

na consideración de que os recursos son limitados e de que o ético é ser eficiente, e o estímulo do uso apropiado da tecnoloxía médica que evite a súa excesiva variabilidade mediante o uso xeralizado de guías de práctica clínica.

4. O BNG considera necesario impulsar a reformulación do actual marco de relacións laborais mediante a negociación e o consenso coa Administración e os sindicatos.
5. O BNG compromete-se a impulsar as actividades docentes e investigadoras como instrumento para a mellora continua da calidade como obxectivo estratéxico da sanidade pública galega.
6. O BNG compromete-se a desenvolver as áreas de saúde como referencia xeográfica e poboacional que permita a integración de todos os recursos sanitarios, a coordinación dos diferentes niveis asistenciais, o planeamento dos investimentos e o emprego dos recursos en función das necesidades prioritarias de cada área e a participación da poboación. Cada Área de Saúde contará, como mínimo, cun hospital de referencia. Nestes hospitais o número de camas estará en función da poboación da propia área.

18.3 PROGRAMAS SECTORIAIS

18.3.1 Promoción da saúde

Desenvolvemento dunha política sanitaria que permita:

1. Alimentación sana: Promover mellor alimentación mediante a educación para a saúde; esixencia dos cumprimentos regulamentarios aos establecementos; dotación dun laboratorio por Área para análise alimentario e un de referencia de alta tecnoloxía para Galiza.
2. Abastecemento de auga: Priorizar os investimentos para conseguir auga de calidade en todos os fogares.

3. Protección medio-ambiental: Tratamento da reciclaxe de residuos de forma selectiva; desenvolvemento lexislativo e control da contaminación aérea e acústica.
4. Fomento de hábitos saudábeis: Hixiene dental e corporal, cumprimento da lexislación antitabaco e alcohol, fomento de deporte e o exercicio físico, prevención de accidentes, prevención do consumo de tabaco, alcohol e outras drogas.

18.3.2 Atención primária

Dado o escaso desenvolvemento tanto no aspecto cuantitativo coma cualitativo, unha **atención primária de calidade** será o eixo fundamental da política de saúde do BNG no Goberno de Galiza. A política de saúde do ámbito da atención primária concretará-se nas seguintes actuacións:

1. Extensión a toda a poboación do novo modelo de Equipas de Atención Primária.
2. Plantexamento nas equipas de atención primária dunha carteira de servizos ampla e de calidade que oferte servizos integrais de saúde tanto ao individuo coma á comunidade e que abrangue: prevención, promoción e asistencia sanitaria, contemplando para isto:
 - a) Integración dos labores de farmacéutico e veterinario de saúde no traballo da equipa.
 - b) Criación, nas Direccións de Atención Primária en cada área, de Departamentos que impulsen o desenvolvemento de Equipas de Atención Primária e avalien o seu traballo.
 - c) Desenvolvemento de programas en consonancia co Plano de Saúde de Galiza e que abarcará como mínimo: Actividades preventivas individuais, vacinación completa e gratuita dentro do calendario vacinal, programas específicos da muller, neno, terceira idade, cardiovasculares, diabete, SIDA, drogas e outras.
 - d) Participación comunitaria a través de Consellos de Saúde e colaboración con organizacións sociais para promover melloras no sistema.
 - e) Desenvolvemento dunha Atención de Urxencias de Calidade: localización comarcal de puntos de atención continuada, dotación de U.V.I. móbil con recursos suficientes para a urxencia vital.
 - f) Oferta de servizos básicos en todas as equipas de: Historia Clínica Individual, Radioloxía Básica, Rehabilitación, Servizos Sociais.

1. Zona Básica de Saúde

Son os ámbitos de asistencia de atención primaria dotados de Centro de Saúde. As zonas básicas de saúde definirán-se en función de criterios xeográficos, demográficos e socio-económicos:

A) Criterios xeográficos

- A distribución administrativa por concellos rompe o principio de equidade naquelas áreas extensas ou máis despovoadas, que de non correxir-se, ficarian menos protexidas.
- Non é funcional confiar aos concellos a xestión dos recursos sanitarios xa que se afondarian as diferencias entre concellos asegún as súas propias posibilidades.
- Os concellos próximos, mancomunados en sistemas comarcais, non só facilitarían a xestión e a planificación, senón que ademais servirían de estímulo para o desenvolvemento da comarca.
- Cada concello deberá contar, como mínimo, cunha Unidade de Atención Primaria.

B) Criterios demográficos

- A distribución poboacional de Galiza implica uns condicionantes no ámbito sanitario que non se poden resolver fluidamente si se aplican criterios sanitarios de dimensión política provincial ou municipal.

C) Criterios sócio-económicos

- De cara ao desenvolvemento de programas de prevención e saúde, congruentes coas necesidades da poboación de cada zona básica de saúde, estas deberán definir-se tratando de que o perfil sócio-económico da poboación asistida sexa o menos heteroxéneo posible. Desde o punto de vista sanitario non é o mesmo un medio industrial que un medio agrario.

Cada zona básica de saúde estará atendida por un Centro de Saúde, procurando que o tempo de acceso das poboacións máis distantes, en función das vías de comunicación, non supere os 30 minutos.

Os centros de saúde contarán coa dotación necesaria de persoal sanitario e administrativo, e con medios materiais suficientes para fornecer unha atención primaria de calidade.

18.3.3 Atención especializada

1. Ampliar a rede hospitalaria coa posta en funcionamento dos Hospitais do Salnés, Barbanza e Costa da Morte.
2. Mellorar a eficiencia hospitalaria mediante unha rede ben coordinada e unha avaliación continuada dos servizos, coa creación de Comisións de Control de Calidade.
3. Redución drástica das listas de espera recorrendo ao máximo aproveitamento dos Centros do SERGAS, con servizos de tarde se fora necesario.
4. Colaboración intensa coa Atención Primaria, descentralizando ás comarcas as Consultas de Especialidades da Área.
5. Creación do Instituto Galego de Investigación Sanitaria orientado á busca de alternativas que solucionen os problemas específicos da saúde dos galegos e galegas.
6. Os concertos cos hospitais privados serán supervisados permanentemente e só existirán mentres non se desenvolva o sector público nos aspectos que é deficitario.

18.3.4 Saúde mental

A pesar de que se teñen xenerado orientacións técnicas para a organización da asistencia sanitaria á Saúde Mental en Galiza hai 10 anos (“Documento de Bases para a Elaboración do Plan Galego de Saúde Mental”) e que tiveron un amplo apoio dos sectores profesionais, e de que existe un Decreto en vigor desde xaneiro de 1995 (Decreto 389/94 “polo que se regula a Saúde Mental en Galiza”), a situación da atención a esta dimensión da saúde é fundamentalmente insatisfactoria e manifestamente mellorable.

A situación actual, desde un punto de vista político, ten unha causa identificábel: a incompetencia xestora dos responsábeis directos da dirección do cambio asistencial sociosanitario nesta dimensión da saúde dos/as cidadáns.

Para superar esta situación, o BNG, desde o Goberno de Galiza, levará a cabo as seguintes medidas:

1. Cumprimento do Decreto 389/94 na súa totalidade. Este Decreto naceu cun amplo consenso do sector de saúde mental e parlamentario e non é exclusivo froito do Goberno autonómico.
2. Elaboración do Plano Galego de Saúde Mental no que se definan xerarquicamente as necesidades sociosanitarias do pobo galego neste eido e as accións e recursos necesarios para satisfacelas. Para a súa elaboración constituirá-se unha comisión formada por representantes da Administración Sanitaria, profesionais do sector comprometidos coa Reforma Psiquiátrica e representantes das asociacións comunitarias directamente relacionadas coas problemáticas da atención á saúde mental.
3. Impulso ós programas de promoción da saúde mental e prevención dos trastornos psiquiátricos.
4. Prestación en condicións de igualdade da asistencia en saúde mental a todos/as galegos/as organizando a distribución e funcionamento dos recursos asistenciais para que garantan este obxectivo.
5. Apoio á Atención Primaria de Saúde para que poda desenvolver-la súa función básica na atención á saúde mental.
6. Apoio ó asociacionismo da comunidade relacionado coas problemáticas de saúde mental e a súa participación nos órganos de control e planificación da sanidade.
7. Desenvolvemento das estruturas de coordinación dos dispositivos de atención sanitaria á saúde mental en cada área, e desta rede con Servizos Sociais e Educación.
8. Integración da atención ás drogodependencias na rede de atención á saúde mental.
9. Impulso ó cambio nas formas de traballo dos dispositivos de atención á saúde mental potenciando o traballo en equipo, a programación e avaliación das actuacións en saúde mental, e o diagnóstico e resposta terapéutica integral (biopsicosocial) ós trastornos psíquicos desde unha orientación comunitaria.
10. Desenvolvemento de liñas de investigación centradas no coñecemento e resposta ás especificidades que a problemática de saúde mental presenta na nosa comunidade.
11. Desenvolvemento dos recursos asistenciais conforme aos seguintes aspectos:
 - Garantir unha Unidade de Saúde Mental Comunitaria cada 50.000-75.000 habitantes.
 - Reforzamento profesional das Unidades de Saude Mental para Infancia e Adolescencia e estímulo á súa coordinación co sector educativo.

- Dotar a Galiza con unha cama de hospitalización psiquiátrica en Hospitais Xerais cada 10.000 habitantes o que exige chegar a 280 camas (67 máis cas actuais). Deberán-se aumentar camas en A Coruña, Calde (Lugo), Ourense e Pontevedra.
 - Criar Hospitais de Día en Lugo, Pontevedra e Ferrol, e aumentar un máis en Vigo e Santiago.
 - Criar unha Unidade Psicoxeriátrica cada 250.000 habitantes.
 - Desenvolve-los Programas de Rehabilitación e Reinserción Social dos pacientes psiquiátricos en coordinación coa rede de Servizos Sociais garantindo apoio as 24 horas ás familias e ós/ás pacientes desinstitucionalizados, residencias asistidas, residencias autónomas, centros de día e programas de emprego. Definir-se un plano específico de financiación destes programas. Impulsarán-se as Unidades de Rehabilitación nos antigos Hospitais Psiquiátricos e os Programas adecuados nas Unidades de Saúde Mental. Non se realizará desinstitucionalización de pacientes sen garantías de atención sociosanitaria e integración social adecuadas ás súas necesidades.
 - Criarán-se as Unidades de Cuidados Especiais de Rehabilitación para responder ás necesidades daqueles pacientes con problemas especiais graves de orde psicolóxica ou comportamental e ante as que son insuficientes as demais alternativas.
1. Estimular-se a participación das Asociacións de Familias e Enfermos Psíquicos no seguimento e execución da Rehabilitación e Reinserción Social.
 1. Impulso ós programas de formación permanente en Saúde Mental dos profesionais implicados na atención ós problemas psíquicos da poboación.
 1. Desenvolvemento do Programa de Atención Psicolóxica á poboación para situacións de catástrofe ou emerxencia sociosanitaria no marco dos Planos de Protección Civil.
 1. Desenvolvemento dos Programas de Atención Psicolóxica ós pacientes con necesidades especiais froito da gravidade dos seus padecementos (oncoloxía, dor crónica, dano cerebral,)

18.3.5 Drogodependencias

- O problema do consumo de drogas debe-se afrontar socialmente desde unha perspectiva fundamentalmente preventiva como vía de solución a médio e longo prazo. Isto debe traducir-se na educación en hábitos saudábeis de vida.
- Non menos importante é o tratamento e rehabilitación das persoas drogodependentes. A sociedade non pode desentender-se deste colectivo, polo que se fai prioritario pór os

medios humanos e materiais para lograr unha completa curación e integración na sociedade sen atrancos engadidos pola súa condición. A atención estará integrada dentro da rede pública sanitaria.

- Desenvolvemento e impulso de programas comunitarios de inserción (centros ocupacionais de día, igualdade de acceso ao mercado laboral, etc).
- Ao mesmo tempo e co obxectivo de solucionar o problema do narcotráfico desenvolverá-se unha intensa loita institucional.

18.3.6 Sida

- Desenvolvemento dunha política educativa preventiva coa elaboración de planos informativos para o coñecemento da SIDA e das súas formas de transmisión que non leve á intolerancia.
- Incluirá-se información sobre a SIDA na rede de información xuvenil existente.
- Asimesmo instaurarán-se prácticas e atencións cara os/as afectados/as orientadas fundamentalmente ao apoio síquico, algo necesario entre outras cuestións pola presión social que as persoas portadoras deben de soportar.

18.3.7 Farmácia

Debido ás contínuas demandas sociais do mundo da farmácia e ás esixencias dos propios profesionais do sector, faise urxente elaborar e aprobar unha **Lei de Ordenación Farmacéutica** para Galiza, que regule a actual situación da profesión e responda ás necesidades presentes da sociedade.

1. Elaboración da Lei de Ordenación Farmacéutica, na que se recollerán os seguintes aspectos:
 - Consideración das oficinas de farmácia como establecementos privados de interese público.
 - Co fin de garantir o mesmo servizo por igual a todos os cidadáns, planificará-se a ordenación das oficinas de farmácia a través da intervención da Administración.
 - A apertura de novas oficinas de farmácia realizará-se por autorización administrativa, de acordo cos principios de transparencia, méritos e obxectividade.

- Fixará-se o número de farmacéuticos necesarios para ofrecer unha correcta atención farmacéutica, tanto nas oficinas de farmacia como nos servizos de farmacia hospitalaria.
 - A distribución das O.F. realizará-se en función da dispersión xeográfica, a densidade de poboación e a ubicación dos outros centros sanitarios.
 - A transmisión das oficinas de farmacia estará regulada pola Administración autonómica.
 - Será obrigatorio incorporar farmacéuticos adxuntos ás O.F. en función do volume de vendas.
2. Desenvolver e levar á práctica o Corpo Facultativo Superior da Xunta de Galiza, referente ós farmacéuticos; e integración destes profesionais nun corpo único de inspección sanitaria de carácter multidisciplinar.
 3. Criación dun corpo de farmacéuticos de atención primaria que se integrarán nos centros deste nivel, e terán as seguintes funcións:
 - a) Garantir o uso racional do medicamento.
 - b) Organizar e potenciar programas de formación e información sobre o medicamento, dirixidos tanto ós profesionais sanitarios coma aos cidadáns en xeral.
 - c) Asesorar técnicamente ao persoal sanitario adscrito ao centro de traballo.
 - d) Custódia e conservación dos medicamentos aplicados no centro de traballo.
 4. Os medicamentos de uso animal despensaríanse única e exclusivamente a través de establecementos debidamente autorizados e contemplados na lexislación vixente, que contén coa presenza física do farmacéutico, como técnico responsable do medicamento.
 5. As O.F. dunha zona sanitaria determinada participarán gratuitamente nos programas de saúde pública e sanidade asistencial, que planifiquen os servizos farmacéuticos de asistencia primaria, en colaboración co resto dos profesionais sanitarios.
 6. Ós farmacéuticos/as que traballen nos distintos sectores descritos aplicaráselle o rexime de incompatibilidades, e participarán obrigatoriamente nos cursos de formación continuada, que ó efecto se organicen.
 7. Esixir da Administración Central o rexistro obrigatorio dos medicamentos de uso animal no Ministerio de Sanidade, coma medicamentos que son, e non no de Agricultura, coma até agora; así como unha revisión urxente da política de prezos acorde coa realidade.
 8. Desenvolvemento lexislativo da lei do medicamento respecto do correcto uso dos medicamentos de uso animal, polas consecuencias sanitarias que a falla de vixilancia dos mesmos, por profesionais farmacéuticos, pode ter para a saúde humana.

9. Exixir do Goberno do Estado unha adecuación dos prezos dos medicamentos de uso animal ao seu valor real, obrigando-os a seguir a mesma regulamentación que os medicamentos para uso human.

18.3.8 Saúde pública veterinária

1. Xeralización nas empresas do ramo da alimentación, e nos establecementos de venda de produtos alimenticios, da implantación obligatoria do sistema de “Análises de riscos e puntos críticos de control” (ARICPC) elaborados coa colaboración técnica dos Servizos Veterinarios oficiais, que deberán asesorar aos establecementos concretos para adaptar o sistema ás súas peculiaridades, e posteriormente supervisar o seu funcionamento.
2. Diminución da burocratización das actuacións dos servizos veterinarios de saúde pública, valorando a actuación destes profesionais tendo en conta a súa laboura en educación para a saúde e a resolución de riscos sanitarios reais, e non como sucede hoxe que se valora tendo en conta o número de actas de inspección cubertas ou o número de expedientes iniciados. O veterinario deberá potenciar a súa actuación como axente para a educación para a saúde dos traballadores das empresas e establecementos de alimentación, en colaboración con outros profesionais da saúde.
3. Uniformar a nivel de toda Galiza, os criterios mínimos de actuación dos Servizos Veterinarios Oficiais de Saúde Pública. Facendo cumprir as regulamentacións técnico sanitarias, primeiro aos establecementos grandes e aos dependentes das Administracións Públicas (lonxas, mercados, matadoiros), e logo aos pequenos comerciantes e hosteleiros.
4. Utilizar a regulamentación de sanidade alimentaria existente, para na medida do posíbel favorecer ás producións autóctonas e dificultar a entrada de produtos foráneos competidores.
5. Aumentar a eficacia do control sobre o uso de substancias prohibidas na alimentación animal (Servizos Veterinarios Oficiais de Agricultura) e polo tanto dos seus residuos nos alimentos, aumentando para elo a dotación de medios materiais e optimizando as actuacións do persoal.
6. Favorecer a actuación autónoma dos veterinarios de saúde pública, con criterios uniformes preestablecidos, para que podan decidir sobre a oportunidade de proceder á recollida de mostras nun determinado establecemento; facendo desaparecer o amiguismo que permite estar enriba de determinados produtos e deixar que outros circulen sin ser sometidos a controles aleatórios (a recollida de mostras debe ser autorizada polos xefes provinciais e de área).

7. Dotar cando menos un aboratório por provincia con medios suficientes para poder efectuar ás análises básicas de alimentos que se lle remitan e un laboratorio a nivel de Galiza que conte cos medios mais sofisticados.
8. Dispoñer dun sistema de remisión de mostras operativo.
9. Xeralizar o uso do galego en todos os documentos de uso común na actuación dos S.V.O. de S.P. , nomeadamente as Atas de inspección de uso diário.
10. Convocatória anual de “concurso de traslados” e “oferta pública de emprego”, que inclua todas as prazas vacantes.
11. Programa de formación continuada dos V.O. de S.P. a cargo da Administración (actualmente, os cursos de formación que se realizan dependen da iniciativa, vontade e recursos económicos de propios veterinários).
12. Equiparación económica des Veterinários Oficiais aos de outras CC.AA.

18.3.9 Normalización do uso do galego no sector sanitario

Persiste o contraste, por unha banda, entre o uso do galego, tradicional, coloquial, por parte de pacientes e persoal sanitario con boa vontade e, por outra banda, o grau ainda ben escaso, de uso oficial do mesmo no sector. O uso do idioma galego na realidade non debe ser só “lubricante comunicativo” na relación persoal sanitários-pacientes, senón idioma escrito, público, científico. Para achegármolos a este obxectivo, o goberno galego:

1. Fará campaña activa de animación ao uso do galego no persoal sanitario.
2. Xeneralizará o uso do galego escrito en toda a documentación e rotulación sanitaria.
3. Avaliará periodicamente resultados.
4. Aplicará ao sector todas as medidas xerais de normalización do uso do idioma que sexan válidas para a sanidade.

18.3.10 Convénios internacionais

Estabelecerá-se nas zonas fronteirizas a máxima coordinación para facilitar o acceso aos servizos, chegando, se é o caso, á planificación conxunta, en orde a favorecer un servizo de calidade á poboación que vive nas dúas bandas da raia.

19. SERVIZOS SOCIAIS

19.1 INTRODUCCIÓN

Os servizos sociais na actualidade móvense na indefinición conceptual e de contido, na incoherencia estrutural, na desmembración en múltiples localidades que actúan ao seu xeito, na inhibición por parte da Xunta de Galiza que cede gran parte das súas competencias aos entes locais na súa maioría sen recursos para xerar uns servizos sociais minimamente eficientes, no favorecemento á privatización con ánimo de lucro a pesares de que está a demostrar a súa inutilidade para a maioría das persoas, na carencia de planificación e de equipamentos axeitados, na ausencia de programas de formación, na conversión das institucións participativas en meros órganos propagandísticos sen utilidade algunha. En definitiva, pódese dicir que os Servizos Sociais da Xunta de Galiza funcionan desde a apatía e a ineficacia, simplemente por inercia, cunha visión dirixista, burocrática, xestora e asistencialista dos servizos sociais.

Frente a isto o Bloque Nacionalista Galego propón uns Servizos Sociais según os principios e liñas de actuación que propoñemos:

19.2 CRITÉRIOS BÁSICOS

1. O sistema público dos Servizos Sociais debe formar parte das políticas de desenvolvemento socio-económico e contra a desigualdade social de Galiza constituindo un elemento fundamental para a súa transformación social e para a consecución do benestar da sociedade galega.
2. Os Servizos Sociais deben contribuir á vertebración da sociedade galega con políticas de interacción social, posibilitando una convivencia máis tolerante e unhas relacións máis humanas xustas e solidarias.
3. Os Servizos Sociais deben ter por obxecto principal a atención de todas aquelas persoas que se atopan á marxe dos beneficios do sistema, padecendo a pobreza e a exclusión social, actuando non só en relación aos seus efectos senon, esencialmente, enfrontando as causas estruturais que xeran esas situacións de marxinação.

4. Os Servizos Sociais deben configurar unha rede única, integrada e harmonizada territorialmente na que confluían as estruturas públicas e sociais en espazos de encontro, reflexión e actuación común para acadar unha maior racionalidade e eficacia na acción social.
5. A participación cidadá no desenvolvemento dos Servizos Sociais e na elaboración e implementación das políticas de ben-estar social debe ser unha constante a potenciar como elemento clave dunha sociedade democrática.

19.3 OBXECTIVOS

1. Lograr a integración social e económica das persoas, familias e grupos, socialmente máis vulnerábeis da nosa sociedade, que lles posibilite unha condicións de vida normalizada.
2. Devolver os dereitos sociais que lle corresponden aos que sofren da discriminación ou da marxinación social de maneira que podan exercer a súa liberdade e intervir como cidadáns activos e críticos nunha sociedade realmente democrática.
3. Implantar e no seu caso completar, os recursos e equipamentos suficientes para cubrir axeitadamente as necesidades máis perentorias dos cidadáns elevando os máis urxentes a categoría de dereitos subxectivos así como aportar os dispositivos precisos para atender a problemática das persoas especialmente afectadas por situacións irrecuperábeis.
4. Sensibilizar á sociedade na súa cuota de responsabilidade sobre a situación social dos máis desfavorecidos que estimule a solidariedade cos mesmos.

19.4 LIÑAS DE ACTUACIÓN

As liñas de actuación a seguir para conseguir os obxectivos previstos concretan-se esencialmente nos seguintes puntos:

1. Reformulación e consolidación da estrutura e función dos Servizos Sociais.
2. Intervención territorialmente descentralizada e dependencia orgánica unificada dos Servizos Sociais.
3. Actuación dos Servizos Sociais mediante unha planificación coherente.
4. Coordinación con outros servizos e entidades.
5. A formación como eixo da potenciación dos servizos sociais.

19.4.1 Estrutura dos Servizos Sociais

Establecerá-se unha única estrutura de Servizos Sociais con dous polos interrelacionados que se configurarán en Servizos Sociais xerais e Servizos Sociais específicos, formados ambos por equipos interdisciplinares de intervención nos seus respectivos ámbitos de traballo.

Os **Servizos Sociais xerais** terán un carácter polivalente de atención a toda a poboación a través de proxectos desde a perspectiva da acción comunitaria, engadindo a súa componente de prestadores de servizos de información cualitativa e asistencia social funcións de dinamización socio-económica orientadas a favorecer a trama asociativa, á mobilización cidadán, á prevención e á inserción social.

Os **Servizos Sociais específicos** enfocarán a súa actuación cara a persoas, familias ou colectivos homoxeneos que dalgún xeito sofren as consecuencias da discriminación ou da pobreza e da exclusión social xerando neles problemáticas disfuncionais, desestruturadoras, psicolóxicas ou sociais que precisan dunha intervención especial en función, normalmente, de deteccións realizadas polos Servizos Sociais xerais e en íntima relación con estes para a súa recuperación.

19.4.2 Intervención descentralizada e dependencia orgánica centralizada

Os Servizos Sociais organizará-nse territorialmente cubrindo areas xeográficas específicas definidas combinando as súas características socio-económicas e de identidade e cohesión cultural con criterios de poboación e dispersión, de xeito que os equipos de intervención podan atendelas axeitadamente chegando a coñecerlas, inculturizarse nelas e identificarse plenamente coa súa problemática.

Así mesmo, os Servizos Sociais -operativamente descentralizados- organicamente dependerán dun único centro xestor, enmarcado nunha Consellaría propia, co obxecto de conseguir realmente un sistema integrado de Servizos Sociais, cohesionado estruturalmente, harmonizado territorialmente e estabilizado financieramente.

19.4.3 Planificación

Elaborará-se un **Plano Xeral de Servizos Sociais** con carácter participativo que contemple:

- O estudo da realidade social dun xeito dialéctico a través e sobre todo da investigación acción participativa.
- A resposta as necesidades básicas de todos os cidadáns aportando os recursos adecuados ás determinadas circunstancias colectivas e territoriais, entroncando co Plano de loita contra a pobreza e a exclusión social.
- O establecemento de obxectivos xerais nos que se deben enmarcar tanto os programas comunitarios co obxecto de reparar os déficits socio-económicos que concorren nas situacións de deterioro e desigualdade social, como os planos sectoriais relativos á infancia, vellez, minusválidos, xitanos, migrantes, etc. Todo elo, baixo a filosofía da prevención e no seu caso da integración dun xeito activo e participativo na sociedade a través da superación de todas as barreiras sociais, económicas, físicas, psíquicas, sensoriais, culturais, xeográficas que impidan exercer os dereitos sociais e as liberdades individuais e colectivas dos todos estes cidadáns.
- O plantexamento dunha rede socio-sanitaria para as situacións que requiran actuacións departamentais conxuntas como é caso de atención a vellos asistidos, minusválidos psíquicos profundos, toxicómanos e outros destas características.

19.4.4 Coordinación

Establecerán-se unhas Xuntas Locais, ou no seu caso comarcais, de Servizos Sociais mediante as cales os alcaldes ou concelleiros de ben-estar social, como representantes das entidades onde se desenvolven os servizos sociais e executan as súas accións e nunha corresponsabilidade na súa dirección funcional coa respectiva Consellaría, reuniranse periodicamente cos equipos de servizos sociais dos seus respectivos territorios de quen recabarán contas da súa actuación e analizarán en conxunto as necesidades e repostas a dar ás mesmas.

Doutra banda, toda problemática social ten un carácter pluridimensional polo que debe ser abordada desde actuacións integradas. Neste sentido, os Servizos Sociais promoverán a coordinación de diferentes departamentos e servizos públicos así como de instancias económicas e sociais, co obxecto de xerar procesos de colaboración e cooperación que incidan e se impliquen na mellora integral das sus comunidades, evitando solapamentos ou duplicacións e procurando a rendabilización dos recursos.

Deste xeito, combinarán-se a institucionalización de comisións interdepartamentais de carácter político con plataformas de carácter técnico (saude, educación, extensión agraria, urbanismo, emprego, etc.) con consellos de participación canalizadores dos plantexamentos, esixencias e alternativas da iniciativa social.

19.4.5 Formación

Tendo os Servizos Sociais aos recursos humanos como o seu principal capital, a formación resulta esencial para conseguir un persoal preparado en consonancia co traballo que ten que desenvolver. A importancia que isto ten verase reflexada na **criación de planos de formación de servizos sociais** co obxecto de preparar, reciclar, complementar as capacidades e coñecementos dos profesionais e persoas relacionadas cos Servizos Sociais á vez que cumprir unha función de reflexión, intercambio de experiencias e incluso estimulador de innovacións nesta materia.

19.4.6 Financiamento

- Daráselle a importancia orzamentaria que merece unha cuestión tan sensíbel para un goberno progresista como é o dos Servizos Sociais.
- Tratará-se de simplificar as liñas de financiación así como de dotalas de estabilidade.
- Renegociarase o Plano de Concertado en función da nova estrutura, dependencia orgánica e funcional dos Servizos Sociais, ao menos no que se refire aos concellos de menos de 20.000 habitantes.

19.4.7 Medidas puntuais

- As competencias actuais da Dirección Xeral de Servizos Sociais (dependente da Consellería de Sanidade e Servizos Sociais) e da Consellería de Familia integraranse nunha soa consellería.
- Derogarán-se as leis de servizos sociais e de familia sendo substituídas por unha nova lei de ben-estar social na que se contemple, entre outras cuestións o que plantexamos nestas liñas programáticas.
- Suprímese calquer subvención ás empresas privadas con ánimo de lucro dedicadas aos Servizos Sociais.

- Reafirmando a súa imprescindible labor no campo dos Servizos Sociais, establecerá-se unha liña de subvencións á iniciativa social sen ánimo de lucro en canto que se considere un servizo público e en función duns criterios que se fixarán no seu momento, de maneira que para as entidades que reunan distintas condicións as subvencións non signifiquen unha donación graciábel senon que cheguen a constituir un dereito das mesmas.
- Fomentará-se e animará-se o voluntariado pero sen pretender pechar unha opción ideolóxica ou idealista, de libre determinación das partes, en documentos legislativos e contractuais que agochen unha utilización de máñ de obra barata á vez que encubran un falso voluntariado.

VII. POLÍTICA SOBRE A PROBLEMÁTICA DAS MULLERES

20. INTRODUCCIÓN

Fagamos, como preámbulo, unhas breves aclaracións conceptuais para situarmos adecuadamente o problema da discriminación e da subordinación das mulleres:

1. Non existe "a muller": existen as mulleres, quer dicir, o grupo social máis numeroso da humanidade (53% na sociedade galega), cunha problemática **específica**, de seu, que ven dada por complexas razóns históricas, que hoxe non perderon a súa forza nen a súa funcionalidade, por moito que alterasen a súa fasquia e a súa caracterización sociolóxica e política.
2. Non se tratando, xa que logo, dun "sector", "subgrupo" ou "apéndice", fica claro o carácter de problema xeral e **transversal** que ten a subordinación das mulleres na sociedade actual, incrementada na galega por seren, en maior medida e intensidade, **amortiguadoras** de moitas caréncias sociais e económicas e maiores vítimas das dependencias políticas que vencellan á sociedade no seu conxunto.
3. Por isto, o seu tratamento político esixe un **compromiso de goberno horizontal**, que garde a mesma concepción congruente inter-departamentos e que vixile que se cumpran as diferentes políticas sectoriais (laboral, vivenda, sanidade, educación, etc.) de forma homologada.
4. Non abonda, en absoluto, recordar o pretense igualitarismo legal existente, se non se aplican, na práctica política, medidas concretas que conduzan a verificá-lo. Proclamar pomposamente a igualdade inter-sexos, sen dar no día a día, na acción política, pasos efectivos, materiais, para facé-la real, vale de ben pouco. As leis sobre a igualdade de tratamento non producen, só por si, resultados iguais e xustos, nen no plano individual nen no plano colectivo. Ademais, cómpre recoñecer e legislar sobre o **diferencial** que o precise (recoñecemento social e político da maternidade, condicións e salubridade do traballo, programa(s) sanitarios(s) específico(s), promoción laboral pautada...).
5. Enfin, as "cousas de mulleres" deben ser cousas da humanidade, quer dicir, da sociedade no seu conxunto e, por isto, dunha acción política xeral e non encaixonada nun ámbito sectorializado ou dependente da vontade subxectiva ou da conciencia particular do xestor político. Deriva-se disto a necesidade de introducir a súa consideración e o seu tratamento como **critério permanente** da actuación política, ao igual que se estiman outros como mínimos de calquer política democrática.

21. ALTERNATIVAS INSTITUCIONAIS

1. Tres criterios son fundamentais para asegurarmos que o contido institucional desta área de goberno responda á resolución das necesidades descritas: capacidade de decisión horizontal, que oriente accións de caisquer outras áreas de goberno implicadas na materia; adecuada capacidade orzamental; presenza nos órganos de goberno.
2. Elaborará-se e aprobará-se, nun prazo non superior a 18 meses, un **Plano para a Igualdade de Oportunidades e de Trato para as Mulleres Galegas**. O PLANO debe supoñer a plasmación da vontade política do BNG de apostar por unha política integral para as mulleres, favorecedora da promoción social e da igualdade de oportunidades, na que se integren cuestións relacionadas coa educación, a cultura, a saúde, a participación, a formación, o emprego, o deporte, os servizos sociais,... Este PLANO debe:
 - Fundamentar-se en estudos sociolóxicos rigorosos.
 - Implicar a todas as áreas de goberno.
 - Marcar uns obxectivos xerais determinados e as conseguíntes accións específicas.
 - Establecer prazos de execución e criterios de avaliación.
 - Contar co respaldo orzamentario preciso para posibilitar o seu cumprimento.
3. Porá-se en marcha como medida de choque inmediata unha campaña institucional, utilizando os medios de comunicación de carácter público, que abranca os seguintes aspectos:
 - a) Igualdade de dereitos laborais.
 - b) Promoción da formación ocupacional integrada das mulleres.
 - c) Combate contra a violencia e malos tratos en todos os ámbitos, moi especialmente o da familia.
 - d) Reparto de responsabilidades e de traballo nas tarefas domésticas.
 - e) Información sobre sexualidade e anticoncepción.
 - f) Igualdade de uso e disfrute dos espazos de ocio e lecer.
 - g) Promoción do asociacionismo feminino e participación das mulleres en todos os ámbitos sociais.

22. SANIDADE

1. Asunción por parte do SERGAS da obrigatoriedade de prestar a todas as mulleres galegas, garantindo a accesibilidade e a equidade, **servizos específicos de saúde**.
2. Posta en marcha dun Plano de Saúde que contemple a **implantación en todo o territorio** de:
 - a) Equipas de atención primaria que realicen normativamente entre as súas prestacións básicas:
 - Control e planificación da fecundidade.
 - Control do embarazo.
 - Control de enfermidades de transmisión sexual.
 - Atención á menopáusia.
 - Prevención e detección precoz do cancro xenital e de mama.
 - b) Servizos específicos tanto a nivel de atención especializada como hospitalar que reforcen e amplien estes coidados. O dereito ao aborto será inexcusabelmente garantido nestes centros de referencia.
 - c) Unidades de información sexual especialmente orientadas aos/ás adolescentes.
 - d) Campañas de formación e información que impliquen tanto á poboación como aos sectores profesionais involucrados.

23. TRABALLO

1. Programas de formación profesional específicos para as mulleres que contén á súa vez con programas de integración laboral, así como de medidas de apoio á contratación laboral das mulleres.
2. A administración usará os medios que teña ao seu alcance para seguir, mediar e avaliar as diferenzas discriminatórias que existan nos convénios colectivos.
3. Apoiarán-se as reclamacións que a este respecto sexan feitas por mulleres, ben a título individual, ben de xeito colectivo.
4. Realizará-se unha campaña de divulgación acerca do acoso e chantaxe sexual con debate sobre medidas legislativas, laborais e sociais para o combate de tal problema.
5. Impulsarán-se políticas tendentes a eliminar a esixencia de facer constar tanto o estado civil como a especificación do sexo nas ofertas de emprego.

24. SERVIZOS SOCIAIS

No **Plano Nacional de Servizos Sociais** a desenvolver pola Xunta e Concellos, impulsarán-se as políticas de:

1. Potenciación dos servizos sociais comunitarios dos Concellos nas súas funcións, nos servizos de:
 - a) Información xeral.
 - b) Actuacións a domicilio.
 - c) Reinserción e convivencia social.
2. Promoción dos equipamentos específicos e programas de atención ás mulleres nos Concellos e a Xunta:
 - a) Casas de mulleres maltratadas e pisos tutelados.
 - b) Minorías étnicas (xitanas, portuguesas,...)
 - c) Drogadicción, SIDA
 - d) Minusválidas.
 - e) Mulleres nos cárceres.
 - f) Vellas.
 - g) Nenas.
 - h) Programas de divulgación da corresponsabilidade das tarefas do fogar.
3. Nos planos comunitarios a desenvolver tanto nas cidades como a nivel comarcal, potenciamento de programas de fomento da participación das mulleres nas actividades sociais.

25. ENSINO

Esta área é unha das máis importantes pola capacidade que ten de incidir na coeducación. Polo tanto, o seu funcionamento e coordinación a nivel de executivo para a toma de decisións e medidas concretas coa área da muller é fundamental.

1. Extensión da rede de escolas infantís.
2. Posta en marcha dun **Plano de Coeducación** en todos os centros de ensino, implicando ás APAS, aos Consellos Escolares e ao profesorado. Este plano de coeducación pretenderá redefinir o significado de coeducar (que non pode ficar no contido de xuntar nunha aula

nenos e nenas), **revalorizando capacidades tradicionalmente femininas** ao mesmo tempo que o coñecimento e a forma de se achegar ás mulleres.

3. Cobertura do tramo educativo 0-3 anos en todo o territorio galego.
4. Dotación no resto dos tramos educativos de transporte escolar, comedores e actividades extraescolares.
5. Aplicación da coeducación como base de funcionamento en todos os tramos educativos (infantil, secundaria, obrigatoria, bacharelato e formación ocupacional, universidade, escolas especiais, etc.) entendendo como tal a promoción e acceso das mulleres a todas as actividades de educación, estudo e formación, moi especialmente naquelas actividades do mundo laboral que conlevan unha menor cualificación e, polo tanto, unha situación profesional de máis discriminación para as mulleres (agro-gandería, horto-fronicultura, mar, marisqueo e conservo, confección). Tamén é moi importante a posta en funcionamento de áreas concretas do mundo universitario de estudos relativos á muller: cátedras, seminarios, etc que teñan capacidade de actuar e incidir nos planos de estudo, nos orzamentos, etc.
6. Posta en marcha de convénios cos sindicatos, os movementos de renovación pedagóxica para a aplicación nos libros de texto e nos materiais de aula de prácticas coeducativas.
7. Control dos proxectos constructivos de centros de ensino, moi especialmente nas instalacións deportivas
8. Desenvolvemento de programas específicos de formación sexual para adolescentes, incentivando nos PEC o traballo da educación **afectivo-sexual**, sen ficar unicamente na faceta reprodutiva da sexualidade.
9. Desenvolvemento dun programa de recuperación da memoria feminina, vinculando as escolas a outras instancias, e potenciando o traballo de relación entre diversas xeracións.

26. MEIOS DE COMUNICACIÓN

Os medios de comunicación social exercen unha poderosa influencia na fixación e orientación de actitudes e valoracións a respecto das realidades obxecto de información e tratamento publicitario. A respecto da transmisión da imaxe das mulleres, é habitual o incumprimento das leis ou proclamacións de dereitos que postulan a non discriminación por razón de sexo. Deste xeito, trata-se normalmente á muller como cousa que se pode manexar, adquirir e consumir, polo que:

1. O Goberno galego cumprirá estritamente nos medios de comunicación de titularidade pública o principio de non discriminación no tratamento da imaxe da muller.
2. O Goberno galego promoverá a emisión e a publicación de programas, espazos, estudos e publicidade institucional que incidan pedagoxicamente na necesidade de eliminar barreiras discriminatórias para as mulleres e a súa dignificación social e pública.

VIII. POLÍTICA SOBRE A PROBLEMÁTICA DA MOCIDADE

27. INTRODUCCION

A mocidade é un grupo social máis, non un compartimento estanco. Desta obviedade, deduce-se que os galegos e as galegas inseridas nese grupo de idade deben estar plenamente integradas no conxunto da sociedade, eliminando as causas que producen as situacións de marxinação e desintegración social hoxe existentes. Até o momento, as accións que desde as institucións foron dirixidas á mocidade, estiveron caracterizadas pola descoordinación entre os diferentes departamentos e pola ausencia dunha política xuvenil integral. Do mesmo xeito, os intentos de auto-organización da mocidade através do asociacionismo xuvenil son abortados e dificultados constantemente polo desinterese institucional en ter unhas mozas e uns mozos activos e participativos, en facer da mocidade un grupo social dinámico que cumpra o papel que lle corresponde no desenvolvemento social, cultural, económico e político de Galiza.

Esta é a razón pola que o B.N.G., desde unha visión global e integral da problemática xuvenil, impulsará unha política dirixida á mocidade que aborde os diferentes aspectos relacionados co seu desenvolvemento social normalizado. Son urxentes pois medidas dirixidas a mellorar e facilitar o acceso ao ensino público, a reducir progresivamente as alarmantes cifras de desemprego xuvenil e as condicións xeralizadas de inestabilidade e precariedade laboral, así como a posibilitar a súa emancipación familiar paliando as enormemente restritivas condicións de acceso a unha vivenda que se dan na actualidade. Entran tamén nas preocupacións do B.N.G. cuestións relativas ao obrigado cumprimento do Servizo Militar, á ausencia de alternativas de ocio e tempo libre non alienantes, ao uso normalizado do noso idioma ou á falta de información sobre temas fundamentais, mesmo aqueles referidos ao disfrute dunha vida saudábel para a nosa xuventude.

Son todos abordados mediante alternativas que caracterizarán a nosa acción de goberno, facendo ao mesmo tempo que a mocidade empece a ser protagonista, eliminando as trabas que até agora existiron para que opera-se en Galiza un movemento asociativo xuvenil merecente de tal nome e impulsor da participación activa dos mozos e das mozas para desenvolveren as súas iniciativas.

28. ASOCIACIONISMO

- Elaboración dunha lei galega de asociacións.
- Impulsarán-se e reformularán-se os mecanismos de financiación de asociacións en base a partidas orzamentárias anuais que tendan a cubrir as necesidades plantexadas, tanto no que se refire a infraestructura e equipamento como no que se refire ao programa de actividades. Calquer mecanismo desenvolverá-se sempre baixo criterios transparentes, obxetivos e democráticos creando unha normativa específica para este fin.
- Racionalización do uso dos actuais equipamentos e infraestruturas a disposición da mocidade cunha dotación equilibrada inserida nun modelo de ordenación territorial, como as casas da xuventude, tendendo á súa auto-xestión por parte das entidades usuárias.
- Elaboración dunha nova lei do Consello da Xuventude de Galiza dotando ao mesmo do financiamento e dos medios necesarios para impulsá-lo como axente dinamizador e consolidador dos Consellos locais e comarcais da mocidade -concedendo-lles recoñecemento legal e institucional- e do movemento asociativo galego en xeral. Reforzará-se o seu papel como verdadeiro órgano consultivo, incidindo na súa función de entidade emanadora de ditames.
- Re-ordenación dos actuais sistemas de información xuvenil garantindo facilidade no acceso, coordinación e eficacia. Garantirá-se a participación efectiva e activa do tecido asociativo xuvenil nestes sistemas como axente xerador e receptor da información.

29. ENSINO

- Cumprimento do plano de financiamento do sistema universitario galego e elaboración dun novo plano de financiamento de carácter plurianual.
- Dotación orzamental para que a formación pedagóxica se imparta dentro das titulacións universitarias.
- Competencia plena na elaboración dos plans de estudo. Reforma dos actuais adaptando-os á nosa realidade sócio-económica.
- Incremento do financiamento público e progresiva perda de peso das taxas e capital privado no financiamento universitario. Reforma do actual sistema de taxas facendo diferenciacións nos niveis de renda e excluindo do seu pago ao estudiantado con rendas máis baixas.

- Renovación dos actuais sistemas de avaliación do rendimento dos estudantes, tendendo a superar o actual modelo de exames. Aplicarán-se sistemas de formación contínua e reciclaxe do profesorado.
- Representación do estudantado no Consello Universitario Galego.
- Transferencia das competencias en materia de bolsas. Elaboración dunha normativa propia na que primen os criterios económicos sobre os académicos e se tenda a aumentar a cobertura e a cuantía das axudas.
- Promover a elaboración dunha carta de dereitos e deberes do estudantado na que se recollan, entre outras cuestións, o dereito á asemblea, á folga, á liberdade de opción de estudo...
- Reducción do número de estudantes por aula até os niveis recomendábeis para unha mellor calidade do ensino, unha atención máis personalizada e un seguimento máis completo por parte do mestre ou mestra.
- Aumento da representación do estudantado nos consellos escolares.
- Promoción do asociacionismo estudantil.
- Re-estruturación dos horarios contemplando os grupos nocturnos .
- Racionalización e extensión do transporte para escolares.
- Promoción desde a Consellería de Educación de convénios dirixidos a abaratar o transporte público para o alumnado.
- Aplicación dun modelo de normalización lingüística para o ensino de cara a lograr a súa galeguización.
- Planificación do ensino universitario en función das necesidades de Galiza e non do sistema político-económico actual, reformando os planos de estudo, implantando titulacións inexistentes e potenciando a actividade investigadora.
- Confección dun mapa de titulacións racional ao servizo das necesidades sociais e económicas de Galiza que a formación e investigación universitaria debe atender.
- Desenvolvemento dos cámpus universitarios "periféricos" coa mellora na dotación económica e a implantación de novas titulacións.- Supresión do Curso de Adaptación Pedagóxica recollendo a formación pedagóxica no propio curriculum das carreiras.
- Homologación entre o compoñente educativo-formativo e o profesional de xeito que a universidade non só crie licenciados/as senón tamén profesionais.
- Dotar ás titulacións dun carácter flexible e polivalente fuxindo da excesiva especialización.
- Elaboración dunha normativa que regule os convénios de prácticas do estudantado nas empresas baixo control sindical e das asociacións estudantis.

- Adecuación da oferta formativa profesional ás demandas do mercado laboral e a unha planificación económica acada ás nosas potencialidades.
- Dotación de equipamento e material á Formación Profesional.

30. VIVENDA

- Os poderes públicos desenvolverán mecanismos tendentes a frear a especulación e abaratar o custe das vivendas e dos alugueres, dotando-se ademais de solo público para ofertá-lo.
- Habilitar periodos de caréncia bancaria para a mocidade mediante convénios entre a Xunta de Galiza e as entidades bancárias.
- Graduación en base á renda -tendo en conta a renda e patrimonio familiar para evitar fraude- da subvención de puntos en cretos bancários.
- Impulso ás cooperativas de vivendas.
- Elaboración dunha normativa de carácter nacional que regule a concesión de vivendas de carácter oficial incorporando no seu articulado factores como a renda e o patrimonio. Facilitar, de xeito racional, o acceso a este tipo de vivendas á xente moza. As vivendas que sendo declaradas ruinosas se incorporen a mans públicas, previo pago da expropiación, axustarán-se a esta mesma normativa.
- As residencias universitarias cubrirán como mínimo o 15% dos/as matriculados/as. Establecerán-se axudas para o acceso ás vivendas por parte dos/as estudantes.
- Promoción de vivendas de tipoloxía acada ás necesidades e demandas da mocidade, que supoñen o uso dunha menor superficie e un menor custe.

31. ANTIMILITARISMO

- Fomento da paz e da non violencia desde as institucións civís -especial importancia teñen os medios de comunicación e o ensino- e políticas.
- Promoción e información sobre as diferentes alternativas ao Servizo militar obrigatorio, no camiño de avanzar cara unha sociedade desmilitarizada.
- Instar á reforma da Lei de Obxección de Conciencia pulando polo recoñecemento integral deste dereito.

- A Xunta de Galiza adoptará os mecanismos oportunos para que a actividade desenvolta polos prestacionistas non implique a ocupación encuberta de postos de traballo, evitando o fraude de lei que se comete na actualidade neste aspecto.
- Garantir a posibilidade de exercer o dereito ao traballo fóra do ámbito militar.
- Recuperación para uso civil das instalacións e os terreos militares en desuso. Asimesmo negociarásese o trasvase para uso civil das instalacións que actualmente son de uso militar.

32. INSTITUCIONAL

- Desenvolvemento da estrutura institucional axeitada dentro do organigrama da Xunta de Galiza de forma que se considere a actuación en materia de mocidade desde unha perspectiva integral, isto é, que inclua todo o que lle pode afectar á xente moza (vivenda, educación, traballo, servizos sociais...) e exista unha coordinación interdepartamental. Asimesmo, tratarásese dun marco administrativo flexíbel e aberto ás demandas e propostas das organizacións xuvenis.
- Na mesma liña de concepción integral da política de mocidade, criarásese no Parlamento de Galiza unha Comisión non Permanente de Mocidade.

33. SEXUALIDADE

- Debe-se elaborar un plano de orientación e información sexual que capacite a mocidade nun responsábel e consciente desfrute da actividade sexual, superando os ríxidos roles sexuais, respetando e integrando todas as formas de manifestacións sexuais que non violenten a liberdade das persoas implicadas e impulsando a eliminación dos medos que iniben ou perturban a relación sexual.
- Introducción da educación sexual no ensino medio, desenvolvendo planos educativos na liña do anteriormente exposto e adecuando os contidos e os plantexamentos á idade e á realidade dos e das estudantes.
- Extensión e dotación da rede de centros xuvenis de sexualidade e anticoncepción impulsando a súa incorporación ao servizo sanitario público, cunha función informativa e asistencial. A extensión desta rede estará inserida nun modelo de ordenación territorial.

34. CULTURA, OCIO E TEMPO LIBRE

- Criación de espácos de expresión e intercámbio cultural. Impulso e coordinación da rede de Casas da cultura onde se concentren as estruturas básicas para a actividade cultural (sás de exposicións, de conferencias...).
- Oferta e impulso da formación para a acción sócio-cultural.
- Criación de obradoiros que potencien a formación cultural, deportiva, etc, cunha participación directa da mocidade.
- Apoio aos medios de comunicación locais e comarcais públicos (radios, TV, publicacións) promovendo a participación dos diferentes colectivos xuvenis e culturais na elaboración de programacións cunha finalidade formativa e informativa.
- Implicación dos medios de comunicación públicos na divulgación de hábitos de participación, coñecimentos culturais e información sobre as alternativas de ocio para a mocidade.
- Desenvolvemento da cultura popular (artesanía, música...) e recuperación das nosas tradicións populares (magostos, antroido, maios...).
- Apoio decidido tanto a nivel material como financeiro ás manifestacións artísticas da mocidade.
- Promover o uso do noso idioma en todos os ámbitos con campañas de conscienciación dirixidas especificamente á mocidade.
- Campañas institucionais de animación á lectura acompañadas da racionalización e expansión dos servizos de bibliotecas.
- Promoción das actividades de tempo libre e ocio, entre elas a actividade física e deportiva, buscando unha maior participación da mocidade, o aprofundamento no coñecimento do país e o fomento das actividades de grupo sobre as individuais.
- Fomento do asociacionismo deportivo de base.
- Promoción e potenciación dos deportes e xogos autóctonos.
- Construcción de instalacións deportivas de carácter polivalente, dacordo co seu custo e co número de practicantes-beneficiários/as. Racionalización do uso das instalacións deportivas escolares posibilitando o acceso xeralizado para das horas de clase.
- Promoción de actividades destinadas ao coñecimento e desfrute do medio ambiente: excursionismo, campamentos, roteiros, etc.
- Impulsar e facilitar a implicación directa do asociacionismo xuvenil na elaboración e desenvolvemento dos programas culturais e de tempo libre.

- Ampliación dos horarios daqueles servizos relacionados con este apartado (bibliotecas, instalacións deportivas, hemerotecas, casas de cultura, etc).

35. EMPREGO

Partindo da aplicación dun Plano Galego de Desenvolvemento Económico que defenda e potencie os sectores básicos da nosa economía constituindo un Sector Público Galego e no marco dun Plano Galego de Emprego, aplicaríanse as seguintes medidas de emprego para a mocidade:

- Implantación dun contrato de inserimento laboral, coa retribución salarial segundo o convenio colectivo de aplicación e coa obriga de provisión da formación profesional específica, subvencionado a traveso de axudas públicas.
- Subvencións específicas para gastos de investimento e capital circulante ás empresas de nova creación que contraten mocidade, a meio do contrato anterior.
- Deseño dun plano de formación profesional, sectorializado territorial e funcionalmente, negociado cos axentes sociais. Reorientación e potenciación das escolas de formación profesional resolvendo as súas carencias actuais, aportando-lles os medios materiais precisos para o seu correcto funcionamento e que aproxime aos estudantes á nova situación tecnolóxica. Potenciación da formación en prácticas negociada coas empresas localmente.
- Fomento de 'becas formativas' cara promover a mellora na formación dos xoves.
- Apoio institucional á promoción do cooperativismo da mocidade, incorporando na Lei Galega de Cooperativas axudas económicas e fiscais, así como facilitando o asesoramento necesario por parte da Administración.
- Elaboración de programas específicos de creación de emprego en obras e traballos de interese social que fomenten a contratación da mocidade.
- Promoción da contratación indefinida para a mocidade através de axudas económicas ás empresas baixo control sindical.
- Equiparación salarial eliminando as discriminacións por idade e sexo.
- Prohibicións e penalizacións ás empresas que se beneficien do traballo infantil. Garantías plenas, con control efectivo da Administración e dos axentes sociais, do traballo da mocidade, especialmente entre os 16 e os 19 anos, en condicións dignas. Control dos programas de formación educativa e profesional.

- Políticas tendentes a garantir o relevo xeneracional nos postos de traballo no mar, de xeito que as xubilacións non produzan perda de postos de traballo e permitan a incorporación da mocidade.
- Incentivos para a instalación pola mocidade de novas explotacións agrárias. Posibilitar o relevo xeracional nas explotación familiares.
- As institucións imprimirán un maior contacto coa mocidade emigrante velando polos seus dereitos laborais, etc, así como criando as condicións para o retorno a Galiza.
- Supresión da discriminación da obriga de ter feito o Servizo Militar Obrigatorio ou a P.S.S. para acceder a un posto de traballo na Administración.

IX. POLÍTICA INSTITUCIONAL

36. ADMINISTRACIÓN GALEGA

Na perspectiva de vertebrar institucionalmente o país sobre a base dos seus sinais de identidade, a actuación do Goberno articulará fundamentalmente as seguintes Institucións: **Parróquia, Concello, Comarca e Xunta de Galiza.**

Neste sentido dotará **paulatinamente** de personalidade xurídica ás parróquias e ás comarcas cos seguintes criterios:

36.1 PARRÓQUIA

Estabelecerá-se un proceso de dotar, paulatinamente, ás parróquias de personalidade xurídica, comezando polas que teñan existencia e virtualidade social xa na actualidade. O proceso poderá-se iniciar a instancia da parróquia en cuestión ou do concello ao que pertenza. Tamén o poderá iniciar a propia Xunta de Galiza. En calquer caso deberá ser escoitado o concello.

36.1.1 Competencias

- Xestionar, de acordo cos concellos, o uso dos locais parroquiais.
- Participar, a través do Consello Municipal de Parróquias, na elaboración da política municipal de investimentos que se decida no pleno do concello.
- Xestionar os montes comunais do seu término.
- Xestionar as masas comuns resultantes das Concentracións Parcelárias.
- Ser escoitada nas decisións municipais que afecten directamente a parróquia ou aos servizos municipais que se presten na mesma.
- Obras menores de carácter parroquial abordadas cos seus propios recursos.
- Aquelas que delegue o concello na entidade parroquial.

36.1.2 O Consello Parroquial

Elixirá-se en proceso convocado ao efecto polo alcalde do concello respectivo, podendo asistir un representante de cada forza política con presenza na corporación municipal. O consello parroquial elixirá tamén un presidente.

Financiamento

O financiamento asignado polo concello a cada parróquia será decidido pola corporación municipal en pleno. As parróquias poderán contar coas financiación producidas pola xestión do seu patrimonio ou as aportacións que voluntariamente fixeren os veciños.

36.2 COMARCA

Estabelecerá-se por lei un proceso escalonado de dotar de personalidade xurídica ás comarcas como instrumentos actuantes imprescindíbeis para dinamizar social e economicamente o país na perspectiva de modificar a actual tendencia demográfica e de desvertebración social que se está a producir; tendo en conta os seguintes criterios:

- O proceso contaría cos concellos afectados e tería como horizonte rematar coa comarcalización efectiva na próxima lexislatura.
- Comezaria-se polas comarcas xa perfectamente definidas no social, cultural, económico e xeográfico e con capacidade de actuación para dinamizar sectores produtivos básicos.
- Incentivariase-se que as mancomunidades existentes, agrupacións de municipios, consorcios e territorios urbanos das cidades fosen confluindo progresivamente e enchendo de contido as comarcas ao tempo que producir unha simplificación administrativa.
- Ampliación e dotación de servizos dos que hoxe carecen os concellos e que nunha economía de escala e cos incentivos da Xunta de Galiza se poden proporcionar a nivel comarcal.
- Asunción de actividades hoxe desenvolvidas polas Deputacións.

36.2.1 Competencias

- Elaboración baixo as directrices establecidas pola Xunta de Galiza de un Plano de Desenvolvemento Comarcal. Participación na xestión e seguimento do mesmo.
- Ordenación, xestión e coordinación, segundo os casos, dos servizos comarcais que se oferezan: transporte comarcal, urbanismo, política sobre os residuos sólidos, bombeiros, etc.
- Aprobar o orzamento comarcal.

36.2.2 Órgaos

- O Consello Comarcal será o órgano reitor da Comarca e será elixido sobre abase dunha fórmula mixta; por unha banda, un representante de cada un dos concellos afectados e, por outra, unha representación proporcional das forzas políticas que obtiveren representación na comarca nas eleccións municipais.
- A estrutura administrativa estará en función das competencias e dos servizos que ofereza a comarca pero en calquer caso aproveitaría a estrutura cedida polas propias Deputacións.

36.2.3 Financiamento

- Os que se transfiran de outras administracións para xestionaren servizos que adquiren o carácter comarcal.
- Os que orzamentariamente determine a Xunta de Galiza para desenvolver as accións previstas no Plano de Desenvolvemento Comarcal.
- A participación nos ingresos provinciais derivados da asunción de competencias e servizos deste tipo que se determinen.

37. DEMOCRATIZACIÓN DA ADMINISTRACIÓN

Será imprescindible establecer as reformas normativas pertinentes destinadas a asegurar o trato igualitario, sen privilexios, nos distintos niveis da administración. Así mesmo, é necesario establecer os mecanismos que fagan practicamente imposible a utilización do poder con prácticas caciquis. Isto concretará-se cando menos nas seguintes medidas:

1. Unha **Reforma da Administración** que terá por obxecto sentar as bases para que a función pública estexa ao servizo do país e que, ao menos, tería que abordar os seguintes aspectos:

- **Simplificar a burocracia**, acercando os trámites administrativos aos cidadáns, flexibilizando as relacións interinstitucionais e axilizando os procesos de resolución. Facilitando, ademais, mecanismos de acceso aos datos técnicos que obren en poder das administracións públicas que podan ter unha utilidade técnica, profesional ou de estudo.
 - A respecto das **Ofertas Públicas de Emprego** garantir, desde a propia composición dos tribunais e comisións até os procedimentos de selección, a equidade e que se fagan en función dos méritos e capacidade dos aspirantes, axilizando os trámites de resolución, primando o carácter profesional da selección e tendendo a separar as convocatorias abertas das de promoción interna. Así mesmo, deberán garantir que o persoal seleccionado acredite a posesión e o uso oral e escrito do idioma galego.
 - Asegurar o **Control do Parlamento** sobre os rexistros de actividades e patrimonio dos altos cargos.
 - Reducir as **Libres Designacións** coa pertinente modificación da Lei da Función Pública, para restrinxir-las aos postos de carácter claramente político ou de confianza.
 - Inclusión nas RPT das relacións contractuais que iniciándose como contrato de obra ou servizo respondan a un traballo habitual.
 - Potenciar a función do **Consello de Contas** para que poda exercer o seu labor fiscalizador e de control sen a demora que se está a producir.
 - Limitar e reducir ao mínimo imprescindible as actividades que se externalizan por medio de **Estudos e Asistencias Técnicas** restrinxindo-as exclusivamente ás que non podan ser desenvolvidas realmente dentro da función pública.
 - Nas **empresas públicas, organismos autónomos ou calquer outra entidade que funcione en base a fondos públicos**, establecer mecanismos de contratación de persoal sobre a base de criterios públicos, obxectivos, equitativos e de capacidade, realmente similares aos que se deben producir na Administración.
2. Elaboración dun **Plano Único de Obras e Servizos para Galiza** relativo a infraestruturas básicas de carácter local, que unifique, racionalice, evite duplicidades, e tenda a homologar servizos para todos os cidadáns. Plano que coordinaría a actuación das distintas administracións, que debería contar coas propostas dos concellos, e mesmo tendo presente un mapa da realidade social da poboación galega, canto a servizos se refire, na perspectiva de tender á súa estandarización.
3. Establecemento, con dotación suficiente, dun **Fondo de Cooperación Local** que dote aos distintos concellos dunha capacidade de actuación e investimento mínima que permita mellorar a calidade e cantidade dos servizos que prestan.

4. A respecto das accións de goberno desenvolvidas polas distintas consellarias que requiran da execución de unha **Política de Obras e Infraestruturas de Carácter Local, Comarcal**, ou doutro tipo, establecemento de criterios obxectivábeis para cada período orzamentario, con prioridades coñecidas publicamente, transparencia e publicidade na contratación, nas realizacións e nas liñas de actuación a seguir, e canalización institucional contando coa opinión dos concellos e comarcas afectadas.
5. A respecto da **Política de Subvencións** -entendendo estas como un recurso non arbitrario do executivo- debe-se reducir o marcado carácter discrecional que teñen na actualidade, para inscribi-las en todo caso nunha acción de goberno, establecemento de criterios públicos que orienten cada liña de actuación e que permitan participar a todos en pé de igualdade, publicidade de todas as concedidas e rexeitadas, canalización institucional sempre que o permita a subvención, e, cando menos, eliminación de todas as que non sexan urxentes, cando están convocadas unhas eleccións.
6. A respecto da **Política Publicitaria**, redución drástica do enorme gasto que significa na actualidade, cando se recorre a ela como propaganda política. Debe-se impulsar que esta responda exclusivamente a criterios de información ao cidadán, eliminando a que sexa de “autobombo” das institucións, garantindo que toda a que se faga por parte da administración ou dependente directa ou indirectamente de capital público, se faga no idioma galego.
7. A respecto da **Política de Apoio e Subvención** a organismos, asociacións, fundacións, etc., asegurar, cando menos, a súa funcionalidade social, transparencia e publicidade en todas as liñas de actuación que inclúan aporte do erario público, establecemento de baremos que podan facer obxectivábeis as aportacións concedidas e onde se prime a utilización do idioma galego, e garantías de control sobre as mesmas por parte do Parlamento.
8. A respecto da **Lei de Fundacións** impulsará-se unha reforma que asegure que, naquelas que crie o Executivo, que é quen ademais exerce o protectorado, haxa garantías de control, seguimento e fiscalización da súa actividade por parte do Parlamento. Así mesmo, en todas, permitir o acceso aos grupos parlamentares a toda a documentación que as fundacións teñen que enviar ao Executivo para que este poda exercer o protectorado.
9. A respecto da **Lei eleitoral**, impulsaremos unha reforma que acentue o seu carácter democrático e contemple mecanismos que tendan a garantir a liberdade efectiva do voto: obrigatoriedade de recoller a papeleta no local electoral e imposibilidade da súa distribución con anterioridade; limitar a presenza intimidatoria de axentes eleitorais nas inmediacións

dos locais, claridade e rigor no voto por correo para que realmente se limite aos enfermos ou ausentes.

10. A respecto da **Reforma do Regulamento da Cámara**, impulsaremos que esta incremente o papel do Parlamento como a institución básica do poder lexislativo, que acentue os seus mecanismos de control e que estableza mecanismos de axilidade para vincular máis os debates á realidade cotidiana.
11. A respecto da **Criación dun Estatuto do Cidadán/a**, defendemos que nel se contemplan de xeito explícito os dereitos, os distintos mecanismos de participación cotidiana na vida política, as relacións coa administración e as garantías para un trato igualitario.

38. RELACIÓNS ENTRE AS ADMINISTRACIÓNS

Unha das eivas graves que tivo o noso país foi a nula relevancia na práctica, á hora de configurar a vontade política do Estado. Non é unha situación fácil de cambiar, cando, ademais, os partidos de ámbito estatal asumiron e asumen dentro e fora ese papel residual que se nos ten asignado aos galegos. A acción de goberno ten que ter un obxectivo claro para tentar modificar o escaso peso político de Galiza no concerto estatal e europeo. Tendo presente que **Galiza é unha nación histórica** e sen perder a perspectiva da reformulación do Estado sobre o principio do seu carácter plurinacional, **debemos ter a aspiración de acadar para o noso país o máximo nivel competencial**. No Estado español está-se utilizando hoxe o chamado feito autonómico como arma arroxadiza na loita partidaria, pero cunha intención de fondo de negar a realidade plurinacional do mesmo. Neste senso, Galiza é esquecida intencionadamente nuns casos, e utilizada como moeda de cambio, enfeudada a intereses foráneos e dos partidos estatais, noutros. Así, hoxe é imprescindible e perentorio utilizar de xeito inmediato todos os resortes posibles existentes para modificar positivamente o noso papel político. Así, cando menos, debemos:

1. Con base no artigo 36 do Estatuto, solicitar a ampliación do campo de competencias sobre a ordenación, promoción e aproveitamento dos sectores básicos na nosa comunidade. En especial:
 - Augas continentais que descorran ou teñan a súa orixe na comunidade.
 - Rexime mineiro e enerxético.
 - Política de emprego.

- Empresas Públicas.
 - Fondo de Cooperación Local.
 - Lei de Contratos Públicos.
 - Vertidos contaminantes nas augas territoriais do Estado correspondentes ao litoral galego.
 - Aplicación das posibilidades que abre o artigo 46 do Estatuto para corrixir déficit históricos en determinados servizos e infraestruturas.
2. Así mesmo, reivindicará-se, en aplicación do artigo 131.2 da Constitución, a participación na planificación da actividade económica en todos os temas básicos que afecten a Galiza e nos que a competencia aínda sexa do Estado.
 3. Defenderemos a reforma do Senado para que se convirta nunha cámara territorial e que a representación na mesma sexa como tal, definindo o mesmo como unha cámara onde esten representadas as nacionalidades (Estado plurinacional) e as “rexións” (Estado autonómico). A estes efectos as nacionalidades estarán caracterizadas pola existencia dunha lingua propia, a aprobación de estatutos por referendo noutras etapas históricas ou o carácter insular e a distancia á península.
 4. Supresión definitiva das funcións de inspección e control que aínda conserven os Subdelegados governativos.
 5. Establecemento de comisións que aseguren a participación de Galiza na toma de decisións para a negociación de acordos internacionais que nos atinxan directamente.
 6. Aplicación efectiva nun primeiro momento, e modificación posterior da Lei, sobre Delimitación e Coordinación das Competencias das Deputacións Provinciais, coa perspectiva de que, por unha banda, acerquen capacidade de actuación e servizos ás Comarcas, e por outra permitan á Xunta de Galiza vertebrar máis o territorio e homologar as condicións de vida dos cidadáns tendo como base elaborar planos galegos. Nesta perspectiva, e mentres non se den as condicións legais que permitan a súa superación, estableceremos un Sistema Provisorio de Competencias para as mesmas.

39. XUSTIZA

O programa político do BNG con respecto á Administración de Xustiza na nosa nación sostentarase, en canto fundamentación básica, na concepción da Xustiza como valor que emana do Pobo, ao servizo do cal ha de estar.

A administración de Xustiza segue a ser un dos campos onde o proceso de galeguización, en sentido amplo, é máis deficiente. A acción de goberno desde a Xunta de Galiza deberá impulsar decididamente o vinculala máis á realidade do país comezando polo idioma e desenvolvendo os mecanismos que fagan que a Lei do Dereito Civil aprobada no Parlamento Galego sexa realmente un instrumento vivo do Dereito.

En definitiva salientando como factor trascendente para o adecuado cumprimento dos fins que á xustiza competen, a súa inserción no contexto en que aquela ha de ser aplicada: a realidade socio-económica do noso país, a súa cultura, o Dereito de seu e, mesmo, as peculiaridades físicas e humanas que, a través da historia e asumindo o irrenunciábel compromiso de conformalo noso futuro, decantan a nosa identidade colectiva frote e todo e a todos: Galiza como nación.

Tres son os eixos básicos de actuación neste terreo por parte do BNG:

1. Un marco institucional que recoñeza, coa máxima posibilidade, unha estrutura do sistema xudicial en Galiza que se adecue á nosa realidade, afondando e desenvolvendo toda a súa potencialidade e que culmine o proceso de transferencias relativas á Administración de Xustiza. A perspectiva debe ser o plasmar no Tribunal Superior de Xustiza de Galiza órgano xurisdiccional en que culminara a organización xudicial no ámbito territorial galego, perante o cal se esgoten as sucesivas instancias procesuais, contribuíndo ademais deste xeito a paliar a gravísima dilación dos procesos xudiciais, e conformando un máximo órgano xudicial de Galiza.
2. Profundar na elaboración dun Código de Dereito Civil de Galiza que acolla e regule todas as institucións de acordo e en función das nosas peculiaridades e que complete o paso iniciado coa Lei do Dereito Civil de Galiza.
3. Adoptar, de inmediato accións inequívocas dunha progresiva e real normalización nos eidos do dereito en xeral (Notarias, Rexistros, etc), e, de forma particular na Administración de Xustiza. Isto implica, cando menos, cumprir e facer cumprir a xuíces e maxistrados, fiscais e secretarios xudiciais, e a todos os funcionarios da Administración de Xustiza o uso progresivo do idioma galego no noso territorio. Feito que ten que partir de garantir que

todos os funcionarios xudiciais, notarios e rexistradores, acrediten a posesión e uso do galego oral e escrito, e da informatización en galego de todo canto atinxa á práctica xudicial.

Nesta perspectiva e como accións inmediatas propoñemos:

- Estabelecimento urxente dunha sala do Contencioso Administrativo en cada unha das Audiencias Provinciais, recollidas xa na Lei 38/1988.
- Reforzamento dos Xulgados de Familia de Vigo e A Coruña e creación de novos xulgados en Ourense e Lugo.
- A respecto do Ministerio Fiscal, asegurar a participación, cando menos a título consultivo, do Executivo galego para o nomeamento de Fiscal Xefe do Tribunal de Xustiza de Galiza. Así mesmo, establecer os mecanismos que garantan a súa relación e comparecencias no Parlamento Galego, así como reclamar a elaboración dunha memoria anual para enviar á Xunta de Galiza.

40. SEGURIDADE CIDADÁ

Na perspectiva de crear unha política policial propia, tanto do punto de vista dos medios da actividade como do punto de vista da organización defenderá-se:

- A negociación para o establecemento definitivo dunha **Policia Galega** que asumiria funcións que hoxe están a desempeñar outros corpos e forzas de seguridade.
- A creación desta policía permitiría dar-lle á **seguridade cidadá en Galiza unha visión integral** coa perspectiva fundamental de garantir os dereitos e deberes do cidadáns. Permitiría abordar coa mesma perspectiva e dun xeito integral a coordinación das policías locais e a vertebración doutros corpos especiais, pesca, xogo, etc., desde un mesmo obxectivo.
- Transferencia a Galiza das competencias en materia legislativa e executiva do **sistema penitenciario**.

41. EMIGRACIÓN

A actuación a respecto do sector da emigración deberá ter presente que nese sector entran desde aqueles para os que a súa perspectiva de retorno é escasa ou nula até os que están temporalmente fóra e agardan retornar de inmediato asemade as súas circunstancias laborais e económicas o permitan. Tendo presente este abano de posibilidades e a función que a emigración cumpriu e cumpre, o Executivo impulsará as seguintes medidas:

- Nas axudas contempladas ao abeiro da **Lei do Recoñecimento da Galeguidade**, establecemento de mecanismos transparentes, claros e obxectivábeis, con garantías reais de participación dos afectados na elaboración dos criterios e cos instrumentos precisos para que o Parlamento poda exercer o seu control.
- No recoñecimento da **Galeguidade** para as entidades que o solicitaren, establecerán-se baremos claros que rematen coa discrecionalidade actual.
- Criación en Galiza do **Museu-Arquivo da Emigración**, como un instrumento necesario para coñecer mellor a nosa historia e o papel que xogou e xoga a emigración como tal, e como un acto de xustiza cos moitos galegos/as que tiveron que pasar por ese trance. Este museo-arquivo podería formar parte do Arquivo Nacional de Galiza, función que cumpriria, como xa se dixo, o actual Arquivo Histórico do Reino de Galiza.
- Na perspectiva de recuperar a nosa memoria histórica, fomentarán-se liñas de investigación histórica sobre a emigración.
- Garantías de prestacións da Seguridade Social baixo o Convénio Especial para Emigrantes, previsto para os accidentes laborais ocorridos a bordo de buques con bandeira de conveniencia.
- Impulsar a inclusión da prestación por desemprego dentro do ámbito protector do Convénio Bilateral con Suiza.
- Fomento e impulso aos **Proxectos empresariais ou autónomos** que desexen desenvolver emigrantes retornados.
- Na normativa a respecto das vivendas sociais, establecer mecanismos de simplificación na presentación de documentos por parte dos emigrantes que dependan de outros países.

42. PROTECCIÓN CIVIL

- Estabelecer os mecanismos adecuados que garantan unha **formación profesional mínima** para todos os que desenvolvan a súa actividade na protección civil, coas especificacións pertinentes según vaian dirixidas a voluntários ou profesionais.
- Estabelecer planos de actuación, en caso de catástrofes ou accidentes máis frecuentes, coas prácticas correspondentes que serven para educar a poboación e superar a improvisación.
- Estabelecimento dun catálogo de actividades perigosas que podan ver-se afectadas por continxencias extraordinarias que repercutan na poboación civil, e articulación de medidas precautorias.
- Estabelecer permanentemente un operativo áxil de resposta en calquer caso de circunstancias excepcionais que podan afectar á poboación civil.
- Estabelecerán-se mecanismos de fomento da colaboración cos concellos para a elaboración de planos de protección civil a nivel municipal.

I. POLÍTICA ECONÓMICA

1. INTRODUCCIÓN. CRITÉRIOS BÁSICOS DE POLÍTICA ECONÓMICA.....

2. O SISTEMA INSTITUCIONAL E FINANCEIRO.....

2.1 AS INSTITUCIÓNS FINANCEIRAS E DE DESENVOLVIMENTO ECONÓMICO.....

2.2 MEDIDAS DE GOVERNO.....

2.3 MEDIDAS LEXISLATIVAS.....

2.4 TRANSFERÉNCIAS DE COMPETÉNCIAS.....

2.5 RECLAMACIÓN DE ACCIÓNS ESTATAIS OU DA UNIÓN EUROPEA.....

3. O FINANCIAMENTO AUTÓNOMICO E A ADMINISTRACIÓN ORZAMENTAL.....

3.1 A CUESTIÓN DO FINANCIAMENTO DENTRO DA ORIENTACIÓN DO MARCO POLÍTICO DO ESTADO.....

3.2 ELEMENTOS CLAVES DO DESEÑO DO MODELO DE FACENDA A MEIO PRAZO.....

3.2.1 *Critérios básicos do financiamento autonómico a medio prazo.....*

3.2.1.1 Autonomía financeira.....

3.2.1.2 Suficiéncia fiscal.....

3.2.1.3 Solidariedade interterritorial.....

3.3 ADECUACIÓN AO MARCO PRESENTE. O FINANCIAMENTO AUTÓNOMICO A CURTO PRAZO.....

3.3.1 *Critérios básicos.....*

3.3.2 *Medidas de goberno.....*

3.3.2.1 Reforzamento da autonomía financeira.....

3.3.2.2 Consecución de recursos para dar os servizos públicos necesarios e exercitar as competencias autonómicas.....

3.3.2.3 Captación de recursos para o desenvolvemento.....

3.3.3 *A utilización da capacidade normativa e das competencias de xestión existentes.....*

3.3.3.1 Critérios básicos.....

3.3.3.2 Medidas específicas.....

3.3.4 *A xestión orzamental.....*

3.3.4.1 Critérios básicos.....

3.3.4.2 Medidas específicas.....

4. POLÍTICAS TRANSVERSAIS.....

4.1 POLÍTICA DE APOIO E PROMOCIÓN DOS SECTORES ESTRATÉXICOS.....

4.2 POLÍTICA DE APOIO ÁS EMPRESAS.....

4.2.1 *Política de apoio ás PEMES.....*

4.2.2 *Política da apoio ás grandes empresas.....*

4.2.3 *Política para as empresas públicas estatais.....*

4.2.4 *Política de creación de empresas con participación pública.....*

4.2.5 Política tecnolóxica.....	
4.3 ECONOMIA SOCIAL.....	
4.3.1 Criterios básicos.....	
4.3.2 Medidas de goberno.....	
4.3.2.1 Desenvolvemento do Marco normativo.....	
4.3.2.2 Reforma administración.....	
4.3.2.3 Políticas de axuda.....	
4.4 POLÍTICA DE EMPREGO.....	
4.5 POLÍTICA ENERXÉTICA.....	
4.5.1 <i>Introdución</i>	
4.5.1.1 Descrición do sector enerxético galego.....	
4.5.1.2 O consumo interno e a exportación enerxética.....	
4.5.2 <i>Criterios básicos</i>	
4.5.2.1 Disposición de recursos enerxéticos propios.....	
4.5.2.2 Natureza, renovábel ou non, dos recursos enerxéticos propios.....	
4.5.2.3 Uso da enerxía dispoñíbel obtida na Galiza.....	
4.5.2.4 Abastecemento enerxético no territorio galego.....	
4.5.3 <i>Medidas de goberno</i>	
5. POLÍTICA ECONÓMICA SECTORIAL.....	
5.1 POLÍTICA INDUSTRIAL.....	
5.1.1 <i>Introdución. Criterios básicos</i>	
5.1.2 <i>Política de formación de recursos humanos e para o cambio industrial</i>	
5.1.3 <i>Política de desenvolvemento da estrutura industrial</i>	
5.1.3.1 As grandes empresas ou grupos industriais.....	
5.1.3.2 As empresas pertencentes a sectores especialmente enraizados ou significativos na economía galega.....	
5.1.3.3 A diversificación cara novos sectores e empresas.....	
5.1.3.4 A industria das telecomunicacións.....	
5.2 POLÍTICA AGRÁRIA E DE DESENVOLVEMENTO RURAL.....	
5.2.1 <i>Introdución. Criterios básicos</i>	
5.2.2 <i>MEDIDAS DE CARÁCTER XERAL</i>	
5.2.2.1 Accións en relación co marco europeo e estatal.....	
5.2.3 <i>MEDIDAS SECTORIAIS</i>	
5.2.3.1 Producións gandeiras.....	
5.2.3.2 Producións agrícolas.....	
5.2.3.3 Sector forestal.....	
5.3 POLÍTICA PESQUEIRA.....	
5.3.1 <i>Introdución</i>	
5.3.2 <i>Obxectivos</i>	
5.3.3 <i>Medidas de goberno</i>	
5.3.3.1 No ámbito institucional.....	
5.3.3.2 Os recursos pesqueiros e a calidade do meio costeiro.....	

5.3.3.3 Pesca de baixura e litoral.....	
5.3.3.4 Pesca galega en augas comunitárias.....	
5.3.3.5 Pesca galega en augas internacionais extracomunitárias.....	
5.3.3.6 Marisqueo e acuicultura.....	
5.3.3.7 Comercialización.....	
5.3.3.8 Ensino e investigación.....	
5.4 ARTESANIA.....	
5.4.1 <i>Obxectivos</i>	
5.4.2 <i>Medidas de goberno</i>	
5.4.2.1 Estruturação do sector e institucións de apoio.....	
5.4.2.2 Réxime financeiro.....	
5.5 COMÉRCIO.....	
5.5.1 <i>Introducción</i>	
5.5.2 <i>Medidas de goberno</i>	
5.6 TURISMO.....	
5.6.1 <i>Introducción</i>	
5.6.2 <i>Medidas de goberno</i>	

II. POLÍTICA DE ORDENACIÓN TERRITORIAL, INFRAESTRUTURAS E VIVENDA

1. INTRODUCCIÓN.....	
1.1 OS RISCOS ESENCIAIS DUN DIAGNÓSTICO SOBRE A SITUACIÓN DO TERRITORIO DE GALIZA.....	
1.1.1 <i>O territorio de Galiza no momento presente</i>	
1.1.2 <i>Necesidade dunha política de ordenación integral do territorio</i>	
1.1.3 <i>Comezar por saber. A necesidade de centralizar información e investigación no eido da ordenación territorial</i>	
1.1.4 <i>A xestión do inmediato</i>	
2. OBXETIVOS E CRITÉRIOS.....	
2.1 INTRODUCCIÓN.....	
2.2 OBXETIVOS QUE DEBEN GUIAR A ELABORACIÓN DAS DIRECTRICES XERAIS DE ORDENACIÓN DO TERRITORIO.....	
2.3 CRITÉRIOS INSPIRADORES DA POLÍTICA DE ORDENACIÓN TERRITORIAL.....	
2.4 A CONFIGURACIÓN DO INSTITUTO DE ESTUDIOS TERRITORIAIS.....	
3. ACTUACIÓNES SECTORIAIS.....	
3.1 COMARCALIZACIÓN.....	
3.1.1 <i>Introducción</i>	
3.1.2 <i>A acción de goberno no que atinxe á comarcalización</i>	

3.2	INFRAESTRUTURAS E SERVIZOS DE TRANSPORTE.....
3.2.1	<i>Introducción</i>
3.2.2	<i>Propostas de actuación en estradas</i>
3.2.2.1	Autovías.....
3.2.2.2	Estradas convencionais.....
3.2.3	<i>Propostas de actuación nos camiños de ferro</i>
3.2.4	<i>Propostas de actuacións en portos</i>
3.2.5	<i>Propostas en materia de aeroportos</i>
3.3	OUTRAS INFRAESTRUTURAS BÁSICAS.....
3.3.1	<i>O ciclo da auga</i>
3.3.2	<i>Redes de servizos</i>
3.3.2.1	Abastecemento de enerxía eléctrica.....
3.4	INFRAESTRUTURAS PRODUTIVAS.....
3.4.1	<i>Introducción</i>
3.4.2	<i>Obxectivos</i>
3.4.3	<i>Os instrumentos estratéxicos</i>
3.5	URBANISMO.....
3.6	VIVENDA.....
3.6.1	<i>Introducción</i>
3.6.1.1	A evolución recente do subsector da vivenda.....
3.6.1.2	O cadro actual.....
3.6.1.3	A intervención pública na vivenda: a política de vivenda.....
3.6.1.4	A política de vivenda da Xunta de Galiza.....
3.6.2	<i>Medidas de goberno</i>
3.6.2.1	Propostas de política xeral.....
3.6.2.2	Propostas de política autonómica.....
3.7	INFORMACIÓN E DOCUMENTACIÓN SOBRE ORDENACIÓN TERRITORIAL.....

III. MEIO AMBIENTE

1.	INTRODUCCIÓN.....
1.1	A NÍVEL ADMINISTRATIVO.....
1.2	A RESPEITO DO MEIO AMBIENTE A SITUACIÓN ACTUAL É CAÓTICA.....
2.	MEDIDAS DE GOVERNO.....
2.1.1	<i>Marco administrativo</i>
2.1.2	<i>Espazos naturais, conservación e recursos</i>
2.1.3	<i>Enerxía, enerxías alternativas, usos da enerxía</i>
2.1.3.1	Enerxía hidroeléctrica.....
2.1.3.2	Enerxía eólica.....

2.1.3.3	Coxeneración e biomasa.....
2.1.3.4	Educación para o aforro enerxético.....
2.1.4	<i>Residuos</i>
2.1.4.1	Residuos sólidos urbanos.....
2.1.4.2	Residuos tóxicos e perigosos.....
2.1.5	<i>Contaminación</i>
2.1.5.1	Atmósfera.....
2.1.5.2	Auga.....
2.1.5.3	Solo.....
2.1.6	<i>Transportes - Vías de comunicación</i>
2.1.7	<i>Agricultura e meio ambiente</i>
2.1.7.1	Agricultura Biolóxica.....
2.1.7.2	Concentración parcelaría.....
2.1.8	<i>Incéndios forestais</i>
2.1.9	<i>Educación ambiental</i>

IV. POLÍTICA EDUCATIVA E CULTURAL

1. EDUCACIÓN.....

1.1 INTRODUCCIÓN.....

1.1.1 *Unha privatización progresiva*.....

1.1.2 *Unha Educación global e coerente*.....

1.2 PLANIFICACIÓN EDUCATIVA.....

1.2.1 *Principios xerais de planificación*.....

1.2.1.1 A dispersión demográfica.....

1.2.1.2 As condicións dos Centros educativos.....

1.2.1.3 A funcionalidade académica.....

1.2.1.4 A Xornada escolar.....

1.2.1.5 Os servizos complementares.....

1.2.2 *Principios xerais de carácter pedagógico*.....

1.2.2.1 Unha educación ao servizo de Galiza.....

1.2.2.2 Unha educación non discriminatória nen sexista.....

1.2.2.3 Unha educación para a paz, a solidariedade e a xustiza.....

1.2.2.4 Unha educación para protexer o medio ambiente.....

1.2.2.5 Unha educación para a saúde.....

1.2.2.6 Unha educación para a reflexión e a creatividade.....

1.3 ORDENACIÓN EDUCATIVA.....

1.3.1 *Educación Infantil*.....

1.3.2 *Educación Primária*.....

1.3.3 *Educación Secundária Obrigatoria*.....

1.3.4 *A educación post-obrigatoria*.....

1.3.4.1 O bachalerato.....	
1.3.4.2 A formación profesional.....	
1.3.4.3 Formación de adultos.....	
1.3.4.4 Ensinanzas artísticas.....	
1.3.4.5 Outras ensinanzas.....	
1.4 EDUCACIÓN ESPECIAL.....	
1.5 O ENSINO UNIVERSITÁRIO.....	
1.6 POLÍTICA CIENTÍFICA E DE INVESTIGACIÓN.....	
1.7 PROGRAMACIÓN EDUCATIVA E POLÍTICA LINGÜÍSTICA.....	
1.8 A FUNCION DOCENTE E A FORMACIÓN DO PROFESORADO.....	
1.8.1 A formación do profesorado.....	
1.9 OUTROS SERVIZOS EDUCATIVOS.....	
1.9.1 Axudas á educación.....	
1.9.2 Atención ao alunado.....	
1.9.3 A participación social na educación.....	
1.9.4 Os servizos de inspección educativa.....	
2. POLÍTICA CULTURAL.....	
2.1 INTRODUCCIÓN.....	
2.2 PATRIMÓNIO HISTÓRICO-ARTÍSTICO.....	
2.3 PATRIMÓNIO ARQUEOLÓXICO E ETNOGRÁFICO.....	
2.4 A CULTURA ESCRITA.....	
2.4.1 Arquivos e patrimonio documental.....	
2.4.2 Bibliotecas.....	
2.4.3 Política editorial.....	
2.5 TEATRO.....	
2.6 MUSICA E DANZA.....	
2.7 ARTES PLÁSTICAS E MUSEUS.....	
2.8 CINEMA, AUDIOVISUAL E FOTOGRAFÍA.....	
2.9 ASOCIACIONISMO CULTURAL.....	
2.10 DEPORTE.....	
3. MEIOS DE COMUNICACIÓN DE TITULARIDADE PÚBLICA.....	
V. POLÍTICA LINGÜÍSTICA	
1. INTRODUCCIÓN.....	
2. CRITÉRIOS BÁSICOS.....	
3. MEDIDAS PRIORITÁRIAS.....	

3.1 MEIOS DE COMUNICACIÓN.....

3.2 A FUNCIÓN PÚBLICA.....

3.3 O ENSINO.....

3.4 CORRECCIÓN E RESTAURACIÓN DA TOPONIMIA.....

3.5 FOMENTO E IMPULSO DA ESCRITA EN GALEGO.....

VI. POLÍTICA LABORAL E SOCIAL

1. TRABALLO.....

1.1 INTRODUCCIÓN.....

1.2 FONDOS ESTRUTURAIS E PRINCÍPIO DE COOPERACIÓN.....

1.3 SAUDE LABORAL.....

 1.3.1 *Critérios básicos*.....

 1.3.2 *Obxectivos*.....

 1.3.3 *Medidas de goberno*.....

1.4 CONTRATACION.....

 1.4.1 *Critérios básicos*.....

 1.4.2 *Obxectivos*.....

 1.4.3 *Medidas de goberno*.....

1.5 FOMENTO DO EMPREGO.....

 1.5.1 *Tempo parcial “á carta”*.....

 1.5.2 *Xubilacións anticipadas*.....

 1.5.3 *Permisos de formación*.....

 1.5.4 *Excedencias ou ano sabático*.....

1.6 A PARTICIPACIÓN INSTITUCIONAL DAS ORGANIZACIÓNS SINDICAIS E EMPRESARIAIS...

1.7 INSPECCION DE TRABALLO.....

1.8 INSTITUTO GALEGO DE EMPREGO E FORMACIÓN.....

2. POLÍTICA DE SAÚDE.....

2.1 INTRODUCCIÓN.....

 2.1.1 *Os alicerces do programa*.....

 2.1.2 *A saúde e o mercado*.....

 2.1.3 *A financiación da sanidade pública e a débeda histórica sanitaria galega*.....

2.2 CRITÉRIOS BÁSICOS.....

 2.2.1 *Defender a sanidade pública*.....

 2.2.2 *Mellorar a eficiencia da sanidade pública*.....

2.3 PROGRAMAS SECTORIAIS.....

 2.3.1 *Promoción da saúde*.....

 2.3.2 *Atención primaria*.....

2.3.3 *Atención hospitalária*.....

2.3.4 *Saúde mental*.....

2.3.5 *Drogodependencias*.....

2.3.6 *Sida*.....

2.3.7 *Farmácia*.....

2.3.8 *Saúde pública veterinária*.....

2.3.9 *Normalización do uso do galego no sector sanitario*.....

2.3.10 *Convénios internacionais*.....

3. SERVIZOS SOCIAIS.....

3.1 **INTRODUCCIÓN**.....

3.2 **CRITÉRIOS BÁSICOS**.....

3.3 **OBXECTIVOS**.....

3.4 **LIÑAS DE ACTUACIÓN**.....

3.4.1 *Estrutura dos Servizos Sociais*.....

3.4.2 *Intervención descentralizada e dependencia orgánica centralizada*.....

3.4.3 *Planificación*.....

3.4.4 *Coordenación*.....

3.4.5 *Formación*.....

3.4.6 *Financiamento*.....

3.4.7 *Medidas puntuais*.....

VII. POLÍTICA SOBRE A PROBLEMÁTICA DAS MULLERES

1. INTRODUCCIÓN.....

2. ALTERNATIVAS INSTITUCIONAIS.....

3. SANIDADE.....

4. TRABALLO.....

5. SERVIZOS SOCIAIS.....

6. ENSINO.....

7. MEIOS DE COMUNICACIÓN.....

VIII. POLÍTICA SOBRE A PROBLEMÁTICA DA MOCIDADE

1. INTRODUCION.....	
2. ASOCIACIONISMO.....	
3. ENSINO.....	
4. VIVENDA.....	
5. ANTIMILITARISMO.....	
6. INSTITUCIONAL.....	
7. SEXUALIDADE.....	
8. CULTURA, OCIO E TEMPO LIBRE.....	295
9. EMPREGO.....	296

IX. POLÍTICA INSTITUCIONAL

1. ADMINISTRACIÓN GALEGA.....	299
1.1 PARRÓQUIA.....	299
1.1.1 Competencias.....	299
1.1.2 O Consello Parroquial.....	300
1.2 COMARCA.....	300
1.2.1 Competencias.....	301
1.2.2 Órgaos.....	301
1.2.3 Financiamento.....	301
2. DEMOCRATIZACIÓN DA ADMINISTRACIÓN.....	301
3. RELACIONES ENTRE AS ADMINISTRACIONES.....	304
4. XUSTIZA.....	306
5. SEGURIDADE CIDADÁ.....	307
6. EMIGRACIÓN.....	308
7. PROTECCIÓN CIVIL.....	309